gdr SALNÉS-ULLA-UMIA
LEADER 2014-2020

GDR 17

TOMO II

PARTE III. ESTRATEXIA

PARTE IV. PLAN DE COOPERACIÓN CON OUTROS TERRITORIOS

PARTE V. NORMAS PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA

PARTE VI. PLAN FINANCEIRO (relativo ás finanzas)

ÍNDICE TOMO II

3.- PARTE III: ESTRATEXIA. 3

3.1.- ANÁLISE E DIAGNÓSTICO..... 3

3.1.1.- Delimitación territorial e medio natural..... 3
3.1.1.1.- Situación xeográfica..... 3
3.1.1.2.- Análise do medio natural (recursos físicos)..... 4

3.1.2.- Análise sociodemográfica..... 25
3.1.2.1.- Volume e distribución espacial da poboación..... 25
3.1.2.2.- Evolución da poboación..... 27
3.1.2.3.- Estrutura demográfica..... 35
3.1.2.4.- Nivel de instrución..... 39
3.1.2.5.- Indicadores de calidade de vida. 41
3.1.2.6.- Tecido asociativo. 60
3.1.2.7.- Elementos culturais propios do territorio..... 68

3.1.3.- Mercado de traballo..... 80

3.1.4.- Análise sectorial. 94

3.1.5.- Consulta á poboación do territorio..... 121

3.2.- DETERMINACIÓN DE ESTRANGULAMENTOS E POTENCIALIDADES. ANÁLISE DAFO. 127

3.2.1.- Aspectos do Diagnóstico Interno. 128

3.2.2.- Aspectos do Diagnóstico Externo..... 132

3.3.- OBXECTIVOS. 136

3.4.- LIÑAS ESTRATÉXICAS, ESTRATEXIAS E ACTUACIÓNS. 144

3.4.1.- Listado de actuacións aportadas polas entidades. 151

3.4.2.- Fichas de actuacións por medidas. 167

3.5.- CARACTERÍSTICAS INTEGRADAS E INNOVADORAS DA ESTRATEXIA E INDICADORES. 178

3.5.1.- Características integradas da Estratexia. 178
3.5.1.1.- Integración territorial. 179
3.5.1.2.- Integración multisectorial. 180
3.5.1.3.- Integración na gobernanza. 182

3.5.2.- Características innovadoras da estratexia. 184

3.5.3.- Indicadores..... 191

3.6.- COMPLEMENTARIEDADE CON OUTROS FONDOS. 199

3.7.- PLAN DE FORMACIÓN. 205

4.- PARTE IV: PLAN DE COOPERACIÓN CON OUTROS TERRITORIOS. 211

5.- PARTE V: NORMAS PARA A XESTIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL. 219

5.1.- LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA MÁXIMA (CUANTITATIVOS E PORCENTAXES) EN FUNCIÓN DOS DIFERENTES TIPOS DE PROXECTOS, DENTRO DOS LÍMITES MÁXIMOS DEFINIDOS NO RÉXIME DE AXUDAS. 219

5.2.- LIMITACIÓNS E COMPLEMENTARIEDADE DE AXUDAS. 222

5.3.- CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS: BAREMO E REGRAS PARA A ASIGNACIÓN DAS PORCENTAXES DE AXUDA PÚBLICA. 226

5.3.1.- Requisitos de subvencionalidade e criterios de carácter obrigatorio dos proxectos. 226

5.3.2.- Baremo para proxectos PRODUTIVOS (Máx. 100 puntos)..... 228

5.3.2.1.- Criterios relativos á localización xeográfica (Máx. 40 puntos). 228

5.3.2.2.- Características da persoa promotora do proxecto. (Máx. 10 puntos). 233

5.3.2.3.- Incidencia no emprego. (Máx. 25 puntos) 237

5.3.2.4.- Impacto sobre o territorio. (Máx. 25 puntos). 239

5.3.3.- Baremo para proxectos NON PRODUTIVOS. (Máx. 100 puntos)..... 244

5.3.3.1.- Criterios relativos á situación xeográfica. (Máx. 40 puntos). 244

5.3.3.2.- Características do promotor e ámbito de actuación do proxecto. (Máx. 20 puntos) 249

5.3.3.3.- Impacto sobre o territorio. (Máx. 40 puntos). 253

5.3.4.- Regras básicas..... 258

5.3.4.1.- Para proxectos produtivos. 258

5.3.4.2.- Para proxectos non produtivos. 259

5.3.4.3.- Criterios de desempate para proxectos produtivos e non produtivos..... 262

5.4.- PLAN DE DIFUSIÓN. 265

6.- PARTE VI: PLAN FINANCEIRO. 273

3.- PARTE III: ESTRATEXIA.

3.1.- ANÁLISE E DIAGNÓSTICO.

3.1.1.- Delimitación territorial e medio natural.

Neste apartado recóllese a información sobre a delimitación territorial do ámbito de actuación do programa, así coma o medio natural e os recursos cos que conta a área de actuación segundo a definición xa referida.

3.1.1.1.- Situación xeográfica

A área do GDR Salnés-Ulla-Umia atópase situada no **noroeste da provincia de Pontevedra** comprendida entre a vertente meridional da **Ría de Arousa** polo norte, a **Ría de Pontevedra polo sur** e a comarca de Tabeirós-Terra de montes polo este . Está conformada por 16 municipios que son: **Caldas de Reis, Cambados, Catoira, Cuntis, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Moraña, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Valga, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa**.

Algún dos principais **elementos naturais** que caracterizan á área son os ríos Umia (co “Val do Umia” e a súa apertura cara á Ría de Arousa) e Ulla, as rías de Arousa e de Pontevedra e diversas áreas de montaña (monte Castrove, monte do Castro, monte Xesteiras, monte Xiabre,...).

En canto á **estrutura funcional** da área, convén destacar as **intensas e multidireccionais interrelacións** (ver Figura 1). Case todos os municipios están relacionados entre si, aínda que a intensidade destas vinculacións varía segundo o tipo de actividade, a distancia e os equipamentos existentes, destacando o peso de 3 concellos: Cambados, Caldas de Reis e Vilagarcía de Arousa. Todo isto configura a continuidade espacial e a urbanización difusa desta área, mesturándose cun entorno rural moi diverso e valioso.

Figura 1 Fluxos territoriais

Fonte: elaboración propia a partir da publicación "O Mapa comarcal de Galicia". Andrés Precedo Ledo, Xunta de Galicia.

3.1.1.2.- Análise do medio natural (recursos físicos).

A **área do GDR Salnés-Ulla-Umia** reúne un conxunto de características altamente favorables para o seu **desenvolvemento endóxeno**. As **características naturais** son as correspondentes ás **Rías Baixas** e cara ó interior repártese entre o **val do río Umia e as zonas máis altas**. A estas características e esta posición litoral, especialmente **rica en recursos**, únese a riqueza dos solos, o que xera no seu conxunto unha actividade primaria intensa e diversificada.

Outra das consecuencias positivas do seu entorno natural é o **turismo** (Sanxenxo e O Grove son os principais núcleos turísticos) e a potencialidade das súas paisaxes e contornas para o goce da natureza. As praias (con 150 quilómetros de costa), os seus fondos mariños, as paisaxes naturais, os seus ríos, fragas, e a gastronomía son un foco de atracción de turista (aínda que cun elevado carácter estacional).

Precisamente o último aspecto comentado reflicte en ocasións **certa competencia entre diversas actividades polos mesmos recursos que en ocasións pode ocasionar dificultades na planificación do crecemento** (por exemplo, o marisqueo, o turismo, a pesca, os deportes náuticos e o transporte marítimo de

mercancías, están competindo polos recursos mariños, ou a explotación forestal pode repercutir na paisaxe dun certo paraxe).

A modo de resumo é preciso sinalar que certas partes do territorio posúen unha **forte vitalidade económica** respecto ao conxunto de Galicia, situándose na franxa litoral de maior desenvolvemento da nosa comunidade autónoma, mentres que outras zonas de interior teñen un crecemento inferior.

O territorio do GDR, que abrangue arredor de 563,6 Qm^2, repártese actualmente entre **16 municipios** de características diversas: **Caldas de Reis**, **Cambados**, **Catoira**, **Cuntis**, **O Grove**, **A Illa de Arousa**, **Meaño**, **Meis**, **Moraña**, **Pontecesures**, **Portas**, **Ribadumia**, **Sanxenxo**, **Valga**, **Vilagarcía de Arousa** e **Vilanova de Arousa.** O número de concellos variou ao longo dos anos, debido ás anexións entre concellos (Carril, Vilaxoán e Vilagarcía uníronse en 1912 para formar o actual municipio de Vilagarcía de Arousa), a escisión entre a Illa de Arousa e Vilanova no ano 1997 e a de Pontecesures con Valga en 1925. A configuración actual da zona pódese apreciar na Figura 2, na que se mesturan municipios de interior e de costa, e onde preto do 68,6% da poboación reside en entidades singulares de poboación de menos de 2.000 habitantes.

Figura 2 Mapa de municipios do GDR Salnés-Ulla-Umia

Fonte: Elaboración propia

Caldas de Reis sitúase ao norte da provincia de Pontevedra, entre as cidades de Pontevedra e Santiago. Está atravesado polo río Umia, que ten unha abundante rede de afluentes e regatos, con gran riqueza pesqueira e un alto potencial de rega. Na ribeira do Umia, en pleno centro de Caldas, atópase un dos paraxes con máis atractivos turísticos: O Xardín Centenario (formado polo Parque-xardín, a Carballeira e a Pradera da Ribeira Fluvial) cunhas 60 especies diferentes de árbores e arbustos dos cinco continentes, considerándose un dos conxuntos botánicos máis interesantes da provincia. A auga é unha importante fonte de riqueza en torno a que xorde un destacado turismo termal endóxeno, de elevada importancia pola súa contribución a diversificación da economía local. O concello conta con excelentes condicións para a práctica de sendeirismo, debido ás súas paisaxes, estuarios de ríos e lombas de pouca altura. Caldas de Reis conta cunha ruta de sendeirismo homologada, denominada “A Ruta da auga”. Tamén hai un sendeiro que segue a vía romana XIX ata Pontecesures. O río Umia ten unha enorme riqueza pesqueira, con zonas de acoutado de pesca da troita e da lamprea. Asemade, destacan outros recursos de gran beleza coma a “Fervenza do Segade”, formada por unha caída do río dende 42 metros de altitude, ou a chamada “Fervenza do Peine”. A destacar é o Monte de San Andrés (chamado monte Porreiro), cunha gran riqueza micolóxica, o Monte de Santa María, onde se sitúa o alto da Pataca Cortada dende o que divísase a vila e o curso do río Umia, e o Monte Xiabre e o Monte Meda, na parroquia de San Estevo de Saiar.

Cambados está situado na marxe esquerda da Ría de Arousa e está constituído por cinco parroquias. Topograficamente, Cambados responde ás características do Val de O Salnés, é dicir, caracterízase pola suavidade do relevo e baixa altitude media, como proba disto constatamos que o monte da Pastora é a única elevación destacable. O clima é suave e apracible ao longo de todo o ano e presenta un elevado volume de precipitacións. Baixo estas condicións e cun terreo de suaves pendentes é lóxico que o solo se dedique fundamentalmente ao cultivo intensivo. É esencial destacar a excelente calidade do terreo, que se clasifica entre os de maior capacidade produtiva de Galicia.

Catoira, na desembocadura do río Ulla, na entrada do esteiro, foi na idade media o porto de mar de Santiago de Compostela, cidade coa que está comunicada a través da vía rápida PO-VP100 que sae da A-9 (A Coruña-Vigo), entre Caldas e Padrón. Tamén está comunicado o concello pola C-550 que percorre a costa e enlaza á súa vez coa N-550. Nos arredores están os miradoiros de Monte Meda e da Ruta

Xacobea. O concello conta cunha ruta de sendeirismo dende a ermida de San Cibrán ata o paseo marítimo fluvial do Ulla pasando polo seu afluente o Canal de San Cibrao, cun percorrido total de 11 km. É de grande interese ecolóxica e paisaxística o esteiro do Ulla. Este río, que presenta problemas polos verteduras urbanas e industriais é alimentado or unha serie de regatos e afluentes que manteñen unha calidade notable nas súas augas. Tamén hai que facer referencia á existencia dun balneario e de augas medicinais e á singularidade dos muíños (de vento, fluviais e maremotrices) presentes no concello.

Cuntis localízase a 26 km de Pontevedra e 27 km de Santiago de Compostela. O val no que se asenta está formado a partir do río Gallo e Umia, e atópase protexido por dúas elevacións montañosas: o Xesteiras de 718 m e o Castro Sebil de 550 m. O Concello de Cuntis conta cunha ampla oferta de turismo da natureza no que, xunto co goce dos espazos naturais dos seus ríos e paisaxes, combínanse interesantes miradoiros dende os puntos máis altos del Xesteiras e Castro Sebil. Cuntis é a outra vila termal da comarca, contando con dous balnearios. O concello está atravesado por varias rutas de sendeirismo de longo e curto percorrido. Destacan a circular de Cuntis (PRG-20), cunha extensión de 24 Km e a ruta Cuntis Valga (PRG-21) de 17 Km.

O Grove está situado nas marxes meridionais da Ría de Arousa, servindo de linde entre esta e a de Pontevedra, e está dividido en dúas parroquias, San Vicente e San Martiño. Os seus 21,2 quilómetros de extensión corresponden a unha antiga illa hoxe unida ao continente polo tómbolo areoso da Lanzada que lle sirve de linde co municipio de Sanxenxo. A Illa da Toxa, aínda que unida a terra firme dende 1909 por unha ponte, segue conservando o seu carácter insular. O clima é oceánico, con suaves temperaturas e moderadas precipitacións.

A Illa de Arousa atópase conectada ao continente por unha ponte de dous mil metros de lonxitude (un dos máis longos construídos en Europa). A urbanización non alcanza os dous quilómetros cadrados polo que se poden observar zonas de monte, marisma e lagoas entre as que sobresaen o Parque Natural de Carreirón, declarado reserva natural polo proxecto Ramsar e Zonas de Especial Protección (ZEP) para aves pola Directiva Europea para a Protección das Aves.

Meaño está situada no centro do Val de O Salnés e é un característico exemplo da Galicia rural. Practicamente todas as súas terras están dedicadas ás actividades

agrarias. O relevo está formado por dous sectores: ao leste atópase unha pequena dorsal montañosa con altitudes que non acadan os 400 metros e o resto do Municipio está configurado por unha ampla chaira con suaves ondulacións que non superan os 100 metros. O clima é suave e non presenta contrastes térmicos significativos.

Meis atópase asentado na zona interior da Comarca de O Salnés. O clima é moderado e goza dunha paisaxe privilexiada que ascende dende verdes e ondulados vales bañados polo río Umia cara ao cumio do monte Castrove, cun excelente miradoiro dende o que se contempla o val de O Salnés e as Rías de Arousa e de Pontevedra.

Moraña atópase a 21 km de Pontevedra e 40 de Santiago, o concello de Moraña está delimitado polos termos municipais de Cuntis polo norte, Pontevedra**,** Campo Lameiro e Barro polo sur**,** Cuntis e Campo Lameiro polo leste e Caldas de Reis**,** Portas e Barro polo oeste**.** A depresión de Caldas afecta á maior parte do municipio, que está drenado polo río Umia (propicio para a pesca e os deportes náuticos), no que conflúen regatos coma o Ximieira, o Xandeiro e o Castiñeiras. Regado tamén polo Cornide e o Gundeiro, conta cunha paisaxe que combina terras de labor, bosques autóctonos e mixtos e árbores de ribeira. Tamén teñen certo interese as carballeiras próximas a núcleos habitados como as de Santa Xusta, Campenlos, Santa Lucía e Fontevella.

Pontecesures, segregado en 1925 do concello de Valga está situado a 24 km de Santiago e 35 de Pontevedra. Conta tamén con estación de RENFE. A orografía do concello consiste nun terreo chan que remata nunha pequena meseta presentando dúas unidades xeográficas diferenciadas. Unha, practicamente chá e de altitude media moi baixa que se sitúa ao redor do río Ulla, sendo a zona de maior densidade de poboación, e outra que se localiza no interior do termo, onde se atopa unha zona de relevo bastante pronunciada, cunha altitude máxima que se acada nos montes da Lomba e Salgueira. A rede fluvial está dominada polo río Ulla, que lle serve, en parte do seu curso, de linde municipal. Tamén existen pequenos regatos que nacen nas montañas próximas e conflúen nel. O Ulla, que inicia o seu gran esteiro, é ata aquí navegable. No concello están situados os miradoiros do Galiñeiro e do Piñeiro Manso.

Portas limita ao Norte co Río Umia, ó Sur con Meis e Barro, polo Leste con Moraña e Caldas de Reis, polo Oeste co río Umia, Meis e Vilanova de Arousa. Situado a 26 Quilómetros de Pontevedra, conta cunha estación de RENFE a escasos catro km.

Cunha superficie bastante cha (xa que ningún dos montes circundantes supera os 200 m. de altitude), é bo terreo para practicar o sendeirismo. Está atravesado por varios pequenos afluentes do Umia. Algún deles, como o Chaín, é bo para a pesca da troita. Conta con terreos de boa calidade e moi fertis.

Ribadumia está situado no corazón da Comarca de O Salnés e distribúese en seis parroquias. A súa privilexiada localización, agora favorecida coa vía rápida de O Salnés (VG-4.1) e coa autopista AP-9, fai que Ribadumia estea conectada cos principais núcleos urbanos de Pontevedra, Vigo e Santiago, feito que está a propiciar o desenvolvemento do seu proceso de industrialización. As fértiles ribeiras do Umia caracterizan a actividade económica do municipio, de forma que, cunha estratéxica planificación rural, froito da concentración parcelaria, logrou unha maior produción agrícola de calidade, destacada por un excelente desenvolvemento dos cultivos vinícolas e hortícolas. Polo que se refire ao clima, as temperaturas máximas alcánzanse entre os meses de xuño e setembro e as mínimas de decembro a febreiro.

Sanxenxo está localizado xeograficamente no val de O Salnés lindando cos municipios de Meaño, O Grove e Poio e está composto por sete parroquias. Esténdese ao longo de 27 quilómetros de costa, de fisionomía variada e con pendentes que se acentúan en varios puntos, o que o dota de atalaias naturais asentadas estratexicamente ao longo do municipio. O clima oceánico-húmido presenta aquí unha acusada seca estival e a disposición topográfica crea un microclima cálido que contribúe ao desenvolvemento turístico do municipio.

Valga limita ó Norte co de Pontecesures, ó Sur co de Caldas de Reis, o Leste co de A Estrada e ó Oeste co de Catoira. A 26 kilómetros de Santiago e 33 de Pontevedra, ten acceso pola A-9 ou pola N-550. A súa paisaxe está conformada por dous elementos básicos: a montaña e o río. Nas beiras deste último destacan as praderías denominadas “brañas”. Entre os espacios naturais máis salientables figuran as fervenzas do río Braña, a lagoa de Santa Cristina, o monte Beiro e a praia fluvial de Vilarello. Hai dúas rutas de sendeirismo: a PRG-21 (Cuntis-Valga) e a PRG-22, denominada “ruta panorámica de Valga”, ademáis do camiño portugués na ruta Xacobea.

Vilagarcía de Arousa sitúase no noroeste da provincia de Pontevedra e está formado por doce parroquias. Morfoloxicamente, as zonas máis montañosas rodean o

municipio polo leste. Os cumes máis elevados son o monte Xiabre con 641 metros, Aguadelo con 413 metros e o monte Lobeira con 290 metros. Nesta zona montañosa nacen os cursos fluviais que recorren o territorio cara á ría. O clima está marcado pola súa situación costeira. As temperaturas adoitan ser suaves ao longo de todo o ano, cun claro ascenso nos meses estivais.

Vilanova de Arousa forma parte da paisaxe verde e mariñeira da comarca de O Salnés. Ten un litoral costeiro de 20 quilómetros e unha superficie de 35,8 quilómetros cadrados, con ríos serpeantes, terras de fermosos tons verdes e unha grande variedade de monumentos, fundamentalmente pazos e igrexas.

Outro aspecto destacable son as **características climáticas, que son excepcionalmente favorables para un gran número de cultivos**, debido á suave temperatura media anual (entre os 14ºC e os 15ºC), propia dun clima temperado atlántico, así como aos escasos valores extremos que se rexistran (ver Figura 3).

Figura 3 Temperatura media ano 2014

Fonte: Informe climatolóxico ANO 2014. Meteogalicia. Xunta de Galicia

Os niveis de pluviosidade na área aseguran a dispoñibilidade de auga para todo tipo de usos, cunha precipitación media anual no ano 2014 superior aos 1.400 mm (ver Figura 4).

Figura 4 Mapa de precipitación acumulada no ano 2014

Fonte: Informe climatolóxico ANO 2014. Meteogalicia. Xunta de Galicia

De tal xeito que a **combinación do territorio e do clima favorece os usos agrarios**, se ben o que máis destacou nos últimos anos foi a continua perda de superficie total das explotacións agrícolas, diminuíndo dunha forma drástica dende o ano 1999. Fundamentalmente na área do Salnés destaca positivamente o desenvolvemento do **sector vitivinícola**, onde a calidade da uva de albariño obtida permite un viño de alta calidade, moi apreciado no mercado. As explotacións hortofrutícolas, gandeiras e forestais completan o uso da terra na área, se ben como se comentou nun claro retroceso.

Segundo se desprende da Táboa 1, a superficie de cultivo e prado na área de o GDR Salnés-Ulla-Umia supón 13.141 hectáreas (23% da superficie total), o que representa algo máis de tres puntos porcentuais respecto á media provincial e está na media autonómica. Os municipios de **Cambados (44%)**, **Portas (31%)**, **Ribadumia (43%)** e **Vilanova de Arousa (38%)** son os que **maior porcentaxe de superficie de cultivo e prado** teñen sobre o total da súa superficie.

En canto á superficie forestal, a área do GDR conta con máis de 32.478 hectáreas. O **municipio con maior superficie forestal é Cuntis** (5.663 hectáreas), seguido de **Caldas de Reis** (4.746), **Meis** (3.402) e **Moraña** (2.879).

Táboa 1 Distribución municipal de usos da terra (2011. Hectáreas)

Concellos	Sup. de Cultivo e Prado	Pasteiro, Pasteiro Arbustivo e Mato	Forestal Arborizado	Outras Superficies	Superficie Total	Forestal Total	Sup. de Cultivo e Prado / Sup. Total	F. Arb./ F. Total	Forestal T./ Sup. Total
Caldas de Reis	1.264	98	4.648	805	6.816	4.746	19%	98%	70%
Cambados	1.021	32	519	767	2.339	551	44%	94%	24%
Catoira	391	72	2.302	179	2.944	2.374	13%	97%	81%
Cuntis	1.309	871	4.792	1.013	7.985	5.663	16%	85%	71%
Grove, O	257	297	783	873	2.209	1.079	12%	73%	49%
A Illa de Arousa	28	220	98	346	692	318	4%	31%	46%
Meaño	749	30	1.360	642	2.780	1.389	27%	98%	50%
Meis	1.222	96	3.306	617	5.241	3.402	23%	97%	65%
Moraña	810	206	2.673	445	4.134	2.879	20%	93%	70%
Pontecesures	118	12	417	122	669	429	18%	97%	64%
Portas	703	18	1.093	447	2.262	1.111	31%	98%	49%
Ribadumia	840	32	643	453	1.968	675	43%	95%	34%
Sanxenxo	1.264	107	1.727	1.405	4.503	1.834	28%	94%	41%
Valga	974	92	2.293	704	4.064	2.386	24%	96%	59%
Vilagarcía de A.	904	83	2.218	1.211	4.416	2.301	20%	96%	52%
Vilanova de A.	1.285	89	1.251	753	3.378	1.340	38%	93%	40%
GDR 17	**13.141**	**2.354**	**30.124**	**10.783**	**56.401**	**32.478**	**23%**	**93%**	**58%**
Pontevedra	**88.534**	**76.600**	**214.553**	**69.886**	**449.574**	**291.154**	**20%**	**74%**	**65%**
Galicia	**691.755**	**605.613**	**1.339.832**	**320.640**	**2.957.841**	**1.945.445**	**23%**	**69%**	**66%**

Fonte: Anuario de Estatística Agraria e Contas Económicas da Agricultura. 2011

O GDR Salnés-Ulla-Umia conta cunha **superficie total de explotacións agrícolas** de máis de **12.165 hectáreas** (ver Táboa 2), o que representa algo máis do 10,5% provincial e o 1,3% autonómico. O principal aproveitamento que se fai nas explotacións agrícolas é de especies arbóreas e forestais con 5.800 hectáreas e para as terras labradas con 4.154 hectáreas. Destaca a **importante baixada na superficie das explotacións agrícolas** dende o ano 1989 ao 2009, cunha **perda nese período de 20 anos de 23.431 hectáreas**, o que supón unha baixada do 65,8%, o que é claro reflexo do abandono do medio rural e a destrución do tecido socioeconómico do sector agrario.

Táboa 2 Superficie total das explotacións agrícolas segundo aproveitamento (1989-1999-2009)

CONCELLOS	Total 1989	Total 1999	Total 2009	Terras labradas	Terras para pastos permanentes	Especies arbóreas e forestais	Outras terras non forestais	Variación
Caldas de Reis	4.565	5.013	928	380	249	187	111	-79,7%
Cambados	846	1.028	426	316	71	24	16	-49,6%
Catoira	2.611	2.789	96	43	22	28	3	-96,3%
Cuntis	4.738	7.088	5.293	381	506	4.338	68	11,7%
O Grove	656	1.135	53	24	12	13	4	-91,9%
A Illa de Arousa	-	163	4	3	1	0	0	-97,5%
Meaño	1.153	1.429	603	409	63	106	25	-47,7%
Meis	3.731	3.280	1.131	629	111	298	93	-69,7%
Moraña	3.472	3.154	496	194	127	132	43	-85,7%
Pontecesures	413	372	27	16	9	2	1	-93,5%
Portas	1.874	1.533	544	299	105	97	43	-71,0%
Ribadumia	1.387	1.198	695	495	52	105	43	-49,9%
Sanxenxo	2.638	1.124	290	183	39	47	21	-89,0%
Valga	3.184	3.047	692	259	116	273	43	-78,3%
Vilagarcía de A.	2.825	2.229	204	116	16	35	38	-92,8%
Vilanova de A.	1.503	1.928	683	407	57	115	105	-54,6%
GDR 17	**35.596**	**36.510**	**12.165**	**4.154**	**1.556**	**5.800**	**657**	**-65,8%**
Pontevedra	**320.643**	**303.472**	**116.130**	**24.132**	**50.348**	**30.255**	**11.395**	**-63,8%**
Galicia	**2.217.131**	**2.041.799**	**914.853**	**199.749**	**447.850**	**202.492**	**64.762**	**-58,7%**

Fonte: Instituto Galego de Estatística

Analizando o aproveitamento das terras labradas obsérvase que o **cultivo agrario predominante na área son os cultivos herbáceos**, tal como se pode observar na Táboa 3. A **superficie dedicada a viñedo** na área tamén é de destacar, contando con 1.846 hectáreas e representando preto do **50% da provincia de Pontevedra** e preto do **20% de Galicia**.

Táboa 3 Aproveitamento das terras labradas nas explotacións agrícolas (2011)

CONCELLOS	Cultivos herbáceos	Froiteiros	Oliveiral	Viñedo	Outras terras labradas
Caldas de Reis	278	4	0	97	2
Cambados	44	4	0	269	0
Catoira	34	2	0	7	0
Cuntis	340	16	0	23	2
O Grove	18	0	0	5	0
A Illa de Arousa	2	0	0	1	0
Meaño	152	2	0	255	1
Meis	396	5	0	225	3
Moraña	152	4	0	39	0
Pontecesures	13	1	0	2	0
Portas	133	6	0	159	1
Ribadumia	130	4	0	359	1
Sanxenxo	105	1	0	75	2
Valga	182	6	0	70	1
Vilagarcía de Arousa	42	7	0	65	2
Vilanova de Arousa	195	16	0	195	1
GDR S-U-U	**2.216**	**78**	**0**	**1.846**	**16**
Pontevedra	**19.198**	**973**	**0**	**3.837**	**124**
Galicia	**182.567**	**7.271**	**17**	**9.359**	**533**

Fonte: Instituto Galego de Estatística

Con respecto á zona costeira do territorio, principalmente a **Ría de Arousa** posúe unha grande riqueza **biolóxica**, con **zonas marisqueiras** das máis coñecidas de Galicia, como Carril, As Carballas, O Galiñeiro, O Sarrido, Sálvora, Coroso, A Ribeiriña, Barraña, Abanqueiro ou os chamados “lombos do Ulla”. As súas características de abrigo e riqueza en fitoplancto, sitúan a esta ría entre as máis produtivas de Galicia. Deste xeito, por exemplo o 44,1% dos permisos de marisqueo a pé de toda Galicia corresponden á Zona III - Arousa (Punta Faxilda a Punta Sieira).

Táboa 4 Permisos de marisqueo a pé por zonas de produción e tipo (2015)

ZONAS	Total	%	Xeral	Percebe	Navalla e Longueirón	Poliquetos
Total Galicia	3.826	100,0%	3.449	340	1	36
Zona I - Vigo	504	13,2%	399	105	0	0
Zona II - Pontevedra	430	11,2%	424	0	0	6
Zona III - Arousa	**1.688**	**44,1%**	**1.678**	**10**	**0**	**0**
Zona IV - Muros	481	12,6%	458	19	0	4
Zona V - Fisterra	71	1,9%	28	34	1	8
Zona VI - Costa da Morte	235	6,1%	102	122	0	11
Zona VII - Coruña-Ferrol	299	7,8%	263	29	0	7
Zona VIII - Cedeira	62	1,6%	62	0	0	0
Zona IX - Mariña	56	1,5%	35	21	0	0

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Pescadegalicia.com

O **tratamento e conservación dos recursos naturais** é un tema que preocupa amplamente á **poboación da área**, que se amosa cada vez máis **concienciada da importancia dunha explotación racional de cara a un crecemento sostible**.

Como se pode observar na Táboa 5, producíronse **notables avances en canto ao servizo de depuración de augas residuais** aos núcleos de poboación da área. Así, incrementouse o servizo aos núcleos de poboación pasando de 325 núcleos no ano 2000 a 437 no ano 2013, alcanzado a unha poboación de 106.724 habitantes (un 18% máis que no ano 2000). Se ben, aínda queda unha porcentaxe relevante de núcleos (253) e poboación (28.511 persoas) sen servizo na área.

Táboa 5 Núcleos e poboación con e sen servizo de depuración de augas residuais, 2000 e 2013

CONCELLOS	2000				2013			
	Con servizo		Sen servizo		Con servizo		Sen servizo	
	Núcleos	Poboación	Núcleos	Poboación	Núcleos	Poboación	Núcleos	Poboación
Caldas de Reis	7	1.168	51	7.802	19	6.659	44	3.510
Cambados	24	10.057	14	2.544	27	10.903	12	2.469
Catoira	17	2.607	9	822	26	3.387	0	0
Cuntis	16	2.015	43	3.254	34	3.222	29	1.650
Grove, O	1	7.235	23	3.648	14	10.223	10	843
A Illa de Arousa	0	0	14	4.930	13	4.839	1	116
Meaño	25	3.239	24	1.753	63	5.418	0	0
Meis	13	1.400	30	2.269	18	1.583	24	1.716
Moraña	17	2.192	26	1.555	20	2.467	23	1.344
Portas	4	424	29	2.346	7	654	27	1.975
Pontecesures	7	1.518	4	1.419	10	3.035	1	36
Ribadumia	25	3.826	3	234	56	9.927	0	0
Sanxenxo	77	14.812	11	654	80	16.012	8	780
Valga	1	373	42	5.435	18	3.241	25	2.351
Vilagarcía de A.	47	30.620	32	2.269	32	25.154	49	11.721
Vilanova de A.	44	9.059	13	1.101	..	..	..	..

Fonte: Instituto Galego de Estatística - IGE

No que respecta á **calidade das augas das zonas de baño marítimas**, en xeral, son **aptas para o baño, cualificándose como moi boa**. No ano 2016 obtiveron bandeiras azuis 20 praias da área (Galicia contará con 123), o que a converte nunha das principais áreas con areais certificados de España.

Táboa 6 Relación de praias galardoadas coa Bandeira Azul na área (2016)

Sanxenxo	O Grove
Canelas	Raeiros-Paxareiro
Montalvo	Area da Cruz
Silgar	Area Grande
Bascuas	Area das Pipas - Area de Reboredo
Major	**O Grove - Sanxenxo**
Foxos	A Lanzada - O Espiñeiro
Areas Gordas	**Vilagarcía de Arousa**
A Lapa	Preguntoiro
Pragueira	Campanario
Baltar	**A Illa de Arousa**
Paxariñas	Area do Secada
	Bao (Camaxe)

Fonte: Foundation for Environmental Education. http://www.fee.global/blue-flag

Se ben, como reflicten os datos anteriores, fíxose un grande avance en temas medio ambientais, aínda queda camiño por percorrer en canto á depuración de augas residuais, **sendo varios os puntos onde aínda se verten directamente as augas sen tratar á ría de Arousa**.

Dende o ano 2000 todos os **núcleos de poboación da área contan con recollida selectiva de residuos**, acadando máis do 95% da poboación. Todos os municipios da área dispoñen de recollida selectiva de vidro, papel, plásticos (a excepción de Cambados e Portas) e de outro tipo (excepto Vilanova de Arousa). Na área realízase recollida selectiva de pilas nos concellos de Meaño, Ribadumia e Valga, tal como se pode comprobar na Táboa 7.

Táboa 7 Recollida selectiva de residuos segundo tipo de residuo (2013)

CONCELLOS	Non selectiva	Recollida orgánica	Vidro	Papel e cartón	Pilas	Envases e plásticos	Outros tipos
Caldas de Reis	346,1	3360,6	228	363,8	0	182,3	255
Cambados	433,4	5153,7	324	517,9	0	0	340
Catoira	185,7	1104	85,9	137	0	68,3	95
Cuntis	224,4	1801,4	127,7	202,8	0	101,7	142
Grove, O	3857,6	4858,3	274,9	439,6	0	219,6	297
Illa de Arousa, A	156,5	1750,4	121,8	194,2	0	97	133
Meaño	338,1	1663,5	127,6	203,4	0,3	101,6	138
Meis	723,2	1095,1	85,1	135,6	0	67,7	89
Moraña	110,8	1199	93	148,3	0	74,4	103
Pontecesures	168,6	981,4	74,8	119,1	0	59,6	80
Portas	486,2	896,4	67,7	108,2	0	0	75
Ribadumia	172,1	1318,6	102,2	163,2	0,3	81,5	111
Sanxenxo	1008,5	11777,9	393,3	627,4	0	313,7	416
Valga	1318,8	1884,3	142,6	227,6	0,3	113,7	157
Vilagarcía de A.	1141,8	13577,2	852,7	1363,2	0	681,7	888
Vilanova de Arousa	2298	3498,5	245,3	390,9	0	202,3	0

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. Encuesta de Infraestructura y Equipamientos Locales.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio no marco de diversos programas de rexeneración de espazos degradados desenvolveu actuacións de adecuación, selado e clausura de Vertedoiros. Na Táboa 8 recóllese a relación de vertedoiros clausurados nos concellos da área do GDR.

Táboa 8 Relación de vertedoiros clausurados

NOME	CONCELLO	TIPO DE VERTEDOIRO	ANO
Vertedoiro de Caldas de Reis	Caldas de Reis	Mixto	2005
Vertedoiro de Cambados	Cambados	Mixto	1998-99
Vertedoiro de Catoira	Catoira	Residuos sólidos urbanos	2001
Vertedoiro de Cuntis	Cuntis	Mixto	2004
Vertedoiro de O Grove	O Grove	Mixto	1998-99
Vertedoiro de Meaño	Meaño	Residuos sólidos urbanos	2005
Vertedoiro de Moraña (Soar)	Moraña	Mixto	2008
Vertedoiro de Moraña (Querguizo)	Moraña	Mixto	2008
Vertedoiro de Moraña (Santa Cruz de Lamas)	Moraña	Mixto	2008
Vertedoiro de Pontecesures	Pontecesures	Mixto	2005
Vertedoiro de Valga	Valga	Residuos sólidos urbanos	1998-99
Vertedoiro de Vilagarcía de Arousa (Cea)	Vilagarcía de Arousa	Residuos sólidos urbanos	2002
Vertedoiro de Vilagarcía de Arousa (Pinar do Rei)	Vilagarcía de Arousa	Mixto	2007

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Sistema de Información de Residuos de Galicia (SIRGA)

Na **comarca de O Salnés** clausuráronse os vertedoiros de Cambados, O Grove, Meaño e dous en Vilagarcía de Arousa, e na **comarca de Caldas** clausuráronse un en Caldas de Reis, un en Catoira, un en Cuntis, tres en Moraña, un en Pontecesures e Outro en Valga.

Por outro lado, a dispersión da poboación da comarca dificulta en moitas ocasións a prestación de diversos servizos, coma pode ser o da recollida diaria de residuos sólidos urbanos.

Os mencionados plans da Consellería tamén contemplan a **dotación de infraestruturas precisas para a recollida selectiva de residuos** como son os vertedoiros de residuos de construción e demolición, puntos limpos e contedores subterráneos. Os municipios que xa contan con **puntos limpos** (ver Táboa 9) son os de **Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Ribadumia, Sanxenxo, Valga e Vilagarcía de Arousa**.

Táboa 9 Relación de puntos limpos

Concello	Ano	Titularidade	Concellos aos que da servizo
Cambados	2001	Concello - Instalacións construídas pola CMATI	Cambados
O Grove	2005	Concello - Instalacións construídas pola CMATI	O Grove
A Illa de Arousa	2008	Concello - Instalacións construídas pola CMATI	A Illa de Arousa
Meaño	2005	Concello - Instalacións construídas pola CMATI	Meaño
Ribadumia	2003	Concello - Instalacións construídas pola CMATI	Ribadumia
Sanxenxo	2005	Concello - Instalacións construídas pola CMATI	Sanxenxo
Valga	2005	Concello - Instalacións construídas pola CMATI	Valga
Vilagarcía de Arousa	2004	Concello - Instalacións construídas pola CMATI	Vilagarcía de Arousa

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Sistema de Información de Residuos de Galicia (SIRGA)

Tódalas actuacións anteriores permitiron mellorar amplamente a situación do tratamento dos residuos na área, pero aínda queda camiño por percorrer debido, por exemplo, á **existencia de moitos vertedoiros incontrolados**. Vertedoiros que adoitan estar en calquera chaira retirada, barranco, buraco, marxe de río,… (sendo en moitos casos zonas de monte), onde se descargan de calquera forma os residuos. Estes vertedoiros incontrolados son un risco para a saúde pública sendo un foco de contaminación para a auga e o aire.

No que respecta á **conservación dos montes**, é necesario sinalar dúas características. A primeira é a expansión do eucalipto e do pino, coma en todo o conxunto do monte galego. A segunda, as perdas continuas provocadas polos

incendios forestais. Se ben a tendencia é a que se produza un descenso no número de incendios (ver Figura 5), nos anos 2005-2006 e 2011 **experimentouse unha subida importante** no conxunto de Galicia e especialmente na área do GDR. Deste xeito destaca o ano 2006 onde se queimaron na área do GDR máis de 5.600 hectáreas de superficie arborada e rasa. Os concellos de Pontecesures (477 ha.), Valga (544,3 ha.), Vilanova de Arousa (575,7 ha.), Meis (704,6 ha.), Caldas de Reis (1056,4 ha.) e Catoira (1929,2 ha.) perderon nese ano máis de 5.200 hectáreas.

Figura 5 Número de lumes forestais e superficie queimada na área do GDR17, 2001-2012

Fonte: Instituto Galego de Estatística

No referente ás **áreas naturais**, a área do GDR dispón dunha **grande diversidade**, con estados de conservación variables. Ao valor que estes espazos naturais teñen por si mesmos, únese a atracción que exercen sobre o turismo. O goberno galego distingue os **Espazos Naturais Protexidos** e a **Rede Natura**. A **Lei 9/2001 de Conservación da Natureza é a que define os Espazos Naturais Protexidos** coma aqueles espazos que conteñen elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade, tanto debidos á acción e evolución da natureza como derivados da actividade humana, e que fosen declarados como tales. **Natura 2000** é a **rede de espazos naturais protexidos a escala da Unión Europea** creada en virtude da Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos espazos naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva Hábitats), con obxecto de salvagardar os espazos naturais máis importantes de Europa. Componse de zonas especiais de conservación (ZEC) declaradas polos Estados Membros de acordo coa Directiva sobre hábitats e, ademais, das Zonas Especiais de

Protección para as Aves (ZEPA) que se designan de acordo coa Directiva aves (Directiva 79/409/CEE do Consello, de 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres).

Na área do GDR distínguense distintos tipos de **espazos naturais protexidos**, entre os que se poden destacar os seguintes:

- **Parques:** na área atópase un dos arquipélagos do **Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas** de Galicia que comprende **A Illa de Cortegada**, no municipio de Vilagarcía de Arousa.
- **Humidais protexidos**: o **Complexo Intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira (**localízase nos municipios da Illa de Arousa, Cambados, O Grove, Meaño e Sanxenxo e abrangue unha superficie de 2.476 hectáreas).
- **Zona de Especial Protección dos Valores Naturais** (ZEPVN): atópanse os seguintes tres espazos que se poden ver na Figura 6 (Lei galega 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza e Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como ZEPVN):
    - **Complexo Ons-O Grove.**
    - **Complexo Intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira.**
    - **Sistema Fluvial Ulla-Deza**.

Figura 6 Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais

Fonte: Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Xunta de Galicia.

O **Complexo Ons-O Grove**, que acada unha superficie de 7.608 hectáreas, comprende os concellos de Bueu, Cambados, A Illa de Arousa, Meaño, O Grove, Ribadumia e Sanxenxo. Inclúe as Illas de Ons e Onza e o complexo intermareal Umia-O Grove. As illas, cubertas na súa maior parte por toxeiras, albergan nos seus cantís importantes colonias de “corvo mariño cristado” e “gaivota de patiamarela”.

O **Complexo intermareal Umia-O Grove , A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira** (2.813 ha.) caracterízase por presentar extensas superficies intermareais pantanoso-areeiras cubertas maioritariamente por praderías de algas. Inclúe ademais un notable sistema de dunas fixas. Durante o período invernal alberga unhas 13.000 aves acuáticas, trátase, polo tanto, da zona húmida máis importante para as aves en Galicia. Ademais presenta importancia internacional para a invernada de espátula común e importancia nacional para a invernada de gavita, píllara cincenta, pilro curlidico e agulla colipinta. Os hábitats, flora e fauna relaciónanse na Táboa 10.

Táboa 10 Hábitats, flora e fauna do Complexo Ons-O Grove

HÁBITATS • Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda • Estuario • Chairas pantanosas o areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa • Lagoas costeiras • Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados • Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas • Vexetación anual pioneira con Salicornia e outras especies de zonas pantanosas o areosas • Pastos de Spartina (Spartinion maritimi) • Pastos salinos atlánticos (Glauco-Puccinellietalia maritimae) • Mato halófilo mediterráneo e termoatlántico (Sarcocornetea fruticosi) • Dunas móbiles embrionarias • Dunas móbiles de litoral con Ammophila arenaria (dunas blancas) • Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises) • Dunas con céspedes del Malcomietalia • Uceiras secas europeas • Uceiras secas atlánticas costeiras de Erica vagans • Prados húmidos mediterráneos de herbas altas del Molinion-Holoschoenion
FLORA • Rumex (Rumex rupestris)
FAUNA • Lontra (Lutra lutra) • Pato cullerete (Anas clypeata) • Charneco (Anas crecca) • Pato asubión (Anas penelope) • Llavanco real (Anas platyrhynchos) • Garza real (Ardea cinerea) • Pilro curlibico (Calidris alpina) • Pilro cubranco (Calidris ferruginea) • Garzota (Egretta garzetta) • Escribenta das canaveiras (Emberiza schoeniclus) • Galiñola negra (Fulica atra) • Gavita (Haematopus ostralegus) • Gaivota patiamarela (Larus cachinnans) • Agulla colipinta (Limosa lapponica) • Agulla colinegra (Limosa limosa) • Mazarico curlí (Numenius arquata) • Corvo mariño cristado (Phalacrocorax aristotelis) • Corvo mariño real (Phalacrocorax carbo) • Espátula (Platalea leucorodia) • Píllara cincenta (Pluvialis squatarola) • Pardela fuchabuchos (Puffinus puffinus mauretanicus) • Bilurico pativerde (Tringa nebularia) • Bilurico aliluxado (Tringa totanus)

Fonte: Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Xunta de Galicia.

O **sistema fluvial Ulla-Deza** (1.633 ha.) comprende concellos das comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, da provincia da Coruña e da área do GDR: Catoira, Pontecesures e Valga. Por lonxitude, o Ulla é o terceiro río galego despois do Miño e o Sil e establece polo norte o límite natural coa provincia de A Coruña. Na súa desembocadura forma un fermoso esteiro, de elevado interese xeolóxico, botánico, faunístico e paixasístico, que tamén foi incluído como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) na proposta de Rede Natura 2000.

Respecto á **Rede Natura 2000** na área distínguense:

- **Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA):** Na actualidade a rede ZEPA en Galicia está composta por 14 zonas cunha superficie total de 71.579 ha. Todos estes lugares foron declarados como zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, de 2 de abril. Unha destas zonas localízase na Comarca de O Salnés que é o **Complexo Intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira** que abrangue unha superficie de 2.476,72 hectáreas.
- **Lugares de Importancia Comunitaria (LIC):** No decreto 37/2014, do 27 de marzo, decláranse como zonas especiais de conservación (ZEC) os lugares de importancia comunitaria (LIC) de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. A proposta inicial de Galicia de LIC estaba composta por 59 espazos que foron declarados como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) polo Decreto 72/2004 de 2 de abril e 55 están incluídos na lista de LIC da rexión bioxeográfica atlántica aprobada pola Decisión da Comisión de 7 de Decembro de 2004 (DOCE L387 de 29/12/2004). Entre eses LIC atópanse o **Complexo Ons-O Grove** (que se localiza na Comarca de O Salnés) e o **Sistema fluvial Ulla-Deza** (que se localiza en parte na comarca de Caldas).

Moi vinculado á **conservación dos bosques e** ás **áreas naturais** está o desenvolvemento de distintas sendas en zonas de interese natural e fluviais. Destacar neste senso a existencia de diversas rutas de sendeirismo que cruzan a área. Estas rutas son as seguintes (ver Figura 7):

PR-G 20 Circular de Cuntis
PR-G 21 Cuntis – Valga
PR-G 22 Panorámico de Valga
PR-G 59 Rota da Auga
PR-G 115 Adro Vello – Lembranzas da Historia
PR-G 116 Con Negro – Arte ao Natural
PR-G 123 Senda Peonil da Ponte do Ramo (Cuntis)
PR-G 126 Ruta dos Miradoiros Lobeira e Faro das Lúas (Vilanova de Arousa)
PR-G 171 Ruta do Río San Martiño (Meis)
PR-G 172 Ruta do Río Chanca (Meaño)
PR-G 173 Ruta do Río Umia
Camiño de Santiago (A F.G.M. non a considera apta como GR)

Figura 7 Rutas de sendeirismo da área do GDR Salnés-Ulla-Umia

Fonte: elaboración propia a partir de datos da Federación Galega de Montañismo (http://fgmontanismo.es) e Wikiloc (http://es.wikiloc.com)

Se ben, existe un alto número de rutas no territorio é certo que dende a Federación Galega de Montañismo (F.G.M.) non recomendan nunha grande maioría das mesmas a súa utilización, fundamentalmente por problemas de mantemento das mesmas. Escorrentías e riadas (que fundamentalmente durante o inverno provocan unha forte erosión da terra e arrastres de pedras) xunto cos incendios forestais e o crecemento da propia vexetación dificultan en moitas casos manter estas rutas en boas condicións. Este aspecto dificulta en grande medida a verdadeira utilización destes rutas como unha ferramenta para a diversificación turística.

3.1.2.- Análise sociodemográfica.

Neste apartado recollese información sobre a realidade demográfica do ámbito de actuación da Estratexia, así coma os principais aspectos dos recursos humanos dispoñibles na área.

3.1.2.1.- Volume e distribución espacial da poboación.

No ano 2015, a poboación da área do GDR Salnés-Ulla-Umia ascendeu a máis de **145.000 habitantes**, o que representa máis do 15,3% respecto á provincia e do 5,3% autonómico.

A evolución da poboación da área dende 1991 foi moi positiva e con taxas de crecemento elevadas, o que é un indicador da vitalidade da zona, tal como se pode apreciar na Figura 8.

Figura 8 Evolución da poboación no GDR Salnés-Ulla-Umia (1991-2015)

Fonte: Instituto Galego de Estatística - Padrón municipal de habitantes. INE

Comparando a evolución da poboación respecto a Pontevedra e Galicia (ver Figura 9), obsérvase que a área tivo no período analizado maiores taxas de crecemento en xeral que o conxunto de Pontevedra e Galicia.

Figura 9 Porcentaxes de variación da poboación GDR 17, Pontevedra e Galicia (1991-2015)

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

Os concellos cun maior peso poboacional na área (ver Figura 10) correspóndense aos municipios de Vilagarcía (principal núcleo de poboación da área con máis de 37 mil habitantes no ano 2007), Sanxenxo (17 mil), Cambados (13 mil), O Grove (10 mil) e Vilanova de Arousa (10 mil) cunha poboación entre 10.400 e 17.400 habitantes aproximadamente. Estes cinco concello supoñen o 62% do total da poboación da área do GDR 17.

Figura 10 Poboación e peso no conxunto da área (2015)

Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE. Padrón municipal de habitantes

Realizando unha análise por concellos (ver Figura 11), obsérvase que o territorio está desigualmente habitado cunhas dinámicas de crecemento dispares, estando a poboación bastante dispersa e concentrándose especialmente na franxa litoral da área.

Concellos como Ribadumia (26,8%) ou Vilagarcía de Arousa (16,5%) ou Sanxenxo (+15,6%) destacan polo seu incremento de poboación.

Figura 11 Principais núcleos de poboación (2014) e variación da poboación (1991-2015) na área GDR Salnés-Ulla-Umia

Fonte: Enquisa de Infraestrutura e Equipamentos Locais (EIEL). Deputación de Pontevedra

As taxas de crecemento da poboación son maiores nos municipios situados na franxa costeira no período analizado. Neste período (1991-2015) é de destacar os incrementos dos municipios de Ribadumia (con máis dun 26,8%), Vilagarcía de Arousa (cun 16,5%) e Sanxenxo (cun 15,6%). Lonxe destes séguenlle os municipios de Cambados, Pontecesures e Caldas de Reis con taxas de crecemento de poboación no período entre o 7% e o 10%. Cabe destacar, na parte negativa, a perda de poboación nos concellos de Cuntis (-19,8%) e Moraña (-10,5%), fundamentalmente a falta de alternativas laborais provoca a marcha de poboación (deste xeito, actuacións encamiñadas a revitalizar áreas empresariais nestes concellos ou potenciar sectores tradicionais como a agricultura, forestal,.. ou o turismo toma un papel central).

3.1.2.2.- Evolución da poboación.

A área do GDR Salnés-Ulla-Umia caracterízase por unha diversidade de densidades de poboación, cunha combinación de zonas rurais e urbanas. Segundo se amosa na Figura 12, a **densidade de poboación** do GDR 17 foi crecendo no período analizado alcanzando o máximo de **261 habitantes** por quilómetro cadrado no ano

2010, dato superior aos case 211 habitantes por quilómetro cadrado da media provincial e moi superior aos case 93 da media galega.

Por concellos, obsérvase que todos teñen densidades por riba da media autonómica o que é un indicador da habitabilidade dos mesmos, coa única excepción do concello de Cuntis (con 61 habitantes/Qm^2). Os concellos que presentan unha maior densidade de poboación son Vilagarcía de Arousa (848), xustificado pola elevado peso económico e representativa na área, é A Illa de Arousa (718), que se xustifica por ser un territorio de limitadas dimensións. Cabe comentar a menor densidade de Sanxenxo respecto concellos como Cambados, O Grove ou Pontecesures tendo en conta que ten máis habitantes.

Figura 12 Densidade de poboación por municipios, 1991-2015 (habitantes/Qm^2)

CONCELLOS	1991	2001	2010	2015	Variac. 1991-2010	Variac. 1991-2015
Vilagarcía de A.	727,8	765,2	858,1	848,0	17,9%	16,5%
A Illa de Arousa[1998]	699,7	717,8	724,6	718,3	3,6%	2,7%
Cambados	541,4	569,6	592,8	593,8	9,5%	9,7%
O Grove	490,4	505,1	515,8	493,2	5,2%	0,6%
Pontecesures	417,0	443,7	469,1	457,0	12,5%	9,6%
Sanxenxo	333,5	359,3	388,0	385,6	16,3%	15,6%
Vilanova de A. [1998]	308,9	304,4	317,9	310,2	2,9%	0,4%
Ribadumia	203,7	215,2	255,2	258,2	25,3%	26,8%
Meaño	191,1	194,2	196,2	193,6	2,7%	1,3%
Valga	154,4	154,6	150,9	149,3	-2,3%	-3,3%
Caldas de Reis	134,3	138,4	147,1	144,0	9,5%	7,2%

CONCELLOS	1991	2001	2010	2015	Variac. 1991-2010	Variac. 1991-2015
Portas	147,2	143,0	136,2	135,4	-7,5%	-8,0%
Catoira	124,3	120,3	118,0	114,6	-5,0%	-7,8%
Moraña	118,2	104,8	107,6	105,8	-9,0%	-10,5%
Meis	97,4	94,4	95,5	95,5	-1,9%	-1,9%
Cuntis	76,2	70,3	64,1	61,1	-15,9%	-19,8%
GDR 17	**242,0**	**247,7**	**261,1**	**257,4**	**7,9%**	**6,4%**
PONTEVEDRA	**199,5**	**203,8**	**214,1**	**210,8**	**7,3%**	**5,6%**
GALICIA	**92,4**	**92,4**	**94,6**	**92,4**	**2,4%**	**0,0%**

Fonte: Instituto Galego de Estatística. INE-Padrón municipal de habitantes

A **taxa de natalidade** (expresada en nacementos por cada 1.000 habitantes) da área é dun 7,3º/oo no ano 2014 sendo lixeiramente inferior á media de Pontevedra que é un 7,8º/oo e superior a de Galicia que é un 7,2º/oo. A súa evolución foi deste xeito negativa no período analizado, tal como se pode observar na Táboa 11 (so en 6 concellos evolucionou positivamente). Concellos como Cuntis, Ribadumia e Vilagarcía de Arousa tiveron unha evolución moi positiva neste indicador, e os concellos de Catoira, A Illa de Arousa e Meaño sufriron un descenso importante.

Respecto á **taxa de mortalidade**, 9,9 no 2014 (expresada en defuncións por cada 1.000 habitantes), é máis baixa que en Galicia (10,9) e un pouco por enriba da media provincial (9,1). Por concellos o que presenta maior taxa de mortalidade no ano 2014 é Cuntis (13,6º/oo) seguido de Meis (12,9º/oo) e Vilanova de Arousa (12,2º/oo). Os concellos cunha mellor evolución deste indicador no período 1998-2014 son Portas e Pontecesures.

Táboa 11 Taxa de natalidade e mortalidade, 1998-2006 (º/oo)

CONCELLOS	Taxa bruta de natalidade					Taxa bruta de mortalidade				
	1998	2005	2010	2014	Variac.	1998	2005	2010	2014	Variac.
Caldas de Reis	10,3	7,1	8,7	7,3	-29%	12,1	9,3	8,4	9,8	-19%
Cambados	9,9	9,6	9,9	8,7	-12,1%	8,2	8	8,3	7,5	-9%
Catoira	6,8	9,5	6	3,8	-44,1%	9,3	10,6	13,8	12	29%
Cuntis	4,9	5,6	5,8	7	42,9%	11,8	11,1	13,2	13,6	15%
O Grove	8,2	8,1	8,6	7,8	-4,9%	9,3	9,6	7,6	9,5	2%
A Illa de Arousa	10,7	14,4	8,6	6,8	-36,4%	7,4	9,4	7,4	8,4	14%
Meaño	9	8,8	8,8	5,9	-34,4%	8,3	9,2	8,6	8,8	6%
Meis	6,8	9,9	9,1	5,6	-17,6%	9,6	10,1	9,3	12,9	34%
Moraña	6,6	7,4	8,3	6,7	1,5%	10,4	12,2	12	10	-4%
Pontecesures	10,1	10,9	10,5	11,3	11,9%	9,1	10,5	6,2	6,6	-27%

CONCELLOS	Taxa bruta de natalidade					Taxa bruta de mortalidade				
	1998	2005	2010	2014	Variac.	1998	2005	2010	2014	Variac.
Portas	7,2	8,2	10,1	5,2	-27,8%	14,9	8,2	11,4	9,8	-34%
Ribadumia	8,8	8,7	10,4	10,6	20,5%	8,3	11,7	11,9	10,8	30%
Sanxenxo	9,4	8,7	9,5	7,2	-23,4%	7,6	8,5	9,1	8,3	9%
Valga	7,3	7	5,9	7,7	5,5%	8,1	9	9,9	10	23%
Vilagarcía de A.	7,2	9,8	8,8	8,1	12,5%	8,7	8,4	8,1	8,7	0%
Vilanova de A.	8,3	10,4	9,2	6,3	-24,1%	13,5	12,2	12	12,2	-10%
GDR 17	**8,2**	**9,0**	**8,6**	**7,3**	**-11,8%**	**9,8**	**9,9**	**9,8**	**9,9**	**1%**
Pontevedra	**7,9**	**9**	**8,8**	**7,8**	**-1,3%**	**8,8**	**9,1**	**9,1**	**9,1**	**3%**
Galicia	**6,9**	**7,7**	**8**	**7,2**	**4,3%**	**10,4**	**10,8**	**10,7**	**10,9**	**5%**

Fonte: Instituto Galego de Estatística. IGE. Indicadores demográficos

O **crecemento vexetativo** na área é negativo ao presentar maior número de **defuncións** que de **nacementos**, seguindo a tendencia que ocorre no resto de Galicia. De feito, tanto a media provincial como autonómica amosan tamén saldos vexetativos negativos.

Por municipios obsérvase que algúns deles presentan tendencias menos negativas como é o caso de Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Pontecesures e Sanxenxo, mentres que outros presentan tendencias negativas máis acentuadas como o caso dos concellos de Cuntis, Meis, Valga e Vilanova de Arousa.

A crise poboacional xeneral é un problema moi grave (ver Figura 13), sufrindo ademais os nacementos, dende o comezo da crise económica (ano 2008), tanto en Galicia como na provincia de Pontevedra e especialmente na área do GDR 17 un descenso pronunciado que agravou especialmente a situación reducindo drasticamente a taxa de reemprazo xeracional. Este problema debe abordarse dende unha profunda reflexión que permita inverter este complexo e grave problema.

Figura 13 Indicadores de nacementos, defuncións e crecemento vexetativo 1997-2014

Fonte: Instituto Galego de Estatística.

Como se pode observar na Figura 14, a área presenta uns saldos migratorios positivos nos períodos analizados ata o ano 2012. De feito, pasouse dun saldo migratorio de 62 persoas en 1998 a 993 no ano 2008, un crecemento moito maior que o experimentado a nivel provincial e autonómico. As maiores entradas son de persoas que proveñen do exterior da área concretamente do estranxeiro. Tamén existe un movemento importante interno de carácter intercomarcal. Tanto a emigración como a inmigración dentro da mesma comarca e a outra comarca da mesma provincia son os movementos migratorios máis comúns. Tamén é de destacar o incremento da emigración con destino ao exterior, xa sexa a outras comunidades autónomas como ao estranxeiro. Esta tendencia non pode achacarse exclusivamente ao proceso de crise xeneralizada actual, xa que dende os anos noventa o número de persoas que emigraron con destino ao exterior incrementouse continuamente. A inmigración con orixe no exterior reduciuse á metade dende o comezo da crise no ano 2007.

Figura 14 Emigración, inmigración e saldo migratorio do GDR 17 (1990-2014)

Fonte: INE. Estatística de variacións residenciais. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

O **índice de envellecemento** (número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos), recóllese na Táboa 12. A área presenta un índice de envellecemento (130,6) superior que Pontevedra (120,3) e inferior a Galicia (151,9) como consecuencia da existencia dun maior número de mozos que a media galega. Por municipios obsérvanse diferenzas con índices de envellecemento maiores nos concellos de Cuntis (230,2) e Portas (160,5). Con respecto ao **índice de sobreenvellecemento** (número de persoas de 85 ou máis anos por cada 100 de 65 ou máis anos) e de **dependencia senil** (relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación potencialmente activa -poboación entre 20 e 64 anos) temos que dicir que se presenta unha situación intermedia entre Pontevedra e Galicia, sendo maior que Pontevedra e menor que Galicia. No caso dos índices de **dependencia global** (relación entre os grupos de poboación economicamente dependentes -poboación menor de 20 anos e poboación maior de 64 anos- e o grupo de poboación potencialmente activa -poboación entre 20 e 64 anos-) e **dependencia xuvenil** (relación entre a poboación menor de 20 anos e a poboación potencialmente activa -poboación entre 20 e 64 anos-) na área presentan valores próximos a media provincial e de Galicia.

Táboa 12 Índices de envellecemento, sobre envellecemento, de dependencia global, xuvenil e senil, 2015

CONCELLOS	ÍNDICE				
	Envellece-mento	Sobre envellece-mento	Dependencia global	Dependencia xuvenil	Dependencia senil
Caldas de Reis	117,7	15,7	51,2	19,4	31,7
Catoira	147,9	16,5	52,5	17,9	34,6
Cuntis	230,2	17,8	64,8	15,9	48,9
Moraña	146,8	14,9	56,6	19,3	37,3
Pontecesures	95,4	16,6	45,1	20,0	25,1
Portas	160,5	20,0	62,6	19,5	43,1
Valga	126,1	15,3	51,9	19,3	32,6
Cambados	103,9	13,0	50,9	21,2	29,7
O Grove	109,7	13,8	49,9	20,3	29,7
A Illa de Arousa	110,8	12,0	51,2	20,4	30,8
Meaño	125,3	14,1	56,2	21,0	35,1
Meis	150,0	16,5	55,3	18,2	37,1
Ribadumia	110,3	21,7	57,3	23,8	33,5
Sanxenxo	124,8	13,0	52,8	20,0	32,8
Vilagarcía de A.	102,6	13,4	49,5	21,0	28,6
Vilanova de A.	126,8	12,5	55,0	20,4	34,6
GDR 17	**130,6**	**15,4**	**53,9**	**19,9**	**34,1**
Pontevedra	**120,3**	**15,0**	**52**	**20,2**	**31,9**
Galicia	**151,9**	**16,5**	**56,1**	**18,7**	**37,4**

Fonte: Instituto Galego de Estatística. IGE. Indicadores demográficos

En canto á evolución, é de destacar o importante incremento no índice de envellecemento, tanto a nivel de Galicia, como Pontevedra e o GDR 17. Na área do GDR 17 pasouse dun índice dun 91,45 no ano 2002 a un 126, 05 no ano 2015. Parece que existe unha maior taxa de crecemento deste índice para a área que para Galicia e Pontevedra, o que pode ser indicativo dun empeoramento nos indicadores da área, provocados cunha aproximación á media Galega. Na Figura 15 recóllese a evolución do Índice de envellecemento para Galicia, Pontevedra e GDR 17 no período 2002 ao 2015.

Figura 15 Índice de envellecemento de Galicia, Pontevedra e GDR 17 (2002-2015)

Fonte: IGE. Indicadores demográficos

En canto a **Taxa xeral de fecundidade** (Número de nacementos por cada mil mulleres en idade fértil -de 15 a 49 anos) recóllese na Figura 16. Obsérvase unha redución importante neste indicador, que na área atopábase incluso nalgúns anos por enriba da media provincial, e o efecto da crise (xa que comeza a reducirse a partires do ano 2009) provocou que se reducira por debaixo da media galega.

Figura 16 Taxa xeral de fecundidade Galicia, Pontevedra e GDR 17 (1998-2014)

Fonte: IGE. Indicadores demográficos

En conxunto, o GDR 17 amosa unha poboación que viña de ter un indicadores demográficos mellores á media autonómica, e en algúns ítems mellores que os provinciais, pero que sufriu nos últimos anos un deterioro importante, provocado pola

caída da natalidade e fecundidade, incremento da emigración e redución da inmigración.

3.1.2.3.- Estrutura demográfica.

Respecto á estrutura por idades na área do GDR 17, pode obsérvase certa tendencia á inversión da pirámide de poboación, tal e como se desprende da Figura 17. Nos últimos 25 anos a evolución da pirámide de poboación tendeu a incrementar o seu peso na parte central da mesma, e a redución na parte inferior, se ben se pode observar unha certa recuperación nos últimos anos.

Figura 17 Pirámides de poboación GDR 17 anos 1991, 2001 e 2011

Fonte: Elaboración da S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia a partir de datos do IGE

Para o ano 2015 recóllese na Figura 18 a pirámide de poboación segundo o sexo e as idades da mesma.

Figura 18 Pirámide de poboación da área do GDR 17 para o ano 2015

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Segundo se pode observar na Figura 19, a tendencia é ao incremento da poboación con idades comprendidas entre os **30 e os 64 anos** e fundamentalmente a de **65 e máis anos**, así como ao decrecemento da de **menos de 20 anos**. Comparando esta estrutura da área respecto a Pontevedra e Galicia no ano 2015, obsérvase que o GDR 17 presenta unha porcentaxe maior á da media provincial pero inferior á autonómica. Así mesmo, a evolución nos últimos anos reflicte un empeoramento da situación destes indicadores, pasando por exemplo de ter un 24% da poboación da área no ano 1998 menor de 20 anos a un 17,4% no ano 2015, ou dun 16,6% de poboación de 65 e máis anos no ano 1998 a un 21,8% no ano 2015.

Figura 19 Estrutura da poboación na área do GDR 17 1998-2015 e comparativa con Pontevedra e Galicia 2015

2015	RANGOS DE IDADE		
	Menor de 20 anos	Entre 20 e 64 anos	De 65 e máis anos
GDR 17	17,4%	61,0%	21,8%
Pontevedra	17,4%	61,6%	21,0%
Galicia	15,8%	60,2%	24,0%

GDR 17	RANGOS DE IDADE		
	Menor de 20 anos	Entre 20 e 64 anos	De 65 e máis anos
1998	24,0%	59,5%	16,6%
2005	18,9%	62,5%	18,7%
2015	17,4%	61,0%	21,8%

Fonte: Instituto Galego de Estatística - IGE

Analizando con maior detalle esa dinámica negativa, na Figura 20 represéntase a composición da poboación no período 2002 e 2015 para menores de 20 anos e maiores de 65 anos. Pódese observar, como a porcentaxe de poboación con 65 ou máis anos na área incrementouse en 3,3 puntos porcentuais no período, mentres que a poboación menor de 20 anos reduciuse en 2,9 puntos porcentuais. Outro aspecto destacable é a maior tendencia que reflicten os datos da área a empeorar co paso dos anos, superior á media provincial é galega.

Figura 20 Evolución da porcentaxe de poboación menor de 20 anos e maior de 65 anos (2002-15)

Fonte: Elaboración propia a partir do Padrón municipal de habitantes (INE)

Outro indicador dinámico representativo da evolución da estrutura demográfica é a **idade media da poboación**, que se recolle na Figura 21. Nela pódese constatar, derivado da situación xa analizada e observada no resto de indicadores, cómo se produce un incremento na idade media da poboación, pasando dos 40,7 anos no ano 2002 aos 44,5 no ano 2015. Á tendencia é a aproximarse a media galega de idade.

Figura 21 Evolución da idade media da poboación segundo área (2002-2015)

Fonte: Instituto Galego de Estatística. IGE. Indicadores demográficos

Realizando unha **análise por concellos** do GDR 17 (ver Táboa 13) obsérvase como a evolución negativa no volume de poboación con menos de 20 anos na área (baixa máis dun -11% o número de mozos menores de 20 anos no período 2002-2015) é xeneralizada en todos eles, en maior ou en menor medida segundo o caso. Así mesmo, o indicador da poboación maior de 64 anos na área (incremento de máis do 20% na poboación de 65 ou máis anos) incrementouse nos últimos anos con taxas superiores á media provincial e galega.

Concellos como Cuntis (12,9%), Catoira (15,3%) ou Meis (15,9%) presentan unha porcentaxe de poboación menor de 20 anos moi baixa. E na parte contraria están concellos como Vilagarcía de Arousa (18,6%), Cambados (18,9%) ou Ribadumia (19,3%) que presentan taxas por enriba da media provincial e galega. En canto a porcentaxe de poboación de 65 e máis anos os concellos de Moraña (23,8%), Meis (23,9%), Portas (26,5%) e Cuntis (29,7%) presentan uns valores especialmente elevados, sendo os concellos de Pontecesures (17,3%), Vilagarcía de Arousa (19,1%) e Cambados (19,7%) os que menor porcentaxe de poboación de 65 e máis anos presentan.

Táboa 13 Estrutura da poboación do GDR 17 por concellos (2002-2015)

CONCELLOS	Porcentaxe de poboación menor de 20 anos			Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos			Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos		
	2002	2015	2002-15	2002	2015	2002-15	2002	2015	2002-15
Caldas de Reis	20,9%	17,8%	-14,8%	60,5%	61,2%	1,2%	18,6%	21,0%	12,9%
Catoira	18,6%	15,3%	-17,7%	61,3%	62,0%	1,1%	20,2%	22,7%	12,4%
Cuntis	16,2%	12,9%	-20,4%	59,5%	57,5%	-3,4%	24,3%	29,7%	22,2%
Moraña	19,3%	16,2%	-16,1%	59,4%	59,9%	0,8%	21,3%	23,8%	11,7%
Pontecesures	21,5%	18,1%	-15,8%	63,1%	64,6%	2,4%	15,4%	17,3%	12,3%
Portas	18,6%	16,5%	-11,3%	57,9%	57,0%	-1,6%	23,5%	26,5%	12,8%
Valga	21,2%	17,0%	-19,8%	60,3%	61,5%	2,0%	18,5%	21,5%	16,2%
Cambados	22,1%	18,9%	-14,5%	62,7%	61,4%	-2,1%	15,2%	19,7%	29,6%
O Grove	21,1%	18,0%	-14,7%	62,3%	62,2%	-0,2%	16,6%	19,8%	19,3%
A Illa de Arousa	21,7%	18,4%	-15,2%	62,4%	61,3%	-1,8%	15,8%	20,4%	29,1%
Meaño	20,9%	18,0%	-13,9%	61,0%	59,5%	-2,5%	18,1%	22,5%	24,3%
Meis	19,3%	15,9%	-17,6%	59,7%	60,2%	0,8%	21,0%	23,9%	13,8%
Ribadumia	19,8%	19,3%	-2,5%	61,8%	59,4%	-3,9%	18,4%	21,3%	15,8%
Sanxenxo	20,8%	17,2%	-17,3%	62,7%	61,3%	-2,2%	16,5%	21,5%	30,3%
Vilagarcía de A.	21,0%	18,6%	-11,4%	62,7%	62,3%	-0,6%	16,3%	19,1%	17,2%
Vilanova de A.	20,1%	17,6%	-12,4%	61,8%	60,1%	-2,8%	18,1%	22,3%	23,2%
GDR 17	**20,2%**	**17,2%**	**-14,7%**	**61,2%**	**60,7%**	**-0,8%**	**18,6%**	**22,1%**	**18,5%**
Pontevedra	**19,6%**	**17,4%**	**-11,2%**	**62,9%**	**61,6%**	**-2,1%**	**17,5%**	**21,0%**	**20,0%**
Galicia	**17,6%**	**15,8%**	**-10,2%**	**61,3%**	**60,2%**	**-1,8%**	**21,1%**	**24,0%**	**13,7%**

Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Indicadores demográficos

3.1.2.4.- Nivel de instrución.

O **nivel de cualificación da poboación** en idade de traballar, é un factor que sirve para analizar o potencial de desenvolvemento endóxeno dun territorio determinado.

Como se pode ver na Figura 22, a poboación do GDR 17 presenta un nivel de instrución similar ao resto da provincia e da comunidade autónoma, aínda que existen pequenas diferenzas, sendo a porcentaxe de poboación con ensinanzas de nivel inferior máis altas na área.

O grao de formación é un aspecto importante xa que cada vez en maior medida marca as posibilidades de acceso a un posto de traballo, de xeito que aqueles colectivos con un nivel de formación máis baixo (fundamentalmente mozos sen estudios e persoas de máis de 45 ou 50 sen formación ou sen formación específica) veranse excluídos dunha oportunidade laboral.

Figura 22 Nivel de instrución da poboación de 16 e máis anos (2001 e 2011)

Fonte: Instituto Galego de Estatística. INE. Censo de poboación e vivendas 2001 e 2011

En canto ao nivel de instrución da poboación por sexos (ver Táboa 14), observamos como en todos os niveis son as mulleres as que teñen un maior peso NAS categorías sen estudos (4 puntos porcentuais máis cos homes) e estudos de terceiro grao (3,5 puntos porcentuais máis que os homes).

Táboa 14 Nivel de instrución da poboación de 16 e máis anos por sexos, 2011

NIVEL DE INSTRUCIÓN	Total	Homes	Mulleres
Analfabetos	1,1%	0,8%	1,5%
Sen estudos	10,2%	7,8%	12,6%
Primeiro grao	16,0%	16,6%	15,5%
Segundo grao	48,2%	51,3%	45,3%
Terceiro grao	9,8%	7,9%	11,6%
Non é aplicable	14,5%	15,6%	13,5%

Fonte: Instituto Galego de Estatística. INE. Censo de poboación e vivendas 2011

Respecto á taxa de analfabetismo, recollida na Táboa 15, apréciase como a porcentaxe de mulleres na área que non saben ler nin escribir (2,1), é superior á dos homes que representan un 0,8% do total, situación que se repite na totalidade dos municipios, a excepción do municipio de Caldas de Reis. Destacan os municipios de A Illa de Arousa e Catoira (2,5 respectivamente), cunha taxa do 2,5% de analfabetismo, e Cuntis por ter a taxa máis baixa da área (cun 0,5%).

Táboa 15 Taxa de analfabetismo da poboación de 16 e máis anos (1991, 2001 e 2011)

CONCELLOS	1991			2001			2011		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Caldas de Reis	2,8	1,4	4,1	2,0	1,3	2,6	1,9	2,3	1,4
Cambados	3,0	1,4	4,4	1,9	0,7	3,0	1,1	0,4	1,9
Catoira	1,5	1,1	1,8	2,0	0,9	3,1	2,5	2,0	2,9
Cuntis	1,4	0,6	2,0	0,8	0,2	1,3	0,5	0,2	0,8
O Grove	2,8	1,3	4,2	1,9	0,8	2,9	1,1	0,5	1,7
A Illa de Arousa	-	-	-	3,0	1,6	4,3	2,5	0,7	4,2
Meaño	4,5	2,1	6,6	2,3	1,0	3,5	2,0	0,7	3,3
Meis	5,1	2,6	7,3	2,7	1,5	3,8	1,4	0,7	1,9
Moraña	2,3	0,8	3,6	1,6	0,6	2,5	0,9	0,5	1,2
Pontecesures	1,0	0,6	1,3	1,2	0,5	1,8	0,9	0,4	1,5
Portas	1,7	1,1	2,2	1,0	0,3	1,7	1,1	0,4	1,4
Ribadumia	3,3	1,3	5,1	2,7	1,2	4,0	1,6	0,7	2,4
Sanxenxo	3,4	1,7	5,0	2,3	1,0	3,5	0,8	1,2	2,3
Valga	2,6	1,0	4,1	2,6	1,0	4,1	1,7	0,8	2,6
Vilagarcía de A.	1,7	0,6	2,7	1,6	0,7	2,3	1,5	0,7	1,9
Vilanova de A.	3,1	1,4	4,8	2,6	0,8	4,3	1,5	0,8	2,0
GDR 17	2,7	1,3	3,9	2,0	0,9	3,0	1,4	0,8	2,1

Fonte: INE. Censos de poboación e vivendas 1991, 2001 e 2011. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

3.1.2.5.- Indicadores de calidade de vida.

Na Táboa 16 pódese observar o **nivel de renda familiar por habitante**, variable que indica o nivel de renda de que dispoñen as economías domésticas para gastar e aforrar.

Este indicador na área incrementouse no período 2000-2009, pasando de 7.508,00 € per cápita aos 13.137,00 €, o que supón un aumento do 75%, sendo un incremento superior á media da provincia e á media autonómica.

A nivel municipal, foi Cambados o que experimentou un maior incremento (94%) durante os anos analizados, polo contrario O Grove (54%) e Pontecesures (60%) foron os que experimentaron un incremento menor.

Táboa 16 Renda dispoñible bruta por habitante (€/habitante), 2000-2009

CONCELLOS	2000	2001	2003	2005	2007	2009	2000 2009
Caldas de Reis	7.589,07 €	7.793,32 €	9.423,56 €	10.313,53 €	12.161,05 €	12.754,50 €	**68%**
Catoira	6.798,69 €	7.338,54 €	8.255,00 €	9.541,24 €	11.021,24 €	11.906,66 €	**75%**
Cuntis	7.001,43 €	7.661,30 €	8.900,11 €	10.173,64 €	11.554,67 €	12.014,44 €	**72%**
Moraña	6.649,94 €	7.015,80 €	8.530,82 €	8.460,41 €	11.766,22 €	11.316,53 €	**70%**
Pontecesures	7.939,24 €	8.415,99 €	9.561,93 €	9.627,13 €	11.844,95 €	12.675,88 €	**60%**
Portas	6.662,95 €	6.963,43 €	8.369,81 €	9.881,19 €	11.197,82 €	11.624,19 €	**74%**
Valga	6.212,92 €	6.814,75 €	7.910,99 €	9.011,44 €	11.570,02 €	11.282,67 €	**82%**
Cambados	7.868,25 €	8.732,95 €	10.030,13 €	11.103,01 €	14.396,59 €	15.243,36 €	**94%**
O Grove	9.575,63 €	10.076,15 €	10.392,79 €	11.593,48 €	13.734,36 €	14.767,52 €	**54%**
A Illa de Arousa	8.715,00 €	10.059,98 €	10.529,34 €	12.634,06 €	15.515,58 €	16.366,85 €	**88%**
Meaño	7.168,86 €	7.646,82 €	9.449,17 €	10.725,85 €	12.736,17 €	12.789,75 €	**78%**
Meis	6.572,06 €	6.743,33 €	8.270,80 €	9.541,15 €	11.383,13 €	12.158,10 €	**85%**
Ribadumia	6.980,14 €	7.519,58 €	9.564,71 €	9.998,19 €	11.378,38 €	12.066,85 €	**73%**
Sanxenxo	8.483,24 €	8.839,81 €	10.537,03 €	12.176,65 €	14.540,57 €	15.582,37 €	**84%**
Vilagarcía de A.	8.541,06 €	8.884,29 €	10.179,07 €	11.158,39 €	13.245,90 €	14.092,07 €	**65%**
Vilanova de A.	7.375,20 €	8.220,88 €	9.685,69 €	10.603,52 €	13.098,20 €	13.555,84 €	**84%**
GDR 17	**7.508,36 €**	**8.045,43 €**	**9.349,43 €**	**10.408,93 €**	**12.571,55 €**	**13.137,35 €**	**75%**
PONTEVEDRA	**8.853,17 €**	**9.280,55 €**	**10.383,84 €**	**11.746,84 €**	**13.735,13 €**	**14.302,75 €**	**62%**
GALICIA	**9.030,39 €**	**9.589,13 €**	**10.645,82 €**	**12.097,52 €**	**14.156,65 €**	**14.965,44 €**	**66%**

Fonte: IGE. Contas de distribución da renda dos fogares por concellos

Tal como se recolle na Figura 23, aínda que as porcentaxes de crecemento da renda dispoñible bruta por habitante foi positiva na totalidade dos municipios no período contemplado, hai que mencionar a ralentización que se produciu dende o ano 2007 fundamentalmente derivada dos efectos da crise económico-financeira.

Figura 23 Evolución da Renda dispoñible bruta por habitante, 2000-2009

Fonte: IGE. Contas de distribución da renda dos fogares por concellos

Na Táboa 17 recóllese o Produto Interior Bruto (PIB) por concellos, entendendo o PIB como o resultado da actividade produtiva das unidades de produción residentes nun área concreta (neste caso as comarcas de Caldas e O Salnés).

Esta variable sufriu unha redución similar tanto a nivel de área (-4%) coma autonómica (-4%), sendo inferior á media provincial (-6,2%). A nivel municipal destacan os concellos de Pontecesures e Ribadumia por ter unha evolución positiva desta variable no período, cun incremento 33% e 29% respectivamente. En cambio, o resto de concellos experimentan unha evolución negativa, destacando Moraña (-17,9%), O Grove (-15,7%) e Meis (-15,1%) como os concellos con maiores índices negativos.

Táboa 17 Produto Interior Bruto (€/habitante), 2010-2012

CONCELLOS	2010	2012	2010-2012
Caldas de Reis	17.726	15.656	-11,7%
Catoira	14.573	12.575	-13,7%
Cuntis	10.131	9.513	-6,1%
Moraña	11.774	9.661	-17,9%
Pontecesures	19.575	26.164	33,7%
Portas	9.768	8.931	-8,6%
Valga	15.572	14.650	-5,9%
Cambados	17.913	17.130	-4,4%
O Grove	19.919	16.798	-15,7%
A Illa de Arousa	11.754	10.097	-14,1%
Meaño	16.766	14.754	-12,0%
Meis	17.808	15.125	-15,1%
Ribadumia	20.529	26.512	29,1%
Sanxenxo	20.640	18.627	-9,8%
Vilagarcía de Arousa	17.434	16.268	-6,7%
Vilanova de Arousa	13.329	12.623	-5,3%
GDR 17	**15.951**	**15.318**	**-4,0%**
PONTEVEDRA	**19.630**	**18.416**	**-6,2%**
GALICIA	**20.574**	**19.748**	**-4,0%**

Fonte: IGE.Produto interior bruto municipal. Base 2010, IGE. Cifras poboacionais de referencia

Outro indicador é o **Indicador Municipal da Renda dos Fogares (IMRF, Galicia=100)**. O indicador IMRF por habitante obtense a partir da Renda Dispoñible Bruta (RDB) por habitante e permite coñecer a renda familiar media en cada un dos concellos do GDR 17 comparativamente coa provincia e Galicia (ver Táboa 18). Obsérvase que practicamente todos os concellos da área do GDR 17 atópanse por debaixo da media de Galicia, a excepción de A Illa de Arousa, Sanxenxo e Cambados.

Táboa 18 Índice Renda dispoñible bruta por habitante (Galicia=100). 2009

Fonte: IGE. Indicador municipal da renda dos fogares

A evolución do Índice de Renda Dispoñible Bruta por habitante entre os anos 2000 e 2009 recóllese na Táboa 19. Concellos como Cambados, A Illa de Arousa, Meis e Sanxenxo foron os que tiveron unha mellor evolución neste período, mentres que O Grove, Pontecesures e Vilagarcía de Arousa foron os que peor evolución tiveron.

Táboa 19 Índice Renda dispoñible bruta por habitante (Galicia=100). 2000-2009

Fonte: IGE. Indicador municipal da renda dos fogares

Outro indicador dispoñible é a **Conta de asignación primaria e de distribución secundaria da renda** (ver Táboa 20). Este indicador proporciona información sobre a distribución territorial da renda dos fogares e os recursos e empregos que se fan da mesma.

Por termo medio, o 59,6% da renda dispoñible bruta da área corresponden á remuneración dos asalariados (valor por debaixo da media provincial 71,6% e galega 67,9%). Os concellos de Pontecesures, Vilagarcía de Arousa e Caldas de Reis presentan un peso da remuneración dos asalariados sobre a renda dispoñible bruta máis elevada que o conxunto da área. Pola contra, A Illa de Arousa, Cambados e Vilanova de Arousa presentan uns valores moi baixos.

Táboa 20 Contas de asignación primaria e de distribución secundaria da renda por concellos (miles de euros), 2009

CONCELLOS	Conta de asignación da renda primaria		Conta de distribución secundaria da renda			
	Rendas Mixtas	Remuneración Asalariados	Impostos correntes	Cotizacións sociais	Prestacións sociais	Renda dispoñible bruta
Caldas de Reis	28.647	84.835	-7.793	-26.630	32.744	128.068
Catoira	8.872	27.281	-2.194	-8.725	13.115	41.328
Cuntis	13.964	35.730	-3.043	-11.803	19.456	61.562
Moraña	9.870	32.426	-2.635	-10.707	15.112	50.053
Pontecesures	7.249	29.759	-2.747	-9.269	10.587	39.853
Portas	6.941	22.424	-2.121	-7.056	10.449	35.849
Valga	11.500	43.933	-3.229	-14.105	20.249	69.095
Cambados	84.056	110.618	-11.470	-36.787	41.920	210.206
Grove, O	63.112	89.841	-10.494	-29.894	35.707	166.489
Illa de Arousa, A	50.692	22.759	-2.817	-9.062	14.532	81.687
Meaño	21.179	39.374	-3.055	-13.370	16.561	69.832
Meis	15.483	37.051	-3.086	-12.007	16.588	60.827
Ribadumia	17.092	38.130	-3.286	-12.367	14.220	59.743
Sanxenxo	87.425	154.264	-21.609	-49.518	56.043	271.258
Vilagarcía de Arousa	127.553	364.761	-43.272	-110.193	129.479	531.989
Vilanova de Arousa	55.153	72.846	-6.616	-24.778	33.630	145.061
GDR 17	**608.788**	**1.206.032**	**-129.467**	**-386.271**	**480.392**	**2.022.900**
PONTEVEDRA	**3.060.472**	**9.839.841**	**-1.253.114**	**-2.974.667**	**3.482.988**	**13.746.860**
GALICIA	**9.935.717**	**28.408.222**	**-3.894.016**	**-8.563.043**	**10.720.822**	**41.857.615**

Fonte: IGE. Contas de distribución da renda dos fogares por concellos

Na Táboa 21 recóllese o **Produto Interior Bruto (PIB)** municipal total e por habitante para os anos 2010 e 2012. O PIB da área alcanza os 1.825 millóns de euros no ano 2012, o que representa unha baixada do 5,8% con respecto ao ano 2010. Por volume atópase no segundo lugar da provincia, só por detrás da comarca de Vigo e un pouco por enriba da comarca de Pontevedra.

Táboa 21 Produto interior bruto municipal total e por habitante. 2010-2012

	Ano 2010		Ano 2012 (p)	
ÁREA	**PIB (miles de €)**	**PIB por habitante (€)**	**PIB (miles de €)**	**PIB por habitante (€)**
CALDAS	507.523	14.412	477.378	13.556
O SALNÉS	1.939.775	17.424	1.825.862	16.401
GDR 17	**2.447.298**	**15.918**	**2.303.240**	**14.979**
O Baixo Miño	674.442	13.129	642.156	12.501
O Condado	495.205	11.497	473.410	10.991
Deza	745.504	16.519	679.378	15.054
O Morrazo	1.118.921	13.451	1.063.878	12.789
A Paradanta	154.777	9.429	147.778	9.003
Pontevedra	2.429.165	19.929	2.354.696	19.318
Tabeirós-T. M.	363.948	13.108	331.869	11.952
Vigo	10.043.501	23.986	9.443.688	22.553

Fonte: IGE. Produto interior bruto municipal. Base 2008.

Na Táboa 22 detállase o Produto Interior Bruto (PIB) municipal total e por habitante e por concello para os anos 2010 e 2012. Destacan polo seu alto PIB por habitante os concellos de Pontecesures e Ribadumia, e os concellos Moraña, Portas e Cuntis polos valores máis baixos.

Táboa 22 Produto interior bruto municipal total e por habitante por concello. 2010-2012

CONCELLOS	Miles de euros		Euros por habitante	
	2010	2012	2010	2012
Caldas de Reis	181.545	159.749	17.726	15.656
Cambados	251.840	241.874	17.913	17.130
Catoira	50.628	43.534	14.573	12.575
Cuntis	50.483	46.214	10.131	9.513
O Grove	225.719	189.804	19.919	16.798
A Illa de Arousa	59.101	50.840	11.754	10.097
Meaño	91.173	80.569	16.766	14.754
Meis	88.080	74.854	17.808	15.125
Moraña	52.794	43.600	11.774	9.661
Pontecesures	59.742	79.511	19.575	26.164
Portas	30.028	27.292	9.768	8.931
Ribadumia	104.881	139.349	20.529	26.512
Sanxenxo	357.869	324.422	20.640	18.627
Valga	95.517	89.115	15.572	14.650
Vilagarcía de A.	650.587	608.986	17.434	16.268
Vilanova de A.	139.486	130.749	13.329	12.623

Fonte: IGE.Produto interior bruto municipal. Base 2010, IGE. Cifras poboacionais de referencia

Na Táboa 23 recóllese o **número de vivendas familiares** nos concellos da área segundo o tipo de vivenda no ano 2011. As vivendas principais da área supoñen o 63,2% do total de vivendas e obsérvase que o concello con maior número de vivendas

principais é Vilagarcía de Arousa, seguido de Cambados e Sanxenxo, coincidindo con concellos costeiros. Se ben, os que contan cun menor número de vivendas principias son Portas e Pontecesures con 960 e 1.057 vivendas principais respectivamente.

Con respecto ó número de vivendas secundarias, estas supoñen o 18,27% do total de vivendas familiares, sendo o concello de Sanxenxo o que conta con maior número. Pola contra, son os concellos de Catoira e Moraña os que dispoñen de menos vivendas secundarias.

O total de vivendas baleiras da área ascende a 14.872, o que supón o 18,5% do total de vivendas. Os concellos que contan con maior número de vivendas baleiras son Vilagarcía, Sanxenxo e O Grove e os que contan con menor número son Portas e Meis.

En comparación coa provincia, a porcentaxe de vivendas familiares con respecto ó total é maior, en detrimento da porcentaxe de vivendas secundarias. E con respecto a Galicia, a porcentaxe de vivendas familiares principais é similar á da área.

Táboa 23 Número de vivendas familiares segundo tipo de vivenda, 2011

CONCELLOS	Vivendas principais	Vivendas non principais		TOTAL	
		Vivendas secundarias	Vivendas baleiras		
Caldas de Reis	3.401	206	447	4.054	5,1%
Catoira	1.206	107	178	1.491	1,9%
Cuntis	1.760	262	528	2.550	3,2%
Moraña	1.350	127	200	1.677	2,1%
Pontecesures	1.057	*	450	1.507	1,9%
Portas	960	145	160	1.265	1,6%
Valga	1.874	356	192	2.422	3,0%
Cambados	5.044	341	1.408	6.793	8,5%
O Grove	3.982	1.732	2.073	7.787	9,7%
A Illa de Arousa	1.566	470	596	2.632	3,3%
Meaño	1.724	152	367	2.243	2,8%
Meis	1.702	272	168	2.142	2,7%
Ribadumia	1.746	168	223	2.137	2,7%
Sanxenxo	5.836	8.065	2.994	16.895	21,1%
Vilagarcía de Arousa	13.938	1.399	4.411	19.748	24,6%
Vilanova de Arousa	3.524	854	477	4.855	6,1%
GDR17	**50.670**	**14.656**	**14.872**	**80.198**	**16,4% (s/Pontevedra)**
Pontevedra	**349.010**	**61.573**	**78.154**	**488.737**	**30,4% (s/Galicia)**
Galicia	**1.059.235**	**246.735**	**299.301**	**1.605.271**	

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe

Fonte: Explotación IGE a partir do ficheiro de microdatos do Censo de poboación e vivendas elaborado polo INE

O maior **número de instalacións deportivas** que existe na área son as pistas polideportivas (ver Táboa 24), que se concentran principalmente nos municipios de Catoira e Ribadumia representando deste xeito máis do 32% dun total de 52.

Séguenlle os terreos de xogo cun total de 43 instalacións, onde Vilanova de Arousa é a que presenta maior número (11) e polo contrario a Cuntis, Moraña, Portas e Meis contaban cunha soa instalación no ano 2013.

Táboa 24 Número de instalacións deportivas segundo a tipoloxía, 2013

CONCELLOS	Complexo polideportivo	Escola de vela	Ximnasio	Piscina cuberta	Piscina ao aire libre	Pista polideportiva	Porto deportivo	Polideportivo cuberto	Terreo de xogo
Caldas de Reis	0	0	0	1	0	1	0	0	2
Catoira	1	0	1	0	1	9	0	1	4
Cuntis	1	0	0	0	1	2	0	0	1
Moraña	3	0	0	1	0	0	0	0	1
Pontecesures	0	0	0	0	0	4	0	2	2
Portas	1	0	0	0	0	1	0	0	1
Valga	0	0	1	1	0	6	0	0	2
Cambados	0	0	0	0	0	3	0	0	4
O Grove	1	0	0	1	0	2	0	1	2
A Illa de A.	2	0	0	1	0	0	1	0	2
Meaño	0	0	0	2	0	1	0	3	3
Meis	0	0	1	0	1	4	0	3	1
Ribadumia	0	0	2	0	0	8	0	0	2
Sanxenxo	0	0	0	0	0	6	0	3	5
Vilagarcía de A.	..	..	..	..	..	..	..	..	..
Vilanova de A.	0	0	1	0	0	5	0	2	11
GDR17	**9**	**0**	**6**	**7**	**3**	**52**	**1**	**15**	**43**

(..) Dato non dispoñible

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. Encuesta de Infraestructura y Equipamientos Locales

Os **centros de cultura** que se poden atopar na área suman un total de 63 instalacións no ano 2013 segundo o IGE (ver Táboa 25). Deste total, 33 son casas culturais concentradas, principalmente, nos municipios de Catoira e Meis, 21 son centros cívicos/sociais, contando Valga con 4.

Táboa 25 Número de centros de cultura segundo o tipo de instalación, 2013

CONCELLOS	Biblioteca	Casa de cultura	Centro cívico/ social	Museo	Teatro/ Cine
Caldas de Reis	0	1	0	0	0
Catoira	0	8	3	1	0
Cuntis	1	1	3	0	0
Moraña	1	0	0	0	0
Pontecesures	0	4	1	0	0
Portas	1	1	1	0	0
Valga	0	2	4	0	0
Cambados	0	1	2	0	0

O Grove	0	1	1	0	0
A Illa de Arousa	1	0	1	0	0
Meaño	0	1	0	0	0
Meis	0	6	1	0	0
Ribadumia	2	0	0	0	0
Sanxenxo	0	2	2	0	0
Vilagarcía de Arousa	..	..	..	..	..
Vilanova de Arousa	1	5	2	1	0
GDR17	**7**	**33**	**21**	**2**	**0**

(..) Dato non dispoñible

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. Encuesta de Infraestructura y Equipamientos Locales

Respecto a **instalacións de lecer**, cabe mencionar a existencia na área de 51 parques urbanos, concentrados a maior parte en Vilanova de Arousa (10), e 49 parques infantís, representando cerca dun 70% do total de equipamentos destas características (ver Táboa 26).

Táboa 26 Número de instalacións de esparcemento, 2013

CONCELLOS	Áreas de natureza	Xardíns	Parque infantil	Parque no urbano	Parque urbano	Zonas recreativas
Caldas de Reis	1	0	6	0	0	0
Catoira	0	0	5	0	6	0
Cuntis	0	0	4	0	3	4
Moraña	0	0	0	1	3	0
Pontecesures	0	2	5	0	5	0
Portas	1	0	0	1	3	0
Valga	0	0	3	0	4	0
Cambados	0	0	3	0	4	0
O Grove	1	0	1	2	1	1
A Illa de Arousa	0	0	1	0	2	0
Meaño	0	1	3	0	4	0
Meis	5	0	7	0	2	5
Ribadumia	2	3	5	0	0	0
Sanxenxo	0	0	2	4	4	0
Vilagarcía de A.	..	..	..	..	..	..
Vilanova de A.	0	6	4	0	10	2
GDR17	**10**	**12**	**49**	**8**	**51**	**12**

(..) Dato non dispoñible

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. Encuesta de Infraestructura y Equipamientos Locales

Os centros educativos que están situados na área, sinalan a existencia dun bo equipamento nos niveis de educación infantil e primaria, con 63 centros (ver Táboa 27). Tamén destacar a existencia de 3 centros de educación especial situados nos concellos de Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

Non existe na área ningún tipo de centro que imparta estudios superiores universitarios, e para poder recibilos é necesario dirixirse a algún dos sete campus do Sistema Universitario Galego.

Táboa 27 Número de centros docentes segundo a ensinanza que imparten, 2015

CONCELLOS	Educac. infantil	Educac. infantil e primaria	Educac. primaria e ESO	ESO e / ou postobrig.	Educación primaria, ESO e postobrig.	Educación especial	Total
Caldas de Reis	4	2	1	1	1	0	9
Catoira	1	0	1	0	0	0	2
Cuntis	1	0	1	0	0	0	2
Moraña	3	0	1	0	0	0	4
Pontecesures	0	0	1	0	0	0	1
Portas	2	0	1	0	0	0	3
Valga	1	2	0	1	0	0	4
Cambados	2	5	0	3	0	0	10
O Grove	2	4	0	2	0	0	8
A Illa de A.	1	1	0	2	0	0	4
Meaño	1	2	0	1	0	0	4
Meis	1	1	1	0	0	0	3
Ribadumia	1	0	1	0	0	0	2
Sanxenxo	1	6	1	2	0	0	10
Vilagarcía de A	6	7	2	4	0	2	21
Vilanova de A	1	5	0	2	0	1	9
GDR17	**28**	**35**	**11**	**18**	**1**	**3**	**96**

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A continuación analizaranse neste apartado as **infraestruturas de comunicación marítima**, dada a súa importancia na economía da área.

- **Infraestruturas portuarias.**

Na Comarca de O Salnés existen numerosas infraestruturas de comunicación por vía marítima como son os portos pesqueiros, portos deportivos e, especialmente, o porto de Vilagarcía que representa un dos maiores factores de competitividade da área en tema marítimo (ver Figura 24).

As infraestruturas de portos pesqueiros son importantes para a área, dado que unha das actividades máis relevantes e de gran tradición son as relacionadas co mar e os seus produtos derivados, contando cun número importante de empresas e xerando unha gran cantidade de emprego.

Pola súa banda os portos deportivos favorecen o desenvolvemento do turismo na zona facilitando o acceso á ría para a navegación a vela, a pesca deportiva e os diferentes deportes náuticos, de tanta tradición na parte costeira da área. Se ben, no caso destas infraestruturas algúns axentes sociais consideran que resultan insuficientes e, nalgúns casos, obsérvase a infrautilización das mesmas restando potencial de crecemento a esta actividade. Ademais, pode repercutir na calidade da oferta destas actividades e na imaxe da área.

Figura 24 Portos da Ría de Arousa e Pontevedra competencia de Portos de Galicia

Fonte: Portos de Galicia

Especial interese esperta o porto de Vilagarcía de Arousa (ver Figura 25), catalogado dentro dos portos de interese xeral da rede de Portos do Estado, tanto polo seu servizo á actividade turística como a outras actividades (madeira, construción e conserva), polo que se pode afirmar que se trata dunha actividade xeradora de

emprego directo e indirecto. Ademais, o porto de Vilagarcía presenta un gran dinamismo que se deixa ver a través da política de constantes inversións que implica unha mellora constante na súa prestación de servizos, así como no seu número. Neste senso cabe destacar o acceso do ferrocarril ata o porto de mercancías, favorecendo o seu movemento.

Figura 25 Vista aérea do Porto de Vilagarcía de Arousa

Fonte: elaboración propia a partir de cartografía SIXPAC

O porto actualmente está unido á Autoestrada do Atlántico (AP-9), a través dun ramal da estrada nacional 640 de Chapa a Carril, implicando unha maior integración do tráfico de mercadorías e dos pasaxeiros. As conexións viarias do porto foron melloradas cunha mellora do enlace directo coa Autoestrada do Atlántico a través da N640 (ver Figura 26).

Figura 26 Conexións porto de Vilagarcía de Arousa

Fonte: http://www.portovilagarcia.es (01/06/2016)

Este dinamismo tamén se deixa ver a través da evolución do tráfico de mercancías. Tal e como se pode observar na Figura 27, o tráfico do porto mantivo ao longo dos anos unha tendencia alcista. A Autoridade Portuaria pechou o ano 2015 cun movemento de mercadorías de 1.024.894 toneladas, o que supón un incremento do 4,25% con relación ao ano anterior, que terminou con 983.092 toneladas movidas a través dos peiraos arousáns. Nestes bos datos de tráfico anual influíron principalmente dous factores: por unha banda, a consolidación do movemento de mercadoría xeral, que establece o seu segundo mellor rexistro de toda a serie histórica, só 8.000 toneladas por baixo do récord establecido o pasado ano. O segundo factor determinante nos bos resultados portuarios foi o incremento do tráfico de graneis sólidos. Nesta categoría contabilizáronse 403.440 toneladas en 2015, o que supón un incremento de case o 25% con relación ao ano anterior (que se pechou con 323.056 toneladas). Nesta categoría destaca o movemento de cereais, e cemento.

Se ben, se observa a falta de infraestrutura para o tráfico de contedores que puidera frear o desenvolvemento da actividade.

Outra das problemáticas notables coas que conta o porto comercial para o crecemento da súa actividade é a estreita canle que dificulta o acceso á costa de buques de elevado tonelaxe. Se ben, na actualidade preténdese acometer accións coa

finalidade de promover o turismo de cruceiros e potenciar o de mercadorías de elevada tonelaxe. De feito, estase a tramitar a ampliación do porto comercial, levando ata os 500 metros de uso práctico entre as caras oeste e norte (o que permitirá contar con 25.000 m^2 de rada), para así especializar o porto na recepción de mercadorías derivadas dos cereais. Ademais outras obras que se desenvolverán será a dotación dun Punto de Inspección Fronteirizo e un centro de control da rada de Vilagarcía.

Figura 27 Tráfico de mercancías 2004-2015

Fonte: Autoridade Portuaria de Vilagarcía, 2016

- **Infraestruturas de comunicación terrestre.**

A área posúe as seguintes vías principais de comunicación intracomarcal, que son: a AP-9 e a N-550 que cruzan a área de sur a norte pola súa parte interior oriental; a AG-41 de O Salnés, con ramificacións a Cambados, O Grove e a Vilagarcía; a estrada N-640 que une Vilagarcía de Arousa, Caldas de Reis e Cuntis; A PO-226 que une a N-550 cos concellos de Moraña e Cuntis; a EP-8001 Caldas-Carracedo-Catoira que une Caldas de Reis e Catoira; a PO-308, que segue a liña da costa ao longo de toda a comarca do Salnés e a (ver Figura 28). En xeral, obsérvase que estas vías son insuficientes, provocando dificultades para o tráfico tanto de mercancías como de pasaxeiros, fundamentalmente nos meses de verán.

Figura 28 Mapa de comunicacións terrestres do GDR 17

Fonte: elaboración propia

Un aspecto a destacar foi o desdobramento que se realizou na vía rápida de O Salnés para que se convertera nunha autovía, mellorando a súa capacidade e seguridade, e converténdose an columna vertebral do desenvolvemento da área.

A comarca ten certas insuficiencias nas vías de circunvalación dalgúns dos principais núcleos de poboación que faciliten e axilicen os accesos, o que pode frear ou dificultar o desenvolvemento de actividades empresariais, por exemplo (se ben se avanzou nos últimos anos neste aspecto). Este aspecto, unido ao entorno rural disperso da área, dificulta aínda máis a planificación e realización de accesos ás distintas zonas.

Outro medio de comunicación existente na comarca é o tren, aínda que é o municipio de Vilagarcía o único que dispón de estación e parada de tren na liña Vigo-A Coruña. A proximidade da estación de Vilagarcía ao porto facilitou a conexión entre

ambas, favorecendo o movemento de mercancías por este medio. Ademais, a parada do tren de alta velocidade na estación de Vilagarcía supón un medio de transporte áxil e un aforro de tempo importante para os viaxeiros, estando unida

- **Solo e polígonos industriais.**

Respecto á actividade empresarial, cóntase na área cun parque moi descentralizado e distribuído por zonas de acordo ás características económicas de cada municipio. Na actualidade existen polígonos industriais en gran cantidade de concellos da área: Catoira, Vilagarcía e Vilanova de Arousa, Caldas de Reis, Cambados, Cuntis,… (ver Táboa 28). Ademais estase traballando tamén sobre a ampliación dalgúns deles.

Táboa 28 Parques empresariais e áreas empresariais existentes, 2016

POLÍGONO	CONCELLO	SUPERFICIE (M^2)
Polígono de Barro - Meis	Barro-Meis	261.000
Polígono industrial de As Veigas de Almorzar	Caldas de Reis	485.900
“Polígono” Arcos da Condesa	Caldas de Reis	250.000
Bemil	Caldas de Reis	56.000
Polígono Industrial do Salnés	Cambados e Ribadumia	500.000
Parque Empresarial Mirador - Abalo	Catoira	91.139
Polígono industrial A Ran	Cuntis	637.459
Área industrial da Pedreira	Meaño	250.000
Paradela	Meis	7.362
Parque Empresarial de Nantes	Sanxenxo	650.000
Polígono Industrial de Trabanca	Vilagarcía de Arousa	86.233
Bamio	Vilagarcía de Arousa	56.340
Polígono Industrial de Tremoedo	Vilanova de Arousa	93.740

Fonte: Elaboración propia a partir de diversas fontes.

Os polígonos industriais máis destacables que se atopan en funcionamento na área son: Salnés, Trabanca e Tremoedo.

O Polígono Industrial do Salnés está situado nos municipios de Cambados e Ribadumia (ver Figura 29). Unha parte deste polígono formada por cerca de 200.000 m^2 (Cabanelas) pertence ao concello de Ribadumia, e a outra parte de este polígono (Sete Pías), formada por máis de 300.000 m^2, atópase no Municipio de Cambados, formando así un polígono industrial de máis de medio millón de metros cadrados.

Figura 29 Polígono Industrial do Salnés

Fonte: elaboración propia a partir de cartografía SIXPAC e Gmaps

O polígono de Trabanca está situado no municipio de Vilagarcía de Arousa. Ten unha extensión de 86.233 m^2, cunha superficie útil de algo máis de 67.000 m^2, ocupados por actividades industriais, comerciais, e tamén por zonas verdes, deportivas e vías con zonas dedicadas a aparcamentos.	
O Polígono de Tremoedo está erradicado no concello de Vilanova de Arousa, e ten unha superficie de aproximadamente 94.000 m^2, con 15 parcelas.	

Nos tres polígonos, as parcelas están practicamente todas vendidas e o grao de ocupación sitúase entre o 70% e o 90%, o que demostra importante dinamismo da actividade empresarial, tendo en conta a dispersión empresarial en toda a área e que os polígonos non acollen á totalidade do sistema produtivo.

Polo que se refire aos servizos vese, na Táboa 29, que estes polígonos dispoñen, de rede eléctrica MT, tendido subterráneo, rede xeral de auga, potabilidade da auga, rede de rego, servizo de recollida de refugallos, etc. Obsérvase a falta de servizos relevantes, como poden ser o dispoñer dunha oficina de información ou dun edificio multiusos que permita, por exemplo, a realización de cursos de formación, e a mellora do acceso a internet nestas áreas, que en xeral é bastante deficitario.

Táboa 29 Características dalgúns dos polígonos industriais

Polígono	Concello	Superficie total	Infraestruturas e Servizos
Salnés	Cambados-Ribadumia	500.000 m^2	Rede eléctrica MT e AT, tendido subterráneo, fibra óptica, RDSI, rede xeral de auga, potabilidade da auga, depuradora residual, rede de rego, cámara de descarga, bombeo potables e residuais, servizo de limpeza, asociación de empresarios, mantemento de infraestruturas, xunta de conservación.
Trabanca	Vilagarcía de Arousa	86.233 m^2	Rede eléctrica MT, tendido subterráneo, rede xeral de auga, potabilidade da auga, depósito regulador, rede de rego, servizo de limpeza, servizo de recollida de refugallos, mantemento de infraestruturas, xunta de conservación.
Tremoedo	Vilanova de Arousa	93.740 m^2	Rede eléctrica MT, tendido subterráneo, rede xeral de auga, potabilidade da auga, depuradora residuais, depósito regulador, rede de rego, bombeo residuais, servizo de recollida de refugallos, local comercial.
A Ran	Cuntis	637.459 m^2	Polígono que dende o ano 2013 dispón do planeamento para o seu desenvolvemento, e supón unha oportunidade moi importante de revitalizar a economía do concello,e da área

Fonte: Parques Empresariais de Galicia e Norte de Portugal (Zona Franca de Vigo), Guía de Polígonos industrias da CEP e elaboración propia

Na comarca de O Salnés, tamén nos podemos atopar coa “Área Industrial da Pedreira” no municipio de Meaño, esta área conta cunha superficie de 250.000 m^2, cun total de 40 parcelas, pero que non é considerado un polígono industrial segundo costume.

O polígono empresarial “Bamio”, está situado no municipio de Vilagarcía de Arousa, atópase a 52 km de Vigo, e a 27 km de Pontevedra, ten unha superficie de 56.340 m^2.

No municipio de Meis está erradicado o polígono industrial de Paradela, cunha superficie de 7.362 m^2, e o xestor é o propio concello de Meis.

Na Táboa 30 amósanse os parques empresariais que están en construción ou en fase de estudio, sendo un total de catro, dando unha visión da carencia de solo na comarca. Segundo información dos axentes sociais da mesma, algúns dos polígonos en construción atópanse practicamente adxudicados, este feito constata a necesidade dunha maior dotación de superficie para uso empresarial. Hai que ter en conta que a falta de solo industrial pode impedir o crecemento de actividades empresariais e a súa mellora competitiva así como a creación de empresas, dificultando, por tanto, a xeración de emprego.

Táboa 30 Parques empresariais en proxecto (2015)

Polígono	Municipio	Superficie Total (m^2)	Inversión prevista (euros)
Área Loxística do Salnés	Vilanova de Arousa-Vilagarcía	1.400.000	48.000.000
Sanxenxo	Sanxenxo	250.000	9.015.182
Pousadoiro	Vilagarcía de Arousa	209.352	3.717.190
Barro – Meis	Barro - Meis	1.110.091	27.900.000

Fonte: Elaboración propia a partir de diversas fontes.

Finalmente comentar diversos aspectos relevantes vinculados coa superficie empresarial na área:

- Coa chegada da crise económica do ano 2007, moitas das inversións previstas e potenciais compradores de solo industrial víronse truncadas. Así, áreas como a do polígono de Catoira de iniciativa pública pasan a estar esquecidas (có pertinente deterioro e perda de valor das infraestruturas).
- Na área existen moitas zonas industriais sen unha regulación axeitada. Por exemplo, o de Caldas de Reis conta con áreas sen un ordenamento e unha dotación axeitada de servizos na que están localizadas múltiples empresas. Este aspecto dificulta a atracción de empresas, fundamentalmente pola ausencia de seguridade xurídica e a inexistencia de servizos e infraestruturas básicas.
- Os concellos de Catoira, Cuntis e Meis dispoñen de solo industrial no que se poden localizar empresas, e poden supoñer un impulso importante para as súa economías locais.

3.1.2.6.- Tecido asociativo.

A importancia do asociacionismo no desenvolvemento dunha sociedade xorde da motivación individual ao redor dun interese común ou colectivo. Nace da voluntariedade de crear, de participar, de actuar,… co requisito de que as súas finalidades non contemplen o ánimo de lucro ou o beneficio persoal. Constata a expresión das inquedanzas dos cidadáns e cidadás en toda clase de ámbitos e polo tanto do dinamismo dos mesmos.

Neste sentido, na área do GDR 17 proliferaron multitude de asociacións de todo tipo relacionadas directamente coa súa realidade económica e social. De tal xeito que se crearon asociacións ao redor das actividades agrarias (viño e horta principalmente), forestais (comunidades de montes) e pesca/mar, asociacións de mulleres, asociacións veciñais e culturais, asociacións vencelladas á conservación do medio ambiente e tamén asociacións empresariais.

Ademais, débese destacar que unha das formas asociativas máis difundidas en O Salnés é o cooperativismo, entendido coma unha sociedade de capital variable, con estrutura e xestión democrática, constituída por persoas físicas ou xurídicas, que ten como principal obxectivo a prestación de servizos e a satisfacción das necesidades e aspiracións económicas e sociais, e en interese pola comunidade, mediante unha empresa conxunta.

A continuación vamos a destacar as principais asociacións por seccións ou áreas de interese.

O primeiro grupo constitúeno as **actividades agrarias e relacionadas coas actividades da pesca e o mar**. Dentro das primeiras pódense destacar as seguintes:

- Adegas Condes de Albarei, S.C.G. (más 400 asociados)
- Amegrove S.C.L.
- Asociación Adegas do Salnés
- Asociación de Agricultores Gandarón
- Asociación de Bodegas Artesanas Rías Baixas
- Asociación de Bodegas de Sanxenxo
- Asociación de Bodegueiros do Salnés
- Asociación de Viticultores do Rías Baixas
- Asociación de Viticultores do Salnés
- Cooperativa Vitivinícola Arousana s.c.g.
- Horsal S.C.G.
- S.A.T. Horticultores del Umia
- Sindicato Labrego Galego do Salnés
- Unións Agrarias do Salnés
- Viticultores Martín Códax, S.C.G.
- Horticultores del Umia, S.A.T. - Hortumia, S.A.T

Como xa comentaramos con anterioridade, destacan entre estas asociacións a figura da Sociedade Cooperativa coma ferramenta de colaboración e posta en común de intereses dos seus distintos asociados. Suman en toda a comarca máis de 15 entidades. Destacar tamén a presenza no territorio de delegacións de asociacións de ámbito xeográfico de toda Galicia.

Un segundo grupo analizado son as **asociacións mancomunadas de montes**, algunhas delas son as que se destacan a continuación:

- C.M.V.M.C. de Santa Maria de Caldas de Reis (Caldas de Reis)
- C.M.V.M.C. San Miguel de Catoira (Catoira)
- C.M.V.M.C. de Oeste (Catoira)

- C.M.V.M.C. de Xesteiras N76 de Gontad (Cuntis)
- C.M.V.M.C. do Casal e Carballeira de Tombo (Cuntis)
- C.M.V.M.C. de Portela, Xesteira (Cuntis)
- C.M.V.M.C. de Cardecide e Laxos (Cuntis)
- C.M.V.M.C. de Fontecoba (cuntis)
- C.M.V.M.C. de Baixo de Balboa - A Igrexa (Cuntis)
- C.M.V.M.C. de Hervés (Cuntis)
- C.M.V.M.C. de Porto de Gómez (Cuntis)
- C.M.V.M.C. de San Vicente de O Grove (O Grove)
- C.M.V.M.C. de San Martiño de O Grove (O Grove)
- C.M.V.M.C. de Santa María de Paradela (Meis)
- C.M.V.M.C. de San Salvador de Meis (Meis)
- C.M.V.M.C. de san vicente de nogueira (Meis)
- C.M.V.M.C. Chan da Fonte e outros (Meis)
- C.M.V.M.C. de Arosa, Bandeira e Talide (Meis)
- C.M.V.M.C. de Amil (Moraña)
- C.M.V.M.C. de Paradela, Souto, Bouza e Barreiro (Portas)
- C.M.V.M.C. de Lantaño (Portas)
- C.M.V.M.C. do Castrove-Salnés (Poio)
- C.M.V.M.C. Leboris-Lois Ribadumia (Ribadumia)
- C.M.V.M.C. de Noalla (Sanxenxo)
- C.M.V.M.C. de Cordeiro (Valga)
- C.M.V.M.C. O Grove de Trabanca-Sardiñeira-Carril (Vilagarcía de Arousa)
- C.M.V.M.C. de Tremoedo (Vilanova de arousa)
- C.M.V.M.C. de András (Vilanova de Arousa)
- C.M.V.M.C. de Baión (Vilanova de Arousa)

Como se pode observar a figura predominante entre estas asociacións é a comunidade de montes. Estas organizacións xorden como resposta á distribución diferencial das terras nos montes galegos. O futuro dos montes veciñais debería estar baseado nunha boa planificación e organización. As comunidades de montes son unha peza clave para o desenvolvemento local do rural, pois permiten realizar actuacións en prol do ben común (fundamentalmente actuacións en infraestruturas, accións de capacitación, coidado e conservación de áreas naturais, valorización de recursos,…).

Debido ás características específicas de Galicia, outro tipo de asociacións que xurdiron foron as denominadas **asociacións de mulleres rurais**. Entre estas asociacións pódense enumerar algunhas como:

- Asociación de mulleres rurais "Os Pazos"
- Asociación amas de casa "Albariño"
- Asociación prado de Sineiro

- Asociación mulleres rural "O Marco"
- Asociación de mulleres en igualdade de Meis
- Asociación ADMA
- Mulleres rurais "Emilia Pardo Bazán" de sanxenxo
- Asociación de mulleres rurais San Jose obrero
- Mulleres rurais Santa Catalina
- Asociación de mulleres rurais "As Aceñas"
- Asociación de mulleres rurais "O Mouriño"
- Asociación de mulleres rurais "San Miguel das Uvas"
- Asociación de mulleres en igualdade de Vilanova de Arousa
- Asociación de mulleres rurais "San Esteban"
- Asociación de mulleres rurais "O Campanario"
- Asociación de mulleres rurais Umia
- Asociación de mulleres en igualdade de Vilagarcía de Arousa
- Asociación de amas de casa e consumidores o noso lar
- Asociación de mulleres rurais "O Salnés"
- Asociación de mulleres rurais Celso Emilio Ferreiro
- Federación de mulleres viticultoras
- Asociación de mulleres rurais "Lolita Trigo"
- Asociación de mulleres rurais "Nogueira"
- Asociación de mulleres rurais San Xinés Bamio
- Asociación de mulleres rurais Anduriña de Sobradelo
- Asociación de mulleres rurais "Perla de Arosa"
- Asociación de mulleres rurais Xiabre de Guillán
- Asociación de mulleres rurais "Avelaiña"
- Federación de mulleres rurais de Vilagarcía Mestura
- Mulleres rurais "A Queiriza"
- Mulleres rurais "Ascuas"
- Asemblea de mulleres de Cuntis
- Asociación de mulleres A Barcarola
- Asociación mulleres rurais consumidoras e culturales "Albor"
- Asociación de amas de casa Muíños do Vento
- Apaioga

A orixe, e unha das principais razóns de ser destas asociacións, foi fundamentalmente o desenvolvemento de actividades de dinamización social, como poden ser habitualmente o desenvolvemento de actividades culturais, actividades formativas e actividades de ocio entre outras.

Outras asociacións existentes na área son as **xuvenís, deportivas, recreativas, de veciños e culturais en xeral**. Entre estas cóntanse:

- Asociación xuvenil parroquial "Ansuiña"
- Asociación xuvenil Enxebre
- Plantel xuvenil de Ribadumia

- Asociación cultural e deportiva Zacande
- Sociedade cultural e deportiva de Cambados
- Asociación cultural de Santa María do Dozo
- Asociación cultural San Pedro de Bordóns
- Asociación cultural e deportiva "Airiños da Lanzada"
- Asociación cultural Festas Patronais de Vilariño
- Asociación de veciños A Roca
- Asociación de veciños A Capilla
- Asociación de pensionistas e xubilados da Casa da Cultura de Castrelo
- Asociación de xubilados e pensionistas Casa da Cultura da Merced
- Asociación de xubilados e pensionistas da Casa do Mar de Cambados
- Asociación de Xubilados A Senra
- Asociación cultural "Coral Polifónica Santa Mariña"
- Asociación cultural e deportiva os "Raposos"
- Asociación de quintas e quintos dos cuarenta do Salnés
- Asociación club de xubilados e pensionistas de Nantes
- Asociación cultural San Gregorio
- Asociación cultural artística Dorrón
- Asociación de veciños "O Salnés"
- Vilalonga, C.F.
- Asociación cultural San Cayetano
- Club Portonovo, s.d.
- Noalla futbol sala
- Asociación cultural familias rurais "Vista Real"
- Asociación de veciños San Lorenzo de András
- Asociación cultural amigos da musica
- Asociación recreativa e cultural Santa Cecilia
- Asociación de veciños San Pedro de Tremoedo
- Asociación cultural Cantodroxo
- Amegrove C.R.D.C.
- S.D. Noalla
- Asociación deportiva e cultural encontros
- Asociación de veciños San Andrés
- Asociación a Piolla de Couto de Arriba
- Asociación de veciños de Lois
- Asociación de veciños A Oliveira de Leiro
- Asociación cultural e deportiva Eira Vella de Pontevedra
- Asociación Pardo de Sineiro
- Asociación de veciños San Mauro-Club de Baloncesto
- Club de fútbol Chispa de Corón
- Asociación deportiva e cultural Rabandeira
- Club de fútbol San Miguel de Deiro
- Asociación de veciños de Vilaxoán
- Club de remo Vilaxoán
- Basket base club
- Asociación cultural escuela de danza Perla de Arosa
- Asociación Albarosa

- Asociación Virxe do Carmen
- Club xuventude de Sanxenxo
- Asociación de veciños Airiños
- Club de remo Mecos
- Asociación de pesca deportiva Conroibo
- Asociación cultural "Arelas de Aquelar"
- Asociación de xubilados e pensionistas O Grove
- Agrupación deportiva e cultural San Salvador
- Agrupación folclórica "A Pedra Catán"
- Asociación de veciños de Santa María de Simes
- Asociación xuvenil e.n. Mocidade
- Asociación Xuvenil Galiza Nova
- Fundación Bautista Álvarez de estudos nacionalistas
- Asociación Galega de Actividades Náuticas
- Asociación Xuvenil Arroutada
- Centro de iniciativas Turísticas de Caldas (CIT)
- Comunidade de Usuarios de Gorgullón
- Asociación Xesús González Aboi
- Sociedade de San Antonio de Padua
- Asociación cultural San Antonio de Santa Baia
- Comunidade de Usuarios de Abalo
- Asociación Cabalar Monte Xiabre
- Asociación cultural O Meigallo
- Asociación de Veciños San Roque
- Agrupación municipal de musica e baile tradicional de Cuntis
- Fundación Terra Termarum Castrolandin
- Asociación cultural e xuvenil "Río Gallo"
- Asociación xubilados Baños de Cuntis
- Asociación veciñal sociocultural Santa Apolonia
- Asociación veciñal e cultural o Portabezal
- Banda de música nova lira de Moraña
- Asociación cultural "A Cabana"
- Asociación gastronómica cultural de Amil
- Asociación cultural O Arrieiro
- Asociación para o Desenvolvemento de Valga (Adeval)
- Amisvalu
- Asociación cultural Musival
- Mocival
- Asociación de xente activa (Axentiva)

O número de actividades de dinamización social desenvolvidas por estas asociacións é elevado e moi variado.

Destacable é tamén a aparición na área do GDR 17 de diversas **asociacións medioambientais e outros ámbitos sociais e de sectores vencellados**, feito

perfectamente razoable tendo en conta o amplo inventario de recursos naturais e de patrimonio arqueolóxico e etnográfico co que conta a zona. Entre estas asociacións poderíanse destacar as seguintes:

- Colectivo Ecoloxista do Salnés
- Club de Motos Villas do Salnés
- Asociación Pro-escola de Música
- Comunidade de augas Santa Catalina
- Comunidade de augas San Xoán
- Comunidade de augas Campo das Toupeiras e Xesteiras
- Comunidade de augas Fuente de Nason
- Asociación de voluntarios de Protección Civil O Grove
- Asociación para a defensa Ecolóxica de Galicia (O Salnés)
- Asociación medioambiental Rodicio
- Asociación Naturistas do Salnes
- Asociación noroeste de criadores de caballos de pura raza española
- Comunidade de usuarios de auga de Paradela, Souto, Bouza e Barreiro
- Agrupación de volunt. de protec. civil de Valga
- Agrupación de volunt. de protec. civil de Moraña
- Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega)
- Sociedade local de Caza e Pesca de Caldas
- Sociedade de caza San Cibrán de Catoira
- Comunidade de usuarios de auga de Porto de Gómez
- Sociedade de caza de Portas
- Asociación veciñal Cinexética Pontecesures
- Asociación de Cazadores San Huberto
- Asociación veciñal cinexética Setecoros
- Cáritas diocesana de Santiago
- ANPA Concepción Perez de Portas
- ANPA de alumn@s pequeval

Por último, pero non por iso menos importante, cabe destacar, a existencia na comarca de diversas **asociacións empresariais e profesionais** que contribuíron en gran medida ao desenvolvemento económico e social da área. Entre as máis destacadas están:

- Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía
- Federación de Empresarios da Comarca de Arousa - FECA
- Unión de Profesionais e Traballadores Autónomos-UPTA Vilagarcía
- Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Salnés
- Cambados Zona Centro
- Consorcio de comerciantes do Salnés
- Vilanova centro

- Agrupacións de Mariscadoras a Pé de Vilanova de Arousa
- Asociación de Comerciantes Zona Aberta
- Emgrobes
- Asociación profesional de comerciantes de Ribadumia
- Asociación Cultural de Mulleres do mar "Guimatur"
- Entretendas centro Comercial Urbán
- Asociación de Empresarios dos Vales Ulla-Umia AEVU
- Asociación de Empresarios de A Ran (Cuntis)
- Asociación de Comerciantes de Cuntis

Destaca a presenza na comarca da **Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía**, recentemente fusionada, institución que serve de apoio e impulso ás actividades empresariais da área a través da prestación de diversos servizos (información, formación, viveiro de empresas, apoio á innovación,…). Outro conxunto de asociación constitúeno aquelas relacionadas co comercio polo miúdo, actividades cun peso destacado na economía da comarca (só superada na provincia polas comarcas de Vigo e Pontevedra). O dinamismo destas actividades deu como froito o nacemento de diversos Centros Comerciais Abertos. Por último destacar a existencia de outro grupo importante de asociacións directamente relacionadas co mar (pesca, marisqueo,…).

Por último, destacar que na actualidade ponse de manifesto a limitada coordinación existentes entre as diferentes entidades e asociacións e entre estas e o sector público. Cabe subliñar tamén o pouco desenvolvemento do tecido asociativo xuvenil, fenómeno que ten que ver por unha parte coas novas pautas de sociabilidade máis individualistas e estruturadas en torno ao mercado e ao consumo, con pouca influencia da ou na comunidade local, e por outra ao envellecemento da poboación, que provoca a marcha dos máis mozos do rural. Ademais, este fenómeno non afecta só ós mozos e mozas e comeza a afectar ao tecido social en xeral, xa que a participación voluntaria en actividades non lucrativas que ocupan tempo de lecer vai en contra das pautas de vida das sociedades actuais. E nas zonas onde se leva unha vida máis tradicional a poboación está moi envellecida. Neste senso cabe preguntarse de que xeito se pode levar a cabo o relevo xeracional no tecido asociativo, xa que o asociacionismo pode ser con frecuencia un terreo de aprendizaxe para a xestión de problemas colectivos.

3.1.2.7.- Elementos culturais propios do territorio.

A continuación repásanse os principais recursos e elementos culturais propios do territorio de actuación do GDR 17.

CALDAS DE REIS

A vila está atravesada polo río Umia (ver Figura 30), que ten unha abundante rede de afluentes e regatos, con gran riqueza pesqueira e un alto potencial de rega. Na ribeira do Umia, en pleno centro de Caldas, atópase unha das paraxes con máis atractivos turísticos: O Xardín Centenario (formado polo Parque-xardín, a Carballeira e a Pradería da Ribeira Fluvial) cunhas 60 especies diferentes de árbores e arbustos dos cinco continentes, está considerado coma un dos conxuntos botánicos máis interesantes da provincia. A auga é unha importante fonte de riqueza en torno a que xorde un destacado turismo termal endóxeno, de elevada importancia pola súa contribución a diversificación da economía local. Pasa polo seu territorio o Camiño de Santiago, contando con excelentes condicións para a práctica do sendeirismo.

Figura 30 Vila de Caldas de Reis

Fonte: elaboración propia a partir de cartografía SIXPAC

CAMBADOS

Un dos elementos culturais máis significativos do municipio de Cambados é a granítica Praza de Fefiñáns (ver Figura 31), que se atopa presidida polo Pazo de Fefiñáns-Figueroa, un pazo con elementos barrocos e neoclásicos que ten unha torre almeada.

Dentro deste conxunto histórico destaca na arquitectura relixiosa a igrexa neoclásica de San Bieito.

Figura 31 Praza de Fefiñáns

Fonte: elaboración propia a partir de cartografía SIXPAC

En Cambados descubrimos un grande abanico de casas de avoengo e pazos, dispersos entre as rúas do municipio: a Casa dos Fajardo o Salgado, o caserón dos Couto ou o Hospital Real (século XVI), sen esquecer o Parador Nacional de Turismo do Albariño, reedificado sobre os restos do antigo Pazo de Bazán, do século XVII.

Na localidade tamén podemos destacar outros pazos coma o de Ulloa, que foi edificado no s. XV; e o de Montesacro (s. XVIII), que hoxe en día alberga o asilo de anciáns.

Outras edificacións de grande importancia que identifican este territorio son, por exemplo, a Torre medieval de San Sadurniño, quizais o edificio defensivo máis antigo (s. X), que foi reconstruído varias veces, e está situado fronte á costa nunha pequena illa, e as ruínas de Santa Mariña do Dozo, un templo de estilo oxival construído a finais do s. XV, situado sobre un románico camposanto.

CATOIRA

A estratexia promocional, turística e económica do Concello de Catoira vira ao redor da historia dos viquingos, que permite a este municipio adquirir un crecente protagonismo a nivel europeo. Na desembocadura do río Ulla, na entrada do esteiro, foi na idade media o porto de mar de Santiago de Compostela, cidade coa que está comunicada a través da vía rápida PO-VP100 que sae da AP-9 (A Coruña-Vigo), entre Caldas e Padrón. Tamén está comunicado o concello pola C-550 que percorre a costa e enlaza á súa vez coa N-550. Nos arredores están os miradoiros de Monte Meda e da Ruta Xacobea. O concello conta cunha ruta de sendeirismo dende a ermida de San Cibrán ata o paseo marítimo fluvial do Ulla pasando polo seu afluente o Canal de San

Cibrao, cun percorrido total de 11 km. É de grande interese ecolóxica e paisaxística o esteiro do Ulla. Este río, que presenta problemas polos verteduras urbanas e industriais, é alimentado por unha serie de regatos e afluentes que manteñen unha calidade notable nas súas augas. Tamén hai que facer referencia á existencia de augas medicinais (o concello solicitou recentemente a autorización para o aproveitamento do manancial mineromedicinal das Lombas), ata o ano 1970 contou cun pequeno hotel balneario e a explotación industrial das augas para a fabricación de xabón e sales, e á singularidade dos muíños (de vento, fluviais e mareomotrices) presentes no concello.

Torres do Oeste	Vista panorámica de Catoira

CUNTIS

O val no que se asenta está formado a partir do río Gallo e O Río Umia, e protexido por dúas elevacións montañosas: o Xesteiras de 718 m e o Castro Sebil de 550 m, nos que existen interesantes miradoiros dende os seus puntos máis altos. O Concello de Cuntis conta cunha ampla oferta de turismo da natureza, onde se pode gozar dos espazos naturais dos seus ríos e paisaxes. O concello está atravesado por varias rutas de sendeirismo de longo e curto percorrido. Destacan a circular de Cuntis (PRG-20), cunha extensión de 24 Km e a ruta Cuntis Valga (PRG-21) de 17 Km. Pero se por algo destaca Cuntis é por ser unha vila termal, contando con dous balnearios. Tamén destaca o seu parque arqueolóxico de Castrolandín. É berce, entre outros, de escritores como Roberto Branco Torres e Xoán Xesús González, ou de escultores e pintores como Uxío Souto.

Balneario Termas de Cuntis

Castrolandín e vista parcial de CUntis

O GROVE

No municipio do Grove podemos encontrar numerosos vestixios arqueolóxicos onde destacan dous castros; Siradella, en San Martiño, e outro en Punta Castriño. Tamén se descubriron necrópoles tardorromanas encontradas en terreos areosos e próximos ao mar, como a de Cantodorxo, e a de Adro Vello.

Entre a arquitectura relixiosa destaca unha ermida do século XIX, situada na Illa de A Toxa (ver Figura 32), en honor de San Sebastián, que agora presenta un revestimento total a base de conchas de vieira, e tamén as igrexas parroquiais de San Martiño e San Vicente.

Outro dos intereses culturais, convertido hoxe en día en importante interese turístico, foi o descubrimento e posterior explotación dos mananciais de auga e barro medicinais da Illa de A Toxa.

Figura 32 Imaxe aérea da Illa de A Toxa

Fonte: elaboración propia a partir de cartografía SIXPAC

Este municipio conta cun espazo natural protexido de gran valor ecolóxico que é a chamada enseada de O Grove e destaca dentro dela a enseada de O Bao. Esta área, dende a desembocadura do río Umia ata a citada enseada de O Grove foi incluída pola CEE dentro dos Programas "Atlantis" e "Ramsar", dedicado á protección e mellora de zonas de interese ecolóxico.

A ILLA DE AROUSA

O municipio de A Illa de Arousa (ver Figura 33), presenta como elementos culturais máis destacables nun muíño de Mareas e o miradoiro do Santo.

O muíño de Mareas, na Enseada Brava, é unha mostra máis da sabedoría popular e da estreita relación que sempre houbo entre a vida dos insulares e o mar, por iso non hai recuncho na illa onde non se atope algún sinal das actividades mariñeiras dos seus habitantes. Este muíño construírono ó redor do ano 1861, está constituído por perpiaños de granito e fragmentos de pedra de tamaño considerable e forma irregular.

Figura 33 Foto aérea de A illa de Arousa

Fonte: elaboración propia a partir de cartografía SIXPAC

Tamén encontramos, na parte máis alta de A Illa, a imaxe do Corazón de Xesús, máis coñecido como o Miradoiro do Santo, unha escultura que foi instalada en 1962 e está realizada en pedra de canteiras de Noia. Dende este miradoiro pódese contemplar unha vista panorámica da Ría de Arousa: A Illa, O Grove, A Illa da Toxa, Vilagarcía de Arousa,…

No municipio tamén podemos encontrar innumerables formas caprichosas que se foron formando na costa debido aos ventos e as mareas, formas que os habitantes de A Illa denominaron “Con dos Tres Pés”, “Con do Fuciño do Porco”, “Con do Cocodrilo”,…

Outros puntos de interese que presenta este municipio son o illote Xiadoiro Areoso e o Parque Natural de Carreirón.

MEAÑO

O municipio de Meaño conta cun importante patrimonio relixioso, destacando a igrexa parroquial de San Xoán de Meaño (ver Figura 34), templo que conserva parte da orixinaria base románica, e a igrexa de Santa María de Simes, que destaca pola pureza do seu estilo románico. Tamén destacan a capela de San Bieito de Lores, onde se celebra unha romaría.

No ámbito da arquitectura civil pódese destacar o Pazo barroco de Lis e o Pazo de Zárate. Este construíuse no século XVI e foi reconstruído no XVIII, posúe características propias dunha casa nobre, aínda que presenta trazos da arquitectura moderna. Tamén encontramos neste municipio o Pazo de Ríos, na parroquia de Dena, actualmente en mal estado de conservación.

Figura 34 Igrexa parroquial de San Xoán de Meaño e capela de San Bieito

Fonte: elaboración propia a partir de www.concellodemeano.com

Entre as casas de avoengo destaca a Casa dos Calviño, un edificio restaurado e ampliado no que destacan na fachada os amplos balcóns e un escudo. Meaño está salpicado de numerosos exemplos de arte rural: 54 cruceiros, 72 muíños, a maior parte de auga e situados nas marxes do río “A Chanca”, e innumerables hórreos, destacando polo seu tamaño e a súa planta en “L”, un deles situado na parroquia de Simes.

MEIS

Un dos elementos culturais que máis destaca neste municipio, é o Mosteiro de Armenteira (ver Figura 35), un mosteiro cisterciense do século XII que está formado pola igrexa e o mosteiro propiamente dito, foi reconstruído entre os séculos XVI e XVIII e actualmente posúe unha hospedaría.

Dentro dos monumentos de carácter relixioso que nos podemos atopar en Meis, cabe mencionar a Igrexa de Santa María de Nogueira, resto dun antigo mosteiro. Outras igrexas de interese son: A igrexa de S. Martiño de Meis (século XII), conserva o primitivo templo, os ábacos laterais da nave e algúns canzorros na cornixa; e a igrexa de San Salvador, que conserva a nave románica baixo a cuberta abovedada do século XVIII, así como releves no adro.

Figura 35 Vista aérea do Mosteiro de Armenteira

Fonte: elaboración propia a partir de google maps

Tamén existen restos arqueolóxicos no Monte Castrove, cerca de A Armenteira, no que se observan os petroglifos de “Outeiro de Cribo”, un importante exemplo de insculturas en pedra de época prehistórica.

En canto á arquitectura civil, podemos apreciar en Meis valiosos exemplos de pazos, os máis importantes son o de Señoráns, Pompeán e o de Quintáns, todos situados na parroquia de Paradela. E tamén se atopa en Paradela o de A Moroza, que alberga unha casa de turismo rural e en Nogueira, está situado o pazo de A Saleta, que posúe un destacado xardín botánico cunha ampla variedade de especies arbóreas.

Outra edificación que identifica este territorio son os antigos muíños fluviais repartidos por todas as parroquias, destacando o de Arcos en Santo Tomé, que forma unha cadea de pequenas edificacións sucesivas.

MORAÑA

A depresión de Caldas afecta á maior parte do seu municipio, que está regado polo río Umia (propicio para a pesca e os deportes náuticos), no que conflúen regatos coma o Ximieira, o Xandeiro e o Castiñeiras. Regado tamén polo Cornide e o Gundeiro, conta cunha paisaxe que combina terras de labor, bosques autóctonos e mixtos e árbores de ribeira. Tamén teñen certo interese as carballeiras próximas a núcleos habitados como as de Santa Xusta, Campenlos, Santa Lucía e Fontevella. Neste municipio áchase o único menhir situado no seu lugar de orixe de toda Europa, o Menhir de Gargantáns, e na parroquia de Amil atópase o lugar coñecido como A Chan, o santuario da nosa Señora dos Milagres. Destacan no seu territorio festas como “A romería de los Milagros de Amil”, a “Rapa das bestas” ou “A festa do Carneiro ao espeto”.

PONTECESURES

A orografía do concello consiste nun terreo chan que remata nunha pequena meseta presentando dúas unidades xeográficas diferenciadas. A rede fluvial está dominada polo río Ulla, sendo río de salmón e lamprea preparándose de moi diferentes maneiras e facendo unha festa a finais de abril. Tamén existen pequenos regatos que nacen nas montañas próximas e conflúen nel. No concello están situados os miradoiros do Galiñeiro e do Piñeiro Manso. Conta tamén con arte rupestre (Pedra das Serpes), castros (Castro Valente, Castro Cortinallas,...).

PORTAS

Cunha superficie bastante cha, xa que ningún dos montes circundantes supera os 200 m. de altitude, é bo terreo para practicar o sendeirismo. Está atravesado por varios pequenos afluentes do Umia, sendo algún deles como o Chaín bo para a pesca da troita. A Azucreira de Portas, a praia fluvial de Lantaño, xunto coa multitude de pazos (pazo-torre Penelas, pazo de San Bieito en Lantaño,…) esparexidos por toda a súa xeografía son os principais recursos cos que conta o concello. Os terreos son de boa calidade e moi fértiles, o que inflúe nun destacado desenvolvemento do sector primario.

Azucreira de Portas

Praia fluvial de Lantaño

RIBADUMIA

O patrimonio cultural do concello de Ribadumia é moi extenso e variado. Destacan a beleza e a sobriedade das súas igrexas románicas, entre as que cabe citar Santa María de Besomaño e Santo Andrés de Barrantes. Outros exemplos de igrexas de antiga planta románica, pero profundamente modificadas no barroco, son San Xoan de Leiro, Santa Baia de Ribadumia ou San Clemente de Sisán.

Respecto á arquitectura civil que podemos encontrar no municipio, cabe mencionar o Pazo de Barrantes, cos seus muros de perpiaño de granito ou o Pazo de Quinteiro da Cruz do século XVI, do que destaca o seu hórreo o seu amplo xardín.

Nesta localidade existen tamén numerosos petroglifos e restos de castros e cidades celtas, das que cabe destacar o castro de “Cons das Sete Pías”, compartido con Cambados e Vilanova de Arousa.

Non hai que esquecerse da Ruta dos Muíños bordeando o río Rande ou o de Batán (ver Figura 36), resultando ser un paseo único por lugares de vexetación autóctona e diversidade de ecosistemas con riqueza de flora e fauna.

Figura 36 Muíño do Con na ruta dos Muíños e Castro de Monte do Castro

Fonte: elaboración propia e Deputación de Pontevedra

SANXENXO

Sanxenxo, dende a década dos setenta, converteuse nun lugar emblemático dentro do turismo de masas en Galicia. Este éxito está baseado nunha perfecta conxugación dos seus abundantes recursos.

En Sanxenxo poden visitarse diversas igrexas (entre as que destacan as igrexas de Adina e Padriñán) e diversos pazos (entre os que destacan os de Miraflores, Duques de Patiño, Gondar, Padriñán e o do Virrei). Tamén na Lanzada se atopa a ermida románica de Nosa Señora, así coma unha necrópole celta-romana (ver Figura 37). Outros elementos arquitectónicos presentes no municipio son cruceiros, hórreos, muíños ou lavadoiros.

Debido a ese éxito turístico, os pequenos núcleos pesqueiros de Sanxenxo e Portonovo sufriron a presión especulativa sobre o seu solo, proceso que derivou nun cambio negativo da fisionomía do seu casco urbano. O resultado dese proceso foi a case total destrución das edificacións tradicionais, así como unha desarticulación xeneralizada do municipio.

Figura 37 Praia Nosa Señora da Lanzada

Fonte: elaboración propia

VALGA

A súa paisaxe está conformada por dous elementos básicos: a montaña e o río. Nas beiras deste último destacan as praderías denominadas “brañas”. Entre os espazos naturais máis salientables figuran as fervenzas do río Braña, a lagoa de Santa Cristina, os montes Beiro e Xesteiras e a praia fluvial de Vilarello. Hai dúas rutas de sendeirismo: a PRG-21 (Cuntis-Valga) e a PRG-22, denominada “Ruta panorámica de Valga”, ademais do camiño portugués na ruta Xacobea. Existe no municipio un lugar privilexiado desde onde se poden observar marabillosas vistas: o Miradoiro do Monte Xesteiras na parroquia de Setecoros. Dos antigos moradores é coñecido o petróglifo de Camporredondo coñecido, popularmente, por Pedra dás Serpes.

Petróglifo de Camporredondo coñecido popularmente por Pedra das Serpes

Monte Xesteiras (Vistas da depresión meridiana, o Monte Xiabre e a Ría de Arousa desde o cume do Xesteiras)

VILAGARCÍA DE AROUSA

O termo municipal conta cun importante patrimonio histórico-artístico. Dentro da arquitectura relixiosa é necesario destacar a igrexa de Santa Baia de Arealonga, de estilo barroco con planta de nave única e cuberta de casetóns. Outras construcións relixiosas son a igrexa de San Pedro de Fontecarmoa, San Martín de Sobrán do século

XII e de estilo románico, a igrexa de Santiago de Carril do século XVII, de fachada renacentista e un interesante cruceiro.

Dentro da riqueza monumental do municipio, un apartado moi importante ocúpano os pazos, símbolos do antigo poder da nobreza. Cerca do centro podemos atopar o Pazo dos Marqueses de Vilagarcía (século XVI) e, anexo a el, o Convento das Agustinas Recoletas de Vista Alegre (século XVII). Temos outros pazos tamén ilustres como son o pazo de Sobrán, no que hoxe hai un restaurante, o pazo do Rial, na actualidade está convertido nun hotel, e o pazo dos señores de Rubiáns, onde destacan a súa arquitectura e os seus xardíns (ver Figura 38).

Tamén cabe mencionar que o casco urbano ten un gran valor arquitectónico.

Figura 38 Pazo de Rubiáns, Pazo de Sobrán e Pazo de Vistalegre

Fonte: www.ivilagarcia.com

VILANOVA DE AROUSA

A cultura en Vilanova de Arousa ten varias canles de expresión. Pasear polas rúas do seu casco antigo ou visitar as igrexas pódese converter nunha interesante experiencia e nun encontro frutífero coa arquitectura popular e co románico, que se expresa en monumentos de irrepetible calidade. O visitante pódese achegar ás igrexas de Baión, Caleiro e Cálago, ver os pazos (destacan especialmente o de Baión e o de Rúa Nova) e as casas señoriais e os museos de Valle-Inclán e dos irmáns Camba que hai pola zona (ver Figura 39).

Figura 39 Casa dos Camba, Casa do Cadrante e Torre de Cálago

Fonte: www.vilanovadearousa.com

3.1.3.- Mercado de traballo.

O **número de contratos** realizados na área do GDR 17 no ano 2015 alcanzou os 62.199. Con relación ao ano 2014 incrementouse o número de contratos nun 10,2%.

Número de contratos. 2015

Área	Homes	Mulleres	Total	Variación 2015/14
O Salnés	23.403	23.611	47.014	12,22%
	49,8%	50,2%	100%	
Caldas	10.240	4.945	15.185	8,14%
	67,4%	32,6%	100%	
GDR 17	33.643	28.556	62.199	10,2%
	54,1%	45,9%	100%	

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

En canto ao número de contratos realizados por concello, pódese observar como o 73% dos contratos corresponden cos cinco concellos nos que máis contratos se firmaron: Sanxenxo (18,5%), Vilagarcía de Arousa (17,5%), O Grove (14,5%), Caldas de Reis (11,4%) e Cambados ().

Número de contratos por concellos. Ano 2015

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

En canto a **evolución nos últimos anos**, obsérvase unha tendencia crecente positiva no número de contratos firmados, superando os valores previos aos da crise do ano 2007. O total de contratos rexistrados reduciuse entre os anos 2007 e 2010, e comezou unha senda alcista a partires de ese ano.

Evolución anual da contratación. Total de contratos rexistrados. 2006-2015.

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

Facendo unha análise da evolución mensual da contratación, pódese observar como os meses de verán son os que máis contratos acumulan. Un de cada catro contratos realízase nos meses de xullo e agosto. Isto é reflexo, en grande medida, da estacionalización da actividade económica na zona do GDR 17 (traballos agrícolas e turismo fundamentalmente).

Este aspecto da estacionalidade está en grande medida vinculado ao turismo, polo que a diversificación da oferta do litoral para ofrecer algo máis que "sol e praia". Para iso, debería fomentarse as sinerxias con outros segmentos, como pode ser o turismo cultural, o deportivo, rural e natureza, saúde e benestar, enolóxico, gastronómico, de reunións e congresos, etc. Nos últimos anos xa se desenvolveron actuacións neste sentido.

Evolución mensual da contratación. 2015

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

En relación á contratación segundo o sexo, obsérvase como no caso da comarca de Caldas a porcentaxe de contratos para homes é bastante superior, preto de sete de cada dez contratos son feitos por homes nesa comarca, mentres que no caso da comarca do Salnés esta porcentaxe iguálase .

Contratación por sexo. 2015

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

En relación á contratación en función da idade da persoa, a maior porcentaxe de contratos realízase con persoas de entre 36 e 45 anos e a menor porcentaxe corresponde ás persoas de 56 ou máis anos.

Contratación por idade 2015 e variación 2014-2015.

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

Segundo o nivel formativo das persoas que firmaron algún contrato no ano 2015, o 31% tiñan ata o certificado de escolaridade e o 54% tiñan a titulación de ensino obrigatorio. A menor porcentaxe de contratos corresponde a persoas tituladas universitarias.

Contratación por nivel formativo. 2015

	CALDAS	O SALNÉS	TOTAL
Ata certific. de escolaridade	4.159	15.150	19.309
BUP / Bacharelato superior	261	2.312	2.573
Formación profesional	1.656	2.892	4.548
Outras titulacións	39	213	252
Titulación ensino obrigatorio	8.778	24.960	33.738
Titulados universitarios	292	1.487	1.779

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

En canto a contratación por tipoloxía de contrato, obsérvase un elevado peso dos contratos temporais (85%). A situación de inestabilidade económica provocou que a contratación sexa fundamentalmente temporal, tratando de evitar asumir riscos e reducir os custes laborais.

Contratación por tipoloxía de contrato e porcentaxe. 2015

Tipoloxía de contrato	Caldas	O Salnés	TOTAL	%
Indefinido	463	1.712	2.175	3,5%
Indefinido tempo parcial	118	496	614	1,0%
Outros	4.895	474	5.369	8,6%
Prácticas/Formación	204	760	964	1,5%
Temporal	6.837	32.258	39.095	62,9%
Temporal tempo parcial	2.668	11.314	13.982	22,5%
Total	15.185	47.014	62.199	100,0%

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

En relación actividades económicas con maior número de contratos, no ano 2015 estas ocupacións foron camareiros/as asalariados (11.858), peóns das industrias manufactureiras (6.147), compositores/as, músicos e cantantes (5.721), persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos (2.957) e vendedores/as en tendas e almacéns (2.472). Estas 5 ocupacións anteriores supoñen preto de 3 de cada catro contratos que se realizaron na área do GDR 17 no ano 2015.

Actividades económicas con maior número de contratos na área. 2015

OCUPACIÓN	Número de contratos
Camareiros asalariados	11.858
Peóns das industrias manufactureiras	6.147
Compositores, músicos e cantantes	5.721
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos	2.957
Vendedores en tendas e almacéns	2.472
Axudantes de cociña	2.098
Traballadores das industrias do peixe	1.830
Axustadores e operadores de máquinas - ferramenta	1.522
Cociñeiros asalariados	1.426
Peóns agrícolas en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns	1.180
Albaneis	1.124
Vendedores en mercados ocasionais e mercados	828
Condutores asalariados de camións	449
Traballadores conserveiros de froitas e hortalizas,….	193

Dez actividades económicas con maior porcentaxe de contratos. 2015

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

Segundo o número de contratos que se realicen en función dos grandes sectores de actividade, tense que 7 de cada 10 contratos firmados na área correspóndense co sector servizos, seguido de lonxe polo sector secundario. Destacar no caso da comarca do Salnés o peso do sector primario no número de contratos, que representa preto de 3 puntos porcentuais sobre a comarca de Caldas (isto é reflexo da importante actividade hortícola e vitivinícola que hai na comarca do Salnés).

Contratación nos grandes sectores de actividade. 2015

SECTORES	CALDAS	%	O SALNÉS	%	GDR 17	%
SECTOR CONSTRUCIÓN	635	4,2%	2.587	5,5%	3.222	5,2%
SECTOR PRIMARIO	272	1,8%	2.072	4,4%	2.344	3,8%
SECTOR SECUNDARIO	3.047	20,1%	9.397	20,0%	12.444	20,0%
SECTOR SERVIZOS	11.231	74,0%	32.958	70,1%	44.189	71,0%
TOTAL	15.185	100%	47.014	100%	62.199	100%

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

En relación ao paro rexistrado, pódese observar como dende os máximos do ano 2012 a tendencia é a reducirse paulatinamente o número de persoas paradas. Deste xeito no ano 2015 rexistrábase un 17,9% menos de persoas paradas en relación ao ano 2012, cunha baixada de 3.299 persoas.

Evolución anual do paro rexistrado

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

Como pode comprobar, analizando os datos de paro mensualmente os meses de xullo e agosto son os que presentan uns valores máis baixos. Ao igual que pasaba no caso dos contratos, o efecto da estacionalidade nesta área é moi importante. Se ven na zona da comarca de Caldas esta estacionalidade non parece tan excesivamente acentuada como no caso do Salnés, e os meses de setembro e outubro aínda mantén o para en niveis estables.

Como xa se observaba na análise mensual das contratacións, no paro volve a darse este aspecto da estacionalidade que afecta moi gravemente a toda a poboación activa do territorio. Esta estacionalidade como se comentou está moi asociada ao

sector turístico na área, e evidencia un comportamento inestable da demanda turística ao longo do ano, aínda que as causas que condicionan este feito hai que asocialas non só a factores de demanda senón tamén a factores vinculados á oferta. Esta estacionalidade ademais ten moitos efectos negativos non só económicos se non tamén laborais, ecolóxicos ou sociais, que deben tratar de corrixirse.

Evolución mensual do paro rexistrado. 2015

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

O paro rexistrado por sexo no ano 2015 mantivo un certo equilibrio, se ben a variación porcentual 2014-2015 é máis positiva no caso dos homes, reducíndose o número de parados baróns en maior porcentaxe que as mulleres. É habitual que o paro feminino sexa maior có masculino, pero o importante efecto da crise no sector da construción e a incorporación da muller cada vez en maior medida ao mercado laboral provocou que as súa taxas se aproximen.

Paro rexistrado por sexo 2015 e variación porcentual 2014-2015

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

En relación á antigüidade das persoas como demandantes de emprego, pódese ver como preto dunha de cada catro persoas leva máis de 2 anos na procura de emprego. Ademais, considerando os parados de longa duración aquelas persoas que levan máis de 12 meses na procura de emprego, tense que o 36% das persoas paradas levan máis de 12 meses na procura de emprego. Esta porcentaxe creceu moito nos últimos anos debido á longa crise que vimos sufrindo, o que provoca en moitos casos dificultade de reincorporación destas persoas ao mercado de traballo: canto máis tempo permanece unha persoa sen traballar, máis complicado vólvese para esta asentarse nun novo emprego.

Paro segundo antigüidade na demanda 2015

ANTIGÜIDADE	CALDAS	%	O SALNÉS	%	GDR 17	%
<= 1 mes	515	13,9%	1589	13,9%	2.104	13,9%
De 1 a 3 meses	693	18,8%	2722	23,8%	3.415	22,6%
De 3 a 6 meses	527	14,3%	1815	15,9%	2.342	15,5%
De 6 a 12 meses	475	12,9%	1292	11,3%	1.767	11,7%
De 12 a 24 meses	492	13,3%	1434	12,5%	1.926	12,7%
Máis de 24 meses	990	26,8%	2580	22,6%	3.570	23,6%
TOTAL	**3.692**	**100%**	**11.432**	**100%**	**15.124**	**100,0%**

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

O efecto comentado no parágrafo anterior se volve especialmente importante cruzándoo co dato da idade das persoas paradas e a súa evolución. O 18% das persoas paradas na área do GDR 17 conta con 56 ou máis anos, mentres que o grupo de 46 a 55 representa o 25%. É dicir que preto da metade das persoas paradas na área conta con 46 ou máis anos. E a tendencia é a que sexan os rangos mais baixos de idade os que vexan reducido o número de persoas paradas.

Paro rexistrado por idade e variación porcentual 2014-2015

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

Por sectores de actividade, o paro concéntrase fundamentalmente no sector servizos, sendo un claro reflexo do peso que esta actividade ten na área. No caso da comarca de Caldas destaca o pero que ten o sector secundario (pola existencia na área de importantes empresas manufactureiras, como poden ser Nestlé, Extrugasa, Exlabesa,...). O sector da construción e o do sector secundario parecen reflectir unha positiva evolución no ano 2015.

Paro rexistrado por sectores 2015 e variación porcentual 2014-2015

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

Realizando unha observación por concellos do número de persoas paradas, pódese observar como preto da metade das persoas paradas concéntrase en 3 concellos: Vilagarcía de Arousa (29%), Cambados (10%) e Sanxenxo (9,6%).

Paro rexistrado na área do GDR17. Maio 2016

CONCELLO	Paro total	%	Agric.-ganad	Industria	Construción	Servizos	Sen empr.
Caldas de reis	1.001	7,0%	52	155	166	552	76
Cambados	1.420	10,0%	**136**	228	191	799	66
Catoira	365	2,6%	15	**79**	66	187	18
Cuntis	452	3,2%	29	72	**86**	239	26
O Grove	1.035	7,3%	55	**59**	76	**820**	25
A Illa de Arousa	385	2,7%	**29**	71	32	236	17
Meaño	501	3,5%	23	69	88	298	23
Meis	463	3,3%	31	68	86	249	29
Moraña	464	3,3%	26	73	**101**	239	25
Pontecesures	302	2,1%	**3**	45	23	205	26
Portas	289	2,0%	19	35	40	170	25
Ribadumia	436	3,1%	14	69	71	266	16
Sanxenxo	1.365	9,6%	53	128	191	**947**	46
Valga	583	4,1%	9	**113**	87	328	46
Vilagarcía de A.	4.122	29,0%	163	558	427	2.551	423
Vilanova de A.	1.024	7,2%	39	175	173	573	64
GDR 17	14.207	100%	696	1.997	1.904	8.659	951

FONTE: Informe paro por concellos e comarcas. Consellería de Economía, Emprego e Industria

Facendo un análise por peso e sector en cada un dos concellos, pódese observar como ofrece un fiel reflexo das actividades máis representativas neles. Deste xeito, nas actividades de agricultura e gandería destacan Cambados (comparativamente presenta unha porcentaxe de persoas paradas moi alta), A Illa de Arousa (tamén presenta unha taxa moi alta) e Pontecesures (presenta unha taxa moi baixa). Nas actividades industriais Catoira e Valga presentan un peso moi relevante neste sector, mentres que o Grove presenta un peso moi baixo. No sector da construción Cuntis e Moraña presentan un valores excepcionalmente altos, mentres que O Grove e A Illa de Arousa presentan valores baixos. No sector servizos, como cabería esperar os concellos de O Grove, Sanxenxo e Pontecesures presentan valores especialmente altos, pertencendo máis de 6 de cada 10 persoas paradas a este sector de actividade.

Por actividades económicas as que presentan un maior número de persoas paradas son: Servizos de comidas e bebidas (1.666),Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria (1.201),Actividades relacionadas co emprego (1.176), Construción de edificios (1.144) e Comercio ao retallo (1.119).

Actividades económicas con maior porcentaxe de paro rexistrado 2015

ACTIVIDADE ECONÓMICA	Número de persoas paradas
Servizos de comidas e bebidas	1.666
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1.201
Actividades relacionadas co emprego	1.176
Construción de edificios	1.144
Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.119
Sen emprego anterior	936
Industria da alimentación	920
Servizos de aloxamento	903
Actividades de construción especializada	902
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	375
Silvicultura e explotación forestal	100

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

En relación ao número de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia do afiliado e o sector de actividade, pódese observar como a área atópase bastante por enriba da media provincial (5%) e galega (6,5%) no sector da agricultura e a pesca, mentres que no sector da construción esta un pouco

por enriba (8,5%) e no de servizos (64,5%) un pouco por debaixo. Destacar que tres concellos Vilagarcía de Arousa (24%), Sanxenxo (11%) e Cambados (10%) representan preto de 1 de cada 2 afiliados a Seguridade Social na área.

Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia do afiliado e o sector de actividade. Marzo 2016

Número de afiliacións	Total	Agricult. e pesca	Industria	Construción	Servizos	Non consta
Caldas de Reis	3.229	68	694	365	2.094	8
Catoira	1.099	35	313	80	668	3
Cuntis	1.471	80	284	155	949	3
Moraña	1.295	68	285	158	782	2
Pontecesures	1.183	34	340	95	714	0
Portas	887	46	133	118	589	1
Valga	2.120	40	680	241	1.155	4
Cambados	4.772	956	677	314	2.822	3
O Grove	3.810	513	632	199	2.465	1
A Illa de Arousa	1.844	968	166	75	633	2
Meaño	1.712	208	231	210	1.061	2
Meis	1.613	140	267	214	989	3
Ribadumia	1.797	137	379	182	1.098	1
Sanxenxo	5.575	469	494	600	4.008	4
Vilagarcía de A.	11.599	484	1.872	719	8.516	8
Vilanova de A.	3.441	609	496	287	2.041	8
GDR 17	**47.447**	**4.855**	**7.943**	**4.012**	**30.584**	**53**
	100%	**10,2%**	**16,7%**	**8,5%**	**64,5%**	**0,1%**
Pontevedra	317.079	15.982	53.099	21.707	225.983	308
	100%	5,0%	16,7%	6,8%	71,3%	0,1%
Galicia	922.298	59.818	131.530	68.581	661.287	1.082
	100%	6,5%	14,3%	7,4%	71,7%	0,1%

Fonte: IGE. Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia do afiliado

Facendo unha análise en función das afiliacións por actividade económica pódese observar que as actividades de comercio ao retallo son das que maior peso teñen na área, seguida xa de lonxe por a pesca e acuicultura, os servizos de comidas e bebidas, a industria da alimentación. As actividades con menor peso de afiliacións son a venta e reparación de vehículos, industria téxtil e construción de edificios.

Dez actividades económicas con maior porcentaxe de afiliacións. 2015

Fonte: Fichas comarcais do mercado laboral galego. Observatorio do Emprego - Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Economía, Emprego e Industria

3.1.4.- Análise sectorial.

O **número de empresas** nos últimos anos viuse reducida nun -7,2% na área, pasando das case 11.000 empresas no ano 2008 ás case 10.000 no ano 2014 (ver Figura 40).

Figura 40 Evolución do número de empresas 2008-2014

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

A persoa física é a forma xurídica que destaca maioritariamente entre as empresas da área do GDR 17 representando un 68% do total, como se aprecia na Figura 41; séguenlle en orde de importancia as sociedades de responsabilidade limitada, con algo máis dun 24%. A porcentaxe restante corresponde a outros tipos de condicións xurídicas, sobre un total de algo máis de **10.189 empresas** no ano 2014**,** segundo o IGE.

Figura 41 Número de empresas, segundo a súa condición xurídica, 2014

Fonte: IGE. Directorio de unidades empresas e unidades locais

En relación ao **tamaño das empresas por número de asalariados**, ver Figura 42, o 95,5% das empresas teñen menos de 5 empregados e un 99% teñen menos de 19 persoas traballadoras.

Na área do GDR 17, so existen dúas empresas con máis de 250 empregados e tan só 34 entidades teñen entre 50 e 99 asalariados. O que é significativo da pequena dimensión media das empresas da área, cun importante peso dos traballadores autónomos.

Figura 42 Porcentaxe de empresas segundo o número de asalariados, 2014

Nº de asalariados	Galicia	%	Pontevedra	%	GDR17	%	Caldas	O Salnés
Todos	243.412	100%	78.638	100%	14.478	100%	2.446	12.032
de 0 a 2	212.803	87,4%	67.816	86,2%	13.004	89,8%	2.153	10.851
de 3 a 5	16.378	6,7%	5.701	7,2%	824	5,7%	159	665
de 6 a 9	6.414	2,6%	2.297	2,9%	298	2,1%	55	243
de 10 a 19	4.265	1,8%	1.544	2,0%	200	1,4%	43	157
de 20 a 49	2.419	1,0%	884	1,1%	102	0,7%	24	78
de 50 a 99	665	0,3%	248	0,3%	34	0,2%	8	26
de 100 a 249	337	0,1%	109	0,1%	14	0,1%	4	10
de 250 ou máis	131	0,1%	39	0,0%	2	0,0%	0	2

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais

En relación ao **número de empresas por concellos**, ver Figura 43, destacan os concellos de Vilagarcía de Arousa que representa con 2.487 o 24,4% do total de empresas, Sanxenxo con 1.542 representa o 15,1%, e Cambados con 1.032 representa o 10,1%. Entre estes 3 concellos representan o 50% das empresas da área. A evolución no período 2008-2014 foi bastante negativa, destruíndose o 7,2% do total

de empresas da área. Concellos como Portas (-18,6%), O Grove (-17,1%) e Cambados (-10,5%) sufriron unha importante diminución no seu número de empresas. Mentres que outros concellos tiveron unha mellor evolución, como pode ser o caso de A Illa de Arousa (+3,7%), Ribadumia (+2,2%) e Valga (-0,7%).

Figura 43 Número de empresas por concellos 2014 e evolución 2008-2014

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais

Na Figura 44, pódese observar como o maior número de empresas concéntrase na actividade pesca e acuicultura (división 01 do CNAE 2009) con 3.376 empresas, seguido de comercio ao retallo (división 47) con 2.031 empresas, servizos de comidas e bebidas (división 56) con 1.116, actividades de construción especializada (división 43) con 948 empresas e agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas (división 01) con 851 empresas.

Figura 44 Distribución de empresas por actividades, 2014

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais

Dentro das **industrias manufactureiras** (ver Táboa 31), cabe destacar a importancia que ten a industria de produtos alimenticios e de bebidas (co 31,9% das empresas manufactureiras), séguelle a fabricación de “Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento” (cun 17,9%). En terceiro lugar, cun 7,4%, atópase a “Fabricación doutros produtos minerais non metálicos” (fabricación de produtos de vidro, materiais cerámicos, Fabricación de elementos de formigón, cemento e xeso,...).

Esta estrutura das actividades de transformación non é de forma significativa diferente á media de Pontevedra ou de Galicia, se ben se poden observar algunhas diferenzas. Por exemplo, o elevado peso do número de empresas dedicadas á alimentación na área (31,9%), en comparación con Pontevedra (18,4%) e moito máis que Galicia (19,8%). Cun menor peso que a media provincial e galega atópanse na área as actividades de "Reparación e instalación de maquinaria e equipamento" e "Confección de roupa de vestir".

Táboa 31 Distribución das empresas manufactureiras, 2014

INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	GALICIA		PONTEVEDRA		GDR 17	
TOTAL EMPRESAS	**14.695**	**100%**	**4.918**	**100%**	**856**	**100%**
05 Extracción de antracita, hulla e lignito	2	0,0%	1	0,0%	0	0,0%
06 Extracción de cru de petróleo e gas natural	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
07 Extracción de minerais metálicos	7	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
08 Outras industrias extractivas	324	2,2%	121	2,5%	7	0,8%
09 Actividades de apoio ás industrias extractivas	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
10 Industria da alimentación	2.318	15,8%	674	13,7%	158	18,5%
11 Fabricación de bebidas	591	4,0%	233	4,7%	115	13,4%
12 Industria do tabaco	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
13 Industria téxtil	319	2,2%	132	2,7%	19	2,2%
14 Confección de roupa de vestir	1.000	6,8%	300	6,1%	24	2,8%
15 Industria do coiro e do calzado	58	0,4%	14	0,3%	0	0,0%
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría	1.287	8,8%	409	8,3%	62	7,2%
17 Industria do papel	57	0,4%	17	0,3%	1	0,1%
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	833	5,7%	285	5,8%	31	3,6%
19 Coquerías e refinación de petróleo	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
20 Industria química	170	1,2%	64	1,3%	11	1,3%
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	12	0,1%	7	0,1%	0	0,0%
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	190	1,3%	75	1,5%	7	0,8%
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	931	6,3%	323	6,6%	63	7,4%
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes	69	0,5%	28	0,6%	9	1,1%
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	2.441	16,6%	834	17,0%	153	17,9%
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	107	0,7%	44	0,9%	4	0,5%
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	84	0,6%	30	0,6%	3	0,4%
28 Fabricación de maquinaria e equip. n.c.n.	255	1,7%	126	2,6%	18	2,1%
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	109	0,7%	48	1,0%	6	0,7%
30 Fabricación doutro material de transporte	135	0,9%	75	1,5%	18	2,1%
31 Fabricación de mobles	1.082	7,4%	276	5,6%	53	6,2%
32 Outras industrias manufactureiras	586	4,0%	187	3,8%	19	2,2%
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	1.250	8,5%	501	10,2%	53	6,2%
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	441	3,0%	98	2,0%	19	2,2%
36 Captación, depuración e distrib. de auga	37	0,3%	16	0,3%	3	0,4%

Fonte: IGE, Directorio de empresas e unidades locais

Respecto a **demografía empresarial**, a área do GDR 17 mostra a capacidade emprendedora da mesma (ver Figura 45), xa que no ano 2014 nos concellos que menos empresas se deron de alta foron os de Portas con 21 empresas e Catoira con 23, mentres que en concellos como Vilagarcía de Arousa (273), Sanxenxo (179), Cambados (105), O Grove (97) e Caldas de Reis (86) presentan una dinámica de altas de empresas destacable. Estes 5 concellos representan o 65% das altas de empresas na área.

Figura 45 Demografía empresarial por concellos, 2014

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Observando a **evolución nos últimos 15 anos da alta, baixa e permanencia de empresas** (ver Figura 46), pódese ver como as permanencias de empresas comezan a decaer dende o ano 2009 ata a actualidade, as altas reducíronse drasticamente dende o ano 2007 e as baixas se incrementaron tamén de forma importante dende ese ano (representando máis de 1.100 peches de empresas a maioría de anos).

O crise económica tivo un impacto negativo tanto na mortalidade das empresas e sobre a creación de sociedades. Nalgúns concellos a situación é bastante crítica ao contar cunhas grandes limitacións para resultar atractivos para a creación de empresas. Nin sequera o dispoñibilidade de solo empresarial, como pode ser o caso de Catoira, permite o impulso de novas iniciativas (Catoira dispón dun pequeno polígono industrial case baleiro).

Figura 46 Evolución da demografía empresarial GDR 17. 2000-2014

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

A zona costeira e máis occidental da área do GDR 17 amosa unha dinámica máis favorable en canto á creación de empresas, mentres a zona máis interior e oriental presenta unha tendencia negativa (ver Figura 47).

Figura 47 Mapa de altas por concellos. 2014

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Na Figura 48 recóllese o Valor engadido bruto (VEB) por rama de actividade para o conxunto da área do GDR Salnés-Ulla-Umia. Pódese observar como as ramas de actividade de "Actividades de información, financeiros, inmobiliarios e profesionais" (25,5%) e "Comercio, transporte e hostalería" (20,3%) son as que maior peso teñen na área.

Figura 48 Valor engadido bruto (VEB) na área do GDR 17 por rama de actividade (miles de €). 2012

Fonte: IGE.Produto interior bruto municipal. Base 2010

A continuación realizarase unha análise máis pormenorizada dos seguintes sectores de actividade: Viño e Horta, Forestal- Madeira, Comercio, Mar, Cantería-Construción, Cárnico, Turismo e Náutica- Deporte e Ocio.

- **Sector do Viño e da Horta.**

Unha grande parte das terras do GDR 17, como se recolle na Táboa 32, é superficie forestal 32.478 hectáreas (58% do territorio total da área). A nivel municipal destacan Caldas de Reis, Catoira, Cuntis e Moraña por ser os concellos que teñen maior número de hectáreas forestais.

En canto á distribución xeral de terras na área destaca pola súa maior superficie ocupada a masa forestal, como xa se comentara, pero tamén é considerable o conxunto das terras de cultivo e prado, que suman un total de 13.141 hectáreas.

Táboa 32 Distribución xeral de terras (hectáreas), 2015

CONCELLOS	GDR 17	PONTEVEDRA	GALICIA
Sup. de Cultivo e Prado	13.141	88.534	691.755
Pasteiro, Pasteiro Arbustivo e Mato	2.354	76.600	605.613
Forestal Arborizado	30.124	214.553	1.339.832
Outras Superficies	10.783	69.886	320.640
Superficie Total	56.401	449.574	2.957.841
Forestal Total	32.478	291.154	1.945.445
Sup. de Cultivo e Prado / Sup. Total	23%	20%	23%
F. Arb./ F. Total	93%	74%	69%
Forestal T./ Sup. Total	58%	65%	66%

Fonte: Anuario de estatística agraria 2015

A distribución das terras de cultivo entre os distintos tipos existentes (Cultivos herbáceos, leñosos, outros e asociados e sucesivos) recóllese na Táboa 33. Obsérvase que os cultivos leñosos son os máis habituais, e a superficie destes cultivos e dos herbáceos veñen reducíndose progresivamente nos últimos anos.

Táboa 33 Distribución das terras de cultivo (hectáreas), 2002-2015

CULTIVOS	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Cultivos herbáceos	4.837	4.817	4.616	4.244	3.869	4.031	4.042	4.342	3.822	3.869	4.081	4.122	4.247	4.079
Cultivos leñosos	5.964	5.953	5.939	5.775	5.769	5.114	4.807	4.765	4.868	4.882	4.855	4.988	4.955	4.941
Outras terras de cultivo	741	791	999	1.138	1.516	1.663	1.528	1.148	1.520	1.310	977	770	742	819
Cultivos asoc. e sucesivos	426	445	668	489	380	412	440	604	516	538	535	628	676	601

Fonte: Anuario de estatística agraria. Consellería do Medio Rural. IGE

Con respecto á **distribución principal dos grupos de cultivos**, recóllese na Figura 49 o detalle para os cultivos herbáceos (Cereais gran, Cultivos forraxeiros, Tubérculos, Leguminosas gran, Hortícolas e froitos de horta) e os cultivos leñosos (Froiteiras, Castiñeiro, Viñedo). Destaca na área o gran número de cultivos leñosos que existe. Dentro desta categoría é onde se atopan os viñedos, que como se pode observar, teñen unha gran relevancia para a área, en comparación con Pontevedra e Galicia, onde o peso deste cultivo é menos significativo.

Tamén se pode observar na figura que, a nivel autónomo e provincial, destacan principalmente os cultivos forraxeiros, situación oposta á que se atopa na área, posto que este tipo de cultivo é bastante reducido.

Figura 49 Distribución dos principais grupos de cultivos, por hectáreas. 2015

	GDR 17	PONTEVEDRA	GALICIA
Cereais gran	2.021	6.474	40.772
Cultivos forraxeiros	271	24.960	284.107
Tubérculos	991	2.969	19.348
Leguminosas gran	88	275	2.111
Hortícolas e froitos de horta	707	3.230	15.852
Froiteiras	200	2.308	12.083
Castiñeiro	105	809	24.459
Viñedo	4.636	12.144	24.795

Fonte: Anuario de estatística agraria. Consellería do Medio Rural. IGE

Na área destaca a comarca do Salnés onde se atopan aproximadamente 500 invernadoiros repartidos entre os seus concellos, representando o preto de un terzo dos cultivos baixo cuberta da Galicia. Na área da comarca de Caldas este tipo de produción non se atopa tan desenvolvida. Os principais cultivos das explotacións de horta baixo cuberta no Salnés son leituga, pemento, tomate e feixón verde

En xeral, o réxime de tenza e transmisión da propiedade provocan un alto minifundismo, onde o elevado número de parcelas vese agravado pola reducida dimensión das mesmas, ademais, os fortes vínculos establecidos coa terra dificultan en gran medida o poder acadar acordos de venta ou arrendamento da mesma, aínda que este inconveniente no só é exclusivo da área do GDR 17.

O **sector vitivinícola**, supón un dos principais recursos da área, xunto co turismo, tanto polo volume de superficie agrícola dedicada a este cultivo como polo número de postos de traballo que xera. A evolución da produción final obtida, cuantificada polo *Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas*, entre os anos 1987-2014 (ver Figura 50), amosa un incremento paulatino que sitúa ao ano 2014 cun total de aproximadamente 16 millóns de litros. Paralelamente, foi incrementándose tamén o volume de exportación da mesma.

Figura 50 Evolución da produción e da exportación dos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas, 1987-2014

Fonte: Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas (2015)

Respecto ao número de viticultores e á superficie acollida á denominación pódese dicir que se foi incrementando ao longo dos anos (ver Figura 51), se ben se aprecia que o número de viticultores medrou en maior medida que a superficie dedicada ao viñedo. O número de bodegas tamén se foi incrementando dende 1987 ata 2008, ano do máximo número de bodegas (201). Na actualidade hai un total de 180 bodegas acollidas á denominación de orixe Rías Baixas.

Figura 51 Evolución do número de viticultores e da superficie (ha.) acollidas á Denominación de Orixe, 1987-2014

Fonte: Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas (2015)

O "*Val do Salnés*" é unha das zonas máis relevantes dentro da Denominación de Orixe Rías Baixas, aínda que tamén comprende os municipios de Portas, Caldas de

Reis e Barro. En calquera caso, as máis de 15.000 parcelas, repartidas en algo máis de 2.200 hectáreas e os preto de 4.500 viticultores dentro da subzona, son cifras que reflicten a importancia como zona produtora do tipo de uva albariño (ver Táboa 34).

Unha das maiores problemáticas da área, en canto á viticultura é a que se refire á pequena dimensión das parcelas, con menos de 0,15 hectáreas por parcela, o que dificulta a adopción de novos métodos de viticultura e a rentabilización da produción.

Táboa 34 Distribución da produción por subzonas, 2014

SUBZONA	Viticultores	Superf. (ha)	Superf./ Viticultor	Parcelas	Parcelas/ Viticultor
VAL DO SALNES	4.447	2.290	0,515	15.749	3,541
O ROSAL	374	582	1,556	1.283	3,43
CONDADO DO TEA	1.081	976,9	0,904	5.321	4,922
SOUTOMAIOR	30	16,1	0,537	85	2,833
RIBEIRA DO ULLA	99	162,1	1,637	240	2,424
TOTAL	6.031	4027,1	0,668	22.678	3,76

Fonte: Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas

- **Sector Forestal-Madeira.**

Tal e como se aprecia na Táboa 35, en 2004 a área do GDR 17 presenta un peso limitado en canto a extensión de terreo dedicado ocupado pola superficie forestal (57,6%), en comparación con Pontevedra ou a media galega.

Sen embargo, por concellos, existen algúns que teñen unha porcentaxe de superficie forestal relevante. Estes concellos son os de: Caldas de Reis (69%), Catoira (80%), Cuntis (70%), Meis (64%) e Moraña (69%). Este aspecto supón unha potencialidade en canto ás posibilidades que abre, xa sexa para o aproveitamento desta riqueza a través da produción de produtos ou para o desenvolvemento de actividades ou actuacións encamiñadas a valorizar estes recursos (sendas, rutas, miradoiros,...).

Táboa 35 Superficie de masa forestal e superficie agraria utilizada (ha), 2011

CONCELLO	Superficie Total	Forestal Total	% sup. Forest./ Sup. Total	Forestal Arborizado	For. Arb / For. Total	Forestal desarbolizado
Caldas de Reis	6.816	4.746	69,6%	4.648	97,9%	98
Cambados	2.339	551	23,6%	519	94,2%	32
Catoira	2.944	2.374	80,6%	2.302	97,0%	72
Cuntis	7.985	5.663	70,9%	4.792	84,6%	871
Grove, O	2.209	1.079	48,8%	783	72,6%	296

CONCELLO	Superficie Total	Forestal Total	% sup. Forest./ Sup. Total	Forestal Arborizado	For. Arb / For. Total	Forestal desarbolizado
A Illa de Arousa	692	318	46,0%	98	30,8%	220
Meaño	2.780	1.389	50,0%	1.360	97,9%	29
Meis	5.241	3.402	64,9%	3.306	97,2%	96
Moraña	4.134	2.879	69,6%	2.673	92,8%	206
Pontecesures	669	429	64,1%	417	97,2%	12
Portas	2.262	1.111	49,1%	1.093	98,4%	18
Ribadumia	1.968	675	34,3%	643	95,3%	32
Sanxenxo	4.503	1.834	40,7%	1.727	94,2%	107
Valga	4.064	2.386	58,7%	2.293	96,1%	93
Vilagarcía de A.	4.416	2.301	52,1%	2.218	96,4%	83
Vilanova de A.	3.378	1.340	39,7%	1.251	93,4%	89
TOTAL GDR17	**56.400**	**32.477**	**57,6%**	**30.123**	**92,8%**	**2.354**

Fonte: Anuario de estatística agraria 2011. Consellería do Medio Rural

O **número de empresas** dedicadas á industria da madeira ("Industrias da madeira e da cortiza, agás mobles, e cestaría e espartaría" e "Fabricación de mobles") no representan un valor diferencial na área (ver Figura 52), o que podería reafirmar en certa medida a idea de valorización do monte a través do aproveitamento doutras alternativas que non sexan a madeira (cogomelos, mel, gandería,...). Concellos destacados por número de empresas son: Caldas de Reis, Vilagarcía de Arousa, Cambados, Cuntis,Valga ou Cuntis.

Figura 52 Número de empresas da industria da madeira no GDR 17. 2014

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Profundando nas posibilidades de novos aproveitamentos dos montes veciñais (como a biomasa, que non acaba de despegar como actividade, cunha dobre compoñente: o mantemento dos montes limpos e os ingresos por este concepto). O

recente desenvolvemento dalgúns sectores económicos como a enerxía eólica e a biomasa, poden ter impactos significativos nas economías de algunhas zonas rurais e especialmente nas comunidades de montes onde se sitúen (polos ingresos por arrendamento). No ámbito das oportunidades que o marco legal ofrece, as SOFOR (Sociedades de Fomento Forestal), similares ás antigas UXFOR (unidades de xestión forestal), son unha posibilidade de poñer en marcha procesos de racionalización, diversificación e xestión forestal.

En canto ao potencial que presenta o sector forestal sería destacable a existencia na área de 167 comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC), con especial presenza na comarca de Caldas (131), e especialmente nos concellos de Cuntis (49) e Moraña (48).

Táboa 36 Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC), 2012

CONCELLOS	Nº montes clasificados	Superficie declarada (Ha)
CALDAS	**131**	**10932**
Caldas de Reis	9	2.339,89
Catoira	4	1.713,52
Cuntis	49	2.994,99
Moraña	48	1.534,85
Pontecesures	1	106,00
Portas	13	518,00
Valga	7	1.724,30
O SALNÉS	**36**	**3.644,95**
Cambados	1	12,00
O Grove	2	210,47
A Illa de Arousa	2	137,00
Meaño	1	12,65
Meis	10	1.534,57
Ribadumia	1	3,80
Sanxenxo	3	142,88
Vilagarcía de A.	10	1.302,84
Vilanova de A.	6	288,74
TOTAL GDR 17	**167**	**14.576,50**

- **Sector do Comercio.**

Observando o número de empresas dedicadas á actividade comercial de venda ao retallo (grupo 47 do CNAE 2009) na área do GDR 17 pódese ver, como se recolle na Táboa 37, como nos últimos anos sufriu un descenso de preto do 8% no número de comercios. Se ben, é un dato negativo, pódese destacar que este valor está por debaixo da media provincial e autonómica. No ano 2014 o número de empresas

incrementouse nalgúns concellos (Catoira, Cuntis, Portas, Valga), o que pode reflectir unha certa estabilización no sector.

Táboa 37 Distribución do número de empresas por concello dedicadas a actividades comerciais (grupo 47 do CNAE 2009), 2014

Nº DE EMPRESAS	ANO 2008	ANO 2013	ANO 2014	2008-2014	2013/2014
Galicia	**35.661**	**32.374**	**31.883**	**-10,6%**	**-1,5%**
Pontevedra	**12.726**	**11.601**	**11.398**	**-10,4%**	**-1,7%**
GDR 17	**2201**	**2.059**	**2.031**	**-7,7%**	**-1,4%**
Caldas de Reis	158	163	165	4,4%	1,2%
Catoira	33	35	38	15,2%	8,6%
Cuntis	71	63	64	-9,9%	1,6%
Moraña	51	43	42	-17,6%	-2,3%
Pontecesures	62	64	62	0,0%	-3,1%
Portas	30	28	29	-3,3%	3,6%
Valga	52	57	60	15,4%	5,3%
Cambados	239	221	218	-8,8%	-1,4%
O Grove	209	184	170	-18,7%	-7,6%
A Illa de Arousa	44	46	45	2,3%	-2,2%
Meaño	86	81	81	-5,8%	0,0%
Meis	59	54	54	-8,5%	0,0%
Ribadumia	60	61	59	-1,7%	-3,3%
Sanxenxo	304	279	273	-10,2%	-2,2%
Vilagarcía de A.	576	518	511	-11,3%	-1,4%
Vilanova de A.	167	162	160	-4,2%	-1,2%

Fonte: Instituto Galego de Estatística

Na Táboa 38, recóllense as actividades de venda ao no ano 2014, grupo 47 segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 2009). As de maior presenza son as dedicadas ao comercio a retallo de artigos novos en establecementos especializados (téxtil, calzado, mobles, libros, prensa, etc.) con 573 empresas, e os comercios especializados en alimentación, bebida e tabaco con 367 empresas; representando entre ambos grupos o 46% do total de empresas.

Táboa 38 Clasificación por CNAE das empresas do GDR 17, 2014

Grupo 47 - CNAE 2009 (Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas)	GDR 17	%	Caldas	O Salnés
47.1 Comercio a retallo en establecementos non especializados	255	12,6%	61	194
47.2 Comercio a retallo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados	367	18,1%	61	306
47.3 Comercio a retallo de combustible para a automoción en establecementos especializados	27	1,3%	7	20
47.4 Comercio a retallo de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións en establecementos especializados	49	2,4%	7	42
47.5 Comercio a retallo doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	351	17,3%	80	271
47.6 Comercio a retallo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	122	6,0%	18	104
47.7 Comercio a retallo doutros artigos en establecementos especializados	573	28,2%	129	444
47.8 Comercio a retallo en postos de venda e feiras	273	13,4%	95	178
47.9 Comercio a retallo non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en feiras	14	0,7%	2	12
TOTAL	**2031**	**100%**	**460**	**1571**

Fonte: Instituto Galego de Estatística

A nivel de concellos, as empresas que se dedican á venda polo miúdo localízanse 1 de cada 4 en Vilagarcía de Arousa. Como se pode observar na Figura 53, séguenlle como concellos con maior número de comercio ao retallo Sanxenxo (13%), Cambados (11%), Caldas de Reis (8%) e O Grove (8%).

Figura 53 Distribución das empresas comerciais de venda a retallo por concellos, 2014

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

- **Sector do Mar: pesca e marisqueo.**

A pesca e o marisqueo constitúen actividades estratéxicas na zona máis occidental da área, cunhas vantaxes competitivas que se centran fundamentalmente nas facilidades de acceso aos recursos naturais, o abastecemento dun importante mercado nacional e á especialización do capital humano nestas actividades. Por outra banda, o peso do sector extractivo permitiu a formación dun tecido industrial, como é o das empresas dedicadas aos conxelados, o naval, as conserveiras. Tamén está a acuicultura, a Ría de Arousa é unha das rías máis ricas do mundo, cunha gran variedade de peixes, moluscos e crustáceos, coas bateas como principal expoñente.

Independentemente da parte extractiva das actividades relacionadas co mar (marisqueo, pesca, acuicultura), como xa se comentou, existen cocedoiros, depuradoras e unha importante industria transformadora centrada nas conservas de mariscos e peixes. As empresas dedicadas á transformación de produtos do mar e á comercialización de produtos derivados representan na área un sector moi importante, localizándose por exemplo unha de cada tres empresas de procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos da provincia na área do GDR 17.

Táboa 39 Número de empresas de procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos (grupo 10.2 – CNAE 2009)

ZONA	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	202	203	209	207	215	213
Pontevedra	123	120	122	120	124	119
GDR 17	50	47	47	46	48	44
Caldas	2	2	2	2	2	2
O Salnés	48	45	45	44	46	42

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

A comarca do Salnés, principalmente nos concellos do Grove e A Illa de Arousa, é líder europeo en produción de mexillón. A comercialización desta especie realízase a través do Consello Regulador do Mexillón de Galicia. No caso de O Salnés a produción está destinada maioritariamente á transformación, con máis do 60 % das vendas totais, e a consumo en fresco.

Tamén destaca o marisqueo, ao que lle hai que engadir a presenza de viveiros e cetarias, contando co apoio do INTECMAR - Centro de Control da Calidade do Medio

Mariño de Vilaxoán (Vilagarcía), e a existencia do CIMA - Centro de Investigacións Mariñas de Corón (Vilanova).

- **Sector de Cantería - Construción.**

As actividades principais do sector da Construción e Cantería comprenden a extracción e elaboración de rocas ornamentais, a elaboración e comercialización de materiais de construción e as actividades de promoción de vivendas, construtoras e actividades inmobiliarias en xeral.

Na Táboa 40, pódese observar a distribución do número de empresas do sector da construción no ámbito do GDR 17. No ano 2014 o número de empresas existentes alcanzaba as 689, cun forte retroceso en relación ao ano 2008 do -27,2%. Nos concellos de Catoira (-50%), O Grove (-42,4%) e Cuntis (-37,9%) o peche de empresas foi especialmente drástico, mentres que en concellos como Pontecesures, Ribadumia e Moraña a redución foi moi inferior.

Táboa 40 Evolución do número de empresas por concellos, 2008-2014

ZONA	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	%
GDR 17	**947**	**926**	**901**	**840**	**795**	**720**	**689**	**-27,2%**
Caldas	**173**	**163**	**158**	**147**	**141**	**131**	**128**	**-26,0%**
Caldas de Reis	59	58	57	54	47	42	41	-30,5%
Catoira	10	9	10	9	9	7	5	-50,0%
Cuntis	29	28	23	19	20	18	18	-37,9%
Moraña	22	20	21	23	21	21	20	-9,1%
Pontecesures	11	11	10	10	11	8	11	0,0%
Portas	15	12	12	9	11	12	10	-33,3%
Valga	27	25	25	23	22	23	23	-14,8%
O Salnés	**774**	**763**	**743**	**693**	**654**	**589**	**561**	**-27,5%**
Cambados	101	99	100	98	96	75	74	-26,7%
Grove, O	59	57	52	49	41	33	34	-42,4%
Illa de Arousa, A	25	27	26	24	22	20	18	-28,0%
Meaño	58	60	58	49	45	42	40	-31,0%
Meis	34	34	36	31	28	28	30	-11,8%
Ribadumia	32	34	31	30	28	32	31	-3,1%
Sanxenxo	212	207	201	190	184	167	148	-30,2%
Vilagarcía de A.	170	166	162	152	143	130	125	-26,5%
Vilanova de A.	83	79	77	70	67	62	61	-26,5%

Fonte: Instituto Galego de Estatística

A nivel de concello, as empresas do sector da construción están localizadas en grande medida en Sanxenxo e Vilagarcía de Arousa (ver Figura 54), representando cerca do 40% do total de empresas do sector na área, séguenlle os concellos de Cambados (11%) e Vilanova de Arousa (9%).

Figura 54 Distribución do número de empresas da construción por municipios (2014)

Fonte: Instituto Galego de Estatística

O sector da construción viuse fortemente golpeado pola crise económica, reducíndose a súa actividade de forma drástica dende o ano 2008, e provocando unha perda de postos de traballo importante no mesmo. No conxunto da área do GDR 17 o sector agrario e da construción tiñan un peso importante na actividade económica, e debido ao impacto da crise económica o peso destes sectores reduciuse en grande medida.

- **Sector Cárnico.**

A actividade gandeiro-cárnica na comarca, en xeral ten unha incidencia limitada. As principais explotacións existentes na zona, ao igual que a nivel galego, son de bovino.

Entre os anos 2009-2014 o número de empresas dedicadas á industria cárnica segue unha tendencia estable, manténdose nunhas trece empresas na área (ver Figura 55), diferente á evolución experimentada a nivel provincial, onde o número de empresas cárnicas se reduciu un -8%.

Figura 55 Evolución do número de empresas da industria cárnica, 2009-2014

ZONAS	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	**220**	**222**	**213**	**213**	**208**	**208**
Pontevedra	**62**	**63**	**57**	**59**	**57**	**51**
GDR 17	**13**	**12**	**13**	**13**	**13**	**13**
Caldas	**3**	**3**	**3**	**3**	**3**	**3**
O Salnés	**10**	**9**	**10**	**10**	**10**	**10**
Caldas de Reis	2	2	2	2	2	2
Moraña	1	1	1	1	1	1
Cambados	1	1	1	1	1	1
Meaño	3	3	3	3	3	3
Meis	1	1	1	1	1	1
Ribadumia	2	1	1	1	1	1
Sanxenxo	1	1	2	2	2	2
Vilagarcía de Arousa	1	1	1	1	1	1
Vilanova de Arousa	1	1	1	1	1	1

Fonte: Instituto Galego de Estatística

A distribución do número de explotacións de vacún en 2011, recollida na Figura 56, amosa como a área representa cerca do 10% do total provincial. A nivel municipal, as explotacións están bastante descentralizadas, destacando Caldas de Reis (308) e Moraña (298) como as que máis explotacións teñen, seguidos de Cuntis (285) e Meis (240). En xeral, predominan as explotacións de tipo familiar, de moi pequeno tamaño e a maior parte con destino de autoconsumo.

Figura 56 Distribución do número de explotacións de vacún. 2011

CONCELLO	Nº de Explotacións		%
	Explotacións de vacún	Explotacións con vacas	
Caldas de reis	308	178	12,6%
Cambados	94	51	3,9%
Catoira	34	22	1,4%
Cuntis	285	197	11,7%
O Grove	24	16	1,0%
A Illa de Arousa	-	-	0,0%
Meaño	156	89	6,4%

CONCELLO	Nº de Explotacións		%
	Explotacións de vacún	Explotacións con vacas	
Meis	240	152	9,8%
Moraña	298	212	12,2%
Pontecesures	14	8	0,6%
Portas	153	76	6,3%
Ribadumia	133	69	5,4%
Sanxenxo	126	58	5,2%
Valga	174	106	7,1%
Vilagarcía de Arousa	175	91	7,2%
Vilanova de Arousa	227	115	9,3%
GDR 17	**2.441**	**1.440.**	**100%**

Fonte: Anuario de estatística agraria, 2011

Fixándose no número de vacas existentes na área do GDR 17 respecto ao total provincial, pódese comprobar como no ano 2011 alcanzaban pouco máis do 1,4%, alcanzando concretamente o número de reses na comarca as 552 e o total provincial é de 58.325. Isto implica que existe un escaso número de reses por explotación na área e moi por debaixo da media provincial.

Ademais das explotacións de vacún, na área, existen outro tipo de explotacións como son as de porcino, avícolas, de cunicultura e de carnes alternativas como equino e avestruz, pero que representan unhas cifras moi limitadas en relación ao volume de produción global.

O maior desenvolvemento da actividade transformadora de produtos cárnicos suporía un paso cualitativo e cuantitativo, xa que permitirá unha maior transformación e elaboración de produtos dun maior valor engadido, o que á súa vez repercutiría positivamente na competitividade e rendibilidade das empresas ao longo de toda a cadea empresarial.

- **Sector Turístico.**

Polo que se refire á actividade turística, a área caracterízase por ser unha das zonas tipicamente turísticas de Galicia. Son especialmente destacables as contribucións dos concellos de Sanxenxo e O Grove, que supoñen en conxunto unha contribución moi importante ao total da área (ver Figura 57).

Figura 57 Viaxeiros en establecementos hoteleiros por puntos turísticos-concellos. 2005-2016

Fonte: INE. Encuesta de ocupación hotelera

As viaxes efectuadas á área teñen un marcado carácter estacional, a maioría concéntranse nos meses tipicamente vacacionais de xuño a agosto, o que provoca unha clara desvantaxe, e esixe un esforzo cara á diversificación da oferta turística ou cara á produtos alternativos ao tradicional “sol e praia”. A área do GDR 17 conta cun medio natural único e á vez variado, con zonas de costa, humidais, ribeiras e zonas de montaña. Isto proporciona ao conxunto do territorio un alto potencial ecolóxico, turístico, cinexético, forestal, hortícola e gandeiro.

Na Figura 58 recóllese a porcentaxe de establecementos hoteleiros, campamentos turísticos e aloxamentos dedicados ao turismo rural da área do GDR 17. Como se pode observar a maior dos aloxamentos turísticos da comarca son hoteis, que se atopan concentrados nos concellos de Sanxenxo e O Grove.

Os aloxamentos dedicados ao turismo rural, suman 40 establecementos, se ben os atractivos naturais da área determinan unhas grandes posibilidades para este tipo de turismo, especialmente nos municipios do interior, como por exemplo Cuntis, Moraña, Caldas de Reis. A crecente demanda deste turismo tivo o seu reflexo nun incremento dos aloxamentos específicos para o turismo rural, a maioría en pazos e casas de avoengo. Uns aloxamentos que se unen e complementan á oferta de hoteis, hostais e cámpings da zona.

Figura 58 Distribución dos aloxamentos turísticos por tipos e municipios. 2013

ALOXAMENTOS TURÍSTICOS	Hoteis	Pensións	Turismo rural	Campamentos de turismo	Apartamentos turísticos
Galicia	**894**	**1261**	**600**	**116**	**131**
Pontevedra	**415**	**277**	**184**	**44**	**30**
GDR 17	**225**	**102**	**40**	**26**	**15**
O Salnés	**210**	**92**	**23**	**26**	**15**
Caldas	**15**	**10**	**17**	**0**	**0**
Caldas de Reis	8	2	3	0	0
Catoira	1	0	3	0	0
Cuntis	3	7	4	0	0
Moraña	0	0	4	0	0
Pontecesures	1	0	0	0	0
Portas	0	0	0	0	0
Valga	2	1	3	0	0
Cambados	14	6	8	0	0
O Grove	43	21	1	9	4
A Illa de Arousa	1	2	0	2	2
Meaño	5	1	1	0	1
Meis	3	2	2	0	0
Ribadumia	2	1	2	0	0
Sanxenxo	127	51	8	10	5
Vilagarcía de A.	5	7	1	1	1
Vilanova de A.	10	1	0	4	2

Fonte: Instituto Galego de Estatística. Consellería de Cultura e Turismo. Dirección Xeral para o Turismo. Directorio de empresas e actividades turísticas. 2013

Con respecto ao número de establecementos de restauración (Grupo 56 “Servizos de comidas e bebidas”, CNAE 2009), pódese apreciar na Figura 59 o reparto por concellos para os anos 2008 a 2014. A relevancia de Vilagarcía nestas actividades, con arredor do 20% do total de 1.116 establecementos, Sanxenxo (16,8%), O Grove (11%) e Cambados (9,9%) é o máis destacable. Estes 1.116 establecementos supoñen arredor do 17% dos existentes na provincia de Pontevedra e alcanza ao 5,7% do total galego. Apréciase certa falta de desenvolvemento destas actividades de restauración na área, pero a maior parte de establecementos hoteleiros están orientando os seus recursos nesta dirección tratando de paliar o efecto da estacionalidade.

Figura 59 Distribución do número de establecementos de bares e restauración, 2014

ZONA	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	**20.551**	**20.406**	**20.402**	**20.453**	**20.277**	**20.068**	**19.736**
Pontevedra	**6.692**	**6.673**	**6.655**	**6.715**	**6.638**	**6.604**	**6.465**
GDR 17	**1.133**	**1.158**	**1.180**	**1.172**	**1.137**	**1.138**	**1.116**
O Salnés	**900**	**921**	**945**	**952**	**926**	**924**	**907**

ZONA	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Caldas	**233**	**237**	**235**	**220**	**211**	**214**	**209**
Caldas de Reis	85	83	82	78	69	71	71
Catoira	19	22	18	20	17	20	20
Cuntis	34	34	33	29	29	32	25
Moraña	20	18	27	23	25	24	23
Pontecesures	39	35	33	35	33	33	35
Portas	12	13	12	10	9	8	7
Valga	24	32	30	25	29	26	28
Cambados	124	127	118	124	125	120	110
Grove, O	140	144	144	148	144	131	123
Illa de Arousa, A	39	45	45	40	42	45	42
Meaño	43	42	43	45	53	59	59
Meis	26	29	35	29	30	33	34
Ribadumia	27	33	30	33	32	33	37
Sanxenxo	208	214	210	206	194	200	187
Vilagarcía de A.	223	210	232	236	228	218	230
Vilanova de A.	70	77	88	91	78	85	85

Fonte: Anuario Económico de *La Caixa* (2007)

- **Sector Náutico-Deportivo e Ocio.**

Un dos aspectos importantes para atraer visitantes a unha zona é a oferta de actividades complementarias, tales como rutas, actividades deportivas, actividades de ocio, etc., de tal xeito que tamén se pode facilitar a desestacionalización da demanda. A evolución que tivo o **número de empresas** dedicadas a estes sectores de ocio seguiu unha clara tendencia positiva nos últimos anos.

Polo que se refire aos **portos deportivos** que se poden atopar na área, como se recolle na Táboa 41, destacan principalmente o Porto de Vilagarcía, por ter 485 amarres e permitir a entrada de embarcacións cun máximo de 25 metros de eslora. Este porto tamén é importante por estar recoñecido como o quinto porto comercial de Galicia de interese nacional. Séguenlle por orden de importancia, o Porto de Sanxenxo, xa que ambos portos son os que teñen maiores dimensións para a entrada de embarcacións.

Táboa 41 Portos deportivos da área

Porto	Localidade	Eslora máxima	Calado máximo	Número de amarres
Tragobe	Cambados	8	2	80
Porto de Meloxo	O Grove	9	3	90
Pedras Negras	O Grove	14	4	134
Porto de Sanxenxo	Sanxenxo	18	5	370
Portonovo	Sanxenxo	14	2	155
Vilanova de Arousa	Vilanova de Arousa	16	4	232
Porto de Vilagarcía	Vilagarcía de Arousa	25	5	485

Fonte: Portos deportivos de Galicia

Con respecto á oferta de actividades náuticas hai que sinalar a existencia dunha profunda tradición na comarca do Salnés deste tipo de deportes. A existencia de clubs representativos en vela, piragüismo, remo ou das actividades subacuáticas (ver Táboa 42), son algunhas das iniciativas que amosan o dinamismo neste sector.

Táboa 42 Actividades náuticas que desenvolven os clubs/asociacións deportivas

Actividades desenvolvidas	% de entidades que a desenvolven
Esquí náutico	10,9%
Motonáutica	18,2%
Piragüismo	29,1%
Remo	20,0%
Surf	3,6%
Vela	47,3%
Actividades subacuáticas	21,8%

Fonte: Inventario da náutica en Galicia

Tamén hai que destacar a Estación Náutica Rías Baixas Sanxenxo-O Grove, que é unha asociación de diferentes empresas privadas relacionadas co mundo do turismo que teñen como finalidade ampliar a temporada estival nesa zona e poder potenciar a actividade náutica nas rías.

Ademais das actividades náuticas que se poden desenvolver na comarca existen outras que complementan estas ofertas como son, por exemplo, a existencia dun Centro Ecuestre, que realiza diferentes rutas guiadas a cabalo; o *Aquarium Galicia* e *Aquavisión*, en O Grove, que ofrece tanto mostras de diferentes especies de peixes e aves como organiza rutas marítimas pola ría de Arousa. Tamén existen outras

actividades como a Ruta Xacobea Marítima Fluvial desenvolvida en Vilagarcía de Arousa.

En resumo, as actividades náutico-deportivas e de ocio supoñen unha grande oportunidade para complementar e impulsar a oferta turística da área, creando actividades de elevado valor engadido permitindo, grazas ás características da zona (ría e clima suave), un desenvolvemento constante e continuo ao longo de todo o ano.

- **Sector Termal.**

Nos últimos anos produciuse un rexurdimento dos balnearios galegos. Esta realidade non foi froito dunha moda pasaxeira, senón do traballo constante, acompañado de importantes investimentos, do sector empresarial termal galego. Galicia conta cunha enorme riqueza mineromedicinal no seu chan, estando catalogadas máis de 300 captacións, das que 20 son utilizadas por balnearios. Os establecementos atópanse na súa maioría en terras do interior, onde desenvolven un importante traballo como dinamizadores da economía. Así mesmo, os balnearios dispoñen dunhas instalacións modernas nas que traballan profesionais cualificados, feito que, engadido á calidade das súas augas mineromedicinais e á garantía que supón para os consumidores a suxeición a unha estrita normativa, converten a Galicia nunha referencia de prestixio no ámbito do turismo de saúde.

O sector termal ten na área do GDR 17 unha presenza importante, contando coa existencia de 4 balnearios e 1 talaso.

- Balneario Acuña (Caldas de Reis)
- Balneario Dávila (Caldas de Reis)
- Termas de Cuntis (Cuntis)
- Hotel Eurostars Isla de la Toja (O Grove)
- Eurostars Gran Hotel La Toja (O Grove)

O turismo termal é un dos produtos turísticos con maior grao de especialización e singularidade, con maior capacidade de desestacionalización da demanda, con poder para a captación de máis segmentos de público, de gran atractivo para a articulación de oferta turística combinada con outros produtos ou servizos relacionados co patrimonio cultural, natural, enolóxico, gastronómico, deportivo, etc.

3.1.5.- Consulta á poboación do territorio.

Para a recompilación de opinións sobre a situación de diversos aspectos da área, ademais das entrevistas e reunións mantidas con técnicos municipais e representantes de asociacións, procedeuse a realizar unha **enquisa aos habitantes da área que abarca o GDR 17 Salnés-Ulla-Umia** (comarcas de Caldas e O Salnés).

Esta enquisa foi desenvolvida dende o 30/05/2016 ao 29/06/2016, e realizouse a través de correo electrónico (formulario electrónico) e de forma presenciais (formulario papel). As preguntas foron formuladas para ser respondidas nunha escala de 1 "Situación negativa no concello" a 5 "Situación moi positiva no concello".

Os ítems sobre os que se facía referencia nas preguntas están agrupados en 5 bloques:

1. Territorio, infraestruturas da zona e aspectos medio ambientais.
2. Sistema social.
3. Economía e empresa.
4. Innovación e tecnoloxía.
5. Universo público e servizos.

En relación ao perfil das persoas que participaron na enquisa, 7 de cada 10 eran homes e a metade tiña menos de 50 anos, un 40% tiña entre 51 e 64 anos e o 10% restante tiña 65 ou máis anos (ver Figura 60).

Figura 60 Características sociodemográficas das persoas enquisadas

Fonte: enquisa a cidadáns da área do GDR Salnés-Ulla-Umia

A continuación pásase a comentar os principais resultados obtidos no proceso de consulta para cada un dos bloques de ítems formulados.

- **Percepcións dos enquisados para o conxunto de ítems.**

Para os bloques de ítems formulados o peor valorado con diferenza é o bloque de "Economía e empresa" (2,3 sobre 5). Pódese observar na figura seguinte como, en xeral, todos os bloques teñen unha valoración baixa.

Fonte: enquisa a habitantes do GDR Salnés-Ulla-Umia

Na figura seguinte inclúese a media da valoración das respostas ofrecidas por todas as persoas enquisadas ao conxunto das variables definidas.

Os dous aspectos cunha valoración media máis baixa son a dispoñibilidade de residencias para persoas maiores e a utilización das enerxías renovables. Os ítems mellor valorados no conxunto de variables son a existencia de centros de educación, a oferta cultural e por último as vías de comunicación (estradas, camiños,...). Como terceiro aspecto menos positivo as persoas enquisadas sinalan as dificultades de poder atopar traballo no seu concello. Este aspecto está moi ligado á situación económica actual.

Variables da contorna do GDR 17. Enquisa a habitantes 2016

Fonte: enquisa a habitantes do GDR Salnés-Ulla-Umia

- **Territorio, infraestruturas da zona e aspectos medio ambientais.**

En relación as variables formuladas relativas ao territorio, as infraestruturas da zona e a aspectos medio ambientais, obsérvase que as vías de comunicación, a dispoñibilidade de oficinas bancarias e a existencia de lugares abandonados representan os aspectos máis positivos.

Por contra, os aspectos cunha valoración máis baixa son os servizos de transporte e a utilización das enerxías renovables, ambos aspectos cunha valoración bastante baixa. A carencia duns servizos de transporte axeitados no rural e a baixa

utilización das enerxías renovables poden ser os condicionantes desta baixa valoración.

Fonte: enquisa a habitantes do GDR Salnés-Ulla-Umia

- **Sistema social**

En relación ao sistema social, as persoas enquisados valoran positivamente a oferta cultural e o asociacionismo e participación cidadá, e valoran negativamente todos aqueles aspectos vinculados coa natalidade, envellecemento e perda de poboación no rural.

Fonte: enquisa a habitantes do GDR Salnés-Ulla-Umia

- **Economía e empresa**

Os aspectos de este bloque son os que peor valoración obtiveron do conxunto de variables consultadas. Deste xeito, a posibilidade de atopar traballo no seu concello, o servizo de asesoramento sobre a creación de empresas ou a limitada existencia de oportunidade para por en marcha un negocio destacan pola súa mala valoración.

Fonte: enquisa a habitantes do GDR Salnés-Ulla-Umia

- **Innovación e tecnoloxía**

En relación á innovación e a tecnoloxía, as valoracións están por debaixo dunha valoración media de 3. O acceso as TICs é o aspecto mellor valorado, debido probablemente ao grande esforzo realizado nos últimos anos, se ben a dotación de centros e equipamentos non é valorada tan positivamente. A capacidade innovadora das pemes non é valorada como unha potencialidade para o territorio.

Fonte: enquisa a habitantes do GDR Salnés-Ulla-Umia

- **Universo público e servizos**

Por último en relación ao universo público e os servizos, as persoas enquisadas valoran positivamente a situación dos centros de educación e dos centros de saúde. Se ben realizan unha valoración negativa da situación dos restantes ítems formulados: residencias de maiores, coordinación e cooperación entre os organismo públicos,...

Fonte: enquisa a habitantes do GDR Salnés-Ulla-Umia

3.2.- DETERMINACIÓN DE ESTRANGULAMENTOS E POTENCIALIDADES. ANÁLISE DAFO.

No enfoque de desenvolvemento sostible e sostido, aplícanse tres vectores de avaliación e crecemento: social, medio ambiental e económico. Seguindo esta metodoloxía, para a determinación de estrangulamentos e potencialidades en base ao diagnóstico (DAFO), seguiuse a seguinte estrutura interna/externa:

- **Aspectos do diagnóstico interno:**
    - Territorio, infraestruturas da zona e aspectos medio ambientais.
    - Sistema social.
    - Sistema empresarial.

- **Aspectos do diagnóstico externo:**
    - Economía e empresa.
    - Innovación e tecnoloxía.
    - Universo público e infraestruturas externas

Deste xeito, trátase de ter unha avaliación da situación actual e expectativas que facilite o deseño estratéxico das actuacións a desenvolver no Programa do GDR Salnés-Ulla-Umia. Tratouse de desenvolver un **Diagnóstico Estratéxico** do GDR Salnés-Ulla-Umia, de xeito **que permita identificar os aspectos negativos** (estrangulamentos) **e os aspectos positivos** (potencialidades) **que incidirían no desenvolvemento do Programa Leader neste territorio.**

3.2.1.- Aspectos do Diagnóstico Interno.

TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS DA ZONA E ASPECTOS MEDIO AMBIENTAIS	
ESTRANGULAMENTOS (—)	**POTENCIALIDADES (+)**
D1. Dispersión da poboación, cun número moi importante de núcleos con menos de 6.000 habitantes por todo o territorio, que dificulta unha planificación territorial axeitada e supón a dedicación de importantes recursos para un desenvolvemento equilibrado. D2. Elevada densidade de poboación nalgunhas zonas do territorio, especialmente comparada coa media da provincia de Pontevedra e de Galicia, que supón unha relevante presión sobre os recursos da zona e a competencia polo seu uso (uso social, usos produtivos,…). D3. Elevada fragmentación da propiedade da terra e reducido tamaño das parcelas, sendo menores que na media da provincia de Pontevedra e de Galicia, que dificulta a viabilidade e rendibilidade de actividades produtivas. D4. Problemática de saneamento de augas no ámbito rural do territorio, derivado da elevada dispersión da poboación, que supón un importante reto de xestión da auga na área, se ben se observan avances na depuración de augas. D5. Baixo grado de biodiversidade nos recursos forestais do territorio, co predominio de masas de eucaliptos e piñeiros, de limitada calidade tecnolóxica para a industria da madeira non baseada en trituración (carpintería, estruturas de madeira,…). D6. Baixa orientación ao uso forestal da superficie agraria útil (SAU), que limita a súa valorización e o seu posible uso social (paisaxístico, recreativo, turismo, ocio,…). D7. Percepción de deficiencias nas vías de comunicación secundarias no interior do territorio, que dificulta a accesibilidade aos recursos endóxenos, se ben nos últimos anos se observaron algúns avances importantes. D8. Persistencia de insuficientes instalacións de servizos avanzados nos parques empresariais existentes (redes de comunicación por cable, rede de gas, edificios administrativos centrais, puntos limpos,…), cunha localización de empresas dispersa que dificulta a planificación territorial.	F1. Positiva localización xeográfica do territorio no marco de Galicia, con potenciais interrelacións coas principais zonas de desenvolvemento de Galicia no eixe Pontevedra-Área Metropolitana de Vigo-Norte de Portugal e no eixe Tabeirós-Terra de Montes-Barbanza-Santiago, con potencialidade para actuar como núcleo de centralidade. F2. Existencia de importantes dotacións de recursos endóxenos de calidade susceptibles de aproveitamento social e produtivo (recursos naturais, recursos patrimoniais, recursos culturais,…) que veñen supoñendo un importante factor de desenvolvemento. F3. Positiva imaxe da área, ligada á existencia de recursos endóxenos de calidade (viño, recursos naturais, recursos patrimoniais, termalismo,…). F4. Importante capacidade produtiva do terreo, derivado das características edafolóxicas do solo e do clima suave, que facilita o desenvolvemento de producións agro-forestais de elevado valor engadido (viño e derivados, agricultura ecolóxica o integrada, producións de carne ecolóxica,…), especialmente nas zonas do interior. F5. Relevante orientación ao uso agrícola-forestal do terreo nas zonas do interior, con potencialidade para o crecemento de producións de produtos agroforestais (mel, cogomelos,…). F6. Importante desenvolvemento de políticas de xestión ambiental en todo o territorio, coa dotación de puntos limpos e o desenvolvemento dunha plataforma para a loxística inversa que facilite a xestión de residuos das actividades produtivas (papel e cartón, vidro, envases metálicos, plásticos, electrónica e aparatos eléctricos). F7. Importante existencia de parques empresariais en desenvolvemento no territorio (Barro-Meis, Catoira, Caldas de Reis,…), ou con potencial para o seu desenvolvemento, que poden dotarse de servizos avanzados e boas comunicacións, como factores de atracción de investimentos produtivos e mellora das empresas actuais. F8. Importante desenvolvemento das infraestruturas portuarias, que favorece o movemento de mercancías e cunha expectativa de incremento das instalacións orientadas ás actividades de turismo de cruceiros e náuticas. F9. Tendencia á mellora das infraestruturas de circunvalación aos núcleos urbanos, como factor de atracción de empresas e visitantes e a mellora da loxística de mercadorías.

TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS DA ZONA E ASPECTOS MEDIO AMBIENTAIS

ESTRANGULAMENTOS (—)	POTENCIALIDADES (+)
D9. Insuficiente coordinación no desenvolvemento do transporte público de viaxeiros, derivado do círculo baixa demanda-baixa oferta (como non hai oferta, non se demanda, e como non se demanda, non hai oferta), que supón unha baixa cultura de emprego de transporte público e un elevado uso de vehículos privados en desprazamentos curtos (horarios, enlaces,…). Especial dificultade de mobilidade interna da poboación. D10. Percepción por parte dos empresarios de que existe un baixo apoio ao desenvolvemento de emprendedores e novas actividades empresariais na zona, demandando servizos máis especializados e cualificados (asesoramento, orientación, apoio,…). D11. Baixo grado de implantación de certificacións forestais sostibles nos montes da área (FSC, PEFC, ISO,…) que limita o proceso de mellora competitiva e diferenciación.	F10. Perspectivas favorables derivadas da parada do tren de alta velocidade en Vilagarcía, como factor de atracción de turismo, comercio, investimentos produtivos e a accesibilidade a mercados exteriores. F11. Importante capacidade de dinamización das entidades público-privadas existentes, cunha probada experiencia na mobilización dun volume importante de recursos (Proder-2, Interregs transfronteirizos, Interregs transnacionais, Axenda21 Local, Equal, fondos do artigo 6 do FSE, Plan de Dinamización Turístico…), coa existencia dunha relevante capacitación do persoal e con experiencias de éxito no desenvolvemento de estruturas de cooperación, especialmente na área do Salnés. F12. Existencia dun área diferenciada, e cun territorio funcional e estruturado que conta cunha identidade propia, que supón un relevante factor de desenvolvemento a través dos instrumentos de cooperación públicos e público-privados.

SISTEMA SOCIAL

ESTRANGULAMENTOS (—)	POTENCIALIDADES (+)
D12. Desequilibrios nos crecementos da poboación no territorio, derivado do incremento nas zonas costeiras e o relativo decrecemento no interior, que supón un risco de abandono das actividades produtivas agrarias e forestais, se ben pode favorecer o incremento da viabilidade dos que permanecen (redución da oferta e potencial incremento do tamaño). Tamén dificulta a dotación de infraestruturas básicas axeitadas. D13. Maior índice de dependencia na área con respecto a Galicia, que supón a necesidade de dotación de políticas sociais e servizos relacionados (educación, ocio, cultura,…) e unha maior dedicación de recursos para facilitar o acceso ao primeiro traballo na xuventude. D14. Evolución negativa nos últimos anos da maioría dos indicadores de poboación nos últimos anos, como poden ser os índices de xuventude, envellecemento e idade media da poboación. D15. Limitada capacidade de compra no conxunto da área respecto á media da provincia de Pontevedra, cun crecemento menor das rendas nas zonas do interior.	F13. Importante tendencia ao cooperativismo e asociacionismo na área, que supón unha cultura emprendedora e colaborativa favorable para o desenvolvemento socioeconómico. F14. Concienciación social da poboación sobre a importancia do crecemento sostible e unha especial sensibilidade ao uso racional dos recursos naturais na zona. F15. Estrutura da pirámide de poboación cun certa recuperación na base (importancia dos mozos e mozas), que supón un factor relevante de futuro pola base de capital humano existente no futuro para o desenvolvemento empresarial da zona. F16. Importante nivel formativo do capital humano, cunha tendencia a incrementarse os titulados universitarios (proximidade das Universidades de Santiago e de Vigo), así como a existencia de centros de formación profesional con certa orientación ás necesidades das actividades empresariais presentes no territorio. Se ben se detectan certos desaxustes. F17. Importante capacidade de xeración de riqueza na zona, con relevantes crecementos no valor engadido bruto por habitante nalgunhas actividades.

SISTEMA SOCIAL	
ESTRANGULAMENTOS (—)	**POTENCIALIDADES (+)**
D16. Percepción por parte da poboación das actividades agroforestais como rendas complementarias, o que implica unha baixa motivación cultural para o crecemento destas actividades no territorio.	F18. Certa recuperación nas taxas de ocupación da poboación no conxunto de concellos da área, que supón unha relevante capacidade emprendedora e dinamismo da poboación.
D17. Baixo nivel de coordinación e artellamento de actividades de ocio continuas ao longo do ano, especialmente no ámbito rural, buscando unha desestacionalización da demanda e incrementando a calidade de vida no rural.	F19. Tendencia das zonas do interior da comarca a reducir as taxas de paro, que implica a súa potencialidade na xeración de emprego sostible baixo criterios de profesionalización e a viabilidade de actividades empresariais e profesionais.
D18. Crecemento das taxas de paro nas zonas costeiras da área, derivado da situación das actividades de pesca e marisqueo, sendo zonas xeográficas de refuxio de desempregados en busca de oportunidades de emprego, que pode xerar bolsas de marxinalidade.	F20. Tendencia a reducirse o peso de “parados sen emprego anterior”, que supón un importante avance na implantación de instrumentos que favorezan o acceso ao primeiro emprego, tendo en conta a porcentaxe relevante de poboación xuvenil parada (xoves sen experiencia).
D19. Crecemento das taxas de paro nas zonas de interior da área, derivadas da difícil situación das actividades vinculadas á agricultura e gandería, así como as actividades de construcción.	F21. Importante peso do emprego en sectores vinculados aos recursos endóxenos (artesáns e traballadores cualificados na industria, traballadores cualificados en agricultura e pesca, traballadores cualificados en restauración e servizos persoais), que supón un factor relevante de competitividade.
D20. Desequilibrios no emprego das mulleres en sectores industriais, que dificulta o desenvolvemento equilibrado do emprego, tendo en conta a tendencia a núcleos familiares matriarcais (coidado de nenos, persoas maiores, dependentes,…).	F22. Existencia de nichos de emprego femininos relevantes nalgunhas actividades da comarca (de forma destacada nos servizos de restauración e servizos persoais), que supón un factor positivo para a igualdade de oportunidades.
D21. Importante inestabilidade no mercado laboral, cunha elevada presenza de contratos temporais sobre o total de contratos firmados, que supón unha situación de incerteza social.	F23. Importante existencia de instalacións deportivas e sociais, se ben existe certa concentración nos núcleos urbanos e existen algunhas deficiencias nas mesmas.
D22. Percepción de insuficiente existencia de persoal cualificado na área para o desenvolvemento de actividades relacionadas co eido agroforestal.	F24. Existencia dunha dotación suficiente de centros educativos de infantil e primaria na zona, se ben obsérvase certa necesidade de modernización das instalacións e un baixo desenvolvemento de actividades privadas de educación.
D23. Baixo grao de existencia de centros de ensino postobrigatorio, fundamentalmente en zonas do interior, derivado da localización da poboación, que unido á falta de outros servizos limita o grao de atractivo destas zonas para vivir e producir.	F25. Existencia de iniciativas para a prestación mancomunada de servizos de atención a persoas dependentes (exemplo: centro de día de Valga).
D24. Incrementos das necesidades de apoio a persoas con maiores necesidades: dependentes, persoas en risco de exclusión social,…	
D25. Limitada implicación dos habitantes en iniciativas colaborativas (voluntariado, asociacionismo,…) e baixa coordinación e coñecemento das entidades e das iniciativas existentes na área.	

SISTEMA EMPRESARIAL

ESTRANGULAMENTOS (—)

D26. Excesivo número de empresas de reducido tamaño e autónomos, que dificulta a súa competitividade nun mercado global.

D27. Tendencia á redución da cota de mercado dos concellos da zona con respecto ao global de Galicia e de España, que supón un perda de posición competitiva.

D28. Existencia de economías secundarias e complementarias (horta, viñedo, aluguer de segundas residencias,…) que supón unha menor profesionalización nalgunhas actividades, erosionando a imaxe global da área e dificultando o crecemento empresarial.

D29. Desequilibrios na localización de actividades empresariais no rural, con maior orientación á localización en zonas costeiras, que supón unha relevante presión sobre os recursos e un baixo aproveitamento potencial dos recursos agroforestais e turísticos do interior.

D30. Dispersión xeográfica na localización de pequenas empresas e autónomos, que dificulta a compatibilidade de espazos para vivir e producir e a dotación de servizos e infraestruturas axeitadas.

D31. Baixo grao de desenvolvemento de estratexias de integración vertical ("augas arriba e augas abaixo"), que limita o potencial de xeración de maior valor engadido na área.

D32. Limitadas perspectivas de xeración de emprego nas empresas da zona, derivado da súa orientación fundamentalmente cara a mercados limitados xeograficamente (provincial/ rexional) e da súa limitada capacidade de crecemento e expansión.

D33. Excesiva estacionalidade nas principais actividades da área (viño, horta, turismo,…), que dificulta a planificación empresarial e limita a rendibilidade das actividades empresariais fora de certos períodos.

D34. Baixo grao de desenvolvemento de producións silvícolas complementarias (mel, castañas, cogomelos, silvopastoreo, enerxías renovables,…) que limita o crecemento do valor da produción agraria e forestal no territorio.

D35. Baixo peso dos cultivos forraxeiros na zona, que limita o desenvolvemento de modelos mixtos de explotacións agrogandeiras (estabulación e pastoreo), limitando a xeración de sinerxías (horta-gandería).

D36. Reducido tamaño das explotacións gandeiras, fundamentalmente de vacún orientadas fundamentalmente ao autoconsumo, que limitan a configuración dun sector ganadeiro-transformador na área (necesidade de proximidade da industria aos centros de sacrificio de animais).

D37. Insuficiente desenvolvemento de actividades de transformación da carne na zona, cun limitado número de empresas, aínda que existe algunha empresa de referencia no seu sector en Galicia que pode motivar un efecto arrastre na xeración de novas actividades baseadas en produtos de maior

POTENCIALIDADES (+)

F26. Importante grao de diversificación do sistema empresarial da zona, cunha menor dependencia do sector da construción e inmobiliario, que supón un positivo factor de desenvolvemento socioeconómico.

F27. Importante crecemento do valor engadido bruto na comarca, con taxas de incremento maiores que a media da provincia de Pontevedra, e con certo equilibrio entre as zonas de interior e costeiras, que supón un resultado moi positivo dos diversos programas de apoio desenvolvidos nos últimos anos.

F28. Maior crecemento das rendas empresariais que as persoais, que supón unha relevante orientación cultural ao reinvestimento produtivo das empresas da zona para o financiamento do seu crecemento e expansión.

F29. Flexibilidade e capacidade de adaptación aos cambios na contorna por parte dun relevante número de pequenas empresas e autónomos da área, que podería impulsar o traballo en rede e a cooperación.

F30. Importante grao de complementariedade e potencial para a xeración de sinerxías entre actividades empresariais de relevancia na comarca (turismo con forestal, turismo con agropecuario, forestal con enerxías alternativas,…), cunha importante experiencia do tecido asociativo a nivel local (asociacións de empresarios sectoriais).

F31. Relevante número de empresas que teñen implantado sistemas de xestión de calidade ou están en perspectivas de implantalo, que supón un factor relevante de mellora competitiva para a expansión empresarial cara a novos mercados de venda.

F32. Importante orientación ao desenvolvemento de estratexias de cooperación no eido agroforestal, como modelos de organización produtiva de pequenos empresarios e autónomos, con potencialidade para a súa extensión noutras actividades empresariais.

F33. Certas melloras na xestión dos montes en man común, con experiencias de desenvolvemento de plans de ordenación e explotación forestal baixo criterios empresariais, que favorecen a súa extensión para a mellora da produción forestal.

F34. Importante vinculación dos produtos agroalimentarios da zona con produtos de calidade (viño, produtos do mar, augas termais,…), con potencialidade para a súa extensión aos produtos da horta e gandeiros.

SISTEMA EMPRESARIAL	
ESTRANGULAMENTOS (—)	**POTENCIALIDADES (+)**
valor engadido (cuarta e quinta gama). D38. Limitada capacidade dos produtos agroalimentarios da área para acceder á gran distribución alimentaria, derivado do baixo nivel de transformación dos produtos (apenas se desenvolven produtos de 4ª e 5ª gama) e da dimensión empresarial con respecto aos comercializadores. D39. Insuficiente desenvolvemento de actividades empresariais privadas relacionadas coa saúde e servizos sociais na área, que supón unha limitación na xeración de riqueza na zona neste sector. D40. Insuficiente grao de orientación cultural ao asociacionismo nas actividades de comercio, aínda que existen experiencias nos principais núcleos urbanos (centros comerciais abertos), dáse un lento desenvolvemento de actividades e existe unha baixa captación e participación dos asociados. D41. Desequilibrios na localización de aloxamentos turísticos na zona, moi concentrados en zonas de litoral, cun baixo grao de desenvolvemento de actividades turísticas en zonas rurais. D42. Baixo nivel de desenvolvemento de actividades empresariais relacionadas coas Tecnoloxías de Información e Comunicación na comarca (TIC), que limita o crecemento do sistema empresarial a partires destas actividades horizontais de apoio. D43. Insuficiente nivel de implantación de empresas de servizos avanzados no territorio (consultoría en organización e estratexia, marketing e estudos de mercado e opinión, recursos humanos, auditoría e asesoramento económico-financeiro,…). D44. Baixo desenvolvemento de experiencias de cooperación entre o sistema empresarial da área e a relevante capacidade das entidades de I+D+i existentes (clúster, centros tecnolóxicos, grupos de investigación universitarios,…). D45. Insuficiente nivel de profesionalización das estruturas directivas nas empresas da zona, derivado da importante presenza de empresas de limitado tamaño e familiares, que limita en certa medida o crecemento empresarial.	F35. Relevante orientación da industria transformadora cara ao desenvolvemento de actividades ligadas aos recursos endóxenos da zona (produtos de alimentación e bebidas, forestal-madeira, produtos da horta, turismo, augas termais,…), que supón un factor relevante de vantaxes comparativas. F36. Importante peso do sector vitivinícola na produción agraria da zona, con importantes crecementos no número de adegas, viticultores e superficie acollida á Denominación de Orixe Rías Baixas, incorporando tamén actividades relacionadas co turismo (ruta do viño, museo do viño, festa do Albariño, Festa do Viño Tinto do Salnés,…). F37. Importante crecemento no número de empresas dedicadas á transformación de produtos da madeira na zona, que supón unha importante potencialidade para o desenvolvemento do sector forestal en base ás demandas da industria transformadora. F38. Relevante peso do sector de comercio retallista da zona con respecto á provincia de Pontevedra, configurándose como un importante nucleo comerical, con potencialidade para a atracción de compradores de zonas próximas e complementariedade coas actividades turísticas e culturais. F39. Tendencia ao incremento no número de empresas orientadas aos sectores náutico-deportivo e de ocio, con potencial para a súa extensión de actividades dende zonas de litoral cara ao interior da comarca. F40. Desenvolvemento do Plan de Dinamización Turística no Salnés e o Plan de Excelencia en Sanxenxo e O Grove, que favoreceu a mellora competitiva destas actividades, sentando as bases de desenvolvemento futuro. Se ben se observou un menor desenvolvemento de actuacións nas zonas de interior. F41. Posibilidades de cooperación entre as comarcas de Caldas e O Salnés para realizar unha oferta conxunta e complementaria, aproveitando a experiencia e os recursos de unha e outra parte.

3.2.2.- Aspectos do Diagnóstico Externo.

ECONOMÍA E EMPRESA	
ESTRANGULAMENTOS (—)	**POTENCIALIDADES (+)**
A1. Problemática inflacionista nos produtos de alimentación, que supón un importante desaxuste nos custes empresariais e unha menor capacidade de consumo das familias.	O1. Positivos procesos de redimensionamento no sector agrogandeiro en Galicia, que potencialmente supón a orientación cara a unhas actividades de produción agrícolas e gandeiras con maior capacidade de competitividade pola dimensión das

ECONOMÍA E EMPRESA

ESTRANGULAMENTOS (—)

A2. Incremento sucesivo dos custes das materias primas (pensos, combustibles -en ocasións-, enerxía,...) con especial incidencia nas actividades agroforestais (modelo de alimentación animal baseado en pensos e forraxes, custe enerxético), e que aumenta o risco de importacións de produtos doutras zonas competidoras, con especial incidencia de Sudamérica (favorable evolución do tipo de cambio euro/dólar para as importacións).

A3. Redución da porcentaxe de gasto do orzamento familiar dedicado a alimentación nos últimos anos a favor dos gastos en comunicación, vivenda e saúde.

A4. Negativa percepción social dos produtos modificados xeneticamente, por un baixo nivel de información existente cara ao consumidor final.

A5. Incidencia negativa do cambio climático sobre as producións gandeiras, consecuencia da tendencia a incrementarse a seca dos pastos e cultivos forraxeiros.

A6. Desconfianza do consumidor para o uso da madeira na construción debido a unhas inadecuadas aplicacións de produtos non adaptados á climatoloxía de Galicia, e o insuficiente coñecemento das aplicacións por parte dos profesionais.

A7. Importancia do tamaño empresarial para competir nos mercados globais, cunha tendencia á concentración en grupos alimentarios a nivel mundial, reducíndose o número de empresas e incrementándose o número de produtos, que supón menor poder negociador para as empresas da área.

A8. Proliferación de Indicacións Xeográficas Protexidas (I.X.P.), Denominacións de Orixe, Marcas de Cobertura, etc., que supón una certa perda de eficacia comercial, xa que dificultan a diferenciación dos produtos por parte do consumidor.

A9. Dificultades para o desenvolvemento de marcas de produto na industria agroalimentaria, especialmente pola comercialización de produtos a granel e pola presión da gran distribución no desenvolvemento de marcas brancas.

POTENCIALIDADES (+)

explotacións.

O2. Importante gasto total en Galicia nos produtos alimenticios, sendo superior á media de España, configurándose como unha das zonas con maior porcentaxe dedicada á alimentación.

O3. Incremento dos procesos de globalización e internacionalización en xeral, cun desenvolvemento progresivo dun mercado multilateral, aberto e liberalizado que favorece o crecemento empresarial.

O4. Cambios no estilo de vida que potencialmente demanda produtos de alto valor engadido (produtos precociñados saudables, baixo contido en graxa, produtos funcionais,…) ou novas formas de comercialización (restaurantes de comida para levar, venda por internet,…), considerando en maior medida aspectos como a redución dos tempos dedicados á compra e á cociña, así como a preocupación pola estética e saúde.

O5. Orientación dun certo número de consumidores á consideración de aspectos medio ambientais nos patróns de consumo de produtos de alimentación, incorporando aspectos como a alimentación biolóxica e ecolóxica, produtos naturais sen compoñentes engadidos,….

O6. Preocupación social pola seguridade alimentaria e o consumo de produtos baseados nun exhaustivo control e seguimento do proceso de produción-transformación (trazabilidade alimentaria).

O7. Cambios estruturais na composición dos fogares, cunha tendencia á redución no número de compoñentes que motivan novas pautas de consumo, (parellas mozas sen fillos e os fogares monoparentais son os de maior crecemento en número e tamén os que máis crecen no gasto en alimentación), que supón o reto de melloras nos produtos (tamaños máis pequenos nas porcións cliente, produtos listos para consumir de quinta gama…).

O8. Aumento considerable nos últimos anos da porcentaxe de gasto (euros) e de consumo (kgs.) alimentario no canal Horeca (hostalaría e restauración), cun patrón de compra orientado a produtos de calidade a prezo non moi elevado.

O9. Importancia do factor sociocultural ligado ao monte en Galicia, potenciándose a importancia doutros usos do monte (paisaxístico, eco-turismo, deportes vinculados á natureza).

ECONOMÍA E EMPRESA	
ESTRANGULAMENTOS (—)	**POTENCIALIDADES (+)**
A10. Redución do peso das tendas tradicionais como canal de venda e incremento das grandes superficies, ante as que as empresas de menor dimensión teñen un escaso poder negociador, presionando a gran distribución en oferta e prezos. A11. Limitacións no aceso ao crédito e ao financiamento por parte das empresas, o que dificulta o desenvolvemento das actividades das empresas e o nacemento de novas iniciativas empresariais.	O10. Tendencia da gran distribución alimentaria a ter una relación directa cos produtores, que supón unha oportunidade de chegada a este tipo de canles. O11. Incremento da fragmentación dos mercados, que favorece a especialización das empresas de menor dimensión en nichos de mercado concretos (produto artesán, gourmet, ecolóxico,…) no que poden ser competitivos. O12. Importante orientación en Galicia ao desenvolvemento de enerxías alternativas (biomasa forestal, enerxía eólica, enerxía mareomotriz…), con potencialidade para o seu desenvolvemento na área.

INNOVACIÓN E TECNOLOXÍA	
ESTRANGULAMENTOS (—)	**POTENCIALIDADES (+)**
A12. Reducida implicación de sociedades de capital risco coas actividades agroforestais en xeral. A13. Dependencia tecnolóxica do exterior de Galicia, cun baixo nivel de desenvolvemento de actividades de bens de equipamento e maquinaria específica, que limita o crecemento do sistema empresarial. A14. Insuficiente orientación do sistema público de I+D+i cara a resolver as necesidades de mellora e innovación do sistema empresarial, cunha baixa tradición cultural ao desenvolvemento de proxectos sectoriais en cooperación. A15. Custe de incorporación das innovacións con perspectivas de rendibilidade a longo prazo e necesidade de formación do capital humano para a súa actualización de coñecementos. A16. Cultura empresarial en Galicia moi orientada ao inmobilismo e con baixa orientación cultural ao desenvolvemento de innovacións de forma planificada e sistemática. A17. Insuficiente adecuación do sistema educativo oficial ás necesidades dos perfís profesionais demandados polas empresas no ámbito da innovación (creatividade, traballo en equipo, análise crítico…).	O13. Existencia dunha relevante capacidade de I+D no sistema galego (centros tecnolóxicos, institutos e grupos de investigación universitarios…). O14. Importante orientación dos fondos e iniciativas públicas (europeas, estatais, rexionais…) ao financiamento da innovación baixo diversas fórmulas de apoio, estando presente en practicamente todas as convocatorias de axudas. O15. Tendencia na UE a competir nunha economía baseada en intanxibles e innovación fronte a outros competidores máis baseados en custes de recursos (materias primas, man de obra…). O16. Importante desenvolvemento de novas tecnoloxías de información e comunicación con potencialidade para a súa aplicación na mellora dos procesos de negocio das empresas (sistemas de conexión con clientes, xestión de stocks en tempo real, simulación de procesos e produtos…). O17. Tendencia das convocatorias públicas de axuda ao estímulo dunha maior cooperación entre entidades de I+D+i e sistema empresarial, co apoio específico ao desenvolvemento das Plataformas Tecnolóxicas. O18. Existencia de numerosos organismos de apoio á innovación, cun importante número de iniciativas nos últimos anos, se ben se observa un baixo nivel de implantación nas empresas da zona.

UNIVERSO PÚBLICO E INFRAESTRUTURAS EXTERNAS	
ESTRANGULAMENTOS (—)	**POTENCIALIDADES (+)**
A18. Problemática derivada da aplicación da Política Agraria Comunitaria en base a criterios non produtivos, que non incentiva a rendibilidade da produción agroforestal. A19. Complexidade nas competencias da administración pública sobre o territorio, con diversos organismos e niveis da administración o que retarda ou dificulta o desenvolvemento de iniciativas empresariais, demandándose unha maior coordinación e a aplicación real dunha ventaniña única. A20. Insuficiente grao de control do cumprimento dos diversos plans forestais de Galicia, con impacto no longo prazo (20/30 anos). A21. Insuficiente desenvolvemento de servizos e infraestruturas ferroviarias para o transporte de mercadorías, cunha maior orientación á loxística e transporte por estrada, cun importante custe enerxético. A22. Descoordinación institucional entre as diversas comunidades autónomas na transferencia de competencias, que xera un fragmentado mercado no conxunto de España en moitas actividades empresariais pola aplicación de normativas específicas segundo o sector e zona xeográfica (etiquetaxe, idioma, normativa e permisos sanitarios…).	O19. Existencia de iniciativas das administracións públicas para o desenvolvemento e dinamización rural, tratando de favorecer o crecemento equilibrado do territorio. O20. Tendencia ao desenvolvemento de normativa técnica orientada á normalización e certificación de produtos de madeira e de produtos agroalimentarios no ámbito da Unión Europea. O21. Importante apoio ás producións agroalimentarias galegas a través dos distintos selos de calidade que distinguen os produtos agroalimentarios galegos pola súa orixe, se ben con certas limitacións na súa aplicación a produtos de maior elaboración (cuarta e quinta gama). O22. Impulso da iniciativa pública no desenvolvemento dos “bancos de terras”, que trata de orientar a un uso produtivo determinadas parcelas, reducindo en certa medida o abandono das explotacións e incrementando a súa rendibilidade. O23. Importante mellora das redes primarias de carreteiras, tanto a nivel de Galicia nos grandes núcleos de poboación como de conexión co resto da península. O24. Existencia no ámbito galego de estudos superiores e ciclos formativos de grao medio e superior vinculados coas actividades agroforestais, turismo e as principais actividades empresariais, que favorecen o acceso das empresas a recursos humanos cunha axeitada cualificación e formación profesional. O25. Apoio dende a administración rexional de Galicia ao desenvolvemento de asociacións empresariais e profesionais, co desenvolvemento de clusters e asociacións sectoriais como fórmula para incentivar unha maior cooperación e un incremento da competitiva no sistema empresarial galego.

3.3.- OBXECTIVOS.

Dende un tempo a esta parte unha das principais inquedanzas da sociedade, en xeral, é a garantía de sostibilidade en calquera actuación que se desenvolva. Deste xeito ademais do impacto económico e social que unha actuación teña, se busca o menor impacto ambiental posible, para o que se debe avanzar convenientemente na súa optimización e xestión (enfoque de desenvolvemento sostible).

Deste modo, o obxectivo xenérico do programa Leader do GDR Salnés-Ulla-Umia pódese resumir na **promoción do benestar dos cidadáns no rural a través da mellora das condicións de vida, o crecemento económico e dende a perspectiva da sostibilidade** (ver Figura 61).

Figura 61 Obxectivo xenérico da Estratexia GDR Salnés-Ulla-Umia

Fonte: Elaboración propia

Unha vez definido este obxectivo xenérico, deseñáronse unha serie de obxectivos específicos (que se denominan LIÑAS ESTRATÉXICAS) que conteñen unha serie de Estratexias encamiñadas a alcanzar cada un deles. Deste xeito se estableceron 6 Liñas Estratéxicas e 14 Estratexias para alcanzalas.

Na Figura 62 represéntase unha visión xeral de todo o proceso de elaboración do Programa Leader GDR Salnés-Ulla-Umia (GDR 21), que comprende todos os pasos levados a cabo ao longo dos últimos meses, e que se comentarán a continuación.

Figura 62 Visión xeral de todo o proceso

Fonte: Elaboración propia

O Regulamento UE Nº1305/2013 de axuda ao desenvolvemento rural permite, como novidade respecto ao período 2007-2013, que os Estados Membros presenten un programa nacional e un conxunto de programas rexionais, garantindo a coherencia entre as estratexias nacional e rexionais.

O proceso de elaboración do programa de desenvolvemento rural Leader 2014-2020 segue as Directrices Estratéxicas Comunitarias, que foron a base na que o estado español elaborou o seu Programa Nacional de Desarrollo Rural (PNDR), co que se garante a coherencia entre as prioridades comunitarias, estatais e autonómicas. Este plan estratéxico nacional aplicouse a través dos Programas de Desenvolvemento Rural (PDR) que, no caso de España, son de carácter rexional (un por Comunidade Autónoma), sendo un deles o PDR de Galicia.

As estratexias de desenvolvemento local poden contribuír a varios dos obxectivos dos fondos estruturais de investimento europeos (fondos EIE); non obstante o desenvolvemento local participativo debe efectuarse no contexto dun único obxectivo temático. No ámbito do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) prográmase integramente na área focal: **6B «promover o desenvolvemento local nas zonas rurais»**. Neste marco as prioridades e áreas focais a alcanzar serán:

1A: Fomentar a innovación, a cooperación e o desenvolvemento da base de coñecementos nas zonas rurais.

2B: Facilitar a entrada no sector agrario de agricultores adecuadamente formados, así como o relevo xeracional.

3A: Mellorar a competitividade dos produtores primarios, fornecendo valor engadido aos produtos agrarios e promocionándoos nos mercados locais.

4A: Restaurar, preservar e mellorar a biodiversidade, os sistemas agrarios de alto valor natural, así como o estado das paisaxes europeas.

5: Promover a eficiencia dos recursos e fomentar o paso a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático nos sectores agrario, alimentario e forestal.

6A: Facilitar a diversificación, creación e desenvolvemento de pequenas empresas e a creación de emprego.

6C: Mellorar a accesibilidade ás tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), así como ao uso e a calidade destas nas zonas rurais.

Tendo en conta as características específicas do territorio rural galego e o xa citado obxectivo de contribuír á estratexia europea 2020 acadando un desenvolvemento territorial equilibrado, incluíndo a creación e a conservación do emprego, o enfoque Leader para o período 2014-2020 en Galicia, orientarase á consecución prioritaria dos seguintes obxectivos:

a) Mellorar as condicións para crear e manter emprego no medio rural.

b) Mellorar e implementar servizos para a poboación nas zonas rurais, favorecendo a mellora do nivel de vida da poboación rural, a inclusión social e a redución da pobreza.

c) Favorecer a ocupación sustentable do territorio, prestando atención especial aos colectivos máis desfavorecidos, como as mulleres, os mozos/as, as persoas con discapacidade, as persoas maiores, etc.

d) Garantir a sustentabilidade da actividade no medio rural mediante un coidado e utilización adecuados dos recursos naturais.

e) Potenciar a gobernanza local e a animación social do territorio.

f) Contribuír á concienciación e ao fomento da necesidade de pasar a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático, fomentando a utilización de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.

O encargado de deseñar e executar en cada territorio o plan enmarcado dentro do Programa Leader de Galicia 2014-2020 é o denominado **Grupo de Desenvolvemento Rural** (GDR), formado por un conxunto representativo de axentes públicos e privados dos diversos concellos que integran unha área concreta, no noso caso o GDR 17 Salnés-Ulla-Umia (ver Figura 63).

Figura 63 Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia

Fonte: Agader

A elaboración da Estratexia de desenvolvemento debe partir da **análise do territorio**, efectuando unha reflexión exhaustiva sobre os problemas, dificultades e necesidades así como sobre os recursos da área, xa que a valorización do potencial que estes encerran é a base para construír e desenvolver o plan de actuación.

Cómpre facer a análise dos recursos cos que se conta para o deseño dun proceso de desenvolvemento, que abrangue elementos físicos, recursos humanos, patrimoniais e socioculturais, así como factores de índole tecnolóxica. A análise do territorio recolle os seguintes aspectos:

1. Delimitación territorial e medio natural.
    - 1.1. Situación xeográfica.
    - 1.2. Análise do medio natural (recursos físicos).
2. Análise socio demográfica.
    - 2.1 Volume e distribución espacial da poboación.
    - 2.2 Evolución da poboación.
    - 2.3 Estrutura demográfica (estrutura da poboación por sexos e idades).
    - 2.4 Nivel de instrución.
    - 2.5 Indicadores da calidade de vida.
    - 2.6 Tecido asociativo.
    - 2.7 Elementos culturais propios do territorio.
3. Mercado de traballo.
4. Análise sectorial.

Unha vez cumprida a etapa de análise, procedeuse a determinación dos **estrangulamentos e potencialidades**, tanto internos coma externos, para detectar as principais dificultades e necesidades da área, así como os recursos cos que conta a área, a través da **metodoloxía DAFO** (ver Figura 64). En total detectáronse **66 aspectos positivos** e **67 aspectos negativos** que afectan ao conxunto de actividades da área.

Figura 64 Detección dos estrangulamentos e potencialidades. Metodoloxías DAFO

Fonte: elaboración propia

A continuación, esta fase de **Diagnose Estratéxica** deu paso á fase de **Deseño Estratéxico**, a que, en base o modelo de enfoque de abaixo-arriba seguido ao longo de todo o proxecto, supón a implicación de todos os axentes da zona na elaboración da Estratexia, e finalmente na súa aplicación.

Así, na primeira parte da fase de **Diagnóstico Estratéxico** fixéronse 8 Mesas Sectoriais (ver Figura 65) nas que se lle pediu a todas as entidades participantes (**245 entidades en total**) que formularan aquelas aportacións que consideraban necesarias para ter en conta na diagnose da área do GDR 17.

Figura 65 Mesas sectoriais do GDR 17

Fonte: elaboración propia

Para facilitar a participación e aportación das distintas entidades en todas as posibles áreas de actuación fíxose un traballo previo de documentación e análise.

Así, na primeira rolda de mesas entregóuselle a cada asociación un documento para que incluísen todas aquelas apreciacións e aspectos **que considerasen oportunos** para o diagnóstico do territorio no marco do programa Leader do GDR Salnés-Ulla-Umia e fixesen as **aportacións de actuacións a desenvolver** (ver Figura 66). Tamén se realizou un proceso de consulta á poboación en xeral sobre a situación actual de diversos aspectos do territorio, para o que se utilizou unha enquisa.

Figura 66 Cuestionario para a diagnose do territorio

gdr SALNÉS-ULLA-UMIA — ENQUISA DE PARTICIPACIÓN GDR SALNÉS-ULLA-UMIA

Tiela publicación por parte de AGADER das bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvimento local e para a selección e recoñecimento dos Grupos de Desenvolvimento Rural (GDR) como entidades colaboradoras na xestión do PROGRAMA LEADER GALICIA 2014-2020, dende o GDR SALNÉS-ULLA-UMIA (que está territorialmente composto polos concellos de Caldas de Reis, Cambados, Catoira, Cuntis, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Moaña, Pontecesures, Portas, Rosalonia, Sanxenxo, Vilaga, Villagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa), comezamos a realizar os trámites e traballos necesarios para elaborar a Estratexia de Desenvolvimento Local Participativo (EDLP) e tratar de conseguir para este territorio os fondos do Programa Leader Galicia 2014-2020. Deste xeito realizaranse xuntanzas informativas, reunións e mesas de traballo e enquisas na busca da maior participación posible de todos os axentes e poboación local na definición da devandita Estratexia.

A presente enquisa pretende ser unha ferramenta para a recolitida de opinións e propostas a desenvolver no territorio obxecto de actuación. Por supoxto, a enquisa é anónima e ás anonimato respectadas en todo o proceso, de xeito que unicamente se presentarán resultados agregados.

Non esqueza que a seriedade das súas respostas e do interese que poña nas súas propostas redundará na calidade do traballo e das conclusións que se colleran do estudio.

Recordámosle que pode cubrir este cuestionario on-line no seguinte enlace: http://goo.gl/forms/ODf5eCuZeCh95lE2

CONCELLO DE RESIDENCIA (indique o que fará as valoracións) ☐

XÉNERO: ☐ MULLER ☐ HOME

IDADE: ☐ MENOS DE 35 ANOS ☐ DE 35 A 50 ☐ DE 51 A 64 ☐ 65 OU MÁIS ANOS

EN BASE A SÚA PERCEPCIÓN AVALIE A SITUACIÓN ACTUAL NO SEU CONCELLO DE CADA UN DOS ASPECTOS RECOLLIDOS NA TÁBOA SEGUINTE, SENDO O VALOR "1" A VALORACIÓN MÁIS NEGATIVA E O VALOR "5" A VALORACIÓN MÁIS POSITIVA.

VALORACIÓN ACTUAL NO SEU CONCELLO DOS SEGUINTES ASPECTOS	1	2	3	4	5
TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS DA ZONA E ASPECTOS MEDIO AMBIENTAIS	Negativa	Algo Negativa	Normal	Algo Positiva	Moi positiva
Vías de comunicación (estradas, camiños, ...)	☐	☐	☐	☐	☐
Servizos de transporte (autobuses, taxis, ...)	☐	☐	☐	☐	☐
Número de oficinas bancarias	☐	☐	☐	☐	☐
Lugares/aldeas abandonadas	☐	☐	☐	☐	☐
Parques, xardín e zonas verdes	☐	☐	☐	☐	☐
Parques infantís e zonas recreativas	☐	☐	☐	☐	☐
Pasaxes / rutas (fluviais, senderismo, ...)	☐	☐	☐	☐	☐
Utilización de enerxías renováveis	☐	☐	☐	☐	☐
Selección / clasificación de residuos para reciclaxe	☐	☐	☐	☐	☐
Vertedeiros e ríos ou regatos, vertedeiros incontrolados ou contaminación	☐	☐	☐	☐	☐
SISTEMA SOCIAL	Negativa	Algo Negativa	Normal	Algo Positiva	Moi positiva
Perda de poboación	☐	☐	☐	☐	☐
Envelecemento da poboación	☐	☐	☐	☐	☐
Taxa de natalidade	☐	☐	☐	☐	☐
Servizos de atención ás persoas en risco de exclusión social	☐	☐	☐	☐	☐
Oferta de ocio e tempo libre	☐	☐	☐	☐	☐
Oferta cultural	☐	☐	☐	☐	☐
Asociacionismo e participación cidadá	☐	☐	☐	☐	☐

gdr SALNÉS-ULLA-UMIA — ENQUISA DE PARTICIPACIÓN GDR SALNÉS-ULLA-UMIA

VALORACIÓN ACTUAL NO SEU CONCELLO DOS SEGUINTES ASPECTOS					
ECONOMÍA E EMPRESA	Negativa	Algo Negativa	Normal	Algo Positiva	Moi positiva
Actividade económica no seu concello	☐	☐	☐	☐	☐
Existencia de oportunidades de negocio para a posta en marcha de empresas no seu concello	☐	☐	☐	☐	☐
Servizos de asesoramento sobre creación de empresas	☐	☐	☐	☐	☐
Posibilidades en encontrar traballo no seu concello	☐	☐	☐	☐	☐
Mercados municipais, feiras,...	☐	☐	☐	☐	☐
INNOVACIÓN E TECNOLOXÍA	Negativa	Algo Negativa	Normal	Algo Positiva	Moi positiva
Acceso ás TICs (internet banda ancha, teléfono móbil)	☐	☐	☐	☐	☐
Capacidade innovadora das pequenas e medianas empresas do concello	☐	☐	☐	☐	☐
Telecentros / Aulas de informática					
UNIVERSO PUBLICO E SERVIZOS	Negativa	Algo Negativa	Normal	Algo Positiva	Moi positiva
Centros de educación	☐	☐	☐	☐	☐
Centros de saúde	☐	☐	☐	☐	☐
Centros de día para a terceira idade	☐	☐	☐	☐	☐
Residencias para maiores	☐	☐	☐	☐	☐
Coordinación e cooperación dos organismos públicos (Concello, Deputación, Xunta, Goberno,...)	☐	☐	☐	☐	☐
Forzas de orde pública (policía local, policía nacional, garda civil, ...)	☐	☐	☐	☐	☐

TEN ALGUNHA PROPOSTA DE PROXECTO OU ACTUACIÓN QUE CONSIDERA QUE SE DEBERÍA DESENVOLVER NO SEU CONCELLO?

Por favor, indique brevemente, ou detalladamente, todas aquelas propostas ou actuacións que considere que deberían ser impulsadas dende a iniciativa privada (empresas, asociacións,...) ou dende a iniciativa pública (concello, Deputación, Xunta de Galicia,...) no seu concello ou área

MOITAS GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN!!!

Fonte: Elaboración propia

Deste xeito, finalmente como síntese de todo o proceso realizouse a definición dos obxectivos estratéxicos do GDR Salnés-Ulla-Umia para o período 2014-2020.

OBXECTIVO XENÉRICO DO GDR 17
PROMOCIÓN DO BENESTAR DOS CIDADÁNS NO RURAL A TRAVÉS DA MELLORA DAS CONDICIÓNS DE VIDA, O CRECEMENTO ECONÓMICO E DENDE A PERSPECTIVA DA SOSTIBILIDADE
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO GDR 17
1. MELLORAR E IMPLEMENTAR NOVOS SERVIZOS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS. 2. MELLORAR E IMPLEMENTAR INFRAESTRUTURAS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS. 3. PROTEXER E MELLORAR O MEDIO AMBIENTE E OS RECURSOS NATURAIS. 4. IMPULSAR A XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS E NA SÚA CONTORNA. 5. IMPULSAR A XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NOS ESPAZOS FORESTAIS. 6. ORDENAR, RECUPERAR E POÑER EN VALOR O PATRIMONIO RURAL. 7. DESENVOLVER ACCIÓNS DE VALORIZACIÓN DA PAISAXE TRADICIONAL. 8. DIVERSIFICAR, CREAR E DESENVOLVER PEMES NO RURAL.

9. MELLORAR A COMPETITIVIDADE DOS PRODUTORES PRIMARIOS, INCREMENTANDO O VALOR ENGADIDO AOS PRODUTOS AGRARIOS E FORESTAIS E PROMOCIONÁNDOOS NOS MERCADOS LOCAIS.
10. FOMENTO E PROMOCIÓN DO TURISMO NA ÁREA.
11. COOPERACIÓN.
12. FOMENTO DA PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.
13. PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA ÁREA E OS SEUS RECURSOS.
14. CAPACITACIÓN PARA O EMPREGO DIRIXIDA Á POBOACIÓN ACTIVA DA ÁREA.

3.4.- LIÑAS ESTRATÉXICAS, ESTRATEXIAS E ACTUACIÓNS.

Unha vez recompilada toda a información e realizado o DAFO procedeuse ao deseño das **Liñas Estratéxicas (LE)** e **Estratexias (E)**, que son resultados de todos os procesos de consulta e participación e diagnose desenvolvidos e dan resposta ao obxectivo xenérico do GDR e os seus obxectivos estratéxicos. Estas LE e E gardan unha estreita relación có obxectivo do **FEADER 6B «promover o desenvolvemento local nas zonas rurais»**, e especialmente coas prioridades e áreas focais seguintes:

1A: Fomentar a innovación, a cooperación e o desenvolvemento da base de coñecementos nas zonas rurais.

2B: Facilitar a entrada no sector agrario de agricultores adecuadamente formados, así como o revezamento xeracional.

3A: Mellorar a competitividade dos produtores primarios, fornecendo valor engadido aos produtos agrarios e promocionándoos nos mercados locais.

4A: Restaurar, preservar e mellorar a biodiversidade, os sistemas agrarios de alto valor natural, así como o estado das paisaxes europeas.

5: Promover a eficiencia dos recursos e fomentar o paso a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático nos sectores agrario, alimentario e forestal.

6A: Facilitar a diversificación, creación e desenvolvemento de pequenas empresas e a creación de emprego.

6C: Mellorar a accesibilidade ás tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), así como ao uso e a calidade destas nas zonas rurais.

As **Liñas Estratéxicas** do GDR Salnés-Ulla-Umia dan resposta a estas prioridades:

LIÑAS ESTRATÉXICAS GDR 17	Prioridade 1A	Prioridade 2B	Prioridade 3A	Prioridade 4A	Prioridade 5	Prioridade 6A	Prioridade 6C
LE1							X
LE2			X	X	X	X	
LE3	X			X			
LE4		X	X			X	
LE5	X						
LE1	X	X					

Tendo en conta as características específicas do territorio rural galego e o obxectivo de contribuír á estratexia europea 2020 acadando un desenvolvemento territorial equilibrado, incluíndo a creación e a conservación do emprego, o **enfoque Leader para o período 2014-2020 en Galicia**, orientarase á consecución prioritaria dos seguintes obxectivos:

1) Mellorar as condicións para crear e manter emprego no medio rural.
2) Mellorar e implementar servizos para a poboación nas zonas rurais, favorecendo a mellora do nivel de vida da poboación rural, a inclusión social e a redución da pobreza.
3) Favorecer a ocupación sustentable do territorio, prestando atención especial aos colectivos máis desfavorecidos, como as mulleres, os mozos/as, as persoas con discapacidade, as persoas maiores, etc.
4) Garantir a sustentabilidade da actividade no medio rural mediante un coidado e utilización adecuados dos recursos naturais.
5) Potenciar a gobernanza local e a animación social do territorio.
6) Contribuír á concienciación e ao fomento da necesidade de pasar a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático, fomentando a utilización de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.

As **Liñas Estratéxicas** propostas do GDR Salnés-Ulla-Umia dan resposta a estas prioridades do Leader para o período 2014-2020 en Galicia:

LIÑAS ESTRATÉXICAS GDR 17	Obxectivo 1	Obxectivo 2	Obxectivo 3	Obxectivo 4	Obxectivo 5	Obxectivo 6
LE1		X	X			
LE2	X		X	X		X
LE3	X		X	X		
LE4	X					
LE5					X	
LE1	X					X

Con posterioridade ao proceso de diagnose, nunha **segunda rolda de mesas sectoriais e consulta a entidades**, procedeuse á aprobación e priorización das Liñas Estratéxicas e Estratexias de desenvolvemento e a proposta de actuacións ou proxectos. As entidades valoraron todas aquelas Estratéxicas que consideraron máis importantes con puntuacións altas (4 e 5), aquelas dunha importancia media (3) e as de unha importancia por debaixo da media para o desenvolvemento na área (1 e 2) a través dun formulario que se lle entregou a tódalas entidades (ver Figura 67). A valoración obtida nesta priorización terase en conta para valorar os proxectos produtivos, outorgándolle unha maior puntuación no baremo segundo a prioridade da liña na que se enmarquen.

Figura 67 Formulario para a priorización das Liñas de Estratéxicas do programa

gdr SALNÉS-ULLA-UMIA LEADER 2014-2020

VALORACIÓN DE LIÑAS ESTRATÉXICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ESTRATEXIA DO GDR

Sinale cun círculo ③ o grao de importancia de cada unha das Estratexias propostas

LIÑAS ESTRATÉXICAS ESTRATEXIAS	IMPORTANCIA MENOR ⟷ MAYOR 1	2	3	4	5
1. MELLORA E IMPLEMENTACIÓN DE SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.					
1.1 MELLORA E IMPLEMENTACIÓN DE SERVIZOS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.	1	2	3	4	5
1.2 MELLORA E IMPLEMENTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.	1	2	3	4	5
2. MEDIO NATURAL E SUSTENTABILIDADE DA ACTIVIDADE NO MEDIO RURAL.					
2.1 PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE E DOS RECURSOS NATURAIS.	1	2	3	4	5
2.2. IMPULSO DA XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NAS EXPLOTACIONS AGRARIAS E NA SUA CONTORNA.	1	2	3	4	5
2.3 IMPULSO DA XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NOS ESPAZOS FORESTAIS.	1	2	3	4	5
3. POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO RURAL E DA PAISAXE.					
3.1 ORDENACIÓN, RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO RURAL.	1	2	3	4	5
3.2 ACCIÓNS DE VALORIZACIÓN DA PAISAXE TRADICIONAL.	1	2	3	4	5
4. MELLORA DA COMPETITIVIDADE, DIVERSIFICACIÓN PRODUTIVA E INNOVACIÓN DA ECONOMIA RURAL					
4.1 DIVERSIFICACIÓN, CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PEQUENAS EMPRESAS.	1	2	3	4	5
4.2 MELLORA DA COMPETITIVIDADE DOS PRODUTORES PRIMARIOS, INCREMENTANDO O VALOR ENGADIDO AOS PRODUTOS AGRARIOS E PROMOCIONANDOOS NOS MERCADOS LOCAIS	1	2	3	4	5
4.3 ACTUACIÓNS ORIENTADAS AO FOMENTO E PROMOCIÓN DO TURISMO.	1	2	3	4	5
5. COOPERACIÓN, ANIMACIÓN SOCIAL DO TERRITORIO E PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA ÁREA E OS SEUS RECURSOS.					
5.1 COOPERACIÓN	1	2	3	4	5
5.2 FOMENTO DA PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.	1	2	3	4	5
5.3 PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA ÁREA E OS SEUS RECURSOS.	1	2	3	4	5
6. FORMACIÓN E XERACIÓN DE EMPREGO					
6.1 PROXECTOS DE CAPACITACIÓN PARA O EMPREGO DIRIXIDOS A POBOACIÓN ACTIVA DA ÁREA, COA FINALIDADE DE AUMENTAR A SUA EMPREGABILIDADE	1	2	3	4	5

Fonte: Elaboración propia

Nesta segunda rolda tamén se presentou, a título informativo e para a súa revisión e aprobación na segunda reunión da Xunta Directiva, o **modelo de baremo**

para valorar os proxectos, produtivos e non produtivos, no marco do programa Leader 2014-2020 Salnés-Ulla-Umia.

O baremo está composto duns criterios para avaliar os proxectos produtivos e outros para avaliar os proxectos non produtivos. A función dese documento é establecer unha puntuación para cada proxecto, e en base a esa puntuación asignarlle unha porcentaxe de subvención con cargo ao programa (tendo en conta as limitacións e requisitos establecidos nas bases do mesmo).

Unha vez recollidas todas as achegas relativas a prioridade das Liñas Estratéxicas, procedeuse a calcular a media da valoración de cada liña. Deste xeito, na Figura 68 recóllese o valor medio do valor da priorización das Liñas Estratéxicas segundo os 6 grupos de medidas. Destácase a alta prioridade alcanzada por todas as medidas, o que implica unha relevante necesidade para o seu desenvolvemento na comarca.

Figura 68 Valor medio das priorizacións por Liñas Estratéxicas

Fonte: Elaboración propia

Na Figura 69 recóllese o listado das 6 Liñas Estratexias propostas, priorizadas nas mesas sectoriais e aprobadas na xunta directiva.

Figura 69 Estratexias priorizadas polas entidades

Fonte: Elaboración propia a partir da consulta ás entidades

Na Figura 70 recóllese o listado e ordenado das 14 Estratexias propostas, priorizadas nas mesas sectoriais e aprobadas na xunta directiva.

Unha vez priorizadas as Estratéxicas por parte de todas as entidades socias do GDR, pasouse ao deseño e elaboración dos 3 grupos de Estratéxicas que permitirán outorgar a valoración/puntuación en base a prioridade das mesmas (segundo se recolle no baremo). Deste modo, definíronse 3 niveis:

- Estratexias cunha prioridade por riba da media do conxunto: outorgaráselle 10 puntos no baremo.
- Estratexias cunha prioridade na media do conxunto: outorgaráselle 7 puntos no baremo.
- Estratexias cunha prioridade por debaixo da media do conxunto: outorgaráselle 5 puntos no baremo.

Para o deseño dos 3 grupos realizáronse diversas probas estatísticas, optándose finalmente por compoñer os 3 grupos cun número de 6 Estratexias de prioridade alta, 4 de prioridade media e 4 de prioridade por debaixo da media. Na

Táboa 43 recóllese a prioridade media de cada Estratexia e o grupo de pertenza das mesmas.

Figura 70 Estratexias priorizadas polas entidades

Fonte: Elaboración propia a partir da consulta ás entidades

O primeiro grupo con valores está composto por aquelas Estratexias que están **por debaixo da media global** de prioridade Táboa 43) e está formado por 4 Estratexias (LE1.E1.2; LE5.E5.2; LE5.E5.1; LE5.E5.3); o grupo que se encontra **ao redor da media global** (indicadas con texto gris na Táboa 44) está formado por 4 Estratexias (LE6.E6.1; LE2.E2.1; LE2.E2.3, LE4.E4.2) e por último o grupo con valoracións **por riba da media** (indicadas con texto verde na Táboa 45) está composto por 6 Estratexias (LE1.E1.1; LE3.E3.2; LE4.E4.3; LE2.E2.2; LE3.E3.1; LE4.E4.1).

Táboa 43 Estratexias cunha prioridade por debaixo da media e cuxos proxectos recibirán no baremo 5 puntos

ESTRATEXIAS	PRIORIDADE
LE1.E1.2 MELLORA E IMPLEMENTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.	3,54
LE5.E5.2 FOMENTO DA PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS NAS LE5.E ZONAS RURAIS.	3,46
LE5.E5.1 COOPERACIÓN	3,38
LE5.E5.3 PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA ÁREA E OS SEUS RECURSOS.	2,88

Fonte: Elaboración propia

Táboa 44 Estratexias cunha prioridade na media e cuxos proxectos recibirán no baremo 7 puntos

ESTRATEXIAS	PRIORIDADE
LE6.E6.1 PROXECTOS DE CAPACITACIÓN PARA O EMPREGO DIRIXIDOS Á POBOACIÓN ACTIVA DA ÁREA, COA FINALIDADE DE AUMENTAR A SÚA EMPREGABILIDADE.	3,81
LE2.E2.1 PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE E DOS RECURSOS NATURAIS.	3,65
LE2.E2.3 IMPULSO DA XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NOS ESPAZOS FORESTAIS.	3,65
LE4.E4.2 MELLORA DA COMPETITIVIDADE DOS PRODUTORES PRIMARIOS, INCREMENTANDO O VALOR ENGADIDO AOS PRODUTOS AGRARIOS E PROMOCIONÁNDOOS NOS MERCADOS LOCAIS	3,65

Fonte: Elaboración propia

Táboa 45 Estratexias cunha prioridade por riba da media e cuxos proxectos recibirán no baremo 10 puntos

ESTRATEXIAS	PRIORIDADE
LE1.E1.1 MELLORA E IMPLEMENTACIÓN DE SERVIZOS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.	4,42
LE3.E3.2 ACCIÓNS DE VALORIZACIÓN DA PAISAXE TRADICIONAL.	4,15
LE4.E4.3 ACTUACIÓNS ORIENTADAS AO FOMENTO E PROMOCIÓN DO TURISMO.	4,15
LE2.E2.2 IMPULSO DA XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS E NA SÚA CONTORNA.	3,96
LE3.E3.1 ORDENACIÓN, RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO RURAL.	3,92
LE4.E4.1 DIVERSIFICACIÓN, CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PEQUENAS EMPRESAS.	3,85

Fonte: Elaboración propia

3.4.1.- Listado de actuacións aportadas polas entidades.

A metodoloxía do programa LEADER, como xa se comentou, segue un enfoque de abaixo-arriba, xa que o plan de desenvolvemento é definido e aplicado polos axentes de cada territorio. Así, a peza central da metodoloxía LEADER ven constituída polos GDR, que son o conxunto de axentes públicos e privados que definen e aplican o plan de desenvolvemento para o territorio adaptado ao mesmo, e que responde ás necesidades e potencialidades que este presenta.

Por todo o anterior, solicitouse a todas as asociacións/entidades pertencentes ao GDR Salnés-Ulla-Umia que indicaran aquelas actuacións que consideraran que debían promoverse ou desenvolverse, tanto pola súa propia asociación/entidade como por outras (entidades, empresas ou administracións públicas), no marco do ámbito de actuación do programa Leader GDR Salnés-Ulla-Umia. Deste xeito as actuacións podían ser propostas para seren desenvoltas pola mesma entidade que a propoñía ou por calquera outra entidade ou administración, facilitando e ampliando deste xeito o ámbito de aportación de cada entidade podendo apartar as mesmas todas aquelas actuacións que consideraran relevantes para o territorio.

A continuación recóllense, ordenadas Liñas Estratéxicas e Estratexias todas as actuacións aportadas polas entidades, que suman cerca dun total de 150.

LE.1. MELLORA E IMPLEMENTACIÓN DE SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.

1.1. MELLORA E IMPLEMENTACIÓN DE SERVIZOS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.
1.2. MELLORA E IMPLEMENTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.

LE.2. MEDIO NATURAL E SUSTENTABILIDADE DA ACTIVIDADE NO MEDIO RURAL.

2.1. PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE E DOS RECURSOS NATURAIS.
2.2. IMPULSO DA XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS E NA SÚA CONTORNA.
2.3. IMPULSO DA XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NOS ESPAZOS FORESTAIS.

LE.3. POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO RURAL E DA PAISAXE.

3.1. ORDENACIÓN, RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO RURAL.
3.2. ACCIÓNS DE VALORIZACIÓN DA PAISAXE TRADICIONAL.

LE.4. MELLORA DA COMPETITIVIDADE, DIVERSIFICACIÓN PRODUTIVA E INNOVACIÓN DA ECONOMÍA RURAL.

4.1. CREACIÓN DE PEQUENAS EMPRESAS.
4.2. MELLORA DA COMPETITIVIDADE DOS PRODUTORES PRIMARIOS, INCREMENTANDO O VALOR ENGADIDO AOS PRODUTOS AGRARIOS E FORESTAIS E PROMOCIONÁNDOOS NOS MERCADOS LOCAIS
4.3. ACTUACIÓNS ORIENTADAS AO FOMENTO E PROMOCIÓN DO TURISMO NA ÁREA.

LE.5. COOPERACIÓN, ANIMACIÓN SOCIAL DO TERRITORIO E PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA ÁREA E OS SEUS RECURSOS.

5.1. COOPERACIÓN
5.2. FOMENTO DA PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.
5.3. PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA ÁREA E OS SEUS RECURSOS.

LE.6. FORMACIÓN E XERACIÓN DE EMPREGO.

6.1. PROXECTOS DE CAPACITACIÓN PARA O EMPREGO DIRIXIDOS Á POBOACIÓN ACTIVA DA ÁREA, COA FINALIDADE DE AUMENTAR A SÚA EMPREGABILIDADE.

LE1. MELLORA E IMPLEMENTACIÓN DE SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.
E1.1. MELLORA E IMPLEMENTACIÓN DE SERVIZOS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.
TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS
• Servizos á poboación dependente en áreas rurais, tales como: centros de inclusión e emerxencia social; centros de integración, inserción ou inclusión de persoas con discapacidade; Centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, Centros de día). • Proxectos orientados a fomentar o desenvolvemento das persoas no medio rural, mellorando a súa situación e a súa contorna social, laboral e económico. • Servizos de transporte en áreas de baixa densidade de poboación ou dificultades de acceso. • Investimentos relacionados co desenvolvemento e difusión das TICs no medio rural (tales como aulas de informática, acceso a internet,…). • Implantación ou desenvolvemento de servizos vinculados ao lecer, ao deporte ou á cultura.
ACTUACIÓNS
• Servizos de liñas de transporte no rural para fomentar o acceso das persoas aos servizos e posibilidade de desprazamentos para traballo, ocio,... Plan de mobilidade e mellora do transporte público no rural. • Desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais, para achegar deste xeito os servizos públicos aos cidadáns sen necesidade de desprazamentos • Internet gratuíto ou accesible para todo o mundo, aula de informática,… • Aplicar programas de alfabetización e utilización das TIC's, e de formación e capacitación nas novas tecnoloxías. • Creación dunha páxina web para todas as asociacións culturais da comarca. • Fomentar o apoio as escolas de baile rexional, xa que forma parte da nosa cultura, con profesores de baile e gaita a nivel comarcal. • Desenvolver iniciativas que melloren a autonomía dos maiores e das súas familias, con centros de esparcemento e atención nos concellos para facilitar a vida laboral aos seus fillos e fillas. • Impulso de desenvolvemento de empresas de servizos persoais, a través da creación de empresas cooperativas ou sociedades limitadas laborais. • Centro de Día e de Noite (esporádicas), con servizos os fines de semana. • Apoio das iniciativas de axuda a domicilio. • Impartir cursos relacionados cos coidados das persoas maiores e dependentes. • Realizar campañas preventivas ou simplemente informativas sobre certas enfermidades que afectan totalmente ou parcialmente as mulleres. Ex: cáncer de mama, útero, diabetes, obesidade, artrites,… • App móbil ou sistema de comunicación informático para unha comunicación máis áxil e eficaz cos veciños (actividades, actuacións,...). • Creación dun folleto informativo semestral conxunto de todos os servizos das distintas entidades da área.

LE1. MELLORA E IMPLEMENTACIÓN DE SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.

E1.2. MELLORA E IMPLEMENTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.

TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS

- Creación, rehabilitación, mellora ou modernización de centros asistenciais a colectivos con necesidades específicas: nenos, maiores, dependentes, persoas en risco de exclusión social.
- Creación, rehabilitación, mellora ou modernización de centros, locais ou espazos culturais, cívicos e sociais.

ACTUACIÓNS

- Centros de días ou centros da 3ª idade mancomunados entre varios concellos que faciliten ás familias a conciliación da vida laboral e familiar.
- Creación de "carrís bici" ou sendas, que recorra o litoral dende os principais núcleos urbáns, con zonas específicas de aparcamento das bicicletas, utilizándoas tamén como ferramentas de difusión do patrimonio e recursos.
- Creación, mellora e consolidación de infraestruturas deportivas no rural.
- Centro Cultural de Corvillón (Cambados): creación dunha nova aula de informática (actualmente hai unha sala con 5 ordenadores vello), construción dun aseo de minusválidos e mellorar acusticamente o pequeno salón de actos
- Centro Cultural de Vilariño (Cambados): creación dunha nova aula de informática (actualmente hai unha precaria), arranxo ou solución da galería orientada ao sur (mete bastante auga) e mellorar acusticamente o pequeno salón de actos.
- CEIP de Vilariño (Cambados): O colexio ten 150 alumnos/as de educación infantil e primaria e posúe a única instalación deportiva cuberta desta parroquia de máis de 2.400 habitantes. Mellora da pista, a iluminación e os vestiarios.
- Reforma da Casa da Cultura de San Vicente (O Grove), con algunhas actuacións que se contemplarían como prioritarias.
- Mellora do Parque de Pasales (conta cunha pista de padel). A actuación iría encamiñada a dotalo de servizos e equipamentos: aseos, baños,...(dinamización da área, servizos para os veciños e veciñas).
- Mellora da piscina no concello de Meaño.
- Creación dun Centro Social na parroquia de San Martiño (Meis).
- Creación dun Centro Social na parroquia de Nogüeira (Meis).
- Reforma do Edificio Publico Multiusos localizado no casco urbano de Santa Lucia que se atopa nun estado moi deteriorado (Rúa 6, Santa Lucia de Moraña).
- Actuación nas antigas escolas de Briallos.
- Actuación no Edificio da Azucreira de Portas.
- Actuacións prioritarias para desenvolver no Centro Social de Pontecesures (actuacións de mantemento, instalación de cociña, mellora dos baños, equipo multimedia, iluminación).
- Mellora de infraestruturas de centros de atención a persoas discapacitadas /dependentes. Mellora e ampliación CODI (centro ocupacional discapacitados) de Valga. Dotalo de equipamento adaptado e de axudas técnicas.
- Dotación de centros culturais de Cambados: 2 casas de cultura, Dorrón e Adina. O salón de actos non dispón de plataforma para poder facer obras de teatro ou actuacións musicais polo que se propón a dotación, para cada unha delas, dun escenario modular de aproximadamente 6x4 m con escaleira, barandilla e patas regulables. Tamén se propón a ampliación do escenario do auditorio do Pazo Emilia Pardo Bazán con módulos móbiles de aproximadamente 7 m2.
- Dotación de equipamento técnico de iluminación: auditorio do Pazo Emilia Pardo Bazán. Non dispón de iluminación apropiada para levar a cabo representacións teatrais polo que cada vez que se leva a cabo unha actividade deste tipo é necesario contratar o equipamento técnico necesario.
- Creación dun centro social na parroquia de Vilalonga, única parroquia do concello que non dispón dun (Sanxenxo).
- Recuperación, rehabilitación, mellora ou ampliación de espazos culturais, cívicos e sociais, orientados a mellorar a calidade das persoas no rural.
- Mellora de infraestruturas de lecer, ludotecas, espazos de ocio, deportivos,…
- Dotación de equipamento e mobiliario para a Casa Escudeiro (Meis).

LE2. MEDIO NATURAL E SUSTENTABILIDADE DA ACTIVIDADE NO MEDIO RURAL.
E2.1. PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE E DOS RECURSOS NATURAIS.
TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS
• Inversións en melloras vinculadas á xestión de áreas naturais. • Mellora da articulación, mantemento, difusión,… dos espazos libres públicos. • Accións de sensibilización e divulgación medioambiental, orientadas á difundir a importancia da mitigación do cambio climático e a necesidade dunha transición a unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono. • Impulsar a mellora da eficiencia enerxética e utilización das enerxías renovables nas entidades públicas e sociais.
ACTUACIÓNS
• Recuperación dos contornos dos ríos e valorización dos mesmos (rutas, sendas,…). • Educación e sensibilización ambiental en colexios e con outros colectivos (asociacións,...). • Mellora da recollida selectiva nos espazos rurais, a través da creación de puntos limpos e puntos verdes de reciclaxe e compostaxe. • Fomentar a instalación de caldeiras de biomasa ou pelets en edificios e outras instalacións. • Impulso da recollida de roupa usada e de aceites domésticos nos concellos. • Control e localización, e se é posible eliminación, de vertedoiros incontrolados no rural. • Apoio a campañas de formación e control sobre o bo uso dos fitosanitarios e a trazabilidade. • Desenvolvemento de plans de eficiencia enerxética.

LE2. MEDIO NATURAL E SUSTENTABILIDADE DA ACTIVIDADE NO MEDIO RURAL.
E2.2. IMPULSO DA XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS E NA SÚA CONTORNA.
TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS
• Incorporación dos criterios de xestión ambiental nas explotacións agrarias. • Proxectos orientados ao aforro enerxético nas explotacións agrarias. • Proxectos orientados á redución ou eliminación de residuos derivados das actividades agrarias ou a súa valorización.
ACTUACIÓNS
• Xestión de recursos hídricos e sistemas de tratamento de augas residuais nas explotacións. • Desenvolvemento e mellora da recollida selectiva de residuos das explotacións, coa creación de puntos de recollida e tratamento de restos orgánicos procedentes das empresas transformadoras da horta e das explotacións agrarias. • Implantación de enerxías renovables nas empresas/explotacións, con axudas para a implantación de sistemas de aforro enerxético nas explotacións gandeiras e agrarias (enerxía solar, plantas de coxeneración,...). • Impulso, desenvolvemento e implantación de Sistemas para a Compostaxe. • Instalación de medios de rega e abonado. • Tratamento de residuos de produtos agrarios (abonos, sulfatos,...).

LE2. MEDIO NATURAL E SUSTENTABILIDADE DA ACTIVIDADE NO MEDIO RURAL.
E2.3. IMPULSO DA XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NOS ESPAZOS FORESTAIS E NA SÚA CONTORNA.
TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS
• Mellora da utilización dos recursos hídricos superficiais, subterráneos e pluviais en áreas forestais. • Proxectos orientados á conservación e incremento da biodiversidade nos espazos forestais. • Proxectos de optimización e valorización integral do monte a través do aproveitamento dos distintos recursos e servizos que pode proporcionar: gandería, cogomelos, castañas, oliveiras, caza,…
ACTUACIÓNS
• Mellora da utilización dos recursos hídricos superficiais nos montes: utilización das augas subterráneas e pluviais en áreas forestais para desenvolver estruturas (depósitos, estanques,...) que permitan o seu aproveitamento no monte (bebedeiros para animais, embalses para a loita contra os incendios,...). • Impulso das actividades orientadas a prevención de incendios forestais. • Fomento de estruturas para a xestión e valorización dos residuos forestais. • Recuperación e acondicionamento de embalses. • Fomentar, difundir, impulsar,... o coñecemento das masas forestais. • Recuperación de espazos forestais degradados ambientalmente (recuperación dos montes, individuais ou colectivos). • Estudos de viabilidade de iniciativas de aproveitamento dos distintos recursos e servizos que poden proporcionar os espazos forestais: gandería, cogomelos, castañas, oliveiras, caza, mel,…

LE3. POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO RURAL E DA PAISAXE.
E3.1. ORDENACIÓN, RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO RURAL.
TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS
• Proxectos de ámbito supramunicipal que supoñan a promoción e valorización dos recursos do territorio (edicións de libros, mapas, guías, páxinas web, eventos, certames e concursos, agás a asistencia a feiras). • Actuacións para a protección, recuperación e posta en valor do patrimonio natural e cultural, tanxible e intanxible, existente na área. • Restauración e recuperación de áreas degradadas, como instrumento para o aumento e conservación da biodiversidade. • Fomentar as usos sociais, recreativos e educativos do patrimonio da área.
ACTUACIÓNS
• Construción dunha réplica de drakar vikingo en fibra de vidro (Catoira). Reduciría os custes de mantemento de forma importante e permitiría un mnellor desenvolvemento da promoción da romaría vikinga. • Recuperación do patrimonio histórico cultural mineiro (Valga). Reconstrución da liña de vagonetas de transporte de arcilla dende a Mina Mercedes ao porto de carga e descarga no Río Ulla. • Creación dun centro de interpretación de caña do pais (Valga). • Congreso internacional "A Bella Epoque. A Bella Otero" (Valga). • Rede municipal de museos Pedagóxico-Didácticos, orientados á fomentar a interxeneracionalidade e a difundir os recursos, cultura,... do concello de Valga. • Recuperación dos camiños tradicionais dos pasos de burros (moenda), na zona de Coba da Loba a o esteiro de Punta Moreiras (O Grove). • Recuperación e posta en valor do patrimonio natural e cultural, tanxible e intanxible, dos concellos a través da recuperación de infraestruturas, edificios senlleiros, costumes,... • Edicións de libros, mapas, guías, páxinas web, eventos, certames e concursos orientados á difusión e posta en valor do patrimonio rural, tanxible e intanxible. •

LE3. POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO RURAL E DA PAISAXE.
E3.2. ACCIÓNS DE VALORIZACIÓN DA PAISAXE TRADICIONAL.
TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS
• Rutas de sendeirismo homologadas pola Federación Galega de Montaña. • Construción de miradoiros, así como a eliminación de elementos discordantes na contorna dos mesmos. • Desenvolvemento e promoción de rutas, itinerarios ou sendas verdes orientadas ao desenvolvemento de actividades como poden ser bicicleta, sendeirismo, cabalo, viticultura,… • Outras actuacións encamiñadas á valorización da paisaxe tradicional.
ACTUACIÓNS
• Desenvolvemento dunha ruta de sendeirismo en Meaño para a posta en valor do patrimonio do concello. • Creación dunha senda ao carón duns muíños no Grove, e recuperación dos mesmos, como atractivo dinamizar da área. • Construción de miradoiros ou recuperación de construcións e infraestruturas patrimoniais senlleiras.

LE4. MELLORA DA COMPETITIVIDADE, DIVERSIFICACIÓN PRODUTIVA E INNOVACIÓN DA ECONOMÍA RURAL
E4.1. CREACIÓN DE PEQUENAS EMPRESAS.
TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS
• Apoio á posta en marcha de iniciativas empresariais fundamentalmente promovidas por mozos/as, mulleres,... e en xeral colectivos en situación de exclusión social. • Fomento da cultura emprendedora a través de estudos, servizos de apoio e asesoramento a emprendedores, identificación e difusión de oportunidades de negocio,... • Impulso de iniciativas orientadas ao aproveitamento dos recursos endóxenos das áreas rurais: ecoparques, granxas escola,… • Impulso da incorporación de poboación nova e capacitada ás explotacións, tratando de estimular a introdución da I+D+i e a mellora dos sistemas produtivos. • Actuacións encamiñadas a favorecer a difusión e comercialización dos produtos locais. • Creación de novos produtos turísticos baseados no patrimonio rural que contribúan ao desenvolvemento e mantemento sostible e medioambientalmente correcto dos recursos do territorio.
ACTUACIÓNS
• Impulso dos "Empregos verdes" (orientados á producir bens ou prestar servizos que beneficien ao medio ambiente). • Impulso da agricultura ecolóxica ou da agricultura integrada. • Apoio á diversificación de actividade de tipo forestal (produción de froitos secos, madeiras de calidade, mel, cogomelos, gandería,…). • Innovación e impulso da comercialización a través de internet de produtos agrarios, forestais, hortícolas,... • Desenvolvemento de estudios de mercado para os produtos agrarios, forestais, hortícolas,... • Apoio e asesoramento para a creación de sociedades laborais ou cooperativas de servizos ou produtos agrarios, especialmente por parte de mozos e mulleres, buscando tamén o obxectivo da integración laboral. • Realizar unha análise para a detección de necesidades nas diversas actividades agroforestais co obxectivo de identificar novas oportunidades de negocio. • Desenvolvemento de estudios sobre novos nichos de mercado e oportunidades de negocio. • Desenvolvemento de servizos de apoio ás empresas (información, orientación, apoio na elaboración de acceso ás axudas públicas,…). • Servizos de asesoramento e tutorización as empresas de nova creación nas primeiras fases do proxecto empresarial. • Impulso de iniciativas orientadas ao aproveitamento dos recursos endóxenos das áreas rurais: ecoparques, granxas escola,… • Fomento da cultura emprendedora • Impulso da incorporación de poboación nova e capacitada ás explotacións agrarias. • Desenvolvemento de estratexias de cooperación entre empresas para a mellora competitiva. • Desenvolvemento do sector comercial no rural.

LE4. MELLORA DA COMPETITIVIDADE, DIVERSIFICACIÓN PRODUTIVA E INNOVACIÓN DA ECONOMÍA RURAL
E4.2. MELLORA DA COMPETITIVIDADE DOS PRODUTORES PRIMARIOS, INCREMENTANDO O VALOR ENGADIDO AOS PRODUTOS AGRARIOS E FORESTAIS E PROMOCIONÁNDOOS NOS MERCADOS.
TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS
• Impulso da diferenciación dos produtos da área, a través dunha imaxe diferenciada e con produtos de maior valor engadido. • Creación de proxectos conxuntos de promoción ou desenvolvemento de estudos para a valorización dos recursos da área. • Creación de proxectos conxuntos de comercialización ou desenvolvemento de estudos para a comercialización dos recursos da área. • Impulso de iniciativas orientadas ao desenvolvemento da agricultura ecolóxica ou produción integrada. • Investimentos para a transformación e comercialización dos produtos, dando valor engadido ás producións e facilitando o seu acceso aos mercados. • Accións de formación e actualización profesional en materia de ordenación e conservación do espazo agroforestal, aproveitamento racional e sustentable do monte, diversificación das producións agrarias,…
ACTUACIÓNS
• Proxectos de cooperación entre produtores forestais, empresas de transformación e comercialización forestal e centros tecnolóxicos e de investigación de cara a desenvolver novos procesos, tecnoloxías, produtos ou servizos. • Apoio o desenvolvemento de marcas de garantía, etiquetas de calidade ou imaxe diferenciada para os produtos da horta da área. • Apoio o desenvolvemento de marcas de garantía ou imaxe diferenciada para a caña do país (Valga). • Implantación de sistemas de calidade en industrias agroalimentarias. • Mellora dos sistemas de control en mercados e feiras e impulso dos mesmos. • Novas elaboracións e preparación de produtos derivados da horta, en busca de produtos de maior valor engadido e diferencial. • Impulso da comercialización de produtos hortícolas transformados, cun maior valor engadido. • Recuperación de produtos típicos da área, con unha imaxe diferenciada (cebola de Corón, caña do país,...). • Impulso de proxectos de cooperación entre os produtores locais e as empresas comercializadoras locais para a venda de produtos da área, con unha imaxe diferenciada e de calidade. • Campañas de comunicación e sensibilización cara as empresas de distribución e cara os consumidores finais sobre calidade alimentaria dos produtos da área. • Campañas de fomento do autoabastecemento dos mercados locais con produtos da zona e de consumo dos mesmos.

LE4. MELLORA DA COMPETITIVIDADE, DIVERSIFICACIÓN PRODUTIVA E INNOVACIÓN DA ECONOMÍA RURAL

E4.3. ACTUACIÓNS ORIENTADAS AO FOMENTO E PROMOCIÓN DO TURISMO NA ÁREA.

TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS

- Investimentos que supoñan melloras en establecementos de aloxamento e restauración (Exclusivamente: gastos que sexan necesarios para a obtención do recoñecemento dun aumento de categoría do establecemento, actuacións destinadas a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas).
- Investimentos que supoñan a implantación de servizos turísticos complementarios (actividades recreativas e de animación turística, espectáculos, actividades de aventura ou natureza, actividades deportivas como golf, náuticas, esquí, hípica e outras, actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural, balnearios e centros de talasoterapia) a un establecemento de aloxamento ou de restauración.
- Investimentos que supoñan a creación de novas prazas de aloxamento (Limitacións. Ver as bases).
- Creación de novos restaurantes situados en construcións patrimoniais senlleiras (pazos, patrimonio industrial, pallozas, faros, etc.).
- Investimentos orientados á desestacionalizar a demanda e deslocalizala a outras zonas distintas ás costeiras.
- Posta en marcha de proxectos de cooperación entre diversos axentes (bodegas, empresas de náutica, empresas de servizos, axencias de transporte, produtores, hostaleiros,...) e recursos (viño, rutas, náutica, gastronomía, horta,…).

ACTUACIÓNS

- Creación de produtos turísticos, orientados a pequenas empresas multisectoriais baixo o concepto de “Turismo en rede”, utilizando as capacidades individuais e promocionando de forma conxunta, unións tipo “joint venture”,...
- Impulso do turismo rural, impulsando o aproveitamento económico da cultura do rural, a través por exemplo do desenvolvemento do agroturismo.
- Desenvolvemento de produtos turísticos que inclúan información dos establecementos comerciais da área así como os seus produtos típicos.
- Fomento de actividades turísticas de promoción: ecomarea, fotografía submarina, fotografía do entorno natural,…
- Cooperación interempresarial para a promoción e comercialización de produtos e servizos da área.
- Desenvolvemento e promoción de actividades cinexéticas como reclamo turístico.
- Investimento en infraestruturas para a musealización no rural.
- Desenvolvemento de empresas para o aproveitamento dos recursos rurais como produto turístico: actividades no rural, visitas guiadas, rutas ambientais,...
- Apoio a iniciativas de fomento do turismo deportivo (ala-delta, montañismo, …).
- Creación de novos restaurantes situados en construcións patrimoniais senlleiras (pazos, patrimonio industrial, pallozas, faros, etc.).
- Investimentos orientados á desestacionalizar a demanda e deslocalizala a outras zonas distintas ás costeiras.
- Mellorar e impulso das actividades turísticas no rural mediante actividades de formación, información,…
- Promover e manter rutas turísticas, sendas, camiños, infraestruturas,... que favorezan, ademais da promoción do rural, unha recuperación medioambiental, respectando as tradicións de cada zona e aproveitando as novas tendencias (rutas en bicicleta, sendeirismo,...).
- Difusión dos recursos naturais de alto valor natural e paisaxístico existentes na área, por exemplo a través de proxectos conxuntos entre varios concellos (utilizando por exemplo un recurso común).
- Musealización do patrimonio etnográfico (castros, vilas romanas, centros de interpretación ou museos,…). Por exemplo, na vila de Cuntis co Castro de Castro Landín.
- Impulso da variante espiritual do camiño Xacobeo, como ferramenta dinamizadora do rural e desestacionalizadora.
- Revalorización das festas dedicadas a exaltación e promoción de produtos propios da área.
- Inventario e posta en valor do Patrimonio arqueolóxico da área.

LE.5. COOPERACIÓN, ANIMACIÓN SOCIAL DO TERRITORIO E PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA ÁREA E OS SEUS RECURSOS.
E5.1. COOPERACIÓN.
TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS
• Impulso da coordinación das institucións públicas e entidades privadas relacionadas coa área, desenvolvendo por exemplo proxectos de cooperación intermunicipal para a realización de inversións conxuntas ou servizos compartidos (abastecementos, obras,…). • Cooperación con outros territorios para o desenvolvemento de proxectos comúns, difusións de boas prácticas,… • Cooperación cos grupos de Acción Costeira Ría de Arousa e Ría de Pontevedra para o desenvolvendo conxunto de actividades ou proxectos. • Desenvolvemento de accións encamiñadas ao coñecemento dos diferentes axentes e o fomento da cooperación interasociativa, apoiando os emprendementos sociais. • Desenvolver unha metodoloxía ascendente que posibilite a participación efectiva da poboación nos proxectos que se desenvolvan, integrando todos os actores a diferentes escalas. • Impulsar a unión de recursos turísticos entre diversas áreas para conseguir un destino turístico de maior interese, fomentando o aumento de visitantes e das pernoitas.
ACTUACIÓNS
• Impulso da coordinación das institucións públicas e entidades privadas relacionadas coa área, na busca de sinerxias, aforros de costes,... • Cooperación con outros territorios para o desenvolvemento de proxectos comúns, difusións de boas prácticas,… • Cooperación cos grupos de Acción Costeira Ría de Arousa e Ría de Pontevedra para o desenvolvendo conxunto de actividades ou proxectos. • Desenvolvemento de accións encamiñadas ao coñecemento dos diferentes axentes e o fomento da cooperación interasociativa, apoiando os emprendementos sociais. • Impulsar a unión de recursos turísticos entre diversas áreas para conseguir un destino turístico de maior interese, fomentando o aumento de visitantes e das pernoitas. • Impulsar foros de cooperación, intercambio, apoio, difusión,... de iniciativas, proxectos, boas prácticas,...

LE.5. COOPERACIÓN, ANIMACIÓN SOCIAL DO TERRITORIO E PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA ÁREA E OS SEUS RECURSOS.
E5.2. FOMENTO DA PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.
TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS
• Impulsar mecanismos que fomenten a implicación e participación dos mozos e mozas nas entidades xuvenís ou, en xeral, no desenvolvemento de actividades na área. • Fomentar o traballo en rede e interasociativo para fortalecer o movemento e participación social mediante os intercambios de ideas, boas prácticas, iniciativas,... • Desenvolvemento de encontros, xornadas, seminarios, congresos, eventos,... de tipo cultural, deportivos ou social.
ACTUACIÓNS
• Impulsar mecanismos e iniciativas que fomenten a implicación e participación dos mozos e mozas nas entidades xuvenís e nas actividades desenvolvidas na área. • Impulsar o asociacionismo como ferramenta participativa da poboación. • Desenvolvemento de encontros, xornadas, seminarios, congresos, eventos,... de tipo cultural, deportivos ou social. • Apoio e impulso ás iniciativas das distintas entidades existentes na área. • Promocionar e difundir todas as actividades desenvolvidas por entidades e asociacións e os espazos de uso público. • Impulsar a participación dos cidadáns nas decisións que afecten directamente á súa área de residencia. • Apertura de canles de comunicación bidireccionais entre as diferentes entidades, a administración pública coa cidadanía. • Facilitar o movemento asociativo veciñal facilitando espazos e locais públicos para a reunión, uso e goce dos cidadáns, xa sexan asociacións tipo social, político, cultural ou deportivo.

LE.5. COOPERACIÓN, ANIMACIÓN SOCIAL DO TERRITORIO E PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA ÁREA E OS SEUS RECURSOS.
E5.3. PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA ÁREA E OS SEUS RECURSOS.
TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS
• Campañas de difusión da área e os seus recursos. • Impulsar a utilización de instrumentos (de promoción, información, acordos de colaboración, etc.) para a mellora da imaxe da área. • Deseñar estratexias de comunicación que trasladen ao mercado a imaxe de calidade das actividades da área (viño, horta, produtos cárnicos, comercio, turismo, augas termais, etc.).
ACTUACIÓNS
• Campañas de difusión orientadas a promover a área e os seus principais recursos endóxenos (fundamentalmente aqueles diferenciadores). • Impulsar a utilización de instrumentos e ferramentas (de promoción, información, acordos de colaboración, etc.) para a mellora da imaxe da área. • Participación en foros, xuntanzas, actividades,... que • Difusión dos recursos da área a través das novas tecnoloxías e canles de comunicación (Wifi, web, Apps, redes,…). • Impulsar a difusión temática conxunta dos recursos da área (viño, arte rupestre, castros, horta, augas termais, mar,...).

LE.6. FORMACIÓN E XERACIÓN DE EMPREGO.
E6.1. PROXECTOS DE CAPACITACIÓN PARA O EMPREGO DIRIXIDOS Á POBOACIÓN ACTIVA DA ÁREA, COA FINALIDADE DE AUMENTAR A EMPREGABILIDADE.
TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS
• Formación orientada á profesionalización da poboación activa en servizos turísticos (atención ao cliente, hixiene e seguridade alimentaria, redes sociais e márketing on-line,…). • Formación orientada á adquisición de habilidades de emprendemento, xestión de empresas e desenvolvemento de modelos de negocio. • Formación orientada á adquisición de coñecementos vinculados ás novas tecnoloxías. • Accións de apoio para o acceso ás probas de competencias clave e aos certificados de profesionalidade, especialmente por parte de colectivos en risco de exclusión social.
ACTUACIÓNS
• Cooperación para a difusión das alternativas formativas existentes na área para capacitarse. • Formación orientada á adquisición de habilidades de emprendemento, xestión de empresas e desenvolvemento de modelos de negocio. • Formación orientada á adquisición de coñecementos vinculadas ás novas tecnoloxías. • Accións de apoio para o acceso ás probas de competencias clave e aos certificados de profesionalidade, especialmente por parte de colectivos en risco de exclusión social. •

3.4.2.- Fichas de actuacións por medidas.

A partir dos obxectivos e das aportacións das entidades en canto aos proxectos a desenvolver no marco do programa Leader O Salnés, fíxose un esforzo de concreción plasmando as tipoloxías de proxectos concretos en denominadas liñas de financiamento, e esta información recóllese nas fichas de medida incluídas a continuación.

OBXECTIVOS A ACADAR		ACCIÓNS A DESENVOLVER		LOCALIZACIÓN	PROMOTORES POTENCIAIS	DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN	REQUISITOS	NATUREZA DAS ACCCIÓNS: Produtiva Non produtiva	AXUDA PÚBLICA (€)	GASTO PRIVADO (€)
1.	MELLORAR E IMPLEMENTAR NOVOS SERVIZOS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.	1.1	Prestación de servizos á poboación dependente en áreas rurais	No territorio elixible	Entidades públicas e persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Servizos á poboación dependente en áreas rurais, tales como: centros de inclusión e emerxencia social; centros de integración, inserción ou inclusión de persoas con discapacidade; Centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, Centros de día).	Que melloren os servizos a poboación dependente no rural	P/NP	75.000,00	100.000,00
		1.2	Proxectos orientados a fomentar o desenvolvemento das persoas no medio rural	No territorio elixible	Entidades públicas e persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Proxectos orientados a fomentar o desenvolvemento das persoas no medio rural, mellorando a súa situación e a súa contorna social, laboral e económico.	Que melloren os servizos no rural e a calidade de vida das persoas	NP	50.000,00	
		1.3	Servizos de transporte en áreas de baixa densidade de poboación ou dificultades de acceso.	No territorio elixible	Entidades públicas e persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Servizos de transporte en áreas de baixa densidade de poboación ou dificultades de acceso para mellorar a mobilidade das persoas	Que melloren os servizos no rural, a calidade de vida das persoas e as posibilidades de transporte	NP	25.000,00	
		1.4	Investimentos relacionados co desenvolvemento e difusión das TICs no medio rural	No territorio elixible	Entidades públicas e persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Fomento do uso das TICs a través da creación de aulas de informática, acceso a internet, equipamentos,….	Que melloren os servizos no rural e a calidade de vida das persoas. Que se impulse a utilización de internet	NP	60.000,00	
		1.5	Implantación ou desenvolvemento de servizos vinculados ao lecer, ao deporte ou á cultura.	No territorio elixible	Entidades públicas e persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Implantación ou desenvolvemento de servizos vinculados ao lecer, ao deporte ou á cultura para a mellora dos servizos á poboación	Que melloren os servizos no rural e a calidade de vida das persoas	NP	50.000,00	

OBXECTIVOS A ACADAR		ACCIÓNS A DESENVOLVER		LOCALIZACIÓN	PROMOTORES POTENCIAIS	DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN	REQUISITOS	NATUREZA DAS ACCCIÓNS: Produtiva Non produtiva	AXUDA PÚBLICA (€)	GASTO PRIVADO (€)
2.	MELLORAR E IMPLEMENTAR INFRAESTRUTURAS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.	2.1	Centros asistenciais para colectivos con necesidades específicas: nenos, maiores, dependentes, persoas en risco de exclusión social.	No territorio elixible	Entidades públicas e persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Creación, rehabilitación, mellora ou modernización de centros asistenciais a colectivos con necesidades específicas: nenos, maiores, dependentes, persoas en risco de exclusión social.	Que melloren as infraestruturas, equipamentos e servizos de ocio, cultura e deporte no rural	P/NP	90.000,00	55.000,00
		2.2	Creación, rehabilitación, mellora ou modernización de espazos	No territorio elixible, pero a creación de novos centros só onde non existiran	Entidades públicas e persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Creación, rehabilitación, mellora ou modernización de centros, locais ou espazos culturais, cívicos e sociais	Que melloren as infraestruturas, equipamentos e servizos de ocio, cultura e deporte no rural	P/NP	350.000,00	55.000,00
3.	PROTEXER E MELLORAR O MEDIO AMBIENTE E OS RECURSOS NATURAIS.	3.1	Inversións en melloras vinculadas á xestión de áreas naturais.	Recursos naturais que non sexan nin explotacións agrarias, nin espazos forestais do territorio elixible do Salnés.	Concellos, Deputación, entidades públicas locais, asociacións públicas e privadas, organismos privados	Recuperación dos contornos dos ríos e valorización dos mesmos, control de vertedoiros incontrolados	Que supoña unha mellora non produtiva dos espazos naturais	NP	100.000,00	
		3.2	Mellora da articulación, mantemento, difusión,… dos espazos libres públicos.	No territorio elixible	Concellos, Deputación, entidades públicas locais, asociacións públicas e privadas	Dar a coñecer os espazos libres públicos, para o uso e disfrute de toda a poboación	Que se incremente o coñecemento e utilización dos espazos libres públicos	NP	25.000,00	
		3.3	Accións de sensibilización e divulgación medioambiental	No territorio elixible	Concellos, Deputación, entidades públicas locais, asociacións públicas e privadas, organismos privados	Accións de sensibiliz. e divulgación medioamb., orientadas á difundir a importancia da mitigación do cambio climático e a necesidade dunha transición a unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono.	Accións que permitan sensibilizar e divulgar a importancia de coidar o medio ambiente	NP	50.000,00	
		3.4	Impulsar a mellora da eficiencia enerxética e utilización das enerxías renovables nas entidades públicas e sociais.	No territorio elixible	Concellos e outras entidades públicas	Mellorar a eficiencia enerxética e a utilización das enerxías renovables nas entidades públicas e sociais.	Que se obteñan melloras na xestión enerxética e aforro de custes	NP	75.000,00	

OBXECTIVOS A ACADAR		ACCIÓNS A DESENVOLVER		LOCALIZACIÓN	PROMOTORES POTENCIAIS	DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN	REQUISITOS	NATUREZA DAS ACCCIÓNS: Produtiva Non produtiva	AXUDA PÚBLICA (€)	GASTO PRIVADO (€)
4.	IMPULSAR A XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS E NA SÚA CONTORNA.	4.1	Incorporación dos criterios de xestión ambiental nas explotacións agrarias.	Medio natural das explotacións agrarias do territorio elixible	Concellos, Deputación, entidades públicas locais, asociacións públicas e privadas, organismos privados	Incorporación dos criterios de xestión ambiental nas explotacións agrarias.	Que supoña unha mellora produtiva do medio da explotación agraria	P	70.000,00	210.000,00
		4.2	Proxectos orientados ao aforro enerxético nas explotacións agrarias.	Explotacións agrarias	Persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Proxectos orientados ao aforro enerxético nas explotacións agrarias.	Que se produza un aforro enerxético e un incremento da competitividade	P	100.000,00	350.000,00
		4.3	Proxectos orientados á redución ou eliminación de residuos derivados das actividades agrarias ou a súa valorización.	Medio natural das explotacións agrarias do territorio elixible	Persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Proxectos orientados á redución ou eliminación de residuos derivados das actividades agrarias ou a súa valorización.	Qwe supoña a redución ou eliminación de residuos derivados das actividades agrarias	P	100.000,00	225.000,00
5.	IMPULSAR A XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NOS ESPAZOS FORESTAIS.	5.1	Mellora da utilización dos recursos hídricos superficiais, subterráneos e pluviais en áreas forestais.	Montes veciñais en Man Comun	Empresas, comunidades de montes, cooperativas, autónomos agrarios e forestais	Mellora da utilización dos recursos hídricos superficiais nos montes. Creación de bebedores o	Que se melloren os recursos forestais da área	NP	60.000,00	
		5.2	Conservación e incremento da biodiversidade nos espazos forestais.	Medio natural, zonas protexidas,...	Comunidades de montes	Proxectos orientados á conservación e incremento da biodiversidade nos espazos forestais	Incremento da biodiversidade	NP	60.000,00	
		5.3	Optimización e valorización integral do monte a través do aproveitamento dos distintos recursos e servizos que pode proporcionar	Montes veciñais en Man Comun	Empresas, comunidades de montes, cooperativas, autónomos agrarios e forestais	Proxectos de optimización e valorización integral do monte a través do aproveitamento dos distintos recursos e servizos que pode proporcionar: gandería, cogomelos, castañas, oliveiras, caza,…	Desenvolvemetno dalgunha actividade de gandería, cogomelos, castañas, oliveiras, caza,…	P	200.000,00	300.000,00

OBXECTIVOS A ACADAR		ACCIÓNS A DESENVOLVER		LOCALIZACIÓN	PROMOTORES POTENCIAIS	DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN	REQUISITOS	NATUREZA DAS ACCCIÓNS: Produtiva Non produtiva	AXUDA PÚBLICA (€)	GASTO PRIVADO (€)
6	ORDENAR, RECUPERAR E POÑER EN VALOR O PATRIMONIO RURAL.	6.1	Proxectos de ámbito supramunicipal que supoñan a promoción e valorización dos recursos do territorio	No territorio elixible	Entidades públicas e persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Edicións de libros, mapas, guías, páxinas web, eventos, certames e concursos, agás a asistencia a feiras	Colaboración entre máis de dúas entidades	NP	50.000,00	
		6.2	Actuacións para a protección, recuperación e posta en valor do patrimonio natural e cultural	No territorio elixible	Entidades públicas e persoas físicas e xurídicas de carácter privado, comunidades de montes, concellos	Actuacións de protección, recuperación e posta en valor do patrimonio natural e cultural, tanxible e intanxible, existente na área.	Que se mellore o sector turístico, social e cultural no rural.	NP	100.000,00	
		6.3	Restauración e recuperación de áreas degradadas	No territorio elixible	Entidades públicas e persoas físicas e xurídicas de carácter privado, comunidades de montes, concellos	Restauración e recuperación de áreas degradadas, como instrumento para o aumento e conservación da biodiversidade	Que se produza unha mellora ambiental	NP	140.000,00	
		6.4	Fomentar os usos sociais, recreativos e educativos do patrimonio da área.	No territorio elixible	Entidades públicas e persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Actuacións encamiñadas a fomentar as usos sociais, recreativos e educativos do patrimonio da área.	Que melloren as infraestruturas, equipamentos e servizos de ocio, cultura e deporte no rural	NP	25.000,00	
7	DESENVOLVER ACCIÓNS DE VALORIZACIÓN DA PAISAXE TRADICIONAL.	7.1	Rutas de sendeirismo homologadas pola Federación Galega de Montaña.	Zonas agrarias e forestais do territorio elixible	Comunidades de montes, Concellos	Rutas de sendeirismo homologadas pola Fed. Galega de Montaña.	Creación de rutas para a súa homologación	NP	100.000,00	
		7.2	Construción de miradoiros	Zonas agrarias e forestais do territorio elixible	Comunidades de montes, Concellos	Construción de miradoiros, así como a eliminación de elementos discordantes na contorna dos mesmos.	Construción de miradoiros como elemento de atracción	NP	75.000,00	
		7.3	Desenvolvemento e promoción de rutas, itinerarios ou sendas verdes	Zonas agrarias e forestais do territorio elixible	Comunidades de montes, Concellos	Desenvolv. e promoción de rutas, itinerarios ou sendas verdes orientadas ao desenvolv. de activid. como poden ser bicicleta, sendeirismo, cabalo,…	Creación de rutas, itinerarios ou sendas verdes	NP	25.000,00	
		7.4	Outras actuacións encamiñadas á valorización da paisaxe tradicional.	Zonas agrarias e forestais do territorio elixible	Comunidades de montes, Concellos	Actuacións encamiñadas á valorización da paisaxe tradicional nos entornos rurais	Actuacións que valorización da paisaxe tradicional da área	NP	25.000,00	

OBXECTIVOS A ACADAR		ACCIÓNS A DESENVOLVER		LOCALIZACIÓN	PROMOTORES POTENCIAIS	DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN	REQUISITOS	NATUREZA DAS ACCCIÓNS: Produtiva Non produtiva	AXUDA PÚBLICA (€)	GASTO PRIVADO (€)
8	DIVERSIFICAR, CREAR E DESENVOLVER PEMES NO RURAL.	8.1	Apoio á posta en marcha de iniciativas empresariais	No territorio elixible	Persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Iniciativas empresariais fundamentalmente promovidas por mozos/as, mulleres,... e colectivos en situación de exclusión social.	Que se obteña un resultado relacionado coa mellora no apoio a emprendedores	NP	30.000,00	
		8.2	Fomento da cultura emprendedora	No territorio elixible	Entidades públicas e persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Desenvolvemento de estudos, servizos de apoio e asesoramento a emprendedores, identificación e difusión de oportunidades de negocio,...	Que supoña a realización de novas actividades empresariais no rural	NP	15.000,00	
		8.3	Impulso de iniciativas orientadas ao aproveitamento dos recursos endóxenos das áreas rurais	No territorio elixible	Persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Impulso de iniciativas orientadas ao aproveitamento dos recursos endóxenos das áreas rurais: ecoparques, granxas escola,…	Que se produza a revalorización dos recursos endóxenos	P	400.000,00	150.000,00
		8.4	Impulso da incorporación de poboación nova e capacitada ás explotacións	No territorio elixible	Persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Impulso da incorporación de poboación nova e capacitada ás explotacións, tratando de estimular a introdución da I+D+i e a mellora dos sistemas produtivos.	Incorporación de mozos/as ás explotacións	P	100.000,00	150.000,00
		8.5	Actuacións encamiñadas a favorecer a difusión e comercialización dos produtos locais.	No territorio elixible	Persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Actuacións encamiñadas a favorecer a difusión e comercialización dos produtos locais.	Mellora da comercialización dos produtos da área	P	200.000,00	150.000,00
		8.6	Creación de novos produtos turísticos baseados no patrimonio rural	No territorio elixible	Persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Novos produtos turísticos baseados no patrimonio rural que contribúan ao desenvolvemento e mantemento sostible e medioambientalmente correcto dos recursos do territorio.	Creación de novos produtos turísticos	P	100.000,00	150.000,00

OBXECTIVOS A ACADAR		ACCIÓNS A DESENVOLVER		LOCALIZACIÓN	PROMOTORES POTENCIAIS	DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN	REQUISITOS	NATUREZA DAS ACCCIÓNS: Produtiva Non produtiva	AXUDA PÚBLICA (€)	GASTO PRIVADO (€)
9	MELLORAR A COMPETITIVIDADE DOS PRODUTORES PRIMARIOS, INCREMENTANDO O VALOR ENGADIDO AOS PRODUTOS AGRARIOS E FORESTAIS E PROMOCIONÁNDOOS NOS MERCADOS LOCAIS.	9.1	Impulso da diferenciación dos produtos da área, a través dunha imaxe diferenciada e con produtos de maior valor engadido.	Zonas agrarias e forestais do territorio elixible	Empresas, comunidades de montes, cooperativas agrarias e forestais, autónomos agrarios e forestais	Impulsar a diferenciación dos produtos da área, a través dunha imaxe diferenciada e con produtos de maior valor engadido.	Que se obteña unha diferenciación dos produtos no mercado	P	150.000,00	250.000,00
		9.2	Creación de proxectos conxuntos de promoción ou desenvolvemento de estudos para a valorización dos recursos da área.	Zonas agrarias e forestais do territorio elixible	Empresas, comunidades de montes, cooperativas agrarias e forestais, autónomos agrarios e forestais	Creación de proxectos conxuntos de promoción ou desenvolvemento de estudos para a valorización dos recursos da área.	Que se obteñan melloras nos produtos e procesos agropecuarios	P	100.000,00	250.000,00
		9.3	Creación de proxectos conxuntos de comercialización ou desenvolvemento de estudos para a comercialización dos recursos da área.	Zonas agrarias e forestais do territorio elixible	Empresas, comunidades de montes, cooperativas agrarias e forestais, autónomos agrarios e forestais	Creación de proxectos conxuntos de comercialización ou desenvolvemento de estudos para a comercialización dos recursos da área.	Melloras nosprocesos de venta	P	75.000,00	125.000,00
		9.4	Impulso de iniciativas orientadas ao desenvolvemento da agricultura ecolóxica ou produción integrada.	Zonas agrarias e forestais do territorio elixible	Empresas, comunidades de montes, cooperativas agrarias e forestais, autónomos agrarios e forestais	Impulso de iniciativas orientadas ao desenvolvemento da agricultura ecolóxica ou produción integrada.	Creación de empresas ou impulso de iniciativas empresariais	P	250.000,00	325.000,00
		9.5	Investimentos para a transformación e comercialización dos produtos, dando valor engadido ás producións e facilitando o seu acceso aos mercados.	Zonas agrarias e forestais do territorio elixible	Empresas, comunidades de montes, cooperativas agrarias e forestais, autónomos agrarios e forestais	Investimentos para a transformación e comercialización dos produtos, dando valor engadido ás producións e facilitando o seu acceso aos mercados.	Incremento do valor engadido dos produtos	P	75.000,00	25.000,00
		9.6	Accións de formación e actualización profesional en materia de ordenación e conservación do espazo agroforestal, aproveitamento racional e sustentable do monte, diversificación das producións agrarias,…	Zonas agrarias e forestais do territorio elixible	Empresas, comunidades de montes, cooperativas agrarias e forestais, autónomos agrarios e forestais	Accións de formación e actualización profesional en materia de ordenación e conservación do espazo agroforestal, aproveitamento racional e sustentable do monte, diversificación das producións agrarias,…	Melllora da formación	NP	20.000,00	

OBXECTIVOS A ACADAR		ACCIÓNS A DESENVOLVER		LOCALIZACIÓN	PROMOTORES POTENCIAIS	DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN	REQUISITOS	NATUREZA DAS ACCCIÓNS: Produtiva Non produtiva	AXUDA PÚBLICA (€)	GASTO PRIVADO (€)
10	FOMENTO E PROMOCIÓN DO TURISMO NA ÁREA.	**10.1**	Investimentos que supoñan melloras en establecementos de aloxamento e restauración	No territorio elixible	Persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Exclusivamente: gastos que sexan necesarios para a obtención do recoñecemento dun aumento de categoría do establecemento, actuacións destinadas a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas	Gastos para o aumento de categoría do establecemento, ou melloras de accesibilidade	P	80.000,00	240.000,00
		10.2	Investimentos que supoñan a implantación de servizos turísticos complementarios a un establecemento de aloxamento ou de restauración.	No territorio elixible	Persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Actividades recreativas e de animación turística, espectáculos, actividades de aventura ou natureza, actividades deportivas como golf, náuticas, hípica e outras, actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural, balnearios e centros de talasoterapia	Creación de servizos turísticos complementarios	P	100.000,00	200.000,00
		10.3	Investimentos que supoñan a creación de novas prazas de aloxamento	No territorio elixible	Persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Creación de novas prazas pero so naqueles emplazamentos onde non haxa	Creación de novas prazas de aloxamento	P	100.000,00	300.000,00
		10.4	Creación de novos restaurantes situados en construcións patrimoniais senlleiras	No territorio elixible	Persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Novos restaurantes en pazos, patrimonio industrial, pallozas, faros, etc.	Creación de novos restaurantes situados en constr. patrimoniais senlleiras	P	100.000,00	300.000,00
		10.5	Investimentos orientados á desestacionalizar e deslocalizar a demanda	No territorio elixible	Entidades públicas e persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Investimentos orientados á desestacionalizar a demanda e deslocalizala a outras zonas distintas ás costeiras	Desestacionalizació n e deslocalización da demanda	P	150.000,00	225.222,00
		10.6	Proxectos de cooperación entre diversos axentes (bodegas, emp. de náutica, emp. de servizos, axencias de transporte, produtores, hostaleiros,...) e recursos (viño, rutas, náutica, gastronomía, horta,…).	No territorio elixible	Entidades públicas e persoas físicas e xurídicas de carácter privado	Posta en marcha de proxectos de cooperación entre diversos axentes (bodegas, emp. de náutica, emp. de servizos, axencias de transporte, produtores, hostaleiros,...) e recursos (viño, rutas, náutica, gastronomía, horta,…).	Incremento da colaboraicón entre os axentes do territorio	P	100.000,00	150.000,00

OBXECTIVOS A ACADAR		ACCIÓNS A DESENVOLVER		LOCALIZACIÓN	PROMOTORES POTENCIAIS	DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN	REQUISITOS	NATUREZA DAS ACCCIÓNS: Produtiva Non produtiva	AXUDA PÚBLICA (€)	GASTO PRIVADO (€)
11	COOPERACIÓN.	11.1	Impulso da coordinación das institucións públicas e entidades privadas relacionadas coa área	No territorio elixible	Concellos, Deputación, entidades públicas locais, asociacións públicas e privadas, organismos privados	Desenvolver por exemplo proxectos de cooperación intermunicipal para a realización de inversións conxuntas ou servizos compartidos (abastecementos, obras,…).	Colaboración entre máis de dúas entidades para o desenvolvemento dun proxecto	NP	30.000,00	
		11.2	Cooperación con outros territorios	No territorio elixible e territorios próximos ou con recursos similares	Concellos, entidades públicas locais, asociacións públicas e privadas, organismos privados	Cooperación para o desenvolvemento de proxectos comúns, difusións de boas prácticas,…	Colaboración con entidades doutros territorios	NP	25.000,00	
		11.3	Cooperación cos Grupos de Acción	No territorio elixible	GDR	Cooperación cos GAC Ría de Arousa e Ría de Pontevedra para o desenvolvendo conxunto de actividades ou proxectos.	Desenvolvemento dun proxectos con GAC	NP	25.000,00	
		11.4	Coñecemento dos diferentes axentes e fomento da cooperación interasociativa	No territorio elixible	Concellos, Deputación, entidades públicas locais, asociacións públicas e privadas, organismos privados	Desenvolver accións encamiñadas ao coñecemento dos diferentes axentes, o fomento da cooperación interasociativa e apoiar os emprendementos sociais.	Incremento da cooperación entre axentes	NP	25.000,00	
		11.5	Desenvolver unha metodoloxía ascendente que posibilite a participación da poboación nos proxectos que se desenvolvan	No territorio elixible	Concellos, asociacións	Desenvolver unha metodoloxía ascendente que posibilite a participación efectiva da poboación nos proxectos que se desenv.,integrando todos os actores a diferentes escalas.	Incremento da participación cidadá	NP	6.000,00	
		11.6	Impulsar a unión de recursos turísticos entre diversas áreas	No territorio elixible	Concellos, Deputación, entidades públicas locais, asociacións públicas e privadas, organismos privados	Impulsar a unión de recursos turísticos entre diversas áreas para conseguir un destino turístico de maior interese, fomentando o aumento de visitantes e das pernoitas.	Mellora da coordinación e cooperación	P/NP	80.000,00	20.000,00

OBXECTIVOS A ACADAR		ACCIÓNS A DESENVOLVER		LOCALIZACIÓN	PROMOTORES POTENCIAIS	DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN	REQUISITOS	NATUREZA DAS ACCCIÓNS: Produtiva Non produtiva	AXUDA PÚBLICA (€)	GASTO PRIVADO (€)
12	FOMENTO DA PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.	12.1	Fomentar a implicación e participación dos mozos e mozas	No territorio elixible	Entidades públicas e de carácter privado	Impulsar mecanismos que fomenten a implicación e participación dos mozos e mozas nas entidades xuvenís ou, en xeral, no desenvolvemento de actividades na área.	Incremento da participación e implicación dos mozos/as	NP	20.000,00	
		12.2	Fomentar o traballo en rede e interasociativo	No territorio elixible, prioritariamente, e con outros territorios	Entidades públicas e de carácter privado	Fomentar o traballo en rede e interasociativo para fortalecer o movemento e participación social mediante os intercambios de ideas, boas prácticas, iniciativas,...	Incremento do traballo en rede	NP	20.000,00	
		12.3	Desenvolvemento de encontros, xornadas,... de tipo cultural, deportivos ou social.	No territorio elixible	Entidades públicas e de carácter privado	Desenvolvemento de encontros, xornadas, seminarios, congresos, eventos,... de tipo cultural, deportivos ou social.	Incremento do traballo en rede	NP	20.000,00	
13	PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA ÁREA E OS SEUS RECURSOS.	13.1	Campañas de difusión da área e os seus recursos.	No territorio elixible	Concellos, Deputación, entidades públicas locais, asociacións públicas e privadas, organismos privados	Desenvoler actuacións e campañas de difusión da área e os seus recursos	Mellora da imaxe da área e dos seus recursos	NP	20.000,00	
		13.2	Impulsar a utilización de instrumentos para a mellora da imaxe da área.	No territorio elixible	Concellos, Deputación, entidades públicas locais, asociacións públicas e privadas, organismos privados	Impulsar a utilización de instrumentos (de promoción, información, acordos de colaboración, etc.) para a mellora da imaxe da área.	Mellora da imaxe da área	NP	20.000,00	
		13.3	Deseñar estratexias de comunicación que trasladen ao mercado a imaxe de calidade das actividades da área	No territorio elixible	Concellos, Deputación, entidades públicas locais, asociacións públicas e privadas, organismos privados, empresas	Deseñar estratexias de comunicación que trasladen ao mercado a imaxe de calidade das actividades da área (viño, horta, produtos cárnicos, comercio, turismo, augas termais, etc.).	Difusión dunha imaxe de calidade da área e das súas actividades	P/NP	20.000,00	10.000,00

OBXECTIVOS A ACADAR		ACCIÓNS A DESENVOLVER		LOCALIZACIÓN	PROMOTORES POTENCIAIS	DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN	REQUISITOS	NATUREZA DAS ACCCIÓNS: Produtiva Non produtiva	AXUDA PÚBLICA (€)	GASTO PRIVADO (€)
14	CAPACITACIÓN PARA O EMPREGO DIRIXIDA Á POBOACIÓN ACTIVA DA ÁREA.	14.1	Formación orientada á profesionalización da poboación activa en servizos turísticos	No territorio elixible	GDR	Formación orientada á profesionalización da poboación activa en servizos turísticos (atención ao cliente, hixiene e seguridade alimentaria, redes sociais e márketing on-line,...).	Formación específica	NP	7.919,83	
		14.2	Formación orientada á adquisición de habilidades de creación e xestión de empresas	No territorio elixible	GDR	Formación orientada á adquisición de habilidades de emprendemento, xestión de emp., desenvolvemento de modelos de negocio,...	Formación específica de creación de empresas, gestión,mk,...	NP	10.000,00	
		14.3	Formación orientada á adquisición de coñecementos vinculados ás novas tecnoloxías.	No territorio elixible	GDR	Formación orientada á adquisición de coñecementos vinculados ás novas tecnoloxías.	Actividades formativas orientadas á mellora das competencias en informática	NP	10.000,00	
		14.4	Mellora da formación básica da poboación, especialmente por parte de colectivos en risco de exclusión social.	No territorio elixible	GDR	Accións de apoio para o acceso ás probas de competencias clave e aos certificados de profesionalidade, especialmente por parte de colectivos en risco de exclusión social.	Orientado fundamentalmente a persoas de máis de 45 anos, mulleres e que leve tempo na busca de emprego	NP	40.000,00	

3.5.- CARACTERÍSTICAS INTEGRADAS E INNOVADORAS DA ESTRATEXIA E INDICADORES.

A Estratexia do GDR 17 Salnés-Ulla-Umia enfócase dende un **punto de vista multisectorial**, de xeito que considera todos os multiplicadores e catalizadores locais entre os diversos sectores con presenza no territorio como a agricultura, pesca, alimentación, artesanía, turismo rural, servizos sociais, medio ambiente, etc. Ademais a estratexia, baseándose nun estudo exhaustivo das necesidades do territorio e na participación da comunidade local, establece os principais servizos, produtos, intervencións que necesita a comunidade local para lograr un efecto multiplicador ou "efecto arrastre" sobre os cambios que a comunidade pretende acadar, sempre **dende unha perspectiva innovadora**.

3.5.1.- Características integradas da Estratexia.

Desde a súa posta en marcha en 1991, a iniciativa Leader traballa para ofrecer a os núcleos rurais de a UE un método co que facer participar aos socios locais na xestión do desenvolvemento futuro das súas zonas. Así a iniciativa Leader estimula aos axentes socioeconómicos a traballar xuntos para producir bens e servizos que xeren o máximo valor engadido na súa zona de influencia.

Como se recolle na Guía de Desenvolvemento Local Participativo para Actores Locais da Comisión Europea (Guía para os Estados membros, as Autoridades do Programa e os Beneficiarios) e na Guía práctica para a elaboración das candidaturas dos Grupos de Desenvolvemento Rural (de Agader), a estratexia enfocarase desde un punto de vista multisectorial, de xeito que considere todos os multiplicadores e catalizadores locais entre os diversos sectores con presenza no territorio, como neste caso son a agricultura, pesca, alimentación, artesanía, turismo, servizos sociais, medio ambiente, etc. Sendo as asociacións participantes na execución deste programa como catalizadoras que explotan todos os multiplicadores locais entre susoditos sectores.

Para alcanzar esta finalidade, as comunidades locais deseñarán secuencias integradas de medidas de apoio (tales como formación, subvencións

de capital, apoio promocional, apoio ás empresas e impulso de novas empresas, conservación da cultura e do patrimonio,…) todas elas na mesma dirección estratéxica e tomarán decisións, concentrándose nos obxectivos e accións que teñan as maiores posibilidades de lograr os cambios perseguidos.

As características integradoras da estratexia do GDR 17 Salnés-Ulla-Umia estableceranse atendendo fundamentalmente a tres ámbitos: ámbito territorial, ámbito sectorial e o ámbito da gobernanza.

3.5.1.1.- Integración territorial.

As diferenzas existentes dentro do territorio do GDR 17 Salnés-Ulla-Umia son patentes, e se reflectiron no diagnóstico socio-económico e nas aportacións realizadas nas distintas liñas de participación abertas a todos os axentes económicos da área (entrevistas, mesas sectoriais, enquisas,...), amosando desigualdades entre as zonas costeiras e as de interior; aqueles concellos máis desenvolvidos economicamente e aqueles menos desenvolvidos; aquelas áreas más urbanas e aquelas outras máis rurais.

Renda dispoñible bruta por habitante (2009)

Fonte: IGE

Son múltiples os indicadores analizados que puxeron de manifesto eses desequilibrios, traducíndose deste xeito nun dos factores clave para a definición

das necesidades de desenvolvemento, e consecuentemente influíron de xeito importante nos obxectivos estratéxicos. Coa estratexia do GDR 17 Salnés-Ulla-Umia búscase a integración territorial a través dun desenvolvemento equilibrado de todo o territorio, tratando de impulsar e prestando especial atención ao desenvolvemento da aquelas áreas, sectores, servizos ou colectivos socio-económicos máis desfavorecidos.

Na elaboración da Estratexia, á hora de establecer as liñas estratéxicas, estratexias e actuacións non se estableceron diferentes estratexias para cada unha das áreas en función do seu grado de desenvolvemento e dos desequilibrios que presenten, se non que se tratou, e se tratará, de aproveitar o maior desenvolvemento de aqueles espazos cunha situación mais favorable para impulsar un crecemento equilibrado no conxunto do territorio do GDR 17. Deste xeito promoverase unha visión integradora e converxente de todo o territorio do GDR 17 Salnés-Ulla-Umia. Deste xeito priorizaranse as actuacións outorgando un maior ou menor apoio (asesoramento, financeiro,...) en función das maiores ou menores necesidades detectadas en cada zona na nosa fase de análise, incrementando a intensidade da axuda naqueles proxectos que contribúan ao desenvolvemento socioeconómico das áreas menos desenvoltas.

3.5.1.2.- Integración multisectorial.

Ao longo de todo o proceso de elaboración da Estratexia do GDR 17 Salnés-Ulla-Umia, tanto na fase de análise como de diagnose e deseño das liñas estratéxicas, estratexias e actuacións fóronse identificando aspectos vinculados a cada un dos sectores máis representativos do territorio. Sen embargo o peso, representatividade e especificidade de cada un dos sectores analizados e tidos en conta fóronse diluíndo fundamentalmente nas estratexias e actuacións propostas para levar a cabo polo GDR. Deste xeito a través das estratexias e actuacións propostas dáse resposta a multitude de obxectivos sectoriais dende unha visión mais ampla e xenérica, podendo por exemplo un mesmo obxectivo dar resposta a diferentes sectores.

Coa finalidade de reflectir que a Estratexia proposta para o GDR 17 Salnés-Ulla-Umia acada unha integración multisectorial e facilitar a interrelación entre os obxectivos estratéxicos do GDR 17 e os diferentes sectores presentes no

territorio, preséntase a seguinte táboa, onde se reflicte o carácter multisectorial dos obxectivos estratéxicos:

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS GDR 17 SALNÉS-ULLA-UMIA	SECTORES DE ACTIVIDADE				
	AGRICULTURA E GANDERÍA	FORESTAL	INDUSTRIA E CONSTRUCIÓN	SERVIZOS	TURISMO
1. Mellorar e implementar novos servizos para as persoas nas zonas rurais.				X	
2. Mellorar e implementar infraestruturas para as persoas nas zonas rurais.				X	
3. Protexer e mellorar o medio ambiente e os recursos naturais.	X	X			X
4. Impulsar a xestión ambiental sostible nas explotacións agrarias e na súa contorna.	X				
5. Impulsar a xestión ambiental sostible nos espazos forestais.		X			
6. Ordenar, recuperar e poñer en valor o patrimonio rural.		X		X	X
7. Desenvolver accións de valorización da paisaxe tradicional.		X			X
8. Diversificar, crear e desenvolver pemes no rural.	X	X	X	X	X
9. Mellorar a competitividade dos produtores primarios, incrementando o valor engadido aos produtos agrarios e forestais e promocionándoos nos mercados locais.	X	X			
10. Fomento e promoción do turismo na área.					X
11. Cooperación.	X	X	X	X	X
12. Fomento da participación das persoas nas zonas rurais.				X	
13. Promoción e difusión da área e os seus recursos.	X	X	X	X	X
14. Capacitación para o emprego dirixida á poboación activa da área.	X	X	X	X	X

Un dos sectores máis representativo na área, pero que non se tivo especialmente en conta é o pesqueiro. Isto débese á existencia na área de dous Grupos de Acción Local de Pesca (GALP): Zona 5 - Ría de Arousa e Zona 6 - Ría de Pontevedra. Deste xeito no marco de potenciar a multisectorialidade impulsarase a cooperación con estes Grupos de Acción Local de Pesca para a

realización de actuacións conxuntas que permitan desenvolver todos os sectores da área dunha forma coordinada na busca de sinerxias a través do desenvolvemento de proxectos colaborativos.

Por último, o proceso participativo e colaborativo co que se desenvolveu a definición da Estratexia do GDR 17, dando voz e voto a todos e cada un dos axentes socioeconómicos máis vinculados directamente a todos os sectores representativos do territorio, permitiu recoller un número importante de propostas para o seu desenvolvemento no marco de cada unha das 14 estratexias enmarcadas nas 6 liñas estratéxicas establecidas na Estratexia.

3.5.1.3.- Integración na gobernanza.

O desenvolvemento local participativo (en adiante DLCL) é un dos eixes fundamentais das políticas europeas, e por elo dos programas Leader. O DLCL é un termo utilizado pola Comisión Europea para describir un enfoque "de abaixo cara arriba" (bottom-up) que vira entorno á política de desenvolvemento na súa cabeza. Baixo o DLCL, os actores deben tomar as rendas e a través dos GDR deben deseñar e implementar unha estratexia de desenvolvemento integrada. Deste xeito, a estratexia está deseñada para aproveitar os puntos fortes sociais, ambientais e económicos da comunidade ou os "activos" en lugar de simplemente compensar os seus problemas. E para iso, estes reciben financiamento a longo prazo decidindo eles onde e como se gasta ese financiamento.

A estratexia do GDR 17 Salnés-Ulla-Umia foi elaborada mediante un proceso participativo, rexido polo principio de portas abertas e resultado do traballo coordenado e conxunto entre actores tanto públicos como privados do territorio. Para isto o GDR 17 organizouse en mesas sectoriais (8 en total) onde se aglutinaron todos aqueles axentes sociais e locais con interese en participar no desenvolvemento rural do territorio (ver Figura 71). Deste xeito, constituíuse un partenariado local entre axentes públicos e privados que permitiu definir dunha forma colaborativa e de abaixo a arriba os obxectivos estratéxicos a alcanzar coa Estratexia do GDR 17 Salnés-Ulla-Umia.

Figura 71 Mesas sectoriais do GDR 17

Fonte: elaboración propia

Por outra banda, a maiores da coordinación multisectorial e dos axentes socioeconómicos, a Estratexia definida polo GDR 17 impulsa unha coordinación entre os distintos niveis das administracións implicadas no desenvolvemento rural. Deste xeito en todos os niveis do proceso estratéxico de análise, diagnose e deseño tivéronse en conta os obxectivos marcados dende a Unión Europea (fundamentalmente os marcados dende o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural - Feader), España (fundamentalmente os marcados dende o Programa Nacional de Desarrollo Rural 2014-2020) e a Xunta de Galicia (fundamentalmente os marcados dende o PDR de Galicia 2014-2020). A importancia outorgada a coordinación, complementariedade e xestión cooperativa das estratexias e actuacións a desenvolver dende o GDR 17 reflíctese no establecemento dunha estratexia, dentro das 14 definidas, para a busca dun desenvolvemento coordinado (Estratexia 11- Cooperación), onde se definen actuacións encamiñadas a impulsar esa coordinación e cooperación.

Na Estratexia do GDR 17 Salnés-Ulla-Umia, no apartado “Liñas Estratéxicas, Estratexias e Actuacións” deste documento, establécese a relación existente entre as Liñas Estratéxicas marcadas dende o GDR 17 e as prioridades e obxectivos marcados pola Comunidade Autónoma de Galicia e Comisión Europea para o desenvolvemento rural para o período 2014-2020, o que reflicte o papel de elemento de apoio de todas as estratexias e actuacións propostas no territorio do GDR 17 para acadar os obxectivos locais, autonómicos, nacionais e comunitarios de desenvolvemento rural.

O principio de participación e portas abertas estiveron presentes en todo o proceso de elaboración da Estratexia, e estarán presentes na xestión ao longo de todo o programa. Deste xeito, dúas das estratexias propostas polos axentes socioeconómicos "LE5.E5.2 FOMENTO DA PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS" e "LE5.E5.1 COOPERACIÓN" están enmarcadas no

obxectivo de integración da Estratexia no desenvolvemento do territorio a través da participación, colaboración e coordinación de todas as entidades e axentes socioeconómicos presentes no mesmo.

3.5.2.- Características innovadoras da estratexia.

A innovación é un concepto crave da iniciativa comunitaria LEADER, cuxa meta é "apoiar operacións innovadoras, demostrativas e transferibles que ilustren os novos camiños que pode seguir o desenvolvemento rural" ("A innovación ao servizo do desenvolvemento rural", folleto de presentación de LEADER II, 1994, Comisión Europea, Dirección Xeral de Agricultura -DG VI-, Bruxelas). Trátase de dar respostas novas a problemas e necesidades xurdidos nas contornas rurais.

Pódese considerar que a Estratexia do GDR 17 Salnés-Ulla-Umia para o período 2014–2020 presenta importantes aspectos innovadores.

Débese entender a innovación nun sentido moi amplo, xa que pode significar a introdución dun novo produto, un novo proceso, unha nova organización, un novo mercado, unha maneira diferente de dar resposta a un problema ou necesidade,... Deste xeito os aspectos innovadores da Estratexia do GDR 17 Salnés-Ulla-Umia están orientados fundamentalmente en tres direccións:

A) A diversificación da economía local.

As actuacións definidas no marco das estratexias incluídas na Estratexia para o GDR 17, están orientadas a unha diversificación da economía local que permita a creación de valor no rural e impulse a fixación de poboación no mesmo (un dos principais problemas detectados nas áreas rurais). Deste xeito na Estratexia inclúense actuacións orientadas a impulsar a creación de novos produtos, o cambio nos procesos produtivos (redución de custes enerxéticos, redución do impacto ambiental,...), busca de novas canles de comercialización e promoción,... fundamentalmente nos sectores agrario, gandeiro e forestal.

Neste senso apóstase de forma importante pola capacitación, a información e o asesoramento ao capital humano da área.

B) A intensificación das interaccións entre a nosa contorna local e a contorna global.

A existencia de infraestruturas e o desenvolvemento das novas tecnoloxías facilita na actualidade un maior contacto entre a contorna local e a contorna global. Neste caso a Estratexia do GDR 17 fai fincapé no aproveitamento destes elementos, infraestruturas e tecnoloxías, para incrementar o contacto con toda a súa contorna na busca de oportunidades, ademais de impulsalas como un atractivo para a atracción de empresas e poboación, fundamentalmente.

C) Desenvolvemento de novas sinerxias, internas ou locais.

A profundización das relacións entre as entidades e axentes locais, enfocadas a alcanzar novas sinerxias, internas ou locais, supón un eixo importante da Estratexia do GDR 17. O impulso do desenvolvemento destas sinerxias dende o GDR 17 facilitará o aproveitamento das oportunidades que xurdan na contorna así como permitirán a valorización das producións locais, o acceso a novos mercados, o acceso ás novas tecnoloxías, entre outros aspectos positivos.

Por ámbitos da Estratexia do GDR 17 Salnés-Ulla-Umia en canto aos principais aspectos innovadores poderían destacarse os seguintes:

- No ámbito que atinxe ás persoas, a Estratexia do GDR 17 centrarase na loita contra a pobreza e a exclusión social, apostando dunha maneira decidida pola formación, a información e o asesoramento do noso capital humano. Intentarase fundamentalmente contribuír á prestación de servizos á poboación que melloren a súa calidade de vida, fundamentalmente aproveitando a existencia de infraestruturas e inversións xa realizadas.
- A creación e modernización das empresas do territorio tamén será un aspecto central da Estratexia do GDR 17, orientando actuacións a conseguir un tecido empresarial competitivo e innovador.
- En relación ao patrimonio da área, na Estratexia establece como un aspecto prioritario o mantemento da identidade rural e a súa cultura, usos e costumes. Deste xeito, apoiarase a conservación, protección e posta e valor do patrimonio da área dende unha perspectiva innovadora, orientando a xeración de riqueza a dito patrimonio, na busca dun efecto multiplicador que se traduza na creación de empresas que utilicen como recurso dito patrimonio (turismo, xestión cultural, xestión patromonial,…).

- No sector agrario e forestal, impulsaranse proxectos orientados a fomentar novos desenvolvementos de produtos, procesos e servizos de maior valor engadido, a investigación,... que permitan mellorar a competitividade, a creación de emprego e a capacidade exportadora das empresas do territorio.
- No sector turístico, como un dos de maior potencial de desenvolvemento da área, buscarase a innovación mediante a orientación dos empresarios e emprendedores, actuais e potenciais, cara á especialización nunha tipoloxía de turismo que se caracterice pola calidade e a accesibilidade, e que axude a combater a estacionalidade (un dos aspectos máis negativos da actividade turística na área). Por outra banda, aproveitarase o potencial turístico desenvolvido fundamentalmente nunha parte da área para desenvolver actuacións conxuntas con outras zonas menos desenvolvidas turísticamente, buscando sinerxias.
- No sector servizos, tratarase de apostar polos produtos locais, polos mercados de proximidade e pola sensibilización e concienciación da poboación cara un consumo de produtos e servizos endóxenos, impulsando a creación e prestación de aqueles non existentes nalgunha parte do territorio.

A Estratexia do GDR 17 Salnés-Ulla-Umia busca a innovación en canto ao desenvolvemento de actuacións que permitan o achegamento de servizos que melloren e acerquen servizos á poboación mellorando a súa calidade de vida, innovar apostando pola identidade e a propia idiosincrasia da área creando unha imaxe de marca propia e tratando de crear un efecto multiplicador das iniciativas que se desenvolvan no territorio do GDR 17. Deste xeito, a **cooperación e o traballo en rede** establecendo un verdadeiro proceso participativo tórnase o eixe principal da Estratexia do GDR 17.

A cooperación coas entidades e axentes presentes no territorio e outras entidades da contorna (Universidade de Vigo, Deputación de Pontevedra, Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía, outros GDR,...) será un aspecto clave do desenvolvemento da Estratexia. Por exemplo: coa Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía (sendo ademais socio do GDR 17) buscarase unha colaboración no eido da difusión de información e asesoramento, fundamentalmente naquelas iniciativas ou actuacións que vaian orientadas á creación ou impulso de novas iniciativas empresariais; En colaboración coa Universidade de Vigo buscarase o desenvolvemento de estudos, informes, deseño de formación, asesoramento a iniciativas,… que teñan un impacto positivo no territorio do GDR 17 (Por exemplo a través da colaboración coa Área de

Emprego e Emprendemento ou grupos de investigación); Coa Deputación de Pontevedra poderán desenvolverse colaboración para o impulso de iniciativas (aproveitando programas como “DepoEmprende”, para o impulso de iniciativas empresariais, ou os servizos do centro Provincial de Asesoramiento Empresarial 2.0 – CPAE localizado en Cambados, para o apoio ao desenvolvemento e mellora competitiva das empresas existentes na área).

Do mesmo xeito xunto coas liñas de actuación concretas que buscan facilitar os cambios nos procesos, nos produtos e nos servizos e na forma de facer as cousas, a propia Estratexia establecerá un cambio importante con respecto aos períodos anteriores. Este cambio é a aposta pola formación, información, asesoramento e o intercambio de experiencias e transferencia de coñecemento, pasando dun modelo onde predominaban os investimentos materiais a un modelo onde se combinan os investimentos materias (en menor medida) con investimentos inmateriais (en maior medida) en coñecemento, información, transferencia,... que terán unha importante impacto no territorio. Con esta metodoloxía de traballo buscarase ademais provocar un efecto multiplicador das actuacións e dos resultados.

Por último comentar que outro dos efectos multiplicadores representarao os investimentos privados que os promotores (tanto públicos como privados) deben facer para o desenvolvemento do seu proxecto, xa que as axudas do Programa Leader sempre serán cofinanciadas. Deste xeito, poderíase afirmar que neste período 2014-2020, mantendo o investimento previsto en axudas públicas estimado inicialmente entorno aos 5 millóns de euros, o investimento dos promotores tanto públicos como privados podería acadar os 12 millóns de euros. Estes datos calcúlanse en base á os resultados obtidos no período anterior 2007-2013 e 2014-2015.

Como resumen de todo o comentado neste apartado vinculado á innovación poderíanse establecer **8 puntos clave nos que a Estratexia do GDR 17 Salnés-Ulla-Umia pretende impulsar unha resposta máis ou menos**

innovadora aos retos que se formulan para o desenvolvemento do seu territorio no período 2014-2020:

RETOS PARA O RURAL NO TERRITORIO DO GDR 17	RESPOSTA INNOVADORA DA ESTRATEXIA DO GDR SALNÉS-ULLA-UMIA
Mobilización da poboación e cohesión social	• Instauración dun clima propicio á colaboración entre as institucións locais • Creación de cooperacións público-privadas e de espazos de consulta para a poboación sobre os proxectos e decisións das institucións locais. • Promoción de espazos de reflexión colectiva sobre o desenvolvemento do territorio. • Accións de animación para mobilizar á poboación e lograr que nazan ideas e proxectos.
Imaxe do mundo rural	• Utilización da paisaxe como ferramenta para mobilizar á poboación. • Reutilización dos símbolos da identidade local. • Rehabilitación de antigas estruturas (industriais, transportes, etc.) para novas funcións.
Identidade do territorio: • Identidade local e especificidade cultural. • Comportamento e mentalidade da poboación.	• Utilización da cultura e saberes locais como bazas para o desenvolvemento. • Valorización da identidade como novo elemento nas regras dos intercambios comerciais cos mercados. • Impulso de novas formas de percibir a ruralidade. • Implicación da poboación na definición das estratexias locais • Facilitar o acceso á información • Sensibilización e formación respecto ao espírito empresarial e á toma de riscos individual e/ou colectiva • Creación de polos de difusión cultural e afirmación da cultura local.

RETOS PARA O RURAL NO TERRITORIO DO GDR 17	RESPOSTA INNOVADORA DA ESTRATEXIA DO GDR SALNÉS-ULLA-UMIA
Actividades e emprego: • Creación de emprego. • Financiamento das actividades rurais. • Formación.	• Promoción do emprego feminino nas actividades agrarias e non agrarias. • Procura de novas fontes de emprego na cultura, o lecer, os servizos, o medio ambiente; valorización dos saberes tradicionais. • Creación de posibilidades de integración a través do traballo voluntario. • Mobilización do aforro e do investimento local mediante un enfoque participativo. • Oferta, privatización ou reconversión de bens públicos para novas actividades xeradoras de emprego. • Organización de cursos de formación a medida. • Revalorización e modernización dos oficios e saberes tradicionais. • Formación dos produtores en accións colectivas de comercialización.
Competitividade e acceso aos mercados	• Aumento do valor engadido mediante a transformación local e a comercialización directa de produtos agroalimentarios. • Reintrodución de cultivos e produtos locais tradicionais. • Diversificación das producións e métodos agrarios. • Creación de economías de rede. • Estruturación da oferta de varios produtos ao redor dun tema aglutinador. • Creación de novos produtos e servizos para os mercados. • Organización de circuítos curtos de comercialización (ou redución do número de intermediarios). • Elaboración de etiquetas específicas e cartas de calidade territorial. • Impulso da posta en marcha de cooperacións intersectoriales xeradoras de novas actividades.
Poboación: • Escasa densidade demográfica. • Envellecemento da poboación.	• Creación de servizos multifuncionais. • Creación de servizos ambulantes. • Adaptación dos servizos á situación demográfica do territorio. • Implicación da poboación na concepción e posta en marcha dos servizos colectivos. • Valorización do potencial ecolóxico e recreativo dos espazos rurais.

RETOS PARA O RURAL NO TERRITORIO DO GDR 17	RESPOSTA INNOVADORA DA ESTRATEXIA DO GDR SALNÉS-ULLA-UMIA
Medio ambiente, xestión do espazo e dos recursos naturais	• Valorización da calidade específica do territorio grazas a novos produtos e servizos. • Fomento dun turismo respectuoso có medio ambiente. • Revalorización do patrimonio arquitectónico da área. • Revalorización das paisaxes e do patrimonio arqueolóxico para o desenvolvemento turístico. • Integración da protección do medio ambiente e o desenvolvemento económico. • Promoción das enerxías renovables. • Racionalización da utilización e da reciclaxe dos recursos (auga, enerxía,...). • Promoción das prácticas de desenvolvemento duradeiro en todos os sectores.
Evolución das tecnoloxías	• Revalorización mediante a modernización de tradicións produtivas. • Organización da transferencia tecnolóxica rural-rural. • Organización das empresas locais para que facilite o acceso ás tecnoloxías. • Impulso dá Introdución de tecnoloxías adaptadas aos produtos de calidade en todos os sectores. • Introdución de novas tecnoloxías que reduzan as distancias e o illamento

3.5.3.- Indicadores.

Unha vez posto en marcha o programa cómpre realizar un control periódico do proceso, para saber o nivel de cumprimento dos obxectivos previstos. Para isto cómpre ollar periodicamente os problemas que se foron presentando, co fin de ver por onde e como se pode abordar a busca de solucións e tomar as medidas correctoras oportunas se fose necesario. Así, o seguimento da execución do programa e a avaliación da súa eficacia en relación cos obxectivos establecidos apoiaranse na utilización dunha serie de indicadores.

Os indicadores definidos, nunha grande parte recollidos do anexo IV do Regulamento de Execución (UE) Nº 808/2014 da Comisión de 17 de xuño de 2014 (como se sinala na Guía práctica para a elaboración das candidaturas dos Grupos de Desenvolvemento Rural do Programa Leader de Galicia 2014-2020), estrutúranse en torno a 3 bloques: Indicadores de contexto, Indicadores de resultados e Indicadores de produtividade.

Nas táboas seguintes recóllense os indicadores e as definicións de cada un deles para os 3 bloques definidos (contexto, resultados e produtividade).

INDICADORES DE CONTEXTO

INDICADOR	DEFINICIÓN	FONTE	VALORES
(C1.) Poboación	Número de habitantes a 1 de xaneiro do ano de referencia.	IGE - INE. Padrón municipal de habitantes	2014: 145.291 hab. 2015: 145.045 hab.
(C2.) Estrutura de idades	Composición da poboación por grandes grupos de idade: Menos de 16 anos De 16 a 64 anos Máis de 64 anos	IGE - INE. Padrón municipal de habitantes	2014 2015 - de 16 20.561 20.456 16 - 64 94.679 93.976 + de 64 30.051 30.613
(C3.) Territorio	Superficie en quilómetros cadrados que conforman o territorio do GDR 17	IGE - Instituto Xeográfico Nacional (IGN)	563,6 Quilómetros cadrados
(C4.) Densidade de poboación	Cociente entre a poboación dun territorio e a súa extensión superficial, é dicir, o número de habitantes por cada quilómetro cadrado de superficie	IGE. Indicadores demográficos	2014: 257,79 hab./Qm2 2015: 257,35 hab./Qm2
(C5.) Afiliados á Seguridade Social	Número de traballadores que están afiliados en alta laboral a data 31/12 do ano de referencia.	IGE. Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia do afiliado.	2014: 44.252 afiliados 2015: 45.419 afiliados
(C7.) Parados	Número de persoas de 16 ou máis anos que están sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego a 31/12 do ano de referencia.	Instituto Galego das Cualificacións. Base de datos de demandantes rexistrados nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia	2014: 16.694 parados 2015: 15.124 parados
Número de empresas	Número de empresas con sede social no territorio do GDR 17 a 31/12 do ano de referencia.	IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais	2014: 14.478

INDICADOR	DEFINICIÓN	FONTE	VALORES
(C10.) Estrutura da economía	Número de empresas con sede social no territorio do GDR 17 segundo as seguintes actividades principais: Agricultura e pesca Industria, incluída a enerxía Construción Servizos	IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais	2014 Agric. e pesca 4.270 Indus., incl. Ener. 865 Construción 1.648 Servizos 7.695
(C17.) Explotacións de gando bovino	Número de explotacións dedicadas a gando bovino (Explotación: calquera instalación, construción ou, no caso da cría ao aire libre, calquera lugar nos que se teñan, críen, manexen o se expoñan ao público animais de produción).	IGE a partir dos datos do SITRAN (Sistema Integrado de Trazabilidade Animal) proporcionados pola Consellería do Medio Rural e do Mar	2014: 1.341 explotacións
(C29.) Superficie forestal	Superficie forestal en hectáreas, entendida como terreo poboado con especies forestais arbóreas como manifestación vexetal dominante ou terreo poboado con especies de matogueira e/ou pasteiro natural ou con débil intervención humana	IGE. Consellería do Medio Rural e do Mar. Anuario de Estatística Agraria e Superficies Agrícolas e información subministrada directamente	2014: 31.758 hectáreas 2015: 31.770 hectáreas
(C18.) Superficie de cultivo e prado	Superficie en hectáreas dedicadas ao cultivo (Cultivos herbáceos, Cultivos leñosos, Outras terras de cultivo, e Cultivos asociados e sucesivos) e ao prado e pasteiros	IGE. Consellería do Medio Rural e do Mar. Anuario de Estatística Agraria e Superficies Agrícolas e información subministrada directamente	2014: 15.205 hectáreas 2015: 15.051 hectáreas
(C19.) Superficie agricultura ecolóxica	Superficie agrícola, en hectáreas, no marco da agricultura ecolóxica	Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia. CRAEGA	(datos solicitados a CRAEGA)
(C22.) Man de obra agrícola	Número de traballadores que estiveron afiliados en alta laboral nalgún momento do ano de referencia no sector de actividade agrícola e pesqueiro. Nota: non se dispón de datos para o sector agrícola independentemente do pesqueiro.	IGE. Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia do afiliado	2014: 4.879 afiliados 2015: 4.899 afiliados

INDICADOR	DEFINICIÓN	FONTE	VALORES
(C30.) Infraestrutura turística	Número de establecementos e prazas das seguintes categorías: Hoteis (Aquel establecemento que, ofrecendo aloxamento con ou sen comedor e outros servizos complementarios, ocupe a totalidade dun ou varios edificios ou unha parte independizada deles, constituíndo as súas dependencias un todo homoxéneo, con accesos, escaleiras e ascensores de uso exclusivo, e que reúna os requisitos técnicos mínimos en función da súa categoría, determinados regulamentariamente) e Turismo Rural (Considérase establecemento de turismo rural, aquel establecemento ou vivenda destinada ao aloxamento turístico mediante prezo, con ou sen outros servizos complementarios e que estea inscrito no correspondente Rexistro de Aloxamentos Turísticos)	IGE. Consellería de Cultura e Turismo. Dirección Xeral para o Turismo. Directorio de empresas e actividades turísticas	2013 Hoteis / Tur. rural Establec. 225 / 40 Prazas 14.424 / 535

INDICADORES DE RESULTADOS

INDICADOR	DEFINICIÓN	VALORES ESTIMADOS PARA O PERÍODO 2014-2020
(R1) Número de explotacións agrícolas que reciben axuda	Número de explotacións agrícolas que recibiron axuda do GDR para investimentos en reestruturación ou modernización da súa actividade	20
(R6) Superficie de bosques ou outras superficies forestais	Superficie de bosques ou outras superficies forestais obxecto de subvención	1.500 hectáreas (17 CMVMC)
(R14) Lograr un uso máis eficiente da enerxía na agricultura e na transformación de alimentos	Número de explotacións ou empresas dedicadas á agricultura e na transformación de alimentos en proxectos financiados polo GDR	10
(R21) Emprego creado	Emprego creado nos proxectos financiados polo GDR: número de postos de traballo	41
(R22) Número de poboación rural obxecto de estratexias de desenvolvemento local	Número de poboación beneficiaria polas actuacións financiadas dende o GDR	50.000 habitantes

INDICADOR	DEFINICIÓN	VALORES ESTIMADOS PARA O PERÍODO 2014-2020
(R23) Número de poboación rural que se beneficia de servizos/infraestruturas	Número de poboación rural que se beneficia de servizos/infraestruturas novos ou mellorados	25.000 habitantes
(R25) Número de poboación rural que se beneficia de servizos/infraestruturas das tecnoloxías da información e a comunicación	Número de poboación rural que se beneficia de servizos/infraestruturas novos ou mellorados vinculados ás tecnoloxías da información e a comunicación - TICs	1.000 habitantes

INDICADORES DE PRODUTIVIDADE

INDICADOR	DEFINICIÓN	VALORES ESTIMADOS PARA O PERÍODO 2014-2020
(O.1.) Gasto público total	Gasto público	4.999.970,00 €
(O.2.1) Investimento público total en proxectos Non produtivos	Investimento total, en euros, correspondente a proxectos Non produtivos financiados dende o GDR	1.404.115,17 €
(O.2.2) Investimento público total en proxectos produtivos	Investimento total, en euros, correspondente a proxectos produtivos financiados dende o GDR	2.733.835,00 €
(O.3.) Número de actividades/operacións subvencionadas	Número de actividades/operacións subvencionadas	144
(O.4.) Número de explotacións/beneficiarios subvencionados	Número de explotacións/beneficiarios subvencionados	23

INDICADOR	DEFINICIÓN	VALORES ESTIMADOS PARA O PERÍODO 2014-2020
(O.5.) Superficie total subvencionada (ha)	Superficie total subvencionada (en hectáreas)	230 hectáreas
(O.7.) Número de contratos	Número total de contratos vinculados á concesión de subvencións dende o GDR	41 contratados/as
(O.10.) Número de agricultores beneficiarios de prestacións	Número de agricultores beneficiarios de prestacións	20
(O.13.) Número de beneficiarios asesorados	Número de beneficiarios asesorados directamente dende o GDR	300
(O.15.) Poboación beneficiaria de servizos/infraestruturas mellorados	Poboación (número de habitantes) beneficiaria de servizos/infraestruturas mellorados (vinculados ás TICs ou outros)	26.000 habitantes
(O.20.) Número de proxectos Leader financiados	Número de proxectos Leader financiados dende o GDR	120
(O.21.) Número de proxectos de cooperación	Número de proxectos de cooperación subvencionados	4
(O.22.1) Número de promotores de proxectos	Número de promotores de proxectos presentados ao GDR para a súa avaliación	250
(O.22.2) Tipo de promotores de proxectos	Tipoloxía de promotores de proxectos presentados ao GDR para a súa avaliación, en base a dúas variables: Sexo: home ou muller. Idade: Menos de 35 anos, entre 36 e 50, 51 a 64 anos ou Máis de 64 anos	(estatística a establecer durante o programa. Buscarase que predomine o perfil de mulleres e mozos/as)
(O.25.) Número de ferramentas de comunicación utilizadas	Número de ferramentas de comunicación utilizadas polo GDR	16
(O.26.) Número de actividades da REDR nas que participase o GDR	Número de actividades da REDR nas que participase o GDR	2

Nas táboas seguintes recóllese unha estimación dos principais resultados a obter no desenvolvemento da Estratexia no período de referencia.

ESTIMACIÓN DOS PRINCIPAIS RESULTADOS A OBTER			
Medida	**Proxectos**	**Beneficiarios**	**Empregos**
1. MELLORAR E IMPLEMENTAR NOVOS SERVIZOS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.	5	5	2
2. MELLORAR E IMPLEMENTAR INFRAESTRUTURAS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.	4	4	2
3. PROTEXER E MELLORAR O MEDIO AMBIENTE E OS RECURSOS NATURAIS.	18	12	5
4. IMPULSAR A XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS E NA SÚA CONTORNA.	5	5	6
5. IMPULSAR A XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NOS ESPAZOS FORESTAIS.	10	10	0
6. ORDENAR, RECUPERAR E POÑER EN VALOR O PATRIMONIO RURAL.	12	12	0
7. DESENVOLVER ACCIÓNS DE VALORIZACIÓN DA PAISAXE TRADICIONAL.	8	8	0
8. DIVERSIFICAR, CREAR E DESENVOLVER PEMES NO RURAL.	30	16	6
9. MELLORAR A COMPETITIVIDADE DOS PRODUTORES PRIMARIOS, INCREMENTANDO O VALOR ENGADIDO AOS PRODUTOS AGRARIOS E FORESTAIS E PROMOCIONÁNDOOS NOS MERCADOS LOCAIS.	20	18	10
10. FOMENTO E PROMOCIÓN DO TURISMO NA ÁREA.	12	12	6
11. COOPERACIÓN.	10	10	0
12. FOMENTO DA PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.	2	2	0
13. PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA ÁREA E OS SEUS RECURSOS.	4	4	0
14 CAPACITACIÓN PARA O EMPREGO DIRIXIDA Á POBOACIÓN ACTIVA DA ÁREA.	4	4	4
Totais	**144**	**122**	**41**
IMPACTO DA INVERSIÓN DOS FONDOS PÚBLICOS			
Valor económico promedio	16.558,97 €/proxecto	20.564,19 €/beneficiario	52.040,82 €/emprego creado
EFECTO MULTIPLICADOR DOS FONDOS PÚBLICOS			
Os fondos públicos teñen un efecto multiplicador sobre as inversións na zona, deste xeito, cada euro invertido estímase que implica a inversión de 0,8 euros por parte das entidades privadas na comarca			

INDICADORES DE RESULTADO NA MEDIDA: COOPERACIÓN

TIPOLOXÍA DO PROXECTO		TOTAIS
Nº PROXECTOS DE COOPERACIÓN BENEFICIARIOS DE AXUDA	Inter-territorial	3
	Trans-nacional	1
	TOTAL	**4**
Nº GDR COOPERANTES	Inter-territorial	3
	Trans-nacional	1
	TOTAL	**3**
FEADER (€)	Inter- territorial	300.000,00 €
	Trans- nacional	500.000,00 €
TOTAL	Inter- territorial	300.000,00 €
	Trans- nacional	500.000,00 €
TOTAL GLOBAL		**800.000,00 €**

INDICADORES DE RESULTADO DE ACTIVIDADES FORMATIVAS

MEDIDA RELACIONADA	Nº DE PARTICIPANTES QUE CONCLUÍRON CON ÉXITO ALGUNHA DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PROGRAMADAS				
	Homes		Mulleres		TOTAL
	<41	>41	<41	>41	
Participantes nas accións formativas	40	80	80	160	**360**
TOTAL	**40**	**80**	**80**	**160**	**360**

3.6.- COMPLEMENTARIEDADE CON OUTROS FONDOS.

No marco do desenvolvemento de actuacións ou proxectos, tanto por parte de entidades públicas como privadas, a solicitude de axudas ofrecidas polos diversos organismos e entidades públicas é un aspecto contemplado recurrentemente.

Dende o GDR asesorarase aos promotores de actuacións naquelas axudas que mellor se adapten ás características do seu proxecto, chegando a complementar as ofrecidas no programa Leader 2014-2020 no caso de que foran compatibles. Así, as axudas concedidas no marco do programa Leader serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos públicos e privados destinados a financiar o mesmo gasto ou investimento, sempre que:

- O importe acumulado das axudas non exceda do custo total da actividade subvencionable.
- O importe acumulado das axudas públicas non exceda dos límites máximos previstos na normativa de axudas da UE e do estado.

As axudas concedidas no marco do programa serán incompatibles con calquera outra que, para o mesmo gasto ou investimento, leven cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros,…) nos límites establecidos na normativa.

Ademais, no caso do GDR 17 Salnés-Ulla-Umia, o territorio inclúe concellos costeiros, comprendidos no ámbito de actuación do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, polo que:

- Coordinarase a estrutura do GDR coa estrutura dos dous Grupos de Acción Costeira (GAC) que operarán no territorio (Zona 5 “Ría de Arousa” e Zona 6 “Ría de Pontevedra”), para a non duplicidade de inversións.

- Debido a concorrencia do GDR e dun GAC, establécese que dende o GDR se priorizarán aquelas zonas de interior ante as zonas costeiras. Non

obstante, existen outros proxectos que poderían ser elixibles para uns e outros partenariados, polo que se aconsellará ao promotor a elección máis favorable de cara a obter un mellor financiamento.

A continuación, móstranse outros fondos públicos que son complementarios as axudas concedidas no marco do programa Leader, organizadas en función da súa orixe (UE, estatal ou autonómica).

1. FONDOS DA UE

Todas as axudas recollidas neste apartado son complementarias pero incompatibles co programa Leader, xa que este programa está financiado con fondos europeos e non é posible que un mesmo gasto ou investimento leve cofinanciamento comunitario de dúas fontes da UE, polo que se estudará en cada caso particular a idoneidade de financiamento de cada proxecto.

1.1. **Programa Fondo Social Europeo 2014-2020:** O Fondo Social Europeo (FSE) é un dos Fondos Estruturais da UE; creouse para reducir as diferenzas na prosperidade e o nivel de vida entre as distintas rexións e estados membros da UE e, por tanto, ten a finalidade de promover a cohesión social e económica. Este programa, está destinado a fomenta-las oportunidades de emprego e mobilidade xeográfica e profesional dos traballadores, así como facilitar a súa adaptación ás transformacións industriais e aos cambios dos sistemas de produción, especialmente mediante a formación e a reconversión profesional.

1.2. **Programa LIFE da Unión Europea (2014-2020)**: O Programa LIFE divídese en dous subprogramas con tres áreas prioritarias cada un deles: Subprograma Medio Ambiente (Medio Ambiente e Eficiencia no Uso dos Recursos; Natureza e Biodiversidade; Gobernanza e Información Ambientais) e Subprograma Acción polo Clima (Mitigación do Cambio Climático; Adaptación ao Cambio Climático; Gobernanza e Información Climáticas). Obxectivo específico de LIFE-Medio Ambiente: contribuír ao desenvolvemento de técnicas e métodos innovadores e integrados e á continuación do desenvolvemento da política medioambiental comunitaria. O Regulamento LIFE define cinco ámbitos de intervención: Ordenación e aproveitamento do territorio; xestión de augas; redución do impacto ambiental das actividades económicas; xestión de residuos; redución do impacto ambiental dos produtos mediante unha política integrada de produtos. É habitual que saian convocatorias anuais deste programa para a selección de proxectos.

1.3. **Programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020:** O Programa pretende abordar os retos comúns que foron identificados nas rexións fronteirizas. O POCTEP 2014-2020 persegue actuar en 5 grandes ámbitos, que están relacionados coa investigación e a innovación, coa competitividade das PEME, coa adaptación ao cambio climático en todos os sectores, coa protección do medio ambiente e coa mellora da capacidade institucional das administracións e os servizos públicos. Quén pode beneficiarse do programa? Universidades, entidades de ensino superior,

Centros Tecnolóxicos, Institutos de Investigación, Parques Científicos e Tecnolóxicos, Administracións Públicas, empresas, Axencias de Desenvolvemento Rexional, Fundacións de Desenvolvemento e Promoción Económica, Cámaras de Comercio, Empresas, agrupacións de empresas, asociacións empresariais, Servizos de Protección Civil, Confederacións Hidrográficas, Parques Naturais e Asociacións para a defensa e xestión do Patrimonio Natural, Asociacións e organizacións da Sociedade Civil.

1.4. **Programa Interreg V-B (cooperación transnacional) (2014-2020): (1) Espazo Suroccidental (SUDOE):** o seu obxectivo é consolidar o espazo das rexións españolas, francesas, portuguesas e británicas (Xibraltar) como un Espazo de cooperación territorial nos ámbitos da competitividade e a innovación, o medio ambiente, o desenvolvemento sostible e a ordenación do territorio, que contribúa a reforzar a cohesión económica e social no seo da Unión Europea. Os eixos prioritarios deste programa son: Eixo Prioritario 1: Promover as capacidades de innovación para un crecemento intelixente e sustentable. Eixo prioritario 2: fomentar a competitividade e a internacionalización das pemes do Suroeste europeo. Eixo prioritario 3: Contribuír a unha maior eficiencia das políticas en materia de eficacia enerxética. Eixo prioritario 4: Previr e xestionar os riscos de maneira máis eficaz. Eixo prioritario 5: Protexer o medio ambiente e promover a eficacia dos recursos.

1.5. **Programa Interreg IV-C (cooperación interrexional) (2014-2020):** Proxectos de cooperación territorial entre diversos socios de toda a UE. O Programa INTERREG IV C é un programa de intercambio e a capitalización cuxo obxectivo é mellorar, a través do intercambio de experiencias e boas prácticas, a eficacia das políticas de desenvolvemento rexional. De feito, céntrase na identificación, análise e, en determinadas condicións, a transferencia de boas prácticas. Por tanto: O grupo obxectivo "natural" do programa son as autoridades públicas rexionais e locais, xa que estes organismos son os responsables das políticas rexionais e locais. INTERREG IV C é diferente dos programas transnacionales de cooperación, non se dedica á 'aplicación' ou 'experimentación'. As actividades básicas dos proxectos INTERREG IVC sempre deben estar relacionadas co intercambio de experiencias a nivel político. O programa está organizado ao redor de dúas prioridades temáticas relacionadas coas axendas de Lisboa e Gotemburgo. Un certo número de sub-temas defínense para cada unha das prioridades: Prioridade 1: A innovación e a economía do coñecemento (A innovación, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico; O espírito empresarial e das PEME; sociedade de información ; - O emprego, o capital humano e a educación. Prioridade 2: Medio ambiente e prevención de riscos (Riscos naturais e tecnolóxicos -incluído o cambio climático-; Administracion da auga; A prevención e xestión de residuos; A biodiversidade e a preservación do patrimonio natural -incluída a calidade do aire-; Enerxía e transporte sustentable; O patrimonio cultural e paisaxístico.

1.6. **Programa Rede Natura 2000:** Programa complementario ao Programa LIFE+, xa que a rede Natura 2000 aplícase sobre un conxunto de áreas definidas. É susceptible de financiar proxectos tanto de medio ambiente (biodiversidade e protección) como de infraestruturas neses espazos predefinidos.

2. FONDOS ESTATAIS.

2.1. O **Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2013-2016** é o instrumento de programación con que conta o Sistema Español de Ciencia e Tecnoloxía e no que se establecen os obxectivos e prioridades da política de investigación, desenvolvemento e innovación a medio prazo. O Plan constitúe unha ferramenta de planificación e programación a corto prazo da política de ciencia e tecnoloxía en Españ. O Plan está integrado por catro programas estatais que corresponden aos obxectivos xerais establecidos na Estratexia española de Ciencia,

Tecnoloxía e de Innovación. Os programas estatais despréganse nun total de 18 subprogramas de carácter plurianual, que se desenvolverán principalmente mediante convocatorias en concorrencia competitiva nas que se detallarán as modalidades de participación e financiamento.

2.2. **Agenda Digital para España:** É a estratexia do Goberno para desenvolver a economía e a sociedade dixital en España. Esta estratexia configúrase como o paraugas de todas as accións do Goberno en materia de Telecomunicacións e de Sociedade da Información. A Axenda lidérase conxuntamente polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. A Axenda marca a folla de ruta en materia de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (TIC) e de Administración Electrónica para o cumprimento dos obxectivos da Axenda Dixital para Europa en 2015 e en 2020, e incorpora obxectivos específicos para o desenvolvemento da economía e a sociedade dixital en España. Contén 106 liñas de actuación estruturadas ao redor de seis grandes obxectivos: Fomentar o despregamento de redes e servizos para garantir a conectividade dixital; Desenvolver a economía dixital para o crecemento, a competitividade e a internacionalización da empresa española; Mellorar a administración electrónica e os servizos públicos dixitais; Reforzar a confianza no ámbito dixital; Impulsar a I+D+i nas industrias de futuro; Promover a inclusión e alfabetización dixital e a formación de novos profesionais TIC.

2.3. O **Ministerio de Industria, Turismo y Comercio** ten diversas liñas de subvención: Agrupaciones Empresariales Innovadoras (AEI); Axudas á iniciativa Industria Conectada 4.0; Programa Acción Estratégica Economía y Sociedad Digital (AEESD)

2.4. **Emprendetur I+D+i**: Este programa, nacido no marco do Plan Nacional e Integral de Turismo 2012-2015, mantén a súa vixencia cunha nova convocatoria en 2016 e os seus obxectivos prioritarios: a) Apoiar a investigación e desenvolvemento aplicado a produtos do sector turístico. b) Fortalecer os procesos de I+D+i no sector turístico. c) Impulsar o desenvolvemento de produtos turísticos innovadores que melloren a competitividade e rendibilidade do sector turístico español. d) Facilitar ás empresas o acceso a desenvolvementos innovadores para a mellora dos seus produtos turísticos co fin da internacionalización dos mesmos.

2.5. O **Ministerio de Medio Ambiente**, é habitual que poña en marcha diversos programas de subvenciones, entre eles: subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais, renovación de maquinaria, accións formativas e transferencias de tecnoloxía, axudas para o fomento da utilización de maquinaria e equipos agrarios en réxime asociativo, axudas a organizacións non gobernamentais destinado ao financiamento de gastos de funcionamento e financiamento de actividades de información e sensibilización cidadán para a prevención, minimización e reutilización de residuos, para a formación de persoal, así como de actividades de educación, formación e sensibilización ao público para mitigar o cambio climático.

2.6. A **Dirección General para la Biodiversidad,** do Ministerio de Medio Ambiente, concede subvencións a entidades e organizacións non gobernamentais para a realización de actividades privadas relacionadas cos principios inspiradores da Lei 4/1989, de 27 de marzo, de Conservación dos Espazos Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, e, ademais, para a realización de actividades privadas que contribúan ao cumprimento das finalidades da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes.

2.7. **Fundación Biodiversidade**: A Fundación Biodiversidade convoca periodicamente axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para o desenvolvemento de actividades no ámbito da biodiversidade, o cambio climático e o desenvolvemento sustentable.

2.8. O **Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino** é habitual que teña en marcha varios programas ou liñas de axudas, entre elas sóen destacar as axudas para o fomento da integración cooperativa de ámbito estatal, a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade, xestión e uso sostible dos recursos naturais, entre outras.

3. FONDOS AUTONÓMICOS.

3.1. **Axencia Galega de Innovación**: entidade da Xunta de Galicia responsable de apoiar ás empresas galegas a ser máis competitivas e a impulsar o seu crecemento sobre bases sólidas e sostibles no tempo, a través da innovación e dun espírito empresarial creativo. As axudas que poden reseultar de interese dende a perspectiva do GDR e os axentes do territorio para o ano 2016 céntranse en axudas do programa Conecta Peme para fomentar a cooperación entre as pemes e os demais axentes do Sistema rexional de innovación.

3.2. O **Instituto Galego de Promoción Económica** (**IGAPE)** ten varias liñas de axuda, fundamentalmente para pemes e organismos intermedios, entre elas pódense destacar o programa de incentivos económicos rexionais, os fondos para proxectos de servizos avanzados intensivos en emprego, axudas para financiar investimentos de pemes, emprendedores ou microempresas, bolsas foramtivas, avais,... Pero o máis destacable deste ente é o servizo de **Base de datos de Axudas**, xa que dispón dun sistema de busca de axudas que permite localizar e ver de forma áxil e sinxela a gran maioría de as axudas dispoñibles. Neste momento por exemplo ten aberto hasta fin deste ano 2016 por exemplo: Proxectos de investimento en equipos produtivos 2016 (IG227); Proxectos de investimento xeradores de emprego 2016 (IG228); Préstamos do igape para financiar circulante e investimentos con fondos do BEI (IG142, ata 31/5/2017).

3.3. A **Consellería de Economía, Emprego e Industria** dispón de varias convocatorias de axuda, entre as que se poden atopar actualmente as seguintes: Premios smart commerce de Galicia (IN214C); Axencia Galega de Innovación - Axudas para fomento da contratación de persoal técnico - programa PRINCIPIA (IN848C); Axudas para fomentar a remuda comercial (IN216A); Incentivos á contratación indefinida inicial de persoas mozas inscritas no sistema nacional de garantía xuvenil (TR349I); Axuda a autónomos pola contratación indefinida de persoas asalariadas (TR349F); Promoción do emprego autónomo das persoas novas inscritas no sistema nacional de garantía xuvenil (TR341J). Hai outras que non están neste momento activas pero que poderán estalo próximamente, como poden ser: Programa conecta peme (IN852A); Mellora da imaxe, modernización, establecemento de novas fórmulas e medios de comercialización no comercio retallista e artesanal galego (IN201H); Subvencións para a apertura de novos establecementos comerciais (IN217A).

3.4. A **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural** (AGADER) apoia aos proxectos que teñen incidencia directa no emprego e na renda das zonas rurais e que contribúen á diversificación económica e á modernización do tecido produtivo rural, por isto convoca anualmente liñas de axudas aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia. En principio poderán sacar axudas para: 1- Diversificación cara a actividades non agrarias. 2- Creación e desenvolvemento de microempresas. 3- Fomentar as actividades turísticas. 4- Promoción dos servizos básicos para a economía e a poboación rural. 5- Protección e modernización do patrimonio rural.

3.5. A **Consellería do Medio Rural**, ten en marcha varios programas ou liñas de axudas, como poden ser axudas á apicultura, axudas para o fomento das razas autóctonas galegas, axudas para o fomento da utilización de maquinaria en réxime asociativo, axudas aos produtores que participen nos programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, entre outras.

3.7.- PLAN DE FORMACIÓN.

A formación foi un aspecto recorrido continuamente ao longo de todo o proceso de elaboración da Estratexia do GDR SAlnés-Ulla-Umia (entrevistas, consultas, mesas,...). Deste xeito a formación pode converterse nunha ferramenta moi importante orientada á capacitación das persoas para o desenvolvemento dun emprego.

O Programa Leader nas súas bases, e enmarcado na submedida 19.2 do «apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo», recolle que o GDR pode ser beneficiario de proxectos de formación dirixidos a fomentar a capacitación para o emprego da poboación activa do seu territorio.

Asemade, durante todo o proceso participativo de elaboración da estratexia, foron moitas as ocasións nas que se tratou o tema da formación e as necesidades formativas detectadas no territorio.

A síntese de todos aqueles aspectos detectados na área vinculados á formación do capital humano quedan recollidos na seguinte **matriz DAFO**:

DEBILIDADES
• Incremento da taxa de paro nos últimos anos. • Alto taxas de desemprego xuvenil, con limitadas opcións de incorporación ao mercado laboral. • Mercado laboral discriminatorio coa xuventude, a muller, os dependentes e as persoas maiores de 45 años. • Forte desequilibrio entre a oferta e a demanda de traballo. • Limitada capacidade de capacidade de creación de emprego polas empresas da área. • Temporalidade nalgúns dos sectores máis representativos da área (horta, hostalería, restauración,...). • A formación no sector servizos é insuficiente (hostalaría, restauración e actividades complementarias).
FORTALEZAS
• Diversificación das actividades da área. Existencia de diversos sectores con elevada presenza na área: horta, pesca, turismo, termal, vinícola,... • Sector servizos en crecemento na área. • Dispoñibilidade de técnicos nos concellos con coñecementos de integración laboral.

AMEAZAS
• Limitada presenza de oportunidades para a integración laboral das persoas en risco de exclusión social. • Menor número de oportunidades laborais para as mulleres. • Estacionalidade nas contratacións. • Situación económica actual: taxas baixas de crecemento da economía.
OPORTUNIDADES
• Existencia de axudas para a contratación (mozos/as, mulleres,...). • Incremento da poboación en risco de exclusión social. • Desenvolvemento de actividades agrarias como a agricultura ecolóxica. • baixo nivel de formación académica de determinados colectivos. • Reparto desigual do desemprego na área. • Tendencia por parte das empresas a considerar a formación como un aspecto importante. • Tendencia por parte das persoas a considerar a formación como un aspecto importante. • Existencia de diversas incoativas orientadas a ampliar a formación da xente. • Limitado desenvolvemento de iniciativas cooperativas para a posta en marcha de iniciativas empresariais.

Contrastados todos estes aspectos cos interlocutores sociais e políticos do territorio, realizouse unha identificación e priorización das **directrices que deberían orientar o Plan de Formación** do GDR Salnés-Ulla-Umia (por orde de importancia na súa prioridade):

- Directriz 1: Promover a integración das persoas desfavorecidas no mercado de traballo e combater a súa discriminación.
- Directriz 2: Busca da igualdade entre mulleres e homes.
- Directriz 3: Facer fronte ás disparidades da área en materia de emprego.
- Directriz 4: Promover o desenvolvemento do capital humano e a aprendizaxe permanente.
- Directriz 5: Creación de postos de traballo.
- Directriz 6: Aumentar a man de obra cualificada.

Deste xeito, na Estratexia do GDR definiuse a Liña Estratéxica (LE) número 6 como: "LE.6. FORMACIÓN E XERACIÓN DE EMPREGO". E a súa vez defínese a estratexia "E6.1. Proxectos de capacitación para o emprego dirixidos á poboación activa da área, coa finalidade de aumentar a súa empregabilidade".

Dentro desta estratexia "E6.1. Proxectos de capacitación para o emprego dirixidos á poboación activa da área, coa finalidade de aumentar a súa empregabilidade" poderíanse encadrar as seguintes tipoloxías de proxectos que se definen a continuación:

- Formación orientada á profesionalización da poboación activa en servizos turísticos (atención ao cliente, hixiene e seguridade alimentaria, redes sociais e márketing on-line,…).
- Formación orientada á adquisición de habilidades de emprendemento, xestión de empresas e desenvolvemento de modelos de negocio.
- Formación orientada á adquisición de coñecementos vinculadas ás novas tecnoloxías.
- Accións de apoio para o acceso ás probas de competencias clave e aos certificados de profesionalidade, especialmente por parte de colectivos en risco de exclusión social.

Para por en marcha o Plan de Formación crearase unha **Comisión de Formación**, que estará formada por 5 persoas: 2 representantes do sector público e 3 representante do sector privado (1 representante da mesa social e 2 representantes da mesa empresarial e asociacións empresariais) que marcarán a prioridade para cada anualidade.

Os criterios que se utilizarán para a selección dos concellos de impartición das accións formativas serán: Ofreceráselle a acción formativa a todos os concellos que indiquen o seu interese en participar. Priorizarase:

1. Concellos con unha maior taxa de paro.
2. Concellos cun maior porcentaxe de empresas do sector vinculado á formación.

O persoal que se encargue de impartir a formación non contraerá ningún tipo de relación contractual co GDR Salnés-Ulla-Umia, polo que nas bases establecerase que o persoal formador deberá ser ou un traballador autónomo ou unha empresa. O profesional que imparta a formación deberá será tecnicamente competente e contará coa certificación de formador de formadores ou asimilado.

A captación de alumnos e publicidade das accións formativas serán realizadas dende o GDR Salnés-Ulla-Umia, apoiándose nos concellos e asociacións sectoriais e empresariais do territorio. A selección das potenciais persoas participantes priorizarase en base ao seguinte baremo:

1. Primeiro: Idade, priorizarase ás persoas maiores de 45 anos.
2. Segundo: Mulleres.
3. Vinculación demostrable coa actividade na que se base a formación.
4. Terceiro: Tempo (en meses) en busca de emprego, priorizarase ás persoas que leven máis tempo na busca de emprego.

Andes de desenvolver calquera actividade, e coa intención de evitar duplicidades, teranse en conta todas as accións formativas que xa se desenvolven na área do GDR, así como todas aquelas delimitacións que afecten ás actividades formativas que se financien ao abeiro do Fondo Social Europeo (FSE) no marco do GDR Salnés-UIla-Umia, que están expresadas ou recollidas, entre outras, na seguinte normativa:

- **Reglamento (UE) 1303/2013**, de 17 de diciembre, por el que se establecen disposiciones comunes relativas al Fondo Europeo de Desarrollo Regional, al Fondo Social Europeo, y otros.
- **Reglamento (UE) 1304/2013**, de 17 de diciembre de 2013, sobre el Fondo Social Europeo.
- **Reglamento de ejecución (UE) 184/2014**, de 25 de febrero de 2014, sobre las condiciones aplicables al sistema de intercambio electrónico de datos entre los estados miembros y la Comisión.
- **Reglamento de Ejecución (UE) 215/2014**, de 7 de marzo de 2014, sobre metodologías de apoyo a la lucha contra el cambio climático, la determinación de los hitos y las metas en el marco de rendimiento.
- **Reglamento de Ejecución (UE) 288/2014** de la Comisión de 25 de febrero de 2014 que establecen normas con arreglo al Reglamento1303/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo, en relación con el modelo para los programas operativos.
- **Reglamento Delegado (UE) 480/2014** de la Comisión de 3 de marzo de 2014, que complementa el Reglamento (UE) núm. 1303/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo que se establece disposiciones comunes relativas a los Fondos.

A Comisión de Formación será a encargada de establecer as bases das accións formativas e nomeará un tribunal para o proceso selectivo, tanto de formadores/empresas como de participantes na formación.

Formación para o ano 2017

Partindo da matriz DAFO e das directrices marcados para o desenvolvemento do Plan de Formación proponse a seguinte acción formativa para o ano 2017:

Existe un grupo de poboación que dispón dunha **baixa cualificación** e que podería ser potencial demandante de formación vinculada cós certificados de profesionalidade, pero esa baixa cualificación supón unha limitación moi importante para poder acceder a mesma, xa que por exemplo, os certificados de profesionalidade de nivel 2 (que supoñen preto de 4 de cada 10 certificados de profesionalidade existentes) teñen como requisito de acceso mínimo estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), proba de acceso ao Ciclo formativo de Grao Medio, Certificado de Profesionalidade do Mesmo Nivel, Certificado de Profesionalidade de nivel 1 da mesma familia profesional ou a Proba de Acceso á Universidade (PAU) para maiores de 25 anos. Isto supón un risco importante de exclusión de acceso ao mercado de traballo, xa que non teñen cualificación e resúltalles imposible acceder a ela coa conseguinte cronificación desta situación ao pasar a formar parte deste círculo. Este feito foi detectado nas entrevistas mantidas cos AEDL dos concellos visitados da área do GDR Salnés-Ulla-Umia, sendo unha problemática común a todos eles.

Por todo o anterior, proponse o desenvolvemento dunha actuación encamiñada a dar unha formación de apoio a todo este grupo de poboación, facilitándolle o acceso ás probas de acceso libre ao título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), ou as probas de competencias clave. A obtención da ESO ou das competencias clave permitirían a todas estas persoas acceder á formación de Certificados de Profesionalidade de nivel 2 y nivel 3.

4.- PARTE IV: PLAN DE COOPERACIÓN CON OUTROS TERRITORIOS.

A organización en rede e a cooperación constitúen un dos piares fundamentais da metodoloxía Leader, a través do cal se trata de compartir entre territorios experiencias e resultados, intercambiar coñecementos e asociarse en proxectos comúns na busca de sinerxias.

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 establece tres tipos de cooperación con outros territorios rurais:

- Cooperación rexional, na cal participen polo menos dous GDR de Galicia.
- Cooperación suprarrexional, na cal participen polo menos dous GAL que pertenzan a distintas comunidades autónomas do territorio español.
- Cooperación transnacional, con grupos de acción local doutros Estados membros ou terceiros países.

O GDR Salnés-Ulla-Umia elaborou un plan de cooperación para fomentar a interrelación entre os distintos territorios rurais e entre as diferentes entidades que traballan nos proxectos de desenvolvemento.

O Plan de Cooperación do GDR Salnés-Ulla-Umia estrutúrase en torno a catro obxectivos básicos que son (ver Figura 72):

- Incremento da cultura de cooperación entre a sociedade.
- Incremento da dimensión a través da cooperación para competir no mercado global.
- Artellamento da cooperación e incremento da coordinación entre axentes.
- Cooperación con outros territorios e grupos de desenvolvemento (GDR, GAC,…).

Figura 72 Obxectivos básicos do Plan de Cooperación

Fonte: Elaboración propia

No plan de cooperación detállanse moitos aspectos, aínda que unha gran parte deles son soamente de carácter orientativo. Os principais aspectos que se destacan son:

- Obxectivos perseguidos co Plan de Cooperación.
- Estratexia a levar a cabo para acadar cada un dos obxectivos propostos.
- Algúns exemplos de proxectos a desenvolver: breve descrición, ámbito xeográfico, entidades participantes no proxecto, resultados esperados, etc.
- A súa articulación coas políticas de desenvolvemento rural e a coherencia co programa de desenvolvemento rural.
- Valorar os posibles efectos das actuacións desenvolvidas no marco da cooperación sobre o medio ambiente e o colectivo de mulleres e mozos/as.
- Previsión financeira estimada para desenvolver as actividades de cooperación propostas.

MEDIDA 421: PLAN DE COOPERACIÓN											
OBXECTIVOS A ACADAR		ACTUACIÓN		TIPO DE COOPERACIÓN		TERRITORIOS IMPLICADOS	BENEFICIARIOS	EFECTOS NA CONSERVACIÓN E VALORIZACIÓN DO MEDIO AMBIENTE	EFECTOS NO MANTEMENTO DO EMPREGO E TECIDO PROD. DO TERRIT.	CREACIÓN DE ESTRUTURAS PERMANENTES DE COOPERACIÓN	PREVISIÓN ORZAMENTARIA (€)
				Interte-rritorial	Trans-nacional						
1.	INCREMENTO DA CULTURA DE COOPERACIÓN ENTRE A SOCIEDADE	1.1	Desenvolvemento de redes de asociacións	X	X	Galicia, norte de España, norte de Portugal, Francia	Asociacións de tipo social/cultural/deportivo (piragüismo)	Neutrais	Intensidade media e positivos	Intensidade media	200.000€
		1.2	Desenvolvemento de actividades sociais, deportivas e culturais de forma conxunta (Náutica, Vikingos, Termal)	X	X	Galicia, resto de España, norte de Portugal, Norte de europa, Francia, Reino Unido	Asociacións de tipo social/ cultural, clubs deportivos, Estacións Náuticas, entidades públicas	Neutrais	Intensidade alta Positivos	Intensidade alta	350.000€
2.	INCREMENTO DA DIMENSIÓN A TRAVÉS DA COOPERACIÓN PARA COMPETIR NO MERCADO GLOBAL	2.1	Desenvolvemento e promoción de produtos turísticos en cooperación (Náutica, Vikingos, Termal)	X	X	Galicia, norte de España, norte de Portugal, Francia e Reino Unido (Náutica), Norte de Europa (Vikingos)	Organismos intermedios de promoción do turismo, empresas turísticas, entidades públicas	Positivos pola valorización dos mesmo	Positiva, impulso de inciativas empresariais e visitantes	Intensidade alta	300.000€
		2.2	Desenvolvemento e promoción de produtos hortícolas en cooperación	X	X	Galicia, norte de España, norte de Portugal	Empresas e cooperativas hortícolas, agricultores, entidades públicas	Positivos pola xestión dos recursos realizada e o aproveitamento sosti-ble dos recursos naturais	Positiva pola incidencia do emprego de mulleres	Intensidade alta	250.000€
		2.3	Desenvolvemento e promoción doutros produtos en cooperación	X	X	Galicia, resto de España, norte de Portugal	Organismos intermedios, empresas e entidades públicas	Neutrais	Positivos	Positivos	270.000€

MEDIDA 421: PLAN DE COOPERACIÓN											
OBXECTIVOS A ACADAR		ACTUACIÓN		TIPO DE COOPERACIÓN		TERRITORIOS IMPLICADOS	BENEFICIARIOS	EFECTOS NA CONSERVACIÓN E VALORIZACIÓN DO MEDIO AMBIENTE	EFECTOS NO MANTEMENTO DO EMPREGO E TECIDO PROD. DO TERRIT.	CREACIÓN DE ESTRUTURAS PERMANENTES DE COOPERACIÓN	PREVISIÓN ORZAMENTARIA (€)
				Interte-rritorial	Trans-nacional						
3.	ARTELLAMENTO DA COOPERACIÓN E INCREMENTO DA COORDINACIÓN ENTRE AXENTES	3.1	Transferencia de coñecemento (I+D+i) e redes de intercambio de información	X	X	Galicia, resto de España e redes europeas de innovación	Empresas, entidades de I+D+i, organismos intermedios	Neutrais	Positivos, mellora da competitividade das empresas	Intensidade alta	120.000€
		3.2	Estruturas público-privadas para o desenvolvemento de servizos conxuntos	X		Comarcas próximas (PontevedraTabeirós-Terra de Montes,…)	Entidades públicas e privadas	Positivos, pola xestión medioambiental implícita	Positivos, aforro de gasto público	Intensidade alta	100.000€
		3.3	Emprego de TIC's no desenvolvemento de proxectos conxuntos	X	X	Galicia, norte de España, norte de Portugal, Francia, Illas británicas	Entidades públicas e privadas	Neutrais	Positivos	Intensidade alta	120.000€
4.	COOPERACIÓN CON OUTROS TERRITORIOS E GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO (GDR, GAC…)	4.1	Participación na rede de GDR	X		Galicia, resto de España	GDR Salnés-Ulla-Umia	Positivos, pola xestión medioambiental implícita	Neutrais	Neutrais	120.000€
		4.2	Participación na rede de GAC	X		Galicia, resto de España	GDR Salnés-Ulla-Umia	Positivos, pola xestión medioambiental implícita	Neutrais	Neutrais	60.000€
		4.3	Participación noutras redes de entidades de desenvolvemento local	X	X	Galicia, resto de España, Portugal	GDR Salnés-Ulla-Umia	Neutrais	Neutrais	Neutrais	45.000€
										TOTAL ESTIMADO	**1.935.000,00 €**

A continuación detállanse algunhas das principais actuacións que se poderían levar a cabo dentro do **Plan de Cooperación** proposto, así como algúns dos proxectos xa propostos por entidades que forman parte do GDR Salnés-Ulla-Umia.

ACTUACIÓNS EN COOPERACIÓN: REXIONAL Dentro da Comunidade Autónoma de Galicia

TIPOLOXÍA DE ACTUACIÓNS A DESENVOLVER: participación na rede de GDR de Galicia, desenvolvemento de eventos e feiras a través dunha rede, redes de asociacións culturais, redes de asociacións de carácter social, redes de empresas, desenvolvemento e promoción de itinerarios turísticos, proxectos de experimentación no rural, transferencia de coñecementos a través da participación en redes de I+D+i,…
ACTUACIÓNS PROPOSTAS POLAS ENTIDADES
Redes de asociacións culturais
Desenvolvemento e promoción de itinerarios turísticos
Creación dunha páxina web o dun espazo dentro dunha plataforma web, onde as empresas do mesmo sector poidan intercambiar experiencias, inserir as súas ofertas ou demandas, etc. A partir destes contactos, realizar reunións presenciais para facilitar a busca de sinerxías entre as empresas
Realizar misións comerciais internacionais con diversos GDR galegos para publicitar un produto específico da nosa terra, como pode ser o viño, producto da horta,... Tamén serviría para facer contactos entre vendedores e posibles compradores, facilitando deste xeito a internacionalización das nosas empresas.
Creación de redes de empresas na busca de melloras na aprendizaxe, no intercambio e transferencia de coñecemento, en compartir custes,…
Transferencia de coñecementos a través da participación en redes de I+D+i
Promoción de estruturas de colaboración e participación público-privada para a xestión de servizos conxuntos
Creación de fondos para o estudo de viabilidade de fusión entre cooperativas da comarca ou incluso con outras do resto de Galicia, para así acadar unha dimensión óptima de comercialización e poder acceder con máis garantías a novos mercados e clientes.
Crear unha rede de GDR, a través dunha plataforma web onde os diversos grupos podan describir os seus proxectos, as súas experiencias e o interese que teñen en realizar proxectos en común con outros GDR
Promoción conxunta de recursos: produtos, festas,...

ACTUACIÓNS EN COOPERACIÓN: SUPRARREXIONAL con outras Comunidades Autónomas de España.

TIPOLOXÍA DE ACTUACIÓNS A DESENVOLVER: participación en eventos e feiras a través de redes, redes de asociacións culturais, redes de asociacións de carácter social, redes de empresas, desenvolvemento e promoción de itinerarios turísticos, proxectos de experimentación no rural, transferencia de coñecementos a través da participación en redes de I+D+i,…
ACTUACIÓNS PROPOSTAS POLAS ENTIDADES
Redes de asociacións culturais
Desenvolvemento e promoción de itinerarios turísticos
Participación en eventos, feiras e exposicións para promocionar o comercio da Comarca. Cooperación co resto de Comunidades Autónomas de España
Aproveitar a rede de Cámaras de Comercio que existe por todo o territorio español para organizar, entre os diversos GDRs de España interesados, misións e participacións en eventos e feiras internacionais como marca española, mellorando a imaxe do medio rural.
Desenvolver e promocionar itinerarios turísticos con GDR de outras comunidades autónomas. Por exemplo, co norte de España.
Redes de empresas
Proxectos de experimentación no rural
Coñecer o funcionamento doutras entidades que traballen con persoas con discapacitados
Participación en congresos e simposios nacionales.

ACTUACIÓNS EN COOPERACIÓN: TRANSNACIONAL con outros territorios da Unión Europea.

TIPOLOXÍA DE ACTUACIÓNS A DESENVOLVER: participación en eventos e feiras a través de redes, redes de asociacións culturais, redes de asociacións de carácter social, redes de empresas, desenvolvemento e promoción de itinerarios turísticos, proxectos de experimentación no rural, transferencia de coñecementos a través da participación en redes de I+D+i,…
ACTUACIÓNS PROPOSTAS POLAS ENTIDADES
Creación e participación en Redes de Asociacións Culturais
Desenvolvemento e promoción de itinerarios turísticos
Intercambio de experiencias con outras asociacións análogas da Unión Europea
Fomentar o encontro entre asociacións do mesmo sector, no caso do comercio, tamén dos Centros Comercias Abertos, para a transferencia de experiencias e coñecementos. Cooperación co resto dos países da Unión Europea, aínda que principalmente cos que o comercio retallista sexa un sector fundamental na súa economía
Creación dunha páxina web a nivel europeo para a transferencia de coñecementos e de prácticas dos diversos GDR, así como para a busca de posibles socios na realización de proxectos europeos.
Intercambios subvencionados con outras rexións ou países para coñecer mellor o mundo do remo.
Coñecer o funcionamento de outras entidades que traballen con persoas con discapacidade psíquica.
Participación en congresos e simposios nacionais/internacionais
Promoción conxunta da cultura vikinga.
Promoción conxunta das actividades náuticas: piragüismo, turismo náutico,...
Promoción conxunta do turismo termal.

5.- PARTE V: NORMAS PARA A XESTIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL.

5.1.- LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA MÁXIMA (CUANTITATIVOS E PORCENTAXES) EN FUNCIÓN DOS DIFERENTES TIPOS DE PROXECTOS, DENTRO DOS LÍMITES MÁXIMOS DEFINIDOS NO RÉXIME DE AXUDAS.

O Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, establece no seu artigo 59 apartado 8 "8. Os gastos cofinanciados polo Feader non serán cofinanciados mediante a contribución dos Fondos Estruturais, do Fondo de Cohesión ou de calquera outro instrumento financeiro da Unión Europea". As axudas concedidas no marco do programa Leader **serán incompatibles con calquera outras que, para o mesmo proxecto e finalidade, leven cofinanciamento comunitario,** independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros...).

Coa excepción anterior, as axudas concedidas no marco do programa Leader serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos públicos e privados destinados a financiar o mesmo proxecto, sempre que:

-O importe acumulado das axudas non exceda do custo da actividade subvencionada.

-O importe total das axudas públicas non exceda dos límites máximos previstos na normativa de axudas do estado.

Os proxectos que o GDR seleccionará serán de dúas tipoloxías:

- **Proxectos Produtivos**: proxectos que supoñen a realización dunha actividade económica, tendentes á produción de bens ou servizos e que supoñen unha creación ou mantemento de emprego. Os proxectos de natureza produtiva acadarán, cando menos, o 65% dos

fondos públicos totais asignados ao GDR no ámbito da submedida "19.2: apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo". No caso dos proxectos produtivos os límites máximos establecidos serán:

- A intensidade de axuda situarase nun mínimo dun 15% e nun máximo dun 50%.
- O importe de axuda que, como máximo, pode percibir un proxecto de natureza produtiva ascenderá a 200.000,00 €. Ver ademais apartado H do punto 5.2 deste documento.

- **Proxectos Non Produtivos**: proxectos promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais, comunidades de montes veciñais en man común ou as súas mancomunidades, que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica. No suposto de que o proxecto constitúa unha actividade económica, terá a consideración de non produtivo cando os ingresos que se xeren procedan de taxas no caso de proxectos promovidos por entidades públicas locais. No resto dos casos, tanto para os proxectos promovidos por entidades públicas locais en que os ingresos proceden de prezos públicos como nos casos de proxectos promovidos por outros promotores distintos ás entidades públicas locais, os proxectos poderán ter a consideración de non produtivos cando o beneficio neto non chegue a superar o valor de capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro. En todo caso, esixirase que os proxectos non produtivos teñan un interese público ou colectivo, é dicir, deberán ser proxectos que afecten, interesen ou beneficien dalgún xeito ao conxunto da poboación en xeral.

  - A intensidade de axuda situarase entre un 30% e nun máximo dun 90%.
  - A axuda máxima será de 200.000,00 € por proxecto. Os que non deban ampararse no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de minimis poderán

alcanzar os 250.000,00 € no caso de que a Agader o autorice expresamente.

Os proxectos de natureza non produtiva acadarán, como máximo, o 35% dos fondos públicos totais asignados ao GDR no ámbito da submedida "19.2: apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo".

Por outra banda, no ámbito da submedida "19.2: «apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo»" o GDR unicamente será beneficiario de **proxectos de formación dirixidos a fomentar a capacitación para o emprego da poboación activa do seu territorio**, coa finalidade de aumentar a empregabilidade, tanto por conta propia como por conta allea. A porcentaxe que se destinará á formación da poboación activa do territorio mediante os proxectos promovidos directamente polo GDR ascenderá a un 2,5% dos fondos públicos que se asignen á submedida 19.2. Esta porcentaxe compútase como incluída na porcentaxe do 35% que destinará o GDR a proxectos non produtivos no ámbito desta submedida.

5.2.- LIMITACIÓNS E COMPLEMENTARIEDADE DE AXUDAS.

Por outra banda, dentro da liberdade de promover proxectos encadrados nas diferentes liñas establecidas na Estratexia e de cara a evitar diverxencias entre as actuacións incentivadas dende distintas administración públicas e para buscar a maior complementariedade posible entre as mesmas, nalgúns sectores cómpre establecer algunhas limitacións adicionais:

A) Para os **investimentos en establecementos turísticos** e para os **investimentos en actividades económicas do sector servizos no marco do sector da hostalería**, rexerá o convenio de colaboración que se asinará entre a Agader e a Axencia Turismo de Galicia para o Programa Leader Galicia 2014-2020 (Tendo en conta que as competencias en materia de fomento de ordenación do sector turístico residen na Axencia Turismo de Galicia, faise necesario que calquera actuación que supoña unha incidencia no desenvolvemento do turismo galego deba estar referendada necesariamente por este organismo). Deste xeito, o GDR Salnés-Ulla-Umia subvencionará as seguintes actuacións vinculadas a establecementos turísticos e para os investimentos en actividades económicas do sector servizos no marco do sector da hostalería:

a) Investimentos que supoñan melloras en establecementos de aloxamento e restauración que estean en funcionamento na data da presentación da correspondente solicitude de axuda por parte do promotor. Para os efectos da estratexia do GDR terán a consideración de melloras os gastos que sexan necesarios para a obtención do recoñecemento dun aumento de categoría do establecemento segundo a lexislación vixente en materia turística, así coma outras actuacións destinadas a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.
b) Investimentos que supoñan a implantación de servizos turísticos complementarios a un establecemento de aloxamento ou de restauración que estea en funcionamento na data da presentación da correspondente solicitude de axuda por parte do promotor. Para os efectos da Estratexia deste GDR, terán a consideración de servizos turísticos complementarios os seguintes: actividades recreativas e de animación turística, espectáculos, actividades de aventura ou natureza, actividades deportivas como golf, náuticas, esquí, hípica e outras, actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural, balnearios e centros de talasoterapia.
c) Os investimentos que supoñan a creación de novas prazas de aloxamento serán admisibles no caso de que se cumpran os requisitos seguintes:
    1) Os establecementos obxecto de creación de novas prazas estarán clasificados segundo a lexislación en materia turística como hotel, pensión, casa de turismo rural ou campamento de turismo.

2) A proposta deberá levar aparellada unha valorización do patrimonio cultural ou medioambiental, ou a oferta dalgún ou algúns dos seguintes servizos turísticos complementarios: actividades recreativas e de animación turística, espectáculos, actividades de aventura ou natureza, actividades deportivas como golf, náuticas, esquí, hípica e outras, actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural, balnearios e centros de talasoterapia.
3) A localización dos investimentos que supoñan creación de novas prazas deberá situarse nalgún dos concellos sinalados a continuación:
   - Concellos polos que descorren as diferentes rutas do Camiño de Santiago, agás o Francés, nos que exista déficit de prazas de aloxamento, acreditado por informe da Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia.
   - Aqueles concellos que dispoñan de recursos minero-medicinais e carezan de prazas de aloxamento, acreditado por informe da Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia.
   - Excepcionalmente, calquera outro Concello no que se constate una carencia de prazas de aloxamento en determinadas categorías, acreditado por informe da Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia.

d) Creación de novos restaurantes situados en construcións patrimoniais senlleiras (pazos, patrimonio industrial, pallozas, faros, etc.) e que se comprometan a ofertar unha cociña baseada na gastronomía galega tradicional, ou que propoñan técnicas innovadoras ou fusións con outras gastronomías do mundo.
e) Rutas de sendeirismo homologadas pola Federación Galega de Montañismo.
f) Construción de miradoiros, así como a eliminación de elementos discordantes na contorna dos mesmos.
g) O GDR poderá promover a formación tendente á profesionalización do persoal en servizos turísticos (No ámbito da submedida 19.2 de Leader: apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo), mediante actividades formativas nas seguintes materias:
   1) Atención ao cliente en hostalería.
   2) Hixiene e seguridade alimentaria en pequenos establecementos de restauración.
   3) Atención específica ao cliente con discapacidade.
   4) Redes sociais e marketing on-line aplicado a establecementos de restauración.
   5) Ferramentas de xestión de alimentos e bebidas.
   6) Xestión de recursos humanos en pequenos establecementos de restauración (enténdese por pequenos establecementos de restauración os que sexan de titularidade de empresas ou autónomos que teñan a consideración de microempresas, segundo a definición que resulta do anexo I do Regulamento UE nº 651/2014, de 17 de xuño).
h) Os investimentos tendentes á creación ou mellora de empresas de servizos turísticos complementarios. Para os efectos da Estratexia deste GDR terán

a consideración de empresas de servizos turísticos complementarios as reguladas no artigo 88.1 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia. Para a subvenionabilidade dos investimentos a que se refire este punto será necesaria a correspondente inscrición no rexistro público oficial habilitado a tal efecto.

i) Calquera outra actuación en materia turística non recollida nos puntos anteriores que, atendendo á súa singularidade, reciba informe favorable da comisión conxunta da Axencia Turismo de Galicia e Agader.

B) Investimentos no **sector das enerxías renovables**: quedan excluídos de financiamento a través da medida Leader de Galicia 2014-2020 calquera tipo de investimentos en enerxías renovables para venda á rede.

C) Os **investimentos en actividades económicas do sector servizos** que serán subvencionados no marco da Estratexia do GDR Salnés-Ulla-Umia cumpriran co seguinte requisito: Subvencionaranse aqueles investimentos no sector servizos que se localicen nunha parroquia que non dispoña dese mesmo servizo (xustificarase a non existencia doutra actividade similar na parroquia mediante unha certificación do concello que faga referencia ao epígrafe do imposto de actividades económicas -IAE- no que a empresa/entidade vai desenvolver a súa actividade principal) e que estean comprendidos nos seguintes grupos da clasificación CNAE 2009:

a) Todos os códigos entre o grupo 691 "Actividades xurídicas e de contabilidade" e o grupo 750 "Actividades veterinarias " (coa excepción do grupo 701 "Actividades das sedes centrais").
b) Todos os códigos entre o grupo 941 "Actividades de organizacións empresariais, profesionais e patronais" ao grupo 960 "Outros servizos persoais".

No caso dun proxecto de ampliación ou modernización serán subvencionables só as inversións naquelas parroquias que non dispoñan de costa.

D) Os **investimentos no sector do comercio polo miúdo** que serán subvencionados no marco da Estratexia do GDR Salnés-Ulla-Umia cumpriran cós seguintes requisitos:

a) Que se localicen nunha parroquia que non dispoña dese mesmo comercio polo miúdo con anterioridade (xustificarase a non existencia doutra actividade similar na parroquia mediante unha certificación do concello que faga referencia ao epígrafe do imposto de actividades económicas -IAE- no que a empresa/entidade vai desenvolver a súa actividade principal).
b) No caso de produtos de artesanía, estes deben ser feitos por artesáns da área, o artesán ou artesá debe estar en posesión da carta de artesán e ter o seu domicilio fiscal na área do GDR.
c) En ningún caso será subvencionable a adquisición das mercadorías destinadas á venda.

No caso dun proxecto de ampliación ou modernización serán subvencionables só as inversións naquelas parroquias que non dispoñan de costa.

E) Os investimentos que consistan na **adquisición de maquinaria para a realización de servizos agrarios ou forestais** quedan excluídos de financiamento a través da medida Leader de Galicia 2014-2020.

F) Os **investimentos en centros sociais** centraranse no acondicionamento e equipamento dos xa existentes, subvencionándose novos locais sociais só naquelas parroquias nas que non se dispoña dalgún local social. A contía máxima de axuda por cada proxecto que supoña un investimento en creación, reforma ou ampliación dun local social non excederá os 50.000,00 € por proxecto.

G) Os investimentos consistentes na **elaboración de estudos**, **edición de libros**, **edición de guías** e de **páxinas web** terán un límite máximo de axuda de 10.000,00 € por proxecto.

H) Os **proxectos produtivos** que se amparen no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de minimis, limitaranse a un máximo de 200.000,00 € por promotor durante un período de 3 exercicios fiscais.

I) Para as **entidades públicas locais non serán elixibles os proxectos de sinalización territorial**, nin os proxectos de infraestruturas asociadas a **servizos de prestación obrigatoria** por parte das entidades locais ou servizos esenciais declarados de reserva a favor das entidades locais, nos termos establecidos nos artigos 26 e 86.3, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

J) Independentemente da priorización feita polos axentes do territorio GDR 17 sobre as actuacións a levar a cabo no marco do GDR, **na categoría de proxectos non produtivos de prioridade alta incluíranse**:

a) Proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable.
b) Proxectos de mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación, así como o seu uso no medio rural (exemplos: telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos á poboación xeral).

5.3.- CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS: BAREMO E REGRAS PARA A ASIGNACIÓN DAS PORCENTAXES DE AXUDA PÚBLICA.

5.3.1.- Requisitos de subvencionalidade e criterios de carácter obrigatorio dos proxectos.

Inicialmente establecéronse uns requisitos de subvencionalidade para todos os proxectos, polo que en caso de incumprimento de algún deles será causa de denegación do proxecto. Estes requisitos son os seguintes:

- **Carácter innovador**, entendido non só como innovacións tecnolóxicas senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos que se formulan no territorio.
- **Viabilidade** do proxecto, debe ser viable técnica, económica e financeiramente para os proxectos de natureza produtiva.
- **Adecuación do proxecto á Estratexia** do programa de desenvolvemento definida.

Así mesmo, establecéronse unha serie de criterios que teñen o carácter de obrigatorios, polo que o incumprimento dalgún destes criterios será causa de denegación do proxecto. Os criterios de obrigatorio cumprimento son:

1. O proxecto deberase acometer na zona de aplicación do Programa (Comarcas de Caldas e O Salnés): Caldas de Reis, Cambados, Catoira, Cuntis, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Moraña, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Valga, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa. Quedando excluídas as entidades singulares de poboación de máis de 6.000 habitantes.

   O ámbito destas entidades singulares de poboación será o definido polo INE e coa delimitación establecida pola oficina do catastro de cada Concello, de maneira que no caso de dúbida, requiriráselle un informe a este departamento para que indique se o proxecto se localiza dentro destas entidades singulares de poboación excluídas ou non.

2. Os beneficiarios deben estar ao corrente das obrigacións tributarias e da seguridade social.
3. Que o proxecto non este iniciado antes de solicita-la axuda. Sen embargo, poderanse subvencionar fases de proxectos globais xa iniciados cando esas fases poidan seren consideradas como proxectos finalistas en sí mesmas, sendo obxecto da solicitude de axuda as devanditas fases finalistas non iniciadas. Entenderase por fase ou proxecto finalista o proceso que conduza á obtención dun resultado final propio, aínda que dependa da execución doutras partes ou proxectos, previos ou paralelos, para a súa obtención.
4. O destino das inversións debe manterse ao menos durante 5 anos dende a certificación da finalización das inversións, a menos que exista lexislación específica máis restritiva ao respecto.
5. No caso de iniciativas de natureza produtiva todos os beneficiarios deberán cumprir os requisitos de pequena empresa relacionados coa cifra de negocios, número de empregados e balance xeral que se indicarán no convenio a firmar entre o Grupo de Acción Local e as Administracións que financien.
6. Presentar proxectos con viabilidade técnica, económica e financeira.
7. Respectar as normativas urbanísticas vixentes, dispoñer de permisos, autorizacións, inscricións e rexistros ou calquera outros requirimentos que sexan exixibles pola Comunidade Autónoma ou municipio, para o tipo de mellora ou actividade de que se trate.

5.3.2.- Baremo para proxectos PRODUTIVOS (Máx. 100 puntos).

Os **criterios para a selección e priorización de proxectos produtivos** estarán definidos en torno a 4 grandes eixes ou bloques da forma que se recolle na táboa incluída a continuación:

BAREMO PARA PROXECTOS PRODUTIVOS	Puntuación Máxima
Criterios relativos á localización xeográfica	40
Características do promotor do proxecto	10
Incidencia no emprego	25
Impacto sobre o territorio	25
TOTAL PUNTUACIÓN MÁXIMA	**100**

5.3.2.1.- Criterios relativos á localización xeográfica (Máx. 40 puntos).

Os criterios e a valoración máxima dos proxectos en base a situación xeográfica establecerase en base a 4 criterios da forma que se recolle na táboa incluída a continuación:

Localización xeográficas	Puntuación Máxima
Características económicas do concello no que se localiza o proxecto	10
Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto	15
Núcleos ou entidades de poboación onde se localiza o proxecto	10
Outros criterios xeográficos	5
TOTAL PUNTUACIÓN	**40**

5.3.2.1.1 Características económicas do concello no que se localiza o proxecto (Máx. 10 puntos).

DEFINICIÓN: Realizarase unha valoración en base o Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) dos concellos do ano 2009, publicado polo Instituto Galego de Estatística.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Puntuarase en función da porcentaxe do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) dos concellos no ano 2009, en relación coa media galega.

Aspecto	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Indicador Municipal de Renda dos fogares (IMRF) ano 2009	10	Inferior ou igual ao 80% da media galega	10
		Maior do 80% e menor ou igual ao 85%	8
		Maior do 85% e menor ou igual ao 90%	6
		Maior do 90% e menor ou igual ao 95%	4
		Maior do 95% e menor ou igual ao 100%	2
		Maior do 100%	0

Concello	IMRF	Puntuación
Caldas de Reis	85,2	6
Cambados	101,9	0
Catoira	79,6	10
Cuntis	80,3	8
O Grove	98,7	2
A Illa de Arousa	109,4	0
Meaño	85,5	6
Meis	81,2	8
Moraña	75,6	10
Pontecesures	84,7	8
Portas	77,7	10
Ribadumia	80,6	8
Sanxenxo	104,1	0
Valga	75,4	10
Vilagarcía de Arousa	94,2	4
Vilanova de Arousa	90,6	4

Cando se trate dun **proxecto de ámbito supramunicipal**, este recibirá neste apartado a puntuación do concello coa puntuación máis alta.

5.3.2.1.2 Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto (Máx. 15 puntos acumulables).

DEFINICIÓN: Utilizaranse neste apartado dous indicadores relativos á estrutura e dinámica da poboación (variación da poboación entre os anos 2007 e 2015 e índice de envellecemento).

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

O primeiro aspecto a valorar neste criterio é a porcentaxe de **variación da poboación entre os anos 2007-2015**.

Aspecto	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Variación da poboación 2007/2015	7,5	Caída de poboación superior ao -3%	7,5
		Caída de poboación entre o 0% e o -3%	5
		Aumento da poboación máximo do 1%	4
		Aumento da poboación entre un 1% e 2,5%	3
		Aumento da poboación de máis dun 2,5%	0

Concello	Variación da poboación 2007-2015	Puntuación
Caldas de Reis	0,4%	4
Cambados	2,2%	3
Catoira	-3,2%	7,5
Cuntis	-5,9%	7,5
O Grove	-3,8%	7,5
A Illa de Arousa	1,4%	3
Meaño	-1,8%	5
Meis	0,5%	4
Moraña	1,1%	3
Pontecesures	-2,5%	5
Portas	-2,2%	5
Ribadumia	9,2%	0
Sanxenxo	1,8%	3
Valga	-0,1%	5
Vilagarcía de Arousa	2,0%	3
Vilanova de Arousa	-2,0%	5

Cando se trate dun **proxecto de ámbito supramunicipal**, este recibirá neste apartado a puntuación do concello coa puntuación máis alta.

O segundo aspecto a valorar é o **índice de envellecemento** do concello correspondente ao ano 2015.

Aspecto	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Índice de envellecemento (IGE, ano 2015)	7,5	Índice envellecemento 150 ou superior	7,5
		Índice envellecemento entre 130 e 150	4
		Índice envellecemento entre 120 e 130	3
		Índice envellecemento entre 105 e 120	2
		Índice envellecemento entre 100 e 105	1
		Índice envellecemento menor de 100	0

Concello	Índice de envellecemento	Puntuación
Caldas de Reis	117,7	2
Cambados	103,9	1
Catoira	147,9	4
Cuntis	230,2	7,5
Grove, O	109,7	2
Illa de Arousa, A	110,8	2
Meaño	125,3	3
Meis	150,0	7,5
Moraña	146,8	4
Pontecesures	95,4	0
Portas	160,5	7,5
Ribadumia	110,3	2
Sanxenxo	124,8	3
Valga	126,1	3
Vilagarcía de Arousa	102,6	1
Vilanova de Arousa	126,8	3

Cando se trate dun **proxecto de ámbito supramunicipal**, este recibirá neste apartado a puntuación do concello coa puntuación máis alta.

5.3.2.1.3 Entidades singulares de poboación onde se localiza o proxecto. (Máx. 10 puntos).

DEFINICIÓN: Valorarase neste punto o tamaño das Entidades Singulares de Poboación onde se localizará o proxecto.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A puntuación terá unha relación inversa co tamaño das entidades singulares de poboación, así será maior canto menor sexa o tamaño da entidade de poboación onde se localice o proxecto. Tómase de referencias a poboación do ano 2015.

Aspectos	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Entidades singulares de poboación (habitantes ano 2015)	10	Menor ou igual a 100 hab. e os proxectos de ámbito supramunicipal	10
		Entre 101 e 200 hab.	8
		Entre 201 e 300 hab.	6
		Entre 301 e 400 hab.	5
		Entre 401 e 500 hab.	3
		Entre 501 e 600 hab.	2
		Entre 601 e 700 hab.	1
		Maior de 700 hab.	0

Cando se trate dun **proxecto que se realice en varias entidades de poboación ou lugares**, este recibirá neste apartado a puntuación do lugar/entidade de poboación coa puntuación máis alta.

5.3.2.1.4 Outros criterios xeográficos. (Máx. 5 puntos).

DEFINICIÓN: Valoraranse aspectos relativos á situación xeográfica da actuación como pode ser se está vinculada a un Espazo Natural Protexido.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A puntuación farase entorno ao aspecto mencionado. Se a localización da actuación está nun Espazo Natural Protexido outorgaráselle a máxima puntuación (5 puntos).

Aspectos	Puntuación Máxima
Espazo Natural Protexido	5

5.3.2.2.- Características da persoa promotora do proxecto. (Máx. 10 puntos).

Os criterios que se valorarán en canto ás características da persoa promotora serán:

Características do promotor que se valoran	Puntuación Máxima
Tipoloxía da persoa promotora	6
Iniciativas solicitadas por un/ha promotor/a	4
TOTAL PUNTUACIÓN	**10**

5.3.2.2.1 Tipoloxía da persoa promotora. (Máx. 6 puntos acumulables).

DEFINICIÓN: Valorarase si a persoa promotora é individual ou colectiva. Entenderase por persoa **promotora individual** as Persoas Físicas e Xurídicas cun único socio, no caso de que esa persoa Xurídica teña como único socio outra empresa, considerarase individual se esta última está constituída por un único socio persoa física. Por **promotores colectivos** considerase o resto de

promotores (empresas formadas por mais dun socio, cooperativas, empresas de economía social, concellos, asociacións, comunidades de montes, ...).

No caso de entidades privadas valoraranse diferentes aspectos dependendo de si o promotor é unha persoa física ou xurídica. No caso de entidades públicas valorarase a aqueles promotores que fomenten un equilibrio territorial favorecendo unha equidistribución das rendas e da poboación.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Cada aspecto neste criterio ten asociado unha puntuación máxima, que é acumulable. A puntuación máxima para cada un destes aspectos móstrase nas táboas seguintes:

Tramos de Valoración do Número de Promotores	Puntuación Máxima por Tramo
Individual (Persoa Física e Xurídica cun único socio, no caso de que esa persoa xurídica teña como único socio outra empresa, considerarase individual se esta última está constituída por un único socio persoa física)	1
Colectivo (resto de promotores)	3

Dependendo da forma do promotor valóranse distintos factores. Para cada un destes factores establécense uns tramos de valoración máxima que se detallan a continuación.

- **Factores de valoración das Persoas Físicas. (Máx. 3 puntos).**

Valorarase en maior medida que a persoa promotora sexa muller, que sexa menor de 41 anos ou maior de 50 e que leve desempregada durante máis de 2 anos, dado que segundo os datos do territorio este colectivo descrito atópase nunha situación desfavorecida. Collerase a puntuación máis alta obtida nun dos catro aspectos, é dicir, a puntuación máxima serán 3 puntos.

Factores de Valoración das Persoas Físicas	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Sexo	3	Muller	3
Idade	3	Menor de 41 anos	2
		Maior de 50 anos	3
Tipo de colectivo	3	Persoas con discapacidade	3
Desemprego	3	Persoa cunha antigüidade superior aos 2 anos	3

- **Factores de valoración das seguintes Persoas Xurídicas: Sociedade Limitada Laboral, Soc. Cooperativas e Empresas de Economía Social. (Máx. 3 puntos).**

En relación a estas Persoas Xurídicas, preténdese favorecer ás pequenas e medianas empresas tratando de incrementar a súa competitividade e axudar á consolidación das mesmas. Collerase a puntuación máis alta obtida nalgún dos tres aspectos, é dicir, a puntuación máxima serán 3 puntos. No caso da perspectiva de xénero, valorarase que polo menos figure unha muller como administradora nos estatutos da sociedade, para poder obter os 3 puntos.

Factores de Valoración das Persoas Xurídicas	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Antigüidade	3	Maior que 0 e menor ou igual a 5 anos	3
		Maior de 5 anos	1
Condición xurídica	3	Sociedade Anónimas	0
		Sociedades Limitadas (SL)	1
		Cooperativas, Soc. Laborais e empresas de economía social	3
Mulleres administradoras	3	Mínimo unha Muller	3

- **Factores de valoración doutras formas non contempladas nas anteriores. (Máx. 3 puntos).**

Preténdese que exista na comarca un equilibrio territorial favorecendo unha equidistribución das rendas e da poboación e que se apoie a aqueles colectivos máis desfavorecidos. Así, valorarase en maior medida aos promotores que sexan:

Colectivos de mulleres, Colectivos de mozos/mozas, Colectivos de persoas con discapacidade, Colectivos de persoas maiores, Colectivos de inmigrantes, ou Colectivos de parados, segundo a táboa de baremación incluída a continuación. Collerase a puntuación máis alta obtida nalgún dos dous aspectos, é dicir, a puntuación máxima será 3 puntos.

Factores de Valoración	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Antigüidade	3	Maior que 0 e menor ou igual a 5 anos	3
		Maior de 5 anos	1
Tipoloxía do colectivo que promove a actuación ou proxecto	3	– Colectivos de mulleres. – Colectivos de mozos/mozas. – Colectivos de persoas con discapacidade – Colectivos de persoas maiores. – Colectivos de inmigrantes. – Colectivos de parados.	3

5.3.2.2.2 Iniciativas solicitadas por un mesmo promotor. (Máx. 4 puntos).

DEFINICIÓN: Valorarase o número de iniciativas que presenta directa ou indirectamente (en colaboración) cada promotor, co obxectivo de tratar de alcanzar, beneficiar e implicar ao maior número de colectivos locais posible.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Puntuarase en función do número de iniciativas ás que se presente o promotor.

Aspectos	Puntuación Máxima
A primeira acción	4
A segunda acción	1
A terceira e seguintes accións	0

5.3.2.3.- Incidencia no emprego. (Máx. 25 puntos)

Outro bloque de criterios tidos en conta son a influencia dos proxectos na creación de emprego. Os criterios contidos neste bloque son:

Incidencia no emprego	Puntuación Máxima
Creación de emprego	15
Creación de emprego dirixido a mulleres, mozos e colectivos desfavorecidos	10
TOTAL PUNTUACIÓN	**25**

5.3.2.3.1 Creación de emprego. (Máx. 15 puntos).

DEFINICIÓN: Valorarase a creación do emprego tendo en conta o número de postos e o tipo de contrato: fixo ou eventual. Preténdese potenciar a creación do emprego indefinido na área, dada a evolución dos índices económicos e de desemprego. Entenderase por posto de traballo creado un posto a xornada completa durante todo o ano, os contratos de duración inferior computaranse proporcionalmente.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A) Entes privados.

Valorarase o número de empregos creados diferenciando o carácter fixo e eventual. Para establecer a puntuación máxima realizouse unha matriz onde por un lado se indican o número de postos e polo outro a permanencia ou eventualidade do contrato. A cada cruce déuselle unha puntuación máxima primando sempre a creación do emprego estable e o maior número de postos de traballo creados (**Postos de traballo equivalentes a tempo completo,** entendido isto como o total de horas traballadas dividido pola media anual das horas traballadas en postos de traballo a tempo completo).

		Número de postos creados		
		Maior que 0,25 e menor ou igual a 2	Máis de 2 e menor ou igual a 4	Máis de 4
Tipo de empregos creados	Fixos	5	8	15
	Eventuais	3	6	10

NOTA: de non crear ningún posto de traballo outorgarase 0 puntos.

B) Entes Públicos.

Valorarase o número de empregos creados directamente.

		Número de postos creados	
		Maior que 0,25 e menor de 2	Maior ou igual de 2
Tipo de emprego creado	Directo	10	15

5.3.2.3.2 Creación de emprego dirixido a mulleres, mozos/mozas e colectivos desfavorecidos. (Máx. 10 puntos)

DEFINICIÓN: Valoraranse aqueles proxectos que ademais de crear e manter emprego favorezan ao colectivo de mulleres, mozos e mozas e outros colectivos desfavorecidos (persoas con discapacidade, ex-toxicómanos, emigrantes,...). Entenderase por posto de traballo creado un posto a xornada completa durante todo o ano, os contratos de duración inferior computaranse proporcionalmente.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A) Entes privados.

Valorarase o colectivo contratado destinguindo o carácter fixo e eventual. Para establecer a puntuación máxima realizouse unha matriz onde por un lado se indican o colectivo desfavorecido e polo outro a permanencia ou eventualidade do contrato. A cada cruce déuselle unha puntuación máxima, que é acumulable, primando sempre a creación de emprego estable favorecendo aos colectivos desfavorecidos.

Tipo de empregos creados		2 puntos por cada posto creado
Mocidade (< 41 anos)		Ata 8 puntos
Mulleres	De 41 ata 50 anos	Ata 8 puntos
	Maiores de 50 anos	Ata 10 puntos
Outros colectivos desfavorecidos*		Ata 10 puntos

* Parados de longa duración, Inmigrantes, Discapacitados físicos, psíquicos e sensoriais, Toxicómanos, Recluídos e ex recluídos, e Persoas pertencentes a minorías étnicas.

B) Entes Públicos.

Valorarase ao colectivo que se vai a beneficiar dos empregos directos.

Tipo de empregos creados		Directos (2 puntos por cada posto creado)
Mocidade (< 41 anos)		Ata 8 puntos
Mulleres	De 41 ata 50 anos	Ata 8 puntos
	Maiores de 50 anos	Ata 10 puntos
Outros colectivos desfavorecidos *		Ata 10 puntos

* Parados de longa duración, Inmigrantes, Discapacitados físicos, psíquicos e sensoriais, Toxicómanos, Recluídos e ex recluídos, e Persoas pertencentes a minorías étnicas.

O modo de xustificación de todos os ítems correspondentes á creación de emprego será a través da presentación dos correspondentes contratos de traballo.

5.3.2.4.- Impacto sobre o territorio. (Máx. 25 puntos).

Os criterios e a valoración máxima relativos ao impacto que os proxectos teñen sobre o territorio son:

Impacto sobre o territorio	Puntuación Máxima
Capacidade de arrastre da actuación a desenvolver	10
Incidencia medioambiental da actuación a desenvolver	5
Prioridade do obxectivo no que se enmarca a actuación a desenvolver	10
TOTAL PUNTUACIÓN	**25**

5.3.2.4.1 Capacidade de arrastre da actuación a desenvolver. (Máx. 10 puntos acumulables).

DEFINICIÓN: Este criterio valorará o posible efecto multiplicador do proxecto, a localización nun concello con costa ou non (tratando de priorizar aqueles sen costa, por posibles duplicidades cós grupos de acción local do sector pesqueiro) e a súa capacidade motora para a economía da territorio.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Valoraranse tres aspectos que se detallan na táboa incluída a continuación. As puntuacións son acumulativas ata o máximo dos 10 puntos establecidos para este bloque.

Factores de Valoración	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Transformación de produtos do territorio	3	≥ 50%	3
		≥25% e < 50%	1
		< 25%	0
Proxecto localizado nun concello sen costa	4	Ten costa	0
		Non ten costa	4
Capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas no territorio	3	Non se desenvolve na actualidade unha actividade similar no concello	3
		Desenvólvese na actualidade unha actividade similar no concello	0

No caso do ítem "Transformación de produtos do territorio" xustificarase a través da presentación das correspondentes facturas de provedores do territorio ou mediante un contrato homologado con produtores do territorio.

No caso do ítem “Capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na territorio” xustificarase a non existencia doutra actividade similar no concello mediante unha certificación do concello que faga referencia ao epígrafe do imposto de actividades económicas (IAE) no que a empresa/entidade vai desenvolver a súa actividade principal.

5.3.2.4.2 Incidencia medioambiental da actuación a desenvolver. (Máx. 5 puntos acumulables).

DEFINICIÓN: Valoraranse neste apartado aspectos como a utilización de sistemas de reciclaxe no desenvolvemento do proxecto ou da actividade, a contribución á prevención de incendios e a utilización de enerxías renovables no desenvolvemento do proxecto.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Valorarase en xeral diversos aspectos que se detallan na táboa incluída a continuación.

As puntuacións son acumulativas ata o máximo dos 5 puntos establecidos para este bloque.

Factores de Valoración	Tramos de Valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Utilización de Sistemas de Reciclaxe no desenvolvemento do proxecto ou da actividade	Maior ou igual ao 50% do orzamento	5
	Maior do 10% e menor ao 50% do orzam.	2
Contribución á prevención de incendios na zona	Maior ou igual ao 50% do orzamento	5
	Maior do 10% e menor ao 50% do orzam.	2
Utilización de enerxías renovables no desenvolvemento do proxecto ou da actividade	Maior ou igual ao 50% do orzamento	5
	Maior do 10% e menor ao 50% do orzam.	2

* Orzamento: inversión total que se vai realizar no proxecto (IVE excluído).

Os factores anteriores valoraranse sempre e cando as inversións non sexan derivadas dunha obrigación legal de realizar as mesmas, é dicir, sempre que a entidade realice a inversión sen estar obrigada por lei a facela.

5.3.2.4.3 Estratexia na que se enmarca a actuación. (Máx. 10 puntos).

DEFINICIÓN: Valorarase neste criterio o nivel de afinidade ou encaixe da actuación proposta nas estratexias definidas e priorizadas polo GDR nas mesas sectoriais e a través de enquisas.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Para o establecemento da puntuación das actuacións ou proxectos enmarcables no programa LEADER do GDR 17 tomouse como base o grado de priorización outorgada polos socios do GDR á Estratexia na que se enmarca dito proxecto.

Así, as pautas que se seguen para o establecemento da puntuación máxima das actuacións ou proxectos son os seguintes:

1. Tramos segundo prioridade das estratexias marcadas polo socios do GDR.

Factores de Valoración		Puntuación Máxima
ESTRATEXIAS	**Tramos de valoración**	
1.1 MELLORA E IMPLEMENTACIÓN DE SERVIZOS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS. 3.2 ACCIÓNS DE VALORIZACIÓN DA PAISAXE TRADICIONAL. 4.3 ACTUACIÓNS ORIENTADAS AO FOMENTO E PROMOCIÓN DO TURISMO. 2.2. IMPULSO DA XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS E NA SÚA CONTORNA. 3.1 ORDENACIÓN, RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO RURAL. 4.1 CREACIÓN DE PEQUENAS EMPRESAS .	Liñas de financiamento cunha prioridade por riba da media do conxunto	10
2.1 PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE E DOS RECURSOS NATURAIS. 2.3 IMPULSO DA XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NOS ESPAZOS FORESTAIS. 4.2 MELLORA DA COMPETITIVIDADE DOS PRODUTORES PRIMARIOS, INCREMENTANDO O VALOR ENGADIDO AOS PRODUTOS AGRARIOS E PROMOCIONÁNDOOS NOS MERCADOS LOCAIS	Liñas de financiamento cunha prioridade na media do conxunto	7
1.2 MELLORA E IMPLEMENTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS. 5.2 FOMENTO DA PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS. 5.3 PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA ÁREA E OS SEUS RECURSOS.	Liñas de financiamento cunha prioridade por debaixo da media do conxunto	5

2. No marco da Estratexia 4.1 “CREACIÓN DE PEQUENAS EMPRESAS”, considerarase creación cando se produza unha alta dunha nova empresa ou un autónomo se da de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (R.E.T..A). Se un autónomo ou unha empresa se dan de alta nun novo epígrafe do I.A.E. podería considerarse modernización pero nunca creación de empresa.

3. No caso de que un proxecto puidese a priori ter encaixe en varias estratexias do programa, terase en conta fundamentalmente o obxectivo ou finalidade principal do mesmo, así como o peso do investimento directamente vinculado a ese obxectivo ou finalidade principal. Deste xeito, ese obxectivo ou finalidade principal e a porcentaxe que supoña sobre o total do orzamento serán os que permitan realizar unha clasificación do proxecto de forma unívoca nunha única estratexia.

5.3.3.- Baremo para proxectos NON PRODUTIVOS. (Máx. 100 puntos)

Os criterios para a selección e priorización de proxectos non produtivos estarán definidos en torno a 3 grandes eixes ou bloques:

BAREMO PARA PROXECTOS NON PRODUTIVOS	Puntuación Máxima
Criterios relativos á localización xeográfica	40
Características do promotor do proxecto	20
Impacto sobre o territorio do proxecto	40
TOTAL PUNTUACIÓN MÁXIMA	**100**

5.3.3.1.- Criterios relativos á situación xeográfica. (Máx. 40 puntos).

Os criterios e a valoración máxima dos proxectos en base a situación xeográfica establecerase en base aos seguintes 4 criterios:

Criterios relativos á situación xeográfica	Puntuación Máxima
Características económicas do concello no que se localiza o proxecto	10
Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto	15
Núcleos ou entidades de poboación onde se localiza o proxecto	10
Outros criterios xeográficos	5
TOTAL PUNTUACIÓN	**40**

5.3.3.1.1 Características económicas do concello no que se localiza o proxecto. (Máx. 10 puntos).

DEFINICIÓN: Realizarase unha valoración en base o Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) dos concellos do ano 2002, publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Puntuarase en función da porcentaxe do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) dos concellos no ano 2009, en relación coa media galega.

Aspecto	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Indicador Municipal de Renda dos fogares (IMRF) ano 2009	10	Inferior ou igual ao 80% da media galega	10
		Maior do 80% e menor ou igual ao 85%	8
		Maior do 85% e menor ou igual ao 90%	6
		Maior do 90% e menor ou igual ao 95%	4
		Maior do 95% e menor ou igual ao 100%	2
		Maior do 100%	0

Concello	IMRF	Puntuación
Caldas de Reis	85,2	6
Cambados	101,9	0
Catoira	79,6	10
Cuntis	80,3	8
O Grove	98,7	2
A Illa de Arousa	109,4	0
Meaño	85,5	6
Meis	81,2	8
Moraña	75,6	10
Pontecesures	84,7	8
Portas	77,7	10
Ribadumia	80,6	8
Sanxenxo	104,1	0
Valga	75,4	10
Vilagarcía de Arousa	94,2	4
Vilanova de Arousa	90,6	4

Cando se trate dun **proxecto de ámbito supramunicipal**, este recibirá neste apartado a puntuación do concello coa puntuación máis alta.

5.3.3.1.2 Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto. (Máx. 15 puntos acumulables).

DEFINICIÓN: Utilizaranse neste apartado dous indicadores relativos a estrutura e dinámica da poboación, o índice de variación da poboación entre os anos 2007 e 2015 e o índice de envellecemento da poboación.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

O primeiro aspecto a valorar neste criterio é a porcentaxe de variación da poboación entre os anos 2007 e 2015.

Aspecto	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Variación da poboación 2007/2015	7,5	Caída de poboación superior ao -3%	7,5
		Caída de poboación entre o 0% e o -3%	5
		Aumento da poboación máximo do 1%	4
		Aumento da poboación entre un 1% e 2,5%	3
		Aumento da poboación de máis dun 2,5%	0

Concello	Variación da poboación 2007-2015	Puntuación
Caldas de Reis	0,4%	4
Cambados	2,2%	3
Catoira	-3,2%	7,5
Cuntis	-5,9%	7,5
O Grove	-3,8%	7,5
A Illa de Arousa	1,4%	3
Meaño	-1,8%	5
Meis	0,5%	4
Moraña	1,1%	3
Pontecesures	-2,5%	5
Portas	-2,2%	5
Ribadumia	9,2%	0
Sanxenxo	1,8%	3
Valga	-0,1%	5
Vilagarcía de Arousa	2,0%	3
Vilanova de Arousa	-2,0%	5

Cando se trate dun **proxecto de ámbito supramunicipal**, este recibirá neste apartado a puntuación do concello coa puntuación máis alta.

O segundo aspecto a valorar é o **índice de envellecemento** do concello, correspondente ao ano 2015.

Aspecto	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Índice de envellecemento (IGE, ano 2015)	7,5	Índice envellecemento 150 ou superior	7,5
		Índice envellecemento entre 130 e 150	4
		Índice envellecemento entre 120 e 130	3
		Índice envellecemento entre 105 e 120	2
		Índice envellecemento entre 100 e 105	1
		Índice envellecemento menor de 100	0

Concello	Índice de envellecemento	Puntuación
Caldas de Reis	117,7	2
Cambados	103,9	1
Catoira	147,9	4
Cuntis	230,2	7,5
Grove, O	109,7	2
Illa de Arousa, A	110,8	2
Meaño	125,3	3
Meis	150,0	7,5
Moraña	146,8	4
Pontecesures	95,4	0
Portas	160,5	7,5
Ribadumia	110,3	2
Sanxenxo	124,8	3
Valga	126,1	3
Vilagarcía de Arousa	102,6	1
Vilanova de Arousa	126,8	3

Cando se trate dun **proxecto de ámbito supramunicipal**, este recibirá neste apartado a puntuación do concello coa puntuación máis alta.

5.3.3.1.3 Entidades singulares de poboación onde se localiza o proxecto. (Máx. 10 puntos).

DEFINICIÓN: Valorarase neste punto o tamaño das Entidades singulares de poboación onde se localizará o proxecto.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A puntuación terá unha relación inversa co tamaño das entidades singulares de poboación, así será maior canto menor sexa o tamaño da entidade de poboación onde se localice o proxecto. Tómase de referencias a poboación do ano 2015.

Aspectos	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Entidades singulares de poboación (habitantes ano 2015)	10	Menor ou igual a 100 hab. e os proxectos de ámbito supramunicipal	10
		Entre 101 e 200 hab.	8
		Entre 201 e 300 hab.	6
		Entre 301 e 400 hab.	5
		Entre 401 e 500 hab.	3
		Entre 501 e 600 hab.	2
		Entre 601 e 700 hab.	1
		Maior de 700 hab.	0

Cando se trate dun **proxecto que se realice en varias entidades de poboación ou lugares**, este recibirá neste apartado a puntuación do lugar/entidade de poboación coa puntuación máis alta.

5.3.3.1.4 Outros criterios xeográficos. (Máx. 5 puntos)

DEFINICIÓN: Valoraranse aspectos relativos á situación xeográfica da actuación, como pode ser se está vinculada a un Espazo Natural Protexido.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A puntuación farase entorno ao aspecto mencionado. Se a localización da actuación está nun Espazo Natural Protexido outorgaráselle a máxima puntuación (5 puntos).

Aspectos	Puntuación Máxima
Espazo Natural Protexido	5

5.3.3.2.- Características do promotor e ámbito de actuación do proxecto. (Máx. 20 puntos)

Os criterios que se valorarán en relación as características do promotor da actuación/proxecto serán:

Características do promotor e ámbito de actuación	Puntuación Máxima
Características do promotor público	20
Características do promotor privado	20
TOTAL PUNTUACIÓN	**20**

5.3.3.2.1 Características do promotor e do proxecto no caso de promotores públicos. (Máx. 20 puntos acumulables).

DEFINICIÓN: Realizarase unha valoración do ámbito de actuación, do tipo de ente promotor que levará a cabo o proxecto, e do efecto sobre a vertebración do territorio.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Cada aspecto neste criterio ten asociado unha puntuación máxima, que é acumulable, de forma que sumadas todas as puntuacións obtidas nos 3 criterios deben sumar un máximo de 20 puntos.

En relación aos dous primeiros aspectos, ámbito de actuación e tipo de ente promotor que levará a cabo o proxecto, amósase na táboa seguinte o baremo de aplicación.

Factores de Valoración	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Ámbito de actuación do proxecto	8	Supramunicipal	8
		Municipal	4
Ente promotor	6	Supramunicipal	6
		Municipal	3

Deste xeito, valorarase a aqueles promotores que fomenten o equilibrio territorial, favorecendo a equidistribución das rendas e da poboación considerando este aspecto a través do ámbito das actuacións e tamén o carácter supramunicipal do ente promotor da actuación.

Entenderase como “Ámbito de actuación do proxecto supramunicipal” cando un proxecto supoña unha inversión/actuación ou teña efectos directos en dous ou máis concellos da área (guía de recursos ou servizos,…).

Entenderase como “Ente promotor supramunicipal” cando o desenvolvemento dun proxecto o leve a cabo unha entidade de carácter supramunicipal (como pode ser a Mancomunidade, Deputación,...).

Factores de Valoración	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Potenciación da vertebración do territorio	6	Proxectos que estean vinculados á vertebración do territorio	6

Valorarase tamén especialmente a aqueles proxectos que estean vinculados á vertebración do territorio, mellorando a calidade de vida no mesmo (inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación; integración de comunidades marxinais e de inmigrantes; o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable; mellora de accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación, así como o seu uso no medio rural; ás dotacións para residencias e vivendas).

5.3.3.2.2 Características do promotor no caso de promotores privados. (Máx. 20 puntos acumulables).

DEFINICIÓN: Valorarase si o promotor é individual ou colectivo. Entenderase por **promotor individual** as Persoa Física e Xurídica cun único socio, no caso de que esa persoa Xurídica teña como único socio outra empresa, considerarase individual se esta última está constituída por un único socio persoa física e por **promotores colectivos** o resto de promotores (empresas formadas por mais dun socio, cooperativas, empresas de economía social, concellos, asociacións, comunidades de montes, ...). Outro aspecto a valorar é o **peso nas entidades promotoras de determinados colectivos** (mulleres, mozos,…). Tamén se valorará o **ámbito de repercusión do proxecto ou inversión**, que poderá ser municipal ou supramunicipal.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A puntuación máxima que ten asociado cada un dos 3 aspectos neste criterio é acumulable, e amósase nas táboas seguintes.

A puntuación do ámbito de repercusión do proxecto/actuación vai a depender de se o proxecto é de carácter supramunicipal (ten repercusión/impacto en varios municipios) ou de carácter municipal (ten repercusión/impacto nun só concello).

Tramos de valoración do ámbito de repercusión	Puntuación Máxima por Tramo
Supramunicipal	7
Municipal	3

Entenderase como "Ámbito de repercusión do proxecto supramunicipal" cando un proxecto supoña unha inversión/actuación ou teña efectos directos en dous ou máis concellos da área.

Para determinar a puntuación en función do número de promotores que impulsan o proxecto establecéronse dous tramos de valoración, tal como mostra a táboa seguinte.

Tramos de valoración do número de promotores	Puntuación Máxima por Tramo
Individual (Persoa Física e Xurídica cun único socio, no caso de que esa persoa Xurídica teña como único socio outra empresa, considerarase individual se esta última está constituída por un único socio persoa física)	1
Colectivo (resto de promotores)	3

Por outra banda, valorarase en maior medida que os promotores que presenten actuacións sexan colectivos de mulleres (menor ou igual de 41 anos), mozos/mozas, persoas con discapacidade, persoas maiores (maiores 65 anos) ou inmigrantes.

Factores de Valoración	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Tipoloxía do colectivo que promove a actuación ou proxecto	10	Colectivos de mulleres, mozos/mozas (< ou = de 41 anos), persoas con discapacidade, persoas maiores (> de 65 anos) ou inmigrantes	10

5.3.3.3.- Impacto sobre o territorio. (Máx. 40 puntos).

Finalmente, o último bloque de criterios contemplados a hora de valorar os proxectos son os relativos ao impacto que os mesmos teñen sobre o territorio, e que son:

Impacto sobre o territorio	Puntuación Máxima
Xurdimento de novas iniciativas empresariais e creación de emprego	15
Incidencia medioambiental da actuación a desenvolver	10
Incidencia sobre colectivos determinados e sobre a mellora da calidade de vida da poboación	15
TOTAL PUNTUACIÓN	**40**

5.3.3.3.1 Xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego. (Máx. 15 puntos acumulables).

DEFINICIÓN: Este criterio valorará dous aspectos, a capacidade para xerar novas iniciativas na zona e a creación do emprego, xa que se pretende potenciar o emprego estable na comarca dada a negativa evolución dos índices de desemprego.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Cada aspecto neste criterio ten asociada unha puntuación máxima, que é acumulable de forma secuencial. A puntuación máxima para cada un destes aspectos móstrase nas táboas seguintes.

O primeiro aspecto a valorar neste criterio e a capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona, outorgándolle un máximo de 3 puntos en base a escala que se inclúe a continuación.

Factores de Valoración	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona	5	Non se desenvolve na actualidade unha actividade ou servizo similar no concello	5

No caso do ítem “Capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona” xustificarase a non existencia doutra actividade similar no concello mediante unha certificación do concello que faga referencia ao epígrafe do imposto de actividades económicas (IAE) no que a empresa/entidade vai desenvolver a súa actividade principal.

Como segundo aspecto valorarase o número de empregos creados, diferenciando os de carácter fixo dos de carácter eventual. Para establecer a puntuación máxima realizouse unha matriz onde por un lado se indican o número de postos de traballo creados e polo outro a permanencia ou eventualidade do contrato. A cada cruce déuselle unha puntuación máxima, primando sempre a creación do emprego estable e o maior número de postos creados (**Postos de traballo equivalentes a tempo completo,** entendido isto como o total de horas traballadas dividido pola media anual das horas traballadas en postos de traballo a tempo completo).

		Número de postos creados		
		Maior que 0,25 e menor ou igual a 2	Máis de 2 e menor ou igual a 4	Máis de 4
Tipo de empregos creados	Fixos	4	8	10
	Eventuais	3	6	8

NOTA: no caso non crear ningún posto de traballo outorgarase 0 puntos.

5.3.3.3.2 Incidencia medioambiental da actuación a desenvolver. (Máx. 10 puntos acumulables).

DEFINICIÓN: Valoraranse neste apartado factores como a utilización de Sistemas de Reciclaxe no desenvolvemento do proxecto ou da actividade; a contribución á prevención de incendios na zona; ou a utilización de enerxías renovables no desenvolvemento do proxecto ou da actividade.

Estes factores valoraranse sempre e cando as inversións non sexan derivadas dunha obrigación legal de realizar as mesmas, é dicir, sempre que a entidade realice a inversión sen estar obrigada por lei a facela.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Valorarase en xeral diversos aspectos que se detallan na táboa seguinte.

Factores de Valoración	Tramos de Valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Utilización de Sistemas de Reciclaxe no desenvolvemento do proxecto ou da actividade	Maior ou igual ao 50% do orzamento	10
	Maior do 10% e menor ao 50% do orzam.	5
Contribución á prevención de incendios na zona	Maior ou igual ao 50% do orzamento	10
	Maior do 10% e menor ao 50% do orzam.	5
Utilización de enerxías renovables no desenvolvemento do proxecto ou da actividade	Maior ou igual ao 50% do orzamento	10
	Maior do 10% e menor ao 50% do orzam.	5

* Orzamento: inversión total que se vai realizar no proxecto (IVE excluído)

5.3.3.3.3 Incidencia sobre colectivos determinados e sobre a mellora da calidade de vida da poboación. (Máx. 15 puntos acumulables).

DEFINICIÓN: Valoraranse neste apartado a incidencia que as actuacións teñan sobre determinados colectivos (mulleres, mocidade, integración de colectivos de especial dificultade,…) e sobre a mellora da calidade de vida da poboación.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Para cada bloque valoraranse diferentes factores que se detallan a continuación.

Valorarase especialmente a **incidencia que as actuacións teñan sobre colectivos determinados**, que serán: Colectivos de mulleres, Colectivos de mozos/mozas, Colectivos de persoas con discapacidade, Colectivos de persoas maiores, Colectivos de inmigrantes e Colectivos de parados.

Factores de Valoración	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Principal colectivo ao que van dirixidas as actuacións da entidade	8	– Colectivos de mulleres. – Colectivos de mozos/mozas. – Colectivos de persoas con discapacidade. – Colectivos de persoas maiores. – Colectivos de inmigrantes. – Colectivos de parados.	8
		Outros colectivos ou poboación en xeral	4

Para medir o impacto na **calidade de vida da poboación** analizaranse aspectos como: acceso a novos bens e servizos por parte da poboación, incremento do nivel educativo ou das capacidades dos individuos, conciliación da vida familiar e laboral, integración de discapacitados ou persoas dependentes, actividades de ocio e tempo libre.

Factores de Valoración	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Impacto na calidade de vida da poboación: -Acceso a novos servizos por parte da poboación. -Incremento do nivel educativo ou das capacidades dos individuos. -Conciliación da vida familiar e laboral. -Integración de discapacitados ou persoas dependentes. -Actividades de ocio e tempo libre	7	Incide positivamente en 2 ou máis dos anteriores aspectos	7
		Incide positivamente en 1 ou menos dos anteriores aspectos	4

Entenderase como "acceso a novos bens e servizos por parte da poboación" aqueles que sexan xustificados mediante unha certificación do concello, que faga referencia a non existencia doutro servizo ou ben similar nese concello no epígrafe do imposto de actividades económicas -IAE- no que o devandito ben ou servizo se encadraría.

Entenderase por "Incremento do nivel educativo ou das capacidades dos individuos" só aquelas actuacións orientadas á formación.

Entenderase por "Conciliación da vida familiar e laboral" actuacións similares a garderías, casas niño, etc.

5.3.4.- Regras básicas.

No baremo determináronse os rangos de puntuación e as variables ou aspectos concretos a considerar en cada criterio, do xeito máis obxectivable posible, para que todos os potenciais beneficiarios teñan pleno coñecemento do que se vai ter en conta para avaliar un proxecto.

A continuación, aplicaranse diferentes regras básicas para traducir esa puntuación obtida no baremo nunha porcentaxe de axuda determinada, segundo se trate de proxectos produtivos ou de proxectos non produtivos.

5.3.4.1.- Para proxectos produtivos.

Para proxectos produtivos esixirase un mínimo de 20 puntos ou mais para que o proxecto sexa subvencionable, a porcentaxe de axuda para esta nota de corte será do 15%. A partir deste mínimo e ata 69 puntos repartirase proporcionalmente a porcentaxe de subvención entre os puntos acadados e, por último, entre os 70 e os 100 puntos o proxecto acadará a contía máxima de subvencionalidade (que quedou establecida no 50%).

A porcentaxe de axuda entre o máximo (50%) e o mínimo (15%), unha vez definidas a nota de corte e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima, calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a unha cifra decimal. Así, a regra de calculo a seguir é a seguinte:

$$\left(\text{puntos do proxecto} - \underset{A}{20}\right) \times \left[\frac{\overset{B_1}{35}}{\underset{B_2}{50}}\right] + \overset{C}{15} = \text{\% de subvencionalidade ata 69 puntos}$$

A = Puntos mínimos para ser subvencionado.
B_1 = valor en porcentaxe da diferenza entre o máximo subvencionable e a porcentaxe mínima.
B_2 = diferenza entre o valor de punto do baremo a partir do cal se acada a máxima subvención e o valor de puntos de baremo mínimo para que sexa subvencionable.
C = % de subvención mínima

Así, por exemplo, na táboa seguinte recóllese a puntuación que obterían proxectos en base aos puntos acadados no baremo:

Puntos do proxecto produtivo no baremo	% de subvencionalidade
< 20	Non subvencionable
20	15,0%
30	22,0%
40	29,0%
50	36,0%
60	43,0%
De 70 a 100	50,0%

5.3.4.2.- Para proxectos non produtivos.

Para os proxectos non produtivos establecerase unha escala de porcentaxes de axuda diferente para cada un dos categorías de priorización dos proxectos, de tal modo que en cada categoría a porcentaxe máxima de axuda se corresponda co tope fixado para a mesma.

As categorías de priorización dos proxectos, ás que corresponden as intensidades máximas de axuda indicadas en cada caso, son as que se inclúen a continuación.

A porcentaxe de axuda entre o máximo (90%, 70% ou 50%) e o mínimo (30%), unha vez definidas a nota de corte (20 puntos) e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima (entre 70 e 100 puntos), calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo,

axustada esa porcentaxe a unha cifra decimal. Así, a regra de calculo a seguir é a seguinte:

$$\left(\text{puntos do proxecto} - \underset{A}{20}\right) \times \frac{\overset{B_1}{60}}{\underset{B_2}{50}} + \overset{C}{30} = \text{\% de subvencionalidade ata 69 puntos}$$

A = Puntos mínimos para ser subvencionado.
B_1 = valor en porcentaxe da diferenza entre o máximo subvencionable e a porcentaxe mínima.
B_2 = diferenza entre o valor de punto do baremo a partir do cal se acada a máxima subvención e o valor de puntos de baremo mínimo para que sexa subvencionable.
C = % de subvención mínima

Exemplo de aplicación do baremo:

Puntos do proxecto non produtivo no baremo	% de subvencionalidade
< 20	Non subvencionable
20	30,0%
30	42,0%
40	54,0%
50	66,0%
60	78,0%
De 70 a 100	90,0%

A puntuación obtida aplicando esta regra de cálculo, terá en todo caso as seguintes limitacións máximas de intensidade de axuda en función da tipoloxía do proxecto que se indica a continuación:

MÁXIMOS SUBVENCIONABLES POR TIPOLOXÍA DE PROXECTO

Proxectos non produtivos de prioridade ALTA. A intensidade máxima de axuda neste tipo de proxectos será de ata o 90%:

- Servizos á poboación dependente, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión sociolaboral para discapacitados, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados,

vivendas comunitarias, centros de día). E en xeral, todos aqueles proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable.

- Servizos de transporte en áreas de baixa densidade de poboación.
- Investimentos relacionados co desenvolvemento das TICs no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.
- Actuacións orientadas ao fomento e promoción do turismo na área.
- Diversificación, creación e desenvolvemento de PEMES.
- Construción de miradoiros; Desenvolvemento e promoción de rutas, itinerarios ou sendas orientadas ao desenvolvemento de actividades como poden ser bicicleta, sendeirismo, cabalo, náutica, viticultura,…
- Accións de valorización da paisaxe tradicional.
- Impulso da xestión ambiental sostible nas explotacións agrarias e na súa contorna.
- Ordenación, recuperación e posta en valor do patrimonio rural.

Proxectos non produtivos de prioridade MEDIA. A intensidade máxima de axuda neste tipo de proxectos será de ata o 70%:

- Mellora da competitiv. dos produtores primarios, incrementando o valor engadido aos produtos agrarios e forestais e promocionándoos nos mercados.
- Impulso da xestión ambiental sostible nos espazos forestais e na súa contorna.
- Protección e mellora do medio ambiente e dos recursos naturais (Inversións en melloras vinculadas á xestión de áreas naturais; Mellora da articulación, mantemento, difusión,… dos espazos libres públicos; Accións de sensibilización e divulgación medioambiental; Mellora da eficiencia enerxética e utilización das enerxías renovables nas entidades públicas e sociais)
- Proxectos de capacitación para o emprego dirixidos á poboación activa da área, coa finalidade de aumentar a empregabilidade.
- Proxectos de ámbito comarcal e postos en marcha por entidades supramunicipais, que supoñan unha promoción e valorización dos recursos do territorio (tales como edición de libros, mapas, guías, páxinas web, eventos, concursos,... agás asistencias a feiras).

Outros proxectos non produtivos. A intensidade máxima de axuda neste tipo de proxectos será de ata o 50%:

- Impulso da coordinación das institucións públicas e entidades privadas; Cooperación con outros territorios; Cooperación cos grupos de Acción Costeira Ría de Arousa e Ría de Pontevedra; Accións encamiñadas ao coñecemento dos diferentes axentes e o fomento da cooperación interasociativa.
- Creación, rehabilitación, mellora ou modernización de centros asistenciais a colectivos con necesidades específicas: nenos, maiores, dependentes, persoas en risco de exclusión social.
- Creación, rehabilitación, mellora ou modernización de centros, locais ou espazos culturais, cívicos e sociais.
- Promoción e difusión da área e os seus recursos (Campañas de difusión da área e os seus recursos; Impulsar a utilización de instrumentos para a mellora da imaxe da área; Deseñar estratexias de comunicación que trasladen ao mercado a imaxe de calidade das actividades da comarca.

- Fomento da participación das persoas nas zonas rurais (incrementar a implicación e participación dos mozos e mozas, Fomentar o traballo en rede e interasociativo; Desenvolvemento de encontros, xornadas, seminarios, congresos, eventos,…).
- Impulso da coordinación das institucións públicas e entidades privadas relacionadas coa área, a cooperación entre axentes privados e a cooperación con outros territorios.

5.3.4.3.- Criterios de desempate para proxectos produtivos e non produtivos

Nas bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local establécese que "deberá establecerse un criterio obxectivo, transparente e non discriminatorio (tanto para a selección dos proxectos produtivos coma dos non produtivos) que resolva os posibles supostos de empate na puntuación correspondente á valoración dos criterios de selección que cada GDR estableza". Deste xeito no GDR 17 establécese que en caso de empate, tanto para proxectos produtivos como non produtivos, das propostas ou proxectos presentados, daráselle prioridade aos proxectos seguintes:

1) Aqueles proxectos que creen máis UTA (Unidade de traballo anual). Priorizaranse aqueles proxectos que máis UTA creen.

2) Aqueles proxectos que consoliden máis UTA (Unidade de traballo anual). Priorizaranse aqueles proxectos que máis UTA consoliden.

3) Aqueles proxectos que estean nunha Estratexia de prioridade máis alta (ver as tres táboas seguintes).

ESTRATEXIAS PRIORIDADE ALTA		
CÓDIGO	**ESTRATEXIA**	**PRIORI-DADE**
E1.1.	MELLORA E IMPLEMENTACIÓN DE SERVIZOS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.	4,42
E3.2	ACCIÓNS DE VALORIZACIÓN DA PAISAXE TRADICIONAL.	4,15
E4.3	ACTUACIÓNS ORIENTADAS AO FOMENTO E PROMOCIÓN DO TURISMO.	4,15
E2.2	IMPULSO DA XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS E NA SÚA CONTORNA.	3,96
E3.1	ORDENACIÓN, RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO RURAL.	3,92
E4.1.	CREACIÓN DE PEQUENAS EMPRESAS.	3,85

ESTRATEXIAS PRIORIDADE MEDIA		
CÓDIGO	**ESTRATEXIA**	**PRIORI-DADE**
E2.1	PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE E DOS RECURSOS NATURAIS.	3,65
E2.3	IMPULSO DA XESTIÓN AMBIENTAL SOSTIBLE NOS ESPAZOS FORESTAIS.	3,65
E4.2	MELLORA DA COMPETITIVIDADE DOS PRODUTORES PRIMARIOS, INCREMENTANDO O VALOR ENGADIDO AOS PRODUTOS AGRARIOS E PROMOCIONÁNDOOS NOS MERCADOS LOCAIS.	3,65

ESTRATEXIAS PRIORIDADE BAIXA		
CÓDIGO	**ESTRATEXIA**	**PRIORI-DADE**
E1.2	MELLORA E IMPLEMENTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS PARA AS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.	3,54
E5.2	FOMENTO DA PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS NAS ZONAS RURAIS.	3,46
E5.3	PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA ÁREA E OS SEUS RECURSOS.	2,88

4) Data de presentación da solicitude de axuda no GDR.

5.4.- PLAN DE DIFUSIÓN.

Unha vez definida a Estratexia a desenvolver, é necesario implementar un proceso de difusión e mobilización da poboación do territorio, tentando chegar a todos os axentes, co obxecto de que os habitantes das comarcas de Caldas e O Salnés coñezan en que consiste a metodoloxía LEADER e as oportunidades que lles ofrece o programa.

Aínda que a posta en marcha do GDR 17 supuxo unha forte difusión do propio programa (entrevistas, mesas, xuntanzas,...), o equipo técnico do GDR deberá facer unha labor de difusión e divulgación continua durante todo o programa. Para elo, teranse en conta as **medidas xerais** que se indican a continuación.

1. Medidas de información dirixidas a beneficiarios potenciais e beneficiarios.

En aras da transparencia, divulgarase a información máis completa posible sobre as oportunidades de financiamento que ofrece o programa. Para elo, informarase da contribución financeira do FEADER e dos demais fondos a todos os interesados. En definitiva, proporcionarase aos beneficiarios potenciais información clara, detallada e actualizada sobre os seguintes aspectos:

a) Procedementos administrativos para poder optar ao financiamento.
b) Descrición dos procedementos de exame das solicitudes de financiamento.
c) Condicións de subvencionabilidade e criterios de selección e avaliación dos proxectos que vaian a financiarse.

O GDR 17 procurará que os organismos que poden servir de enlace participen nas actividades de información destinadas aos beneficiarios potenciais, e en particular:

a) As autoridades locais.
b) As organizacións profesionais.

c) Os axentes económicos e sociais.

d) As organizacións non gobernamentais e, especialmente, os organismos que promovan a igualdade entre homes e mulleres e os organismos de defensa do medio ambiente.

2. Medidas informativas e publicitarias dirixidas ao público.

O GDR 17 proporcionará información ao público e dará publicidade aos proxectos financiados no marco do programa de conformidade co Regulamento da Unión Europea sobre Información e Publicidade.

O GDR 17 informará ao público en xeral dos principais logros na execución do programa e da conclusión do mesmo. Esta difusión levarase á práctica a través de todos os medios de comunicación dispoñibles na comarca. Tamén se realizarán campañas de comunicación, publicacións impresas e electrónicas, etc.

Así mesmo, o GDR 17 velará por que os beneficiarios difundan as axudas recibidas mediante unha valla, cando a obra este en execución, e unha placa conmemorativa, cando se remate a obra. Tamén se colocará unha placa explicativa na sede do GDR. Nas vallas publicitarias e placas figurará unha descrición do proxecto ou da operación, así como os elementos mencionados no punto 3.1 deste apartado. Esta información ocupará como mínimo o 25% da valla publicitaria ou placa.

3. Características técnicas das medidas informativas e publicitarias.

3.1. Lema e logotipo.

Todas as actividades informativas e publicitarias incorporarán os seguintes elementos:

— A bandeira europea (figurará o nome do fondo FEADER debaixo da bandeira), de acordo coas normas gráficas establecidas pola Unión Europea, e unha explicación do papel desempeñado pola Comunidade a través do seguinte lema: «Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural».

— O logotipo do LEADER.

— O logotipo do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.
— O logotipo da Consellaría do Medio Rural e de AGADER.

3.2. Material de información e comunicación.

— As publicacións indicarán claramente na páxina de portada a participación dos organismos que financian o programa e incorporarán o emblema comunitario, nacional e o rexional.
— En caso de que a información se ofreza por medios electrónicos o audiovisuais, aplicarase por analoxía o primeiro guión. O plan de difusión prestará a debida atención ás novas tecnoloxías, que fan posible unha distribución rápida e eficaz da información e facilitan o diálogo co gran público.

Os sitios web deberán mencionar a contribución dos distintos organismos cofinanciadores do programa, como mínimo na páxina de portada e incluirán un hipervínculo co sitio web da Comisión dedicado ao FEADER e as páxinas dos demais organismos cofinanciadores.

O **Plan de Difusión** para o GDR 17 terá en conta as medidas anteriormente mencionadas en cada unha das actuacións que inclúa, e buscará os seguintes **obxectivos específicos**:

1. Incrementar o coñecemento por parte da poboación local tanto da existencia do programa LEADER GDR 17 Salnés-Ulla-Umia como do seu funcionamento e convocatorias.
2. Mantemento e impulso da maior implicación posible da poboación local no GDR 17.
3. Impulso continuado da presentación de iniciativas orientadas a cumprir os obxectivos do programa.

Para conseguir estas finalidades poranse en marcha unha serie de actuacións e mecanismos de difusión que se detallan na táboa incluída a continuación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS OU MECANISMOS DE DIFUSIÓN
1. Incrementar o coñecemento por parte da poboación local tanto da existencia do programa LEADER GDR 17 Salnés-Ulla-Umia como do seu funcionamento	1.1. Deseño dun **logotipo** específico para o GDR 17 Salnés-Ulla-Umia e elaboración dun **manual de imaxe**. Este manual de imaxe incluirá o deseño de logotipo, tipografías, papel de carta, sobres, carpetas, folletos, placas conmemorativas e vallas para dar difusión aos proxectos, faldóns de prensa, etc. Esta actuación permitirá unha clara e rápida identificación das actuacións promocionais que se leven a cabo por parte do GDR 17.
	1.2. Deseño e creación dunha **páxina web** onde se informe do programa, dos procedementos de solicitude de axudas, dos proxectos subvencionables, das liñas de financiamento, das convocatorias, etc. Tamén se incluirá un apartado no que se presenten ideas de negocio ou de iniciativas que sexan prioritarias a poñer en marcha na comarca, un apartado para dar difusión dos proxectos subvencionados e do nivel de execución do programa, unha zona de descargas, un noticieiro, un boletín informativo, etc. www.gdrsalnesullaumia.com
	1.3. Elaboración de **dípticos** resumen das liñas de financiamento do programa e do procedemento de solicitude de axudas que serán distribuídos por todos os concellos da comarca e entregados na sede do GDR aos potenciais promotores.
	1.4. Realizarase unha **presentación** do programa LEADER GDR 17 Salnés-Ulla-Umia tanto destinada aos socios do GDR, como aos axentes e medios de comunicación da comarca. Esta presentación coincidirá coa apertura da primeira convocatoria e presentarase a páxina web do programa e o díptico informativo.
	1.5. Deseño, edición e pegada de **carteis** por toda a Comarca informando da apertura das convocatorias.
	1.6. Elaboración das **Placas Conmemorativas** para a entrega aos promotores unha vez finalizado o proxecto.
	1.7. Campaña en **medios de comunicación** para a difusión do programa, da sede do GDR e das convocatorias: - Realizarase un spot publicitario que se emitirá na televisión local durante un mes, coincidindo con cada unha das convocatorias do programa. - Inserción de faldóns de prensa nos tres medios da comarca, que consistirá na inserción de tres faldóns a semana durante un mes. - Inserción de cuñas na radio dando difusión á apertura das convocatorias do programa. - Banners publicitarios en medios de comunicación dixitais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS OU MECANISMOS DE DIFUSIÓN
	1.8. Elaboración de **notas de prensa** periódicas que se enviará aos medios informando das actuacións desenvoltas polo GDR 17 e dos avances do programa.
	1.9. Realizaranse convocatorias e dossiers de prensa a entregar aos medios para dar **difusión** de cada unha das **reunións** que celebre o GDR 17.
	1.10. Desenvolvemento de **xornadas de información** nas que se explique o programa a tódolos Técnicos/as Locais de Emprego dos concellos e outros axentes da comarca que traballen con potencias promotores de proxectos. Estas xornadas realizaranse cunha periodicidade mínima semestral de maneira que os distintos axentes da comarca coñezan a situación do programa en cada momento.
	1.11. Promoción e difusión nos distintos **eventos** que se celebren na comarca dos proxectos financiados co programa. Tamén se prevé a organización propia dalgún.
	1.12. Adecuación da **sede do GDR** de maneira que se identifique co programa. Colocarase un panel ou cartel que identifique a sede así como outro tipo de sinalización interna e externa que facilite a localización por parte dos promotores.
	1.13. Elaboración e edición de **material de promocional e de oficina** (tarxetas persoais, carpetas para os promotores, bolígrafos,...) coa imaxe do programa e o GDR para entregar aos axentes do territorio e os potenciais promotores, favorecendo así o coñecemento do programa.
	1.14. Tendo en conta que a comarca conta cunha tecnoloxía **Bluetooth** que permite a emisión de información cara os móbiles, tamén se prevé a inclusión da información do LEADER GDR 17 nesta ferramenta de difusión. Así mesmo, recollese a compra dunha pantalla táctil para a sede do GDR na que se informe do programa.
	1.15. Facilitaranse aos promotores os **modelos** dos carteis, placas ou logotipos para publicitar axeitadamente os proxectos subvencionados.
	1.16. Elaborarase ao final do programa unha **memoria** onde se presente o impacto do LEADER nas comarcas de Caldas e do Salnés, e se difundan os proxectos financiados. Esta memoria será distribuída entre todos os axentes implicados, organismos que subvencionan e outros GDR.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS OU MECANISMOS DE DIFUSIÓN
2. Mantemento da implicación da poboación local no GDR 17	2.1. Rotarase a celebración das distintas **Asembleas** do GDR polos distintos concellos das comarcas de maneira que todas as entidades implicadas se sintan máis involucradas e partícipes do GDR. Esta actuación incidirá igualmente no incremento do coñecemento do programa LEADER GDR 17 en cada un dos concellos.
	2.2. **Distribuirase material** con información sobre o programa entre todos os **socios** do GDR, de maneira que todos eles tamén poidan participar na difusión do mesmo.
	2.3. Terán lugar nos distintos Concellos unhas **charlas de presentación,** por sectores, do programa e das convocatorias nas que se explique o procedemento de solicitude de axudas, as liñas de financiamento, os proxectos elixibles, etc. Nestas charlas participarán os socios do GDR 17 informando da celebración das mesas e plantexando aos presentes a posta en marcha de proxectos en común.
	2.4. Organizaranse **foros ou xornadas de traballo** con membros das mesas sectoriais doutros GDR para poñer en marcha proxectos incluídos no **Plan de Cooperación** con outros territorios. O GDR 17 realizará unha labor de asesoramento na posta en marcha desas iniciativas.
	2.5. Incluirase na parte do **noticieiro** da páxina web do programa información sobre actuacións desenvoltas polos socios e que teñan relación co programa LEADER ou o GDR 17, de maneira que se incentive a implicación co grupo por parte dos socios e da poboación local.
	2.6. Elaborarase un boletín dixital (**newsletter**) para a difusión de noticias, prazos, iniciativas,... que se leven a cabo dende o GDR 17. Permitirase a alta de calquera persoa na mesma a través dun proceso de rexistro sinxelo na páxina web (sólo deberán aporta o seu e-mail), e incluiranse todos aqueles contactos que dende o GDR 17 se consideren de interese.
	2.7. Celebración de como mínimo unha **ronda de mesas sectoriais** ao ano para plantexar e revisar o plan de acción anual, por cada sector, que o equipo técnico do GDR 17 debe poñer en marcha para incentivar o desenvolvemento de proxectos comúns, dentro da comarca ou con outros territorios.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS OU MECANISMOS DE DIFUSIÓN
3. Impulso da presentación de iniciativas orientadas a cumprir os obxectivos do programa	3.1. Realización de **programas especiais** en medios de comunicación que informen sobre o programa LEADER e sobre os proxectos máis destacables que poidan servir de referente para presentación doutros proxectos ou iniciativas orientadas a cumprir os obxectivos do programa.
	3.2. Organización de **seminarios e charlas** por cada unha das mesas sectoriais do GDR que informen sobre posibles proxectos a poñer en marcha vinculados aos seus sectores. Estes seminarios versarán sobre proxectos de éxito doutros territorios ou sobre proxectos especialmente prioritarios para a comarca. Funcionarán como tormenta de ideas e revulsivo para a posta en marcha de novos proxectos.
	3.3. Organización de **visitas a outros territorios** para ver a experiencia de proxectos de éxito. Esta actuación estará sobre todo dirixida aos colectivos prioritarios ou que tiveron menor presenza en anteriores períodos.
	3.4. Organización de **accións formativas** que axuden aos promotores a desenvolver proxectos que supoñan un crecemento económico e do nivel de emprego na comarca, sempre dende o punto de vista de proxectos innovadores que non se estean a desenvolver no territorio e polo tanto que exista una nicho de mercado.
	3.5. Elaboración de **concursos de ideas** para fomentar a innovación.

Todas as actuacións anteriores serán postas en marcha polo equipo técnico do Grupo de Desenvolvemento Rural do GDR 17 Salnés-Ulla-Umia. Así mesmo, cabe destacar que tamén se desenvolverán outras actuacións que virán dadas polo plan de acción sectorial, plan que se definirá anualmente para a dinamización de proxectos comúns e de relevancia en función da situación concreta de cada sector.

6.- PARTE VI: PLAN FINANCEIRO.

Na páxina seguinte recóllese o Plan Financeiro provisional para o período 2016-2020.

SUBMEDIDA	TIPO DE PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA					
		2016	2017	2018	2019	2020	TOTAL
19.2 Apoio para a realización de operacións conforme coa EDLP	Produtivos	0,00	620.887,50	681.882,50	736.592,50	694.472,50	2.733.835,00
	Non Produtivos (Entidades locais)	0,00	262.602,50	310.305,50	301.631,50	253.112,50	1.127.652,00
	Non Produtivos (Institucións de carácter privado)	0,00	49.757,35	65.178,93	82.469,94	79.056,95	276.463,17
	Formación promovida polo GDR	0,00	14.331,25	19.022,58	20.384,75	14.181,25	67.919,83
	TOTAL	**0,00**	**947.578,60**	**1.076.389,51**	**1.141.078,69**	**1.040.823,20**	**4.205.870,00**
19.4 Axuda para os custes correntes da estratexia de desenvolvemento local e para a animación	Custes correntes	10.000,00	148.500,00	151.900,00	172.500,00	173.500,00	656.400,00
	Animación	13.300,00	24.750,00	28.650,00	36.250,00	34.750,00	137.700,00
	TOTAL	**23.300,00**	**173.250,00**	**180.550,00**	**208.750,00**	**208.250,00**	**794.100,00**
TOTAL ESTRATEXIA		**23.300,00**	**1.120.828,60**	**1.256.939,51**	**1.349.828,69**	**1.249.073,20**	**4.999.970,00**
						FEADER	3.749.977,50
						AXE	124.999,25
						XUNTA	1.124.993,25